Estudos CGRL

O SECTOR DA CONSTRUCIÓN EN GALICIA. ASPECTOS SOCIOLABORAIS

XUNTA DE GALICIA

Estudos CGRL

O SECTOR DA CONSTRUCIÓN EN GALICIA. ASPECTOS SOCIOLABORAIS

- MANUEL ROCA CENDÁN
- JAVIER GÁRATE CASTRO
- JAIME CABEZA PEREIRO
- BENIGNO SÁNCHEZ GARCÍA

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

Sección de Informes e Publicacións

Informe elaborado a iniciativa propia polo Consello Galego de Relacións Laborais, conforme ao disposto no artigo 3º.2 a) da Lei 7/1988, do 12 de xullo, de creación do Consello Galego de Relacións Laborais. A realización do informe foi aprobada na sesión ordinaria do Pleno do día 3 de marzo de 2004 e a súa publicación na do 17 de decembro do mesmo ano.

A reproducción deste Informe está permitida
citando a súa procedencia.

Primeira edición: abril de 2005

Edita: **CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS**
Algalia de Abaixo, 24 - 15781 Santiago de Compostela
Tel.: 981 54 16 01 - Fax: 981 54 16 10

Impresión: Grafisant, S. L.

D. Legal: C-1258/2005

ISSN: 1699-6755

Este estudo pode consultarse tamén no sitio web do Consello: http://cgrl.xunta.es

PRESENTACIÓN

O Consello Galego de Relacións Laborais de conformidade co previsto na súa Lei reguladora, acordou en sesión plenaria a elaboración dun estudo sectorial sobre a construción en Galicia. A súa finalidade sería analizar con detalle a realidade laboral, social e económica dun sector que polo volume de man de obra empregada, pola súa importancia económica directa e indirecta e polo seu dinamismo organizativo ocupa un papel punteiro e preponderante na economía galega.

Igualmente por acordo do Pleno, estruturouse este estudo nunha primeira parte económica, nunha segunda laboral e nunha terceira de prevención de riscos laborais, encargándose a súa elaboración a un equipo de autores de amplo prestixio e contrastada competencia e profesionalidade, todos eles moi próximos a esta casa. En concreto, a parte económica é autoría do catedrático de Tecnoloxía Administrativa Manuel Roca Cendán, a parte laboral dos catedráticos de Dereito do Traballo Javier Garate Castro e Jaime Cabeza Pereiro e a parte de prevención de riscos laborais do inspector de Traballo e Seguridade Social Benigno Sánchez García.

Aspectos como a estrutura empresarial, contratación, seguridade social, xornada, plans de prevención, normativa preventiva e negociación colectiva, entre outros, son analizados con profusión e detalle neste estudo, que mereceu para os seus autores os eloxios e parabéns dos membros do Consello, aprobando a súa publicación, sen entrar, como é habitual, en posicionamentos respecto do seu contido. A bondade deste estudo fundaméntase no seu carácter obxectivo, de consulta e exhaustivo. O tratamento de aspectos atopados como podería ser a contratación ou a xornada, reflite o pactado na negociación colectiva polos suxeitos negociadores aos distintos niveis, como mellores coñecedores do sector e das súas necesidades cambiantes. Eles son en definitiva os que de común acordo configuran a realidade que nos rodea, e iso é o aquí reflectido.

Pola miña parte non queda máis que recoñecer e valorar positivamente o traballo feito, expresar o meu desexo e esperanza de que este estudo sexa da máxima utilidade para os axentes sociais galegos, estudosos e protagonistas do sector e transmitir a vontade do Consello de seguir contribuíndo á mellora do panorama sociolaboral nos distintos sectores que configuran a economía galega.

Demetrio Fernández López
Presidente do Consello Galego de Relacións Laborais

AUTORES

- **Parte I:**
  Manuel Roca Cendán. Catedrático de Tecnoloxía Administrativa.

- **Parte II:**
  Javier Garate Castro. Catedrático de Dereito do Traballo da Universidade de Santiago de Compostela.
  Jaime Cabeza Pereiro. Catedrático de Dereito do Traballo da Universidade de Vigo.

- **Parte III:**
  Benigno Sánchez García. Inspector de Traballo e Seguridade Social.

ABREVIATURAS UTILIZADAS

ANFC	Acordo Nacional de Formación Continua (o indicado en cada caso).
APECCO	Asociación Provincial de Empresarios da Construción da Coruña
ÁS	Revista *Aranzadi Social*.
Ar.	*Repertorio de xurisprudencia,* de Aranzadi.
BOE	Boletín Oficial do Estado.
BOP	Boletín Oficial da Provincia.
CC	Código civil
CE	Constitución Española
CCAC	Convenio colectivo do sector de construción da provincia da Coruña, asinado, dunha parte, por APECCO e, doutra, por UGT e CC.OO. (BOP do 14 de setembro de 2004)
CCLU	Convenio colectivo para o sector de edificación e obras públicas da provincia de Lugo, asinado, dunha parte, pola Asociación Provincial de Empresarios de Construción de Lugo e, doutra, polas centrais sindicais MCA-UGT e FECOMA- CC.OO. (BOP do 28 de outubro de 2004)
CCOU	Convenio colectivo do sector da construción de Ourense, asinado, dunha parte, pola Asociación Provincial de Empresarios da Construción de Ourense e, doutra, polas centrais sindicais MCA- UXT e FECOMA- CC.OO. (BOP do 19 de outubro de 2004)
CCPO	Convenio colectivo do sector da construción de Pontevedra, asinado, dunha parte, pola Asociación Provincial de Empresarios da Construción de Pontevedra e, doutra, polas centrais sindicais CC.OO e UGT (BOP do 29 de outubro de 2004)
CCXC	Convenio colectivo xeral do sector da construción 2002/2006, subscrito, dunha parte, pola Confederación Nacional da Construción e, doutra, polas organizacións sindicais FECOMA-CCOO e MCA- UGT (BOE do 10 de agosto de 2002)
CNC	Confederación Nacional da Construción
CP	Lei Orgánica 10 /1995, de 23 de novembro, pola que se aproba o Código Penal (BOE do 24 de novembro)
CRLL	Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais da Xunta de Galicia, quen ten atribuídas as competencias de execución da lexislación laboral e de prevención de riscos laborais
CTRP	Criterio técnico 39/2004 da Dirección Xeral da ITSS sobre presenza de recursos preventivos a requirimento da ITSS
C148	Convenio 148 da OIT, sobre a protección dos traballadores contra os riscos profesionais debidos á contaminación do aire, o ruído e as vibracións no lugar de traballo (adoptado o 20 de xuño de 1977 e ratificado por España o 24 de novembro de 1980)
DIET-1	Directiva 89/655/CEE, do Consello, do 30 de novembro de 1989, relativa ás disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polo traballadores no traballo dos equipos de traballo (DO L393, do 30 de decembro). Foi modificada pola Directiva 95/63/CE, do Consello, do 5 de decembro de 1995 (DO L335, do 30 de decembro)

DIET-2 Directiva 2001/45/CE, do Parlamento e do Consello, do 27 de xuño de 2001, pola que se modifica DIET-1 (DO L195, do 19 de xullo)

DIME Directiva 92/85/CEE, do Consello, de 19 de outubro de 1992, relativa á aplicación de medidas para promover a mellora da seguridade e da saúde no traballo da traballadora embarazada, que teña dado a luz, ou en período de lactancia (décima directiva específica con arreglo ó apartado 1 do art. 15 da directiva 89/391/CEE) (DO L348, do 28 de novembro)

DIOC Directiva 92/57/CEE do Consello, do 24 de xuño de 1992, relativa ás disposicións mínimas de seguridade e saúde que deben aplicarse nas obras de construción temporais ou móbiles (oitava directiva específica con arreglo ó apartado 1 do art. 16 da directiva 89/391/CEE)

DIRCE Directorio Central de Empresas

DITX Directiva 94/33/CE, do Consello, do 22 de xuño de 1994, relativa á protección dos xóvenes no traballo (DO L216, do 20 de agosto)

DIVI Directiva 2002/44/CEE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de xuño, sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á exposición dos traballadores ós riscos derivados dos axentes físicos (vibracións) (decimosexta directiva específica con arreglo ó apartado 1 do art. 16 da directiva 89/391/CEE) (DO L177, do 6 de xullo). Pendente de transposición ó dereito interno, cun prazo que remata o 6 de xullo de 2005

DOG Diario Oficial de Galicia.

DTAU Decreto 2530/1970, do 20 de agosto, polo que se regula o réxime especial da seguridade social dos traballadores por conta propia ou autónomos (BOE do 15 de setembro)

DTPM Decreto do 26 de xullo de 1957, polo que se fixan os traballos prohibidos a menores (BOE do 26 de agosto)

EBSS Estudo Básico de Seguridade e Saúde

EPI (S) Equipo(s) de protección individual, regulados polo REPI-1 e polo REPI-2

ESS Estudo de Seguridade e Saúde

ET Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto dos traballadores (BOE do 28)

FIEC Federación da Industria Europea da Construción

GTEL Guía técnica para a avaliación e prevención do risco eléctrico, elaborada polo INSH

GTEP Guía técnica para a utilización polos traballadores no traballo dos equipos de protección individual, elaborada polo INSH

GTMM Guía técnica para a avaliación e prevención dos riscos relativos á manipulación manual de cargas, elaborada polo INSH

GTOC Guía técnica para a avaliación e prevención dos riscos relativos ás obras de construción, elaborada polo INSH

IGE Instituto Galego de Estatística

ILJ *Información laboral. Xurisprudencia*, de Lex Nova.

INE Instituto Nacional de Estatística

INSH Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo, órgano integrado na estrutura do MTAS, que ten encomendadas funcións de asesoramento técnico, formación, información e investigación en materia de seguridade e saúde laboral. O Real Decreto 577/1982, do 17 de marzo (BOE do 22) regula a súa estrutura orgánica e competencias

INSS Instituto Nacional da Seguridade Social, entidade xestora que ten encomendadas a xestión e administración das prestacións económicas do sistema da Seguridade Social, con excepción das atribuídas ó INSERSO ou servizos competentes das comunidades autónomas. O Real Decreto 2583/1996, do 13 de decembro (BOE do 3 de xaneiro de 1997) regula a súa estrutura orgánica e funcións

ITC Instrución técnica complementaria

ITSS Inspección de Traballo e Seguridade Social. Integrado na mesma, o Corpo Superior de Inspectores de Traballo e Seguridade Social é o que por lei ten atribuídas as facultades de inspección en materia de prevención de riscos laborais

LCAP Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto articulado da lei sobre contratacións coas administracións públicas

LETT Lei 14/ 1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal (BOE do 2)

LISOS Real Decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da lei sobre infraccións e sancións na orde social (BOE do 8)

LITS Lei 42/1997, do 14 de novembro, ordenadora da ITSS (BOE do 15)

LOE Lei 38/ 1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación (BOE do 6)

LOLS Lei 11/1985, do 2 de agosto, orgánica de liberdade sindical.

LPRL Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (BOE do 10)

LXSS Real Decreto Lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da lei xeral da seguridade social (BOE do 29)

MTAS Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais

NBE Norma básica de edificación. O marco normativo das mesmas vén establecido polo Real Decreto 1650/1977. (Ver NTE)

NTE Norma tecnolóxica da edificación. Aprobadas por Orde Ministerial e previstas no Decreto 3565/1972, do 22 de decembro (BOE do 15 de xaneiro de 1973), o Real Decreto 1650/ 1977, do 10 de xuño (BOE do 9 de xullo), que constitúe o marco das NBE, dálles a categoría de solucións técnicas recomendables

NTP Nota técnica de prevención, elaboradas no ámbito do INSH

OFICEMEN Agrupación de Fabricantes de Cemento de España

OIT Organización Internacional do Traballo

OM Orde ministerial.

OSHT Ordenanza xeral de seguridade e hixiene no traballo, aprobada por Orde do 9 de marzo de 1971 (BOE do 16 e 17)

OTAM Orde de 31 de outubro de 1984, pola que se aproba o regulamento sobre traballos con risco de amianto (BOE do 7 de novembro). Foi reformada por Orde do 26 de xullo de 1993 (BOE do 5 de agosto), e complementada pola Orde do 7 de xaneiro de 1987 (BOE do 15). O conxunto desta normativa debe ter en conta o RDAC

OTC Ordenanza de Traballo para as industrias da construción, vidro e cerámica, aprobada por Orde Ministerial do 28 de agosto de 1970 (BOE do 5, 7 8 e 9 de setembro)

PGTC Relatorio xeral do grupo de traballo da construción, constituído no seo da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo

PSS Plan de Seguridade e Saúde

RAPR Real Decreto 1244/ 1979, do 4 de abril, polo que se aproba o regulamento de aparatos a presión (BOE do 29 de maio), importantemente modificado polo Real Decreto 769/1999, do 7 de maio que, ademais, dita as disposicións de aplicación da Directiva do Parlamento e do Consello, 97/23/CE, relativa ós equipos de presión

RCOE Real Decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da LPRL, en materia de coordinación de actividades empresariais (BOE do 31)

RD Real decreto.

RDAC Real Decreto 665/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes cancerígenos durante o traballo (BOE do 24). Traspón o contido da Directiva 90/394/CEE

RDAP Real Decreto 707/2002, do 19 de xullo, polo que se aproba o regulamento sobre procedemento administrativo especial de actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social e para a imposición de medidas correctoras de incumprimentos en materia de prevención de riscos laborais no ámbito da Administración Xeral do Estado (BOE do 31)

RDAQ- 1 Real Decreto 374/2001, do 6 de abril, sobre protección da saúde e seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo (BOE do 1 de maio). Traspón o contido das directivas 98/24/CE e 2000/39/CE

RDAQ- 2 Real Decreto 379/2001, do 6 de abril, polo que se aproba o regulamento de almacenamento de produtos químicos e as súas ITC MIE- APQ-1 a MIE- APQ-7 (BOE do 10 de maio)

RDAT Real Decreto 3275/1982, do 12 de novembro, sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en centrais eléctricas, subestacións e centros de transformación (BOE do 1 de decembro)

RDBT Real Decreto 842/2002, do 2 de agosto, polo que se aproba o regulamento electrotécnico de baixa tensión (BOE do 18 de setembro)

RDET Real Decreto 1215/1997, do 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (BOE do 7 de agosto). Traspón o contido da Directiva 89/655/CEE, modificada pola Directiva 95/63/CE. O RDET foi modificado polo Real Decreto 2177/2004, do 12 de novembro (BOE do 13), mediante o que se traspón o contido da Directiva 2001/45/CEE

RDIN Real Decreto 1942/1993, do 5 de novembro, polo que se aproba o regulamento de instalacións de protección contra incendios (BOE do 14 de decembro), desenvolvido pola Orde do 16 de abril de 1998 (BOE do 28)

RDJ	Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo.
RDLT	Real Decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo (BOE do 23). Traspón o contido da Directiva 89/654/CEE e da Directiva 2001/45/CEE
RDMM	Real Decreto 487/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á manipulación manual de cargas que entrañe riscos, en particular dorsolumbares, para os traballadores (BOE do 23). Traspón o contido da Directiva 90/269/CEE
RDMU	Real Decreto- Lei 1/1996, do 14 de marzo, de medidas urxentes administrativas, financeiras, fiscais e laborais (BOE do 26)
RDOC	Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción (BOE do 25). Traspón o contido da Directiva 92/57/CEE
RDRE	Real Decreto 614/2001, do 8 de xuño, sobre disposicións mínimas para a protección da saúde e seguridade dos traballadores fronte ó risco eléctrico (BOE do 21)
RDRU	Real Decreto 1316/1989, do 27 de outubro, sobre protección dos traballadores fronte ós riscos derivados da exposición ó ruído durante o traballo (BOE do 2 de novembro). Traspón o contido da Directiva 86/188/CEE
RDSM	Real Decreto 1435/1992, do 27 de novembro, polo que se ditan as disposicións de aplicación da Directiva do Consello 89/392/CEE, relativa á aproximación das lexislacións dos estados membros sobre máquinas (BOE do 11 de decembro)
RDSS	Real Decreto 485/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas en materia de sinalización de seguridade e saúde no traballo (BOE do 23). Traspón o contido da Directiva 92/58/CEE
REPI-1	Real Decreto 773/1997, do 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á utilización polos traballadores de equipos de protección individual (BOE do 12 de xuño). Traspón o contido da Directiva 89/656/CEE
REPI-2	Real Decreto 1407/1992, do 20 de novembro, polo que se regulan as condicións para a comercialización e libre circulación intracomunitaria dos EPIS (BOE do 28 de decembro)
REET-1	Real Decreto 4/1995, do 13 de xaneiro, polo que se desenvolve a lei 14/1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal (BOE do 1de febreiro)
Res. DPCT	Resolución da Delegación Provincial da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais dispoñendo o rexistro e publicación dun convenio colectivo ou a súa revisión.
RETT-2	Real Decreto 216/1999, do 5 de febreiro, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde no traballo no ámbito das empresas de traballo temporal (BOE do 24)
RPS	Real Decreto 928/1998, do 14 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións da orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas da seguridade social (BOE do 13 de xuño)
RSP	Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos servizos de prevención (BOE do 31)
SAN	Sentenza da Audiencia Nacional, Sala do Social.

SEOPAN	Asociación de Empresas Construtoras de Ámbito Nacional
STC	Sentencia do Tribunal Constitucional (TC, Tribunal Constitucional)
STS	Sentencia do Tribunal Supremo (TS, Tribunal Supremo)
STSX	Sentencia dun Tribunal Superior de Xustiza (que se cita seguido do nome do concreto tribunal de que se trate)
UNE	Unha norma española. Citadas polo art. 5.3.a) RSP, as normas UNE teñen, desde o punto de vista xurídico, exclusivamente o valor que o mesmo lles confire. Son aprobadas por AENOR. Da mesma natureza son as normas EN (norma europea de normalización) e as normas UNE-EN (norma española que adopta unha norma europea)

Indice

PRESENTACIÓN 5

ABREVIATURAS 9

PARTE I

CAPÍTULO PRIMEIRO:

A CONSTRUCIÓN EN ESPAÑA E EN EUROPA 25

1. A construción en Europa 27
   1.1. Produción e emprego 27
   1.2. Subsectores da construción 30
2. A construción en España 33
   2.1. Produción e emprego. Produtividade 33
      2.1.1. Valor da produción 33
      2.1.2. O emprego 37
      2.1.3. A produtividade 39
   2.2. O desemprego 40
   2.3. Outros indicadores 42
   2.4. Estrutura interna da construción: os subsectores 43
   2.5. O mercado da vivenda: o prezo da vivenda 46
      2.5.1. O mercado da vivenda 46
      2.5.2. O prezo da vivenda 47
   2.6. O mercado público: análise a través da licitación pública 48

CAPÍTULO SEGUNDO:

A CONSTRUCIÓN EN GALICIA 51

1. Valor da produción. Emprego, desemprego e produtividade 53
   1.1. Cadro macroeconómico: valor da produción e formación bruta de capital fixo 53
   1.2. O emprego 57
   1.3. O desemprego 64
   1.4. A produtividade 65
   1.5. Outros indicadores 66
2. Estrutura interna da construción: os subsectores 66
3. O mercado público: análise a través da licitación pública 68
4. O mercado da vivenda: o prezo da vivenda 72
   4.1. O mercado da vivenda 72
   4.2. O prezo da vivenda 73

5. Estrutura empresarial 76
6. Construción e medio ambiente 78
6.1. Cambio climático e Protocolo de Kioto 78
6.2. Uso dos recursos naturais 81
7. Inmigración e construción 82

CAPÍTULO TERCEIRO:

ANÁLISE PROVINCIAL 89

1. Valor da produción. Emprego, desemprego e produtividade 91
1.1. O valor engadido bruto de cada provincia 91
1.2. O emprego 93
1.3. O desemprego 95
1.4. A produtividade 96
1.5. Outros indicadores 96
2. Estrutura interna da construción: os subsectores 98
3. O mercado público: análise a través da licitación pública 99
4. O mercado da vivenda: o prezo da vivenda 100
5. Estrutura empresarial 103

PARTE II

CAPÍTULO CUARTO:

RELACIÓNS INDIVIDUAIS 109

1. Condicións de ingreso e contratación. Período de proba 111
2. Subcontratación 122
3. Tempo de traballo 124
3.1. Xornada de traballo 124
3.1.1. Xornada ordinaria 124
3.1.1 1. Duración. Cómputo 124
3.1.1 2. Distribución 126
3.1.1.2 1. Horario de traballo 126
3.1.1.2 2. Traballo a quendas e nocturno 129
3.1.1 3. Distribución irregular da xornada 132
3.1.1 4. Reducións de xornada 134
3.1.1 5. Recuperación de horas non traballadas 135
3.1.2. Xornadas especiais 138
3.2. Horas extraordinarias 142
3.3. Descansos 145

3.3.1. Legais 145
3.3.1 1. Dentro da xornada 145
3.3.1 2. Vacacións 146
3.3.2. Convencionais 151
3.4. Calendario laboral 153
3.5. Permisos 155
4. O salario e as percepcións económicas 159
5. A formación profesional 184
6. Mobilidade funcional, mobilidade xeográfica e modificación substancial das condicións de traballo 189
6.1. Xeral 189
6.2. Mobilidade funcional 190
6.2.1. En interese da empresa 192
6.2.2. En interese do traballador 196
6.2.3. Mobilidade funcional "mixta" 197
6.3. Mobilidade xeográfica 197
6.3.1. Traslados e desprazamentos 199
6.3.2. Mobilidade xeográfica "débil" 203
6.4. Modificación substancial das condicións de traballo 204

CAPÍTULO QUINTO:

RELACIÓNS COLECTIVAS 207

1. Representación unitaria e eleccións sindicais 209
2. Negociación colectiva sectorial. Aspectos xerais 213
2.1. Convenios e materia obxecto de estudo 213
2.2. Cobertura da negociación 219
2.3. Estrutura 220
2.3.1. Unha referencia á súa ordenación polo convenio xeral 220
2.3.2. Dos convenios sectoriais galegos 222
2.3.2.1. Unidades de contratación 222
2.3.2 2. Ámbito funcional 223
2.3.3. Distribución de materias entre os convenios correspondentes aos distintos niveis de negociación 226
2.3.3 1. A súa regulación polo convenio xeral. Coordenadas 226
2.3.3 2. Sobre a eficacia das estipulacións do convenio xeral condicionantes do contido dos convenios de ámbito inferior 228
2.4. Suxeitos negociadores 229
2.5. Aspectos temporais 233
2.5.1. Xeral 233
2.5.2. Duración 234
2.5.3. Entrada en vigor. Retroactividade 235

2.5.4. Denuncia 237
2.5.5. Prórrogas 239
2.5.6. Ultraactividade 240

PARTE III

CAPÍTULO SEXTO:

A PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS NA ACTIVIDADE DE CONSTRUCIÓN 245

1. Estatísticas sobre a sinistralidade laboral no sector 247
1.1. Valores absolutos. Período 1999/2003 247
1.2. Índices de incidencia. Período 1999/2003 (para Unión Europea: 1997/2001) 252
2. As singularidades da actividade de construción 263

CAPÍTULO SÉTIMO:

ÁMBITO DE APLICACIÓN DO RDOC 269

1. Concepto de obra de construción 271
2. Traballos con riscos especiais 272
3. Traballos excluídos do ámbito de aplicación do RDOC 273
4. Normativa aplicable ás obras de construción 274

CAPÍTULO OITAVO:

SUXEITOS QUE INTERVEÑEN NO PROCESO CONSTRUTIVO 279

1. O promotor 281
1.1. Concepto de promotor 281
1.2. Obrigas e responsabilidade administrativa do promotor 282
1.2.1. O aviso previo 282
1.2.2. Designación do proxectista e da dirección facultativa 283
1.2.3. Designación de coordinador de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto 284
1.2.4. Elaboración dun estudo de seguridade e saúde ou dun estudo básico de seguridade e saúde 284
1.2.5. Designación de coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra . . . 285
1.2.6. Libro de incidencias 288
2. O contratista 288
2.1. Concepto de contratista 288
2.2. Obrigas e responsabilidade administrativa do contratista 289
2.2.1. Contar cun modelo de organización preventiva 289

2.2.2. Elaboración dun plan de prevención de riscos 290
2.2.3. Elaboración dun plan de seguridade e saúde 291
2.2.4. Comunicación de apertura do centro de traballo 292
2.2.5. Aplicación dos principios da acción preventiva 292
2.2.6. Medidas de coordinación empresarial e de vixilancia 293
2.2.7. Presenza de recursos preventivos 294
3. O subcontratista 299
3.1. Concepto de subcontratista 299
3.2. Obrigas do subcontratista 299
4. O traballador autónomo 300
4.1. Concepto de traballador autónomo 300
4.2. Obrigas do traballador autónomo 301
4.3. Responsabilidade administrativa do traballador autónomo 302
5. O traballador por conta allea 303
5.1 Traballos prohibidos ós menores 304
5.1.1. As prohibicións específicas en materia de seguridade e saúde laboral que afectan ó traballo dos menores no sector da construción 304
5.1.2. Outras prohibicións máis xenéricas 306
5.1.3. Responsabilidade administrativa do empresario polos incumprimentos en materia de traballo de menores 307
5.1.4. O traballador cedido por unha empresa de traballo temporal (ETT) no sector da construción 307
6. Ámbito de responsabilidades dos suxeitos que interveñen no proceso construtivo 309
6.1. A responsabilidade administrativa 310
6.1.1. Suxeitos responsables e aspectos xerais do procedemento 310
6.1.2. Formas de esixencia da responsabilidade administrativa 311
6.1.3. O principio de "non bis in idem" e a prohición de concorrencia coa orde penal ... 320
6.2. A responsabilidade penal 322
6.2.1. Delitos contra a seguridade e saúde dos traballadores 322
6.2.2. Delitos ou faltas como consecuencia de resultados lesivos 325
6.2.3. Xurisprudencia en materia de responsabilidade penal 326
6.3. A responsabilidade civil 344
6.3.1. Responsabilidade civil subsidiaria da responsabilidade penal 344
6.3.2. Responsabilidade civil contractual 345
6.3.3. Responsabilidade civil extracontractual 345
6.4. Mención especial á responsabilidade administrativa das empresas de traballo temporal por incumprimentos en materia de seguridade e saúde laboral 346
6.5. A responsabilidade do traballador por conta allea 347

CAPÍTULO NOVENO:

CONDICIÓNS MATERIAIS DOS TRABALLOS NAS OBRAS DE CONSTRUCIÓN 351

1. Actuacións preparatorias e instalacións provisionais 353

1.1. Valado, vías de acceso e circulación, saídas de emerxencia e loita contra incendios 353
1.1.1. Valado 353
1.1.2. Vías de acceso e circulación 354
1.1.3. Vías e saídas de emerxencia 357
1.1.4. Loita contra incendios 358
1.1.5. Responsabilidade administrativa 363
1.2. Sinalización 364
1.2.1. As normas do RDOC 364
1.2.2. Aplicación do RDSS 364
1.2.3. Responsabilidade administrativa 366
1.3. Instalacións eléctricas provisionais 366
1.3.1. Análise conxunta da normativa do RDOC; RDBT e RDRE 366
1.3.2. Disposicións do RDRE especificamente aplicables nas obras de construción 372
1.3.3. Relación de normas UNE referidas a traballos en tensión 374
1.3.4. Relación dalgunhas das ITC aplicables ás instalacións eléctricas de baixa tensión 375
1.3.5. Responsabilidade administrativa 376
1.4. Instalacións ó servizo dos traballadores 376
1.4.1. Servizos hixiénicos: vestiarios e aseos 376
1.4.2. Locais de descanso ou de aloxamento 379
1.4.3. Primeiros auxilios 380
1.4.4. Responsabilidade administrativa 382
2. Acondicionamento do terreo 382
2.1. Condicións xerais 382
2.1.1. Responsabilidade administrativa 383
2.2. Traballos de demolición 383
2.2.1. Os traballos de demolición en xeral 383
2.2.2. Responsabilidade administrativa 384
2.2.3. Referencia especial ós traballos de desamiantado 384
2.2.4. Responsabilidade administrativa 385
2.3. Movemento de terras, escavacións, pozos, traballos subterráneos e túneles 385
2.3.1. Regulación xeral 385
2.3.2. Responsabilidade administrativa 388
2.4. Vehículos e maquinaria para movemento de terras e manipulación de materiais. Outras instalacións, máquinas e equipos 388
2.4.1. Aplicación do RDSM e do RDET 388
2.4.1.1. Introdución á normativa 388
2.4.1.2. Responsabilidade administrativa 394
2.4.2. A regulación do RDOC 394
2.4.2.1. Vehículos e maquinaria para movemento de terras e manipulación de materiais 394
2.4.2.2. Outras instalacións, máquinas e equipos 399
2.4.2.3. Responsabilidade administrativa 401

3. Estruturas, forxados, cerramentos e cubertas 402
3.1 Introdución 402
3.2. As normas contidas no RDOC 402
3.2.1. Caídas de obxectos 402
3.2.2. Caídas de altura 403
3.2.3. Encofrados e estruturas metálicas ou de formigón 407
3.2.4. Outras disposicións do RDOC 408
3.2.5. Disposicións das NTE, segundo os diferentes tipos de estrutura 409
3.2.6. Responsabilidade administrativa 410
3.3. Equipos para a elevación de cargas 410
3.3.1. A regulación do RDOC 410
3.3.2. A regulación do RDET 414
3.3.3. Responsabilidade administrativa 415
3.4. Medios auxiliares: andamios e escaleiras de man 415
3.4.1. Introdución 415
3.4.2. Tipos de andamios 417
3.4.3. A regulación do RDOC 417
3.4.4. Normas do RDET 418
3.4.4.1. Normas xerais sobre utilización de equipos de traballo en altura 418
3.4.4.2. Normas do RDET especificamente aplicables ós andamios 420
3.4.4.3. Normas do RDET especificamente aplicables ás escaleiras de man 423
3.4.5. Mención específica á ferramenta manual 424
3.4.5.1. A regulación do RDOC 424
3.4.5.2. NTP 425
3.4.5.3. Normas UNE 430
3.4.6. Responsabilidade administrativa 431
3.5. Riscos comúns nas obras de construción non abordados especificamente noutros epígrafes 432
3.5.1. Exposición ó ruído 432
3.5.1.1. A regulación do RDRU 432
3.5.1.2. NTP e normas UNE 435
3.5.2. Sobreesforzos 437
3.5.2.1. Introdución 437
3.5.2.2. A regulación do RDMM 437
3.5.2.3. NTP 439
3.5.3. Vibracións 439
3.5.3.1. Introdución 439
3.5.3.2. As previsións da DIVI 440
3.5.3.3. Normas UNE 443
3.5.4. Exposición a axentes químicos 445
3.5.4.1. A regulación do RDAQ-1 e do RDAQ-2 445
3.5.4.2. NTP 449

3.5.4.3. Referencia especial ós traballos en espazos confinados 451
3.5.5. Responsabilidade administrativa 453
3.6. Os equipos de protección individual 453
3.6.1. Concepto de EPI 453
3.6.2. Criterios para a elección dos EPIS. Fabricación e comercialización 457
3.6.2.1. Actividades que poden requirir a utilización de EPIS 457
3.6.2.2. Criterios para a elección dos EPIS 460
3.6.2.3. Esixencias para a fabricación e comercialización dos EPIS 462
3.6.3. Utilización e mantemento dos EPIS 464
3.6.4. Obrigas de empresarios e traballadores 465
3.6.5. Criterios técnicos para a elección, uso e mantemento dos EPIS 466
3.6.5.1. Guías orientativas do INSH 466
3.6.5.2. NTP e normas UNE 467
3.6.6. Responsabilidade administrativa 475

PARTE PRIMEIRA

A CONSTRUCIÓN EN ESPAÑA E EN EUROPA

CAPÍTULO PRIMEIRO

Antes de centrarnos no estudo do sector da construción en Galicia, parécenos imprescindible un achegamento á importancia e características que este sector ten en Europa e en España, referentes imprescindibles para a boa comprensión da situación na nosa comunidade autónoma.

1. A CONSTRUCIÓN EN EUROPA

Comezaremos esta aproximación ao sector da construción en Europa co estudo das variables básicas que permiten o coñecemento deste sector, como o valor da súa produción (total e por habitante), o emprego e o investimento. Así mesmo, referirémonos á importancia dos subsectores da construción (edificación e obra civil) nos últimos anos e analizaremos a evolución dos diversos segmentos dos dous subsectores.

1.1. Produción e emprego

O valor da produción da construción española ocupa o quinto lugar entre os estados da Unión Europea; os que están por diante son, por esta orde: Alemaña, Francia, Reino Unido e Italia (que son tamén os catro que están por diante de España por PIB). Como se pode ver no cadro 1, España representa o 12,7% do valor total da produción da construción no conxunto dos estados analizados.

Cadro 1. A construción na Unión Europea. 2003

Estado	Poboación (millóns)	Produción construción				
		m.M.Euros(a)	%	Var.03/02(b)	Euros/habitante	
					Miles	Índice
Alemaña	82,55	197,08	21,7	-3,4	2,39	97
Austria	8,15	25,99	2,9	-0,5	3,19	130
Bélxica	10,37	22,65	2,5	-2,3	2,18	89
Dinamarca	5,40	18,13	2,0	-0,4	3,36	137
España(c)	**41,30**	**115,87**	**12,7**	**3,9**	**2,81**	**114**
Finlandia	5,21	19,00	2,1	-1,0	3,65	149
Francia	59,40	147,61	16,2	0,5	2,49	101
Irlanda	3,96	17,85	2,0	-2,1	4,51	184
Italia	58,30	129,67	14,3	1,6	2,22	91
Países Baixos	16,33	46,31	5,1	-0,6	2,84	116
Portugal	10,38	21,00	2,3	-1,8	2,02	82
Reino Unido	60,40	130,21	14,3	4,4	2,16	88
Suecia	8,95	18,49	2,0	0,7	2,07	84
UE-13	**370,70**	**909,86**	**100,0**	**0,4**	**2,45**	**100**

(a) Prezos de 2001
(b) En termos reais
(c) Estimación SEOPAN
Fonte: Euroconstruct. Convención Anual Decembro 2003

O devandito cadro mostra tamén (con datos de trece dos quince estados que nese ano compoñían a UE, pois non figuran na fonte estatística utilizada os de Grecia e Luxemburgo) que en termos "por habitante" o valor da produción da construción en España ocupa a sexta posición, pero son todos distintos -respecto á clasificación anterior- os estados que nos preceden, que agora son, e por esta orde: Irlanda, Finlandia, Dinamarca, Austria e Países Baixos. O valor *per capita* do dato español atópase un 14% por enriba da media dos trece estados analizados neste cadro.

No ano 2003 España ocupa (con un 3,9%) o segundo lugar (tras o Reino Unido: 4,4%) polo crecemento porcentual da produción do sector de construción nos trece estados estudados; a continuación figuran, xa moi de lonxe, Italia (1,6%) e Suecia (0,7%). En oito dos estados (61,5% do total) baixou o valor da produción da construción nese ano.

Para que o dato do ano 2003 quede enmarcado na senda marcada pola evolución da última década presentamos o cadro 2, que reflite que en nove dos dez anos analizados (a excepción é 1996) a actividade construtora tivo un comportamento máis expansivo en España que na media dos trece estados analizados. Por outra banda, os anos de maior crecemento da actividade construtora dos estados estudados da UE (1999 e 2000) alcanzaron un crecemento do 3,3% e do 3% respectivamente, mentres que en España o crecemento porcentual foi máis do dobre dos devanditos valores (8,7% e 6,4% respectivamente). Obsérvase tamén que a forte dinámica construtora

Cadro 2. Evolución da actividade construtora na Unión Europea. Por países. 1995-2004 (Porcentaxes de variación interanual en termos reales)

Estados	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003 (a)	2004 (b)
Alemaña	-1,8	-2,9	-1,5	-1,0	1,4	-2,7	-4,8	-5,8	-3,4	-1,0
Austria	NA	2,4	1,3	3,0	1,0	2,0	-1,2	1,7	4,1	4,2
Bélxica	2,4	-2,5	5,6	0,1	5,8	3,3	0,1	-5,1	-0,8	2,4
Dinamarca	5,7	7,1	2,7	3,4	-2,7	3,3	5,6	0,3	-2,7	-0,3
España	**5,1**	**-0,9**	**1,0**	**6,4**	**8,7**	**6,4**	**5,8**	**4,6**	**3,9**	**4,5**
Finlandia	0,5	9,3	10,9	10,9	3,3	5,6	-2,0	0,1	-1,0	1,4
Francia	-1,3	-3,7	-1,0	0,6	5,7	7,1	1,8	-0,3	-0,2	0,5
Irlanda	NA	NA	NA	8,2	12,1	6,7	3,5	-0,7	1,1	0,5
Italia	0,9	3,6	-2,0	-0,2	2,6	5,9	3,7	2,3	1,6	1,5
Paises Baixos	NA	2,4	2,4	3,1	5,9	4,6	2,1	-2,9	-3,0	-0,5
Portugal	NA	5,0	13,3	5,9	4,7	4,9	1,1	-1,6	-12,0	-5,0
Reino Unido	-0,1	2,3	3,0	1,6	1,5	1,5	3,5	8,0	3,7	1,6
Suecia	0,8	0,6	-7,6	1,9	-0,1	4,0	5,0	1,0	-2,2	0,6
UE-13	**0,4**	**0,4**	**0,6**	**1,3**	**3,3**	**3,0**	**1,2**	**0,6**	**0,1**	**0,8**

(a) Estimación
(b) Previsión
Fonte: FIEC (Federación da Industria Europea da Construción), La actividad de la construcción en Europa, Rapport nº 47

de España foi especialmente intensa a partir do ano 1998, oscilando dende entón entre un mínimo do 3,9% e un máximo do 8,7%, mentres que a media dos trece estados analizados da UE moveuse nese período nun intervalo de valores moito máis baixos (entre un 0,1% e un 3,3%).

Eurostat proporciónanos dous indicadores interesantes -produción e emprego- para o seguimento trimestral no ano 2003 do sector da construción na Eurozona (dato que complementamos cos datos en media anual do último bienio). A Oficina Estatística da Unión Europea explicita que o peor comportamento da produción no sector da construción foi o do primeiro trimestre de 2003 (cun descenso do 1,9%) pero que tamén nos outros tres trimestres as taxas de crecemento foron baixas (entre o 0,4% e o 0,8%); no conxunto do ano, o "crecemento cero" supón rebaixar seis décimas a evolución do sector da construción respecto do valor do ano 2002, como se comproba no cadro 3.

Cadro 3. Índices de produción e de evolución do emprego. UE. 2002-2003

		2003				
	2002	I	II	III	IV	2003
Construción	0,6	-1,9	0,8	0,4	0,5	0,0
Emprego en construción	-0,6	-0,6	0,3	-0,1	-0,3	-0,2

Taxas de variación interanuais en porcentaxes
Fonte: Eurostat

En relación ao emprego no sector da construción, en 2003 continúa -aínda que con menor intensidade- o proceso de diminución do emprego xa presente en 2002 e tan só un trimestre (o segundo) consegue un aumento da ocupación. A perda de emprego é especialmente intensa no primeiro trimestre do ano (no que cae nunha porcentaxe idéntica ao do ano 2002).

A evolución do investimento en construción no último trienio na UE (e na Eurozona) pode verse no cadro 4, desagregada por estados. Destacaremos os seguintes aspectos:

- No ano 2003 o crecemento do investimento destinado ao mercado da construción na Unión Europea presenta un crecemento do 0,8% (case un punto superior ao ano anterior) e a previsión para 2004 apunta a un crecemento que triplicará o de 2003.

- Na Eurozona, en cambio, o investimento destinado ao mercado da construción descendeu en 2003 un 0,4% (aínda que case un punto menos que o ano anterior). A explicación da forte diferenza entre o comportamento da variable analizada na Unión Europea e na Zona Euro está no fortísimo crecemento do inves-

Cadro 4. Evolución do investimento en construción(1). Unión Europea. 2002-2004

Estados	2002	2003(2)	2004(3)
Bélxica	-2,2	0,7	2,1
Alemaña	-5,8	-3,4	0,6
Grecia	3,7	10,0	6,5
España	**4,2**	**3,7**	**3,3**
Francia	-1,0	-0,9	1,9
Irlanda	5,0	5,8	1,1
Italia	3,3	1,8	1,0
Luxemburgo	-0,1	0,1	1,9
Países Baixos	-3,7	-4,5	-0,5
Austria	-0,7	2,8	2,5
Portugal	-3,4	-12,2	-3,0
Finlandia	-2,4	-0,6	2,0
Area Euro	-1,3	-0,4	1,5
Dinamarca	1,7	-7,6	2,8
Suecia	1,7	-1,7	1,0
Reino Unido	6,9	8,2	7,3
UE-15	-0,1	0,8	2,4

(1) Taxas de variación en porcentaxe
(2) Estimación
(3) Previsión
Fonte: Comisión Europea

timento destinado ao mercado da construción en Gran Bretaña (8,2%), estado no que o crecemento medio desta variable se move no trienio analizado arredor do 7,5%.

- A desagregación por estados mostra que Grecia foi en 2003 o único que presentou taxas de aumento de dous díxitos. Seguíronlle no grupo de cabeza Gran Bretaña, Irlanda e España (as previsións para 2004 apuntan a que España ocupe a terceira posición, a custa de Irlanda).

- No ano 2002 o investimento en construción diminuíu en oito dos quince estados da Unión Europea, no ano 2003 en sete e a previsión do ano 2004 supón unha gran melloría, xa que apunta a que tan só baixe en dous (Holanda e Portugal).

1.2. Subsectores da construción

A distribución da estrutura interna do sector da produción en Europa Occidental do gráfico 1 mostra que a *edificación* é o subsector máis importante para o comportamento global da construción, posto que a obra civil supón só un 21,9% do total.

Dentro da edificación, o segmento de *rehabilitación e mantemento* de edificios é o que ten un maior peso porcentual.

Gráfico 1. Estrutura da construción en Europa Occidental. 2003



Fonte: Seopan: Informe anual da construción 2003

No conxunto da Unión Europea, a desagregación por sectores do cadro 5 explicita que só o apartado correspondente a rehabilitación e mantemento tivo taxas de variación positivas nos dez anos estudados. Por outra banda, cremos que é preciso destacar o forte dinamismo do subsector de obra civil na UE no trienio 1999-2001 así como a súa notable desaceleración posterior.

Cadro 5. Evolución da actividade construtora na Unión Europea. Por subsectores. 1995 a 2004

Subsectores	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003 (a)	2004 (b)
1. Edificación	0,9	1,1	0,8	1,6	3,1	2,8	0,5	0,2	0,0	1,0
1.1. Vivenda	0,4	0,6	1,3	1,2	2,6	2,8	-0,9	0,6	2,0	2,0
1.1.1.Nova	-1,4	-1,7	2,2	0,0	1,5	2,9	-3,4	1,0	3,6	2,2
1.1.2. Rehab. e mant.	2,5	3,7	1,4	2,9	3,7	3,7	1,4	0,9	1,0	1,7
1.2. Non residencial	1,2	2,2	-0,1	1,7	3,3	3,1	2,5	-0,4	-2,2	-0,5
1.2.1. Privada	2,4	4,2	1,6	2,1	4,0	3,7	3,0	-1,5	-4,1	-1,4
1.2.2. Pública	-4,3	0,8	-4,2	0,9	1,1	1,0	0,6	3,6	3,2	1,7
2. Obra civil	-2,0	-2,2	0,0	0,7	4,9	3,5	3,6	1,7	0,1	0,2
Total construción	**0,4**	**0,4**	**0,6**	**1,3**	**3,3**	**3,0**	**1,2**	**0,6**	**0,1**	**0,8**

Porcentaxes de variación interanual en termos reales
(a) Estimación
(b) Previsión
Fonte: FIEC (Federación da Industria Europea da Construción), La actividad de la construcción en Europa, Rapport nº 47

O cadro 6 permite realizar, cunha fonte estatística distinta da do cadro anterior, unha análise desagregada do comportamento en quince estados de Europa Occidental (incluíndo dous non pertencentes á Unión Europea: Noruega e Suíza) no bienio 2002-2003 (con datos estimativos para este último ano, xa que os datos se publicaron en novembro de 2003). Destacaremos que:

Cadro 6. Evolución da construción por subsectores e Estados. Europa. 2002-2003

	Edificación		Obra civil		Total	
	2002	2003(p)	2002	2003(p)	2002	2003(p)
Austria	-2,3	0,9	5,9	4,4	-0,5	1,7
Bélxica	-5,6	-0,9	-3,2	-0,1	-5,1	-0,8
Dinamarca	0,9	-2,6	4,6	0,0	2,0	-1,8
Finlandia	-1,6	-0,4	2,0	2,7	-1,0	0,2
Francia	-0,8	-1,8	-2,0	0,1	-1,0	-1,4
Alemaña	-6,3	-3,9	-3,8	-2,0	-5,9	-3,6
Irlanda	0,1	1,2	13,1	3,9	2,6	1,8
Italia	1,5	-0,6	2,3	5,8	1,7	0,8
Países Baixos	-3,7	-3,0	-1,2	-3,5	-3,1	-3,0
Noruega	3,7	-3,4	6,7	9,7	4,2	-0,9
Portugal	-2,4	-10,9	-3,0	-6,8	-2,6	-9,8
España	**4,0**	**3,3**	**6,6**	**5,4**	**4,8**	**4,0**
Suecia	-1,4	-0,8	-2,8	1,1	-1,8	-0,3
Suiza	-0,2	-1,2	7,6	-3,7	2,1	-2,0
Reino Unido	8,0	5,4	7,9	-0,9	8,0	4,4
Europa occidental	**-0,3**	**-0,6**	**2,0**	**1,3**	**0,2**	**-0,2**

Taxas de variación en termos reales e porcentaxes
(p) Previsións
Fonte: EUROCONSTRUCT. Novembro 2003

Na evolución global do sector da construción, Gran Bretaña e España ocupan as primeiras posicións entre os estados que figuran nesta estatística; a importante diferenza do ano 2002 entre ambos os dous queda moi reducida no ano 2003 (a tan só catro décimas). As últimas posicións son ocupadas por Alemaña e Bélxica (no ano 2002) e por Portugal e Alemaña (no 2003). No seu conxunto, os estados analizados presentan unha redución da súa actividade construtora do 0,2% en 2003 (fronte ao aumento en idéntica porcentaxe do ano 2002).

A análise por subsectores mostra que a diminución da produción do sector da construción en Europa Occidental no ano 2003 se produciu na *edificación* (que descende seis décimas) mentres que a *obra civil* aumentou 1,3 puntos porcentuais. Respecto do ano 2002, empeorou o comportamento dos dous subsectores.

A análise cruzada por subsectores e estados explicita que en obra civil os comportamentos máis positivos no ano 2003 foron os de Noruega (9,7%), Italia (5,8%) e España (5,4%) mentres que os máis negativos foron os de Portugal (-6,8%), Suíza (-3,7%) e Países Baixos (-3,5%). No subsector de *edificación*, Gran Bretaña (5,4%) e España (3,3%) presentan as maiores subas, mentres que Portugal (-10,9%) e Alemaña (-3,9%) rexistran os maiores descensos.

2. A CONSTRUCIÓN EN ESPAÑA

Nos datos desagregados por estados que vimos no epígrafe anterior puidemos constatar que España é nos últimos anos un dos estados de Europa occidental nos que maior dinamismo económico presenta o sector da construción. Imos achegarnos neste epígrafe con maior detalle á importancia que este sector ten no conxunto da economía española, tanto na creación de valor engadido coma na xeración de emprego ou na formación bruta de capital.

2.1. Produción e emprego. Produtividade

2.1.1. Valor da produción

Destacaremos, en primeiro lugar, que a Federación da Industria Europea da Construción (FITEC) sitúa -no seu Boletín Estatístico número 47- ao valor da produción española do sector de construción como o segundo entre os quince estados que nese ano integraban a Unión Europea, por detrás só de Alemaña (cando hai tan só catro anos, España ocupaba a quinta posición).

A grande importancia económica do sector da construción en España nos últimos anos podemos certificala tamén sen acudir a comparacións internacionais. Vexamos dous datos:

A construción está a ser o sector máis dinámico da economía española, como se comproba cos datos da Contabilidade Nacional Trimestral no cadro 7. O seu ritmo de crecemento foi máis do dobre que no conxunto da economía española no ano 2002 e en 2003 estivo un 80% por enriba do crecemento medio.

Cadro 7. Evolución dos compoñentes da oferta. España. 2002-2003

	PIB	Valor engadido bruto por ramas de actividade					VAB Total
		Agric. e pesca	Enerxía	Industria	Construción	Servizos	
2002	2,0	1,0	0,3	0,7	4,8	2,2	2,0
2003	2,0	0,7	1,4	1,3	3,6	2,1	2,0

Taxas de variación en termos reales e en porcentaxes
Fonte: Contabilidade Nacional Trimestral (INE). Series correxidas de efectos estacionales e de calendario

A súa participación na xeración do valor engadido bruto total da economía española mostra unha tendencia crecente continuada ao longo dos últimos anos. O cadro 8 explicita este aumento do peso relativo do sector da construción en España no último cuadrienio.

Cadro 8. Participación porcentual de cada sector produtivo no VEB. España. 2000-2003

	Agric. e pesca	Enerxía	Industria	Construción	Servizos
2000	3,3	3,0	16,4	7,9	59,7
2001	3,2	2,9	15,9	8,3	60,2
2002	3,0	2,8	15,3	8,7	60,5
2003	3,0	2,8	14,7	9,1	60,4

Fonte: Contabilidade Nacional Trimestral (INE). Series correxidas de efectos estacionales e de calendario

A perspectiva macroeconómica que achega a Contabilidade Nacional permítenos achegarnos á importancia do sector da construción en España dende unha dobre perspectiva: da oferta e da demanda.

A perspectiva da oferta (reflectida no cadro 9, con datos da Contabilidade Nacional) constata o forte dinamismo económico do sector da construción no quinquenio analizado, que o converteu nos últimos anos en motor fundamental do crecemento económico español (ao crecer a taxas moi superiores ás dos outros sectores).

Cadro 9. O PIB e os seus compoñentes. A oferta. España. 1998-2002

	1998	1999	2000(P)	2001(P)	2002(A)
Ramas agraria e pesqueira	-0,6	-5,1	1,8	-3,3	1,0
Ramas enerxéticas	1,4	2,4	4,4	4,3	0,3
Ramas industriais	5,4	4,2	3,8	1,9	0,7
Construción	**7,2**	**8,5**	**6,0**	**5,5**	**4,8**
Ramas dos servizos	3,5	3,6	4,3	4,0	1,6
Servizos de mercado	3,8	3,7	4,6	4,3	1,4
Servizos de non mercado	2,5	3,2	3,3	3,0	2,3
PIB a prezos de mercado	4,3	4,2	4,2	2,8	2,0

Taxas de variación interanuais. Prezos constantes
(P) Estimación provisional
(A) Estimación avance
Fonte: INE, Contabilidade Nacional de España

Unha visión máis actualizada e con maior desagregación temporal dos datos obtémola acudindo a unha fonte máis conxuntural: a Contabilidade Nacional Trimestral. O cadro 10 explicita que:

Cadro 10. O PIB e os seus compoñentes. A oferta. España. 2001-2004

	2001				2002				2003				2004	
	1T	2T	3T	4T	1T	2T	3T	4T	1T	2T	3T	4T	1T	2T
Ramas da agricultura, gandaría e pesca	-5,1	-6,5	-4,4	4,6	6,6	3,5	3,9	-6,6	-2,9	-1,7	-1,2	0,5	1,0	-0,8
Ramas enerxéticas	5,8	5,3	4,2	3,3	2,7	-0,1	0,7	0,3	0,3	0,9	2,9	1,2	-0,8	2,3
Ramas industriais	2,8	2,3	2,5	0,6	-0,6	-0,2	1,0	2,3	1,9	1,3	0,6	1,2	1,9	2,4
Rama da construción	**5,1**	**5,4**	**4,0**	**6,7**	**5,6**	**4,8**	**6,5**	**4,0**	**4,4**	**5,1**	**4,1**	**3,5**	**3,6**	**3,4**
Rama dos servizos de mercado	4,5	3,0	2,7	2,7	1,8	2,3	2,1	2,7	1,5	2,1	2,4	2,4	3,1	2,8
Rama dos servizos de non mercado	2,5	2,3	3,2	3,7	3,4	3,0	2,4	1,9	3,1	2,8	3,3	3,9	3,4	3,2
PIB Total	**3,4**	**2,1**	**2,8**	**2,9**	**2,4**	**2,3**	**2,2**	**2,1**	**2,1**	**2,5**	**2,6**	**2,8**	**2,7**	**2,6**

Taxas de variación interanuais. Prezos constantes
Fonte: INE, Contabilidade Nacional Trimestral

- Dos catorce trimestres transcorridos do século XXI, soamente en catro houbo algún sector con taxas de crecemento superiores á da construción.

- Nos tres últimos trimestres o crecemento interanual da construción estabilizouse arredor do 3,5%, porcentaxe inferior ao de anteriores trimestres pero bastante superior á suba media do PIB en España en calquera trimestre do último trienio.

A perspectiva da demanda que para o quinquenio 1998-2002 ofrece o cadro 11 dá fe tamén do importante dinamismo económico da formación bruta de capital fixo, piar fundamental do crecemento en España da demanda interna (que á súa vez foi artífice

Cadro 11. O PIB e os seus compoñentes. A demanda. España. 1998-2002

Operacións	1998	1999	2000(P)	2001(P)	2002(A)
Gasto en consumo final	4,2	4,5	4,2	3,0	3,0
Gasto en consumo final dos fogares	4,4	4,7	4,0	2,9	2,6
Gasto en consumo final das ISFLSH	4,6	5,5	4,7	1,6	4,2
Gasto en consumo final das AAPP	3,7	4,2	5,1	3,6	4,4
Formación bruta de capital	10,7	9,0	5,3	2,9	1,1
Formación bruta de capital fixo	10,0	8,8	5,7	3,3	1,0
Variación de existencias	0,2	0,1	-0,1	-0,1	0,0
Exportacións de bens e servizos	8,2	7,7	10,0	3,6	0,0
Importacións de bens e servizos	13,2	12,6	10,6	4,0	1,8
PIB a prezos de mercado	**4,3**	**4,2**	**4,2**	**2,8**	**2,0**

Taxas de variación interanuais. Prezos constantes
(P) Estimación provisional
(A) Estimación avance
Fonte: INE, Contabilidade Nacional de España

fundamental da suba do PIB, xa que a achega do sector exterior foi negativa nos anos analizados). Con todo, é claramente perceptible unha importante e continuada desaceleración no período analizado, que levou a que o crecemento de dous díxitos do ano 1998 se transformara á volta dun cuadrienio nunha modesta suba do 1%.

A análise desagregada dos diversos compoñentes da formación bruta de capital fixo mostra a grande importancia relativa do investimento do sector da construción en relación coa efectuada noutros produtos (equipos de transporte, maquinaria, etc); de feito, segundo os datos da Contabilidade Nacional Trimestral, o investimento directamente ligado á construción representa case o 60% do volume total da investimento efectuado en España.

A evolución máis positiva do investimento en construción nos últimos anos respecto do total do investimento da economía española queda moi clara no cadro 12, posto que:

Cadro 12. Evolución dos compoñentes da formación bruta de capital fixo(1). España. 1998-2002

	En millóns de euros					Taxa de variación interanual				
	1998	1999	2000	2001(P)	2002(A)	1998	1999	2000	2001(P)	2002(A)
1. Produtos da agricultura, gandaría e pesca	327	324	318	293	188	-13,3	-0,9	-1,9	-7,9	-35,8
2. Produtos metálicos e maquinaria	27.528	29.459	30.878	30.589	28.633	15,6	7,0	4,8	-0,9	-6,4
3. Equipo de transporte	9.056	9.982	10.421	10.223	9.955	11,5	10,2	4,4	-1,9	-2,6
4. Vivendas	**23.462**	**25.475**	**27.661**	**28.139**	**29.892**	**8,6**	**8,6**	**8,6**	**1,7**	**6,2**
5. Outras construcións	**36.092**	**39.463**	**41.266**	**44.793**	**46.118**	**7,2**	**9,3**	**4,6**	**8,5**	**3,0**
6. Outros produtos	16.975	18.767	19.920	20.678	21.330	**9,2**	**10,6**	**6,1**	**3,8**	**3,2**
Formación bruta de capital fixo	**113.440**	**123.470**	**130.464**	**134.715**	**136.116**	**10,0**	**8,8**	**5,7**	**3,3**	**1,0**

(1) A prezos constantes
(P) Estimación provisional
(A) Avance
Fonte: INE, Contabilidade Nacional de España

- Os epígrafes de *vivendas* e de *outras construcións* crecen conxuntamente cada ano dos analizados polo menos un 4,6% (coa única excepción en 2001 en vivendas) e non se aprecia aquí ao longo do quinquenio o continuo e intenso descenso porcentual que é claramente perceptible na evolución das taxas de variación interanual da formación bruta de capital fixo no seu conxunto.

- Nos dous epígrafes relacionados coa construción que sinalamos no parágrafo anterior, a variación interanual non toma nunca signo negativo (a diferenza dos tres primeiros epígrafes, de forma especialmente acusada e continuada no ligado ao sector primario).

Os datos da Contabilidade Nacional Trimestral permítennos afondar na análise do investimento en construción así como coñecer os datos máis actualizados desta. O cadro 13 explicita que:

Cadro 13. Evolución da formación bruta de capital en construción. España. 2001-2004

2001				2002				2003				2004	
1T	2T	3T	4T	1T	2T	3T	4T	1T	2T	3T	4T	1T	2T
5,2	5,4	4,3	6,3	5,3	4,9	6,3	4,6	4,2	4,6	4,1	4,2	4,3	4,2

Taxas de variación interanuais. Prezos constantes
Fonte: INE, Contabilidade Nacional Trimestral

- Nos catorce trimestres estudados o crecemento interanual foi intenso, pois se moveu nun intervalo entre o 4,1% (terceiro trimestre de 2003) e o 6,3% (cuarto trimestre de 2001 e terceiro trimestre de 2002).

- A perspectiva diacrónica reflite unha diminución do ritmo do investimento en construción a partir do último trimestre de 2002: nos sete trimestres últimos non se alcanzou nunca un crecemento interanual do 5%, cando nos sete anteriores se superara esa porcentaxe en cinco trimestres.

2.1.2. O emprego

Estudaremos neste epígrafe a evolución do emprego no sector da construción nos últimos anos e compararemos esta traxectoria coa do emprego no conxunto da economía española.

Resumimos no cadro 14 a poboación ocupada no sector da construción español na última década a partir de tres fontes estatísticas diferentes:

1) A Enquisa de Poboación Activa (EPA), que elabora trimestralmente o Instituto Nacional de Estatística.

2) O número de afiliados á Seguridade Social, indicador que facilita o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

3) O indicador de emprego equivalente a tempo completo, que proporciona o INE a través da Contabilidade Nacional.

Os datos da EPA mostran que, tras o descenso do emprego na construción no trienio 1992-1994 (aínda que no cadro recollemos só dende o ano 1994), en 1995 comeza un forte crecemento do emprego, que é especialmente intenso ata o ano 2001 (chegando a alcanzar taxas de dous díxitos en 1999). A partir do ano 2002 atenúase ese crecemento e estabilízase arredor do 3,5%.

Cadro 14. O emprego na construción. España. 1994-2003

	Ocupados[1]		Afiliados á Seg. Social[2]		Ocupados emprego equiv. tempo completo[3]	
	Miles	Cto. (%)	Miles	Cto. (%)	Miles	Cto. (%)
1994	1.117,2	-2,3	1.042,3	-2,3	1.161,6	-2,7
1995	1.193,8	6,9	1.083,3	3,9	1.228,3	5,7
1996	1.227,6	2,8	1.087,9	0,4	1.233,4	0,4
1997	1.300,2	5,9	1.145,6	5,3	1.285,2	4,2
1998	1.380,1	6,1	1.280,0	11,7	1.365,9	6,3
1999	1.567,4	13,6	1.466,8	14,6	1.507,3	10,4
2000	1.715,7	9,5	1.612,4	9,9	1.626,1	7,9
2001	1.850,2	7,8	1.725,1	7,0	1.717,7	5,6
2002	1.913,2	3,4	1.822,6	5,7	1.768,3	2,9
2003	1.984,6	3,7	1.907,2	4,6	1.835,3	3,8

Fonte: (1) INE (EPA); (2) MTAS (Afiliados á Seguridade Social); (3) INE (Contabilidade Nacional Trimestral)

O ano 2003 a poboación ocupada na construción en España creceu por noveno ano consecutivo e queda moi próxima aos dous millóns de persoas (1.984.600), o que representa un aumento de 867.400 empregos neste sector respecto do dato do ano 1994; en termos relativos, isto supón que creceu un 74% nese período. A suba do emprego na construción do ano 2003 (3,7%) superou nun punto porcentual ao crecemento medio do emprego do conxunto da economía española (2,7%).

A análise comparativa do emprego total e do emprego da construción no último quinquenio podemos realizalo a partir dos datos do cadro 15. O crecemento do emprego na construción (29,3%) foi moitísimo maior que o da ocupación no conxunto da economía española nese quinquenio (11,4%).

Cadro 15. Emprego total e emprego en construción. España. 1998-2002

	1998	1999	2000(P)	2001(P)	2002(A)
Emprego[1] en total sectores	14.896,5	15.436,4	15.974,9	16.353,2	16.591,6
Emprego[1] en construción	1.380,9	1.620,4	1.640,2	1.733,6	1.784,9

(1) En miles
(P) Estimación provisional
(A) Avance
Fonte: INE, Contabilidade Nacional de España

As persoas afiliadas á Seguridade Social (véxase o cadro 14) parten dun descenso no ano 1994, crecen sempre dende entón e tiveron o maior crecemento porcentual ao final dos anos noventa, presentando no último cuadrienio unha progresiva desaceleración. A suba porcentual das afiliacións no ano 2003 (4,6%) supera en case un punto porcentual á das persoas ocupadas segundo a EPA (3,7%).

O indicador que o INE proporciona na Contabilidade Nacional Trimestral para medir o emprego equivalente a tempo completo tamén parte de valores negativos ao comezar a serie analizada e rexistra os maiores incrementos ao finalizar a década dos noventa (como se observa no cadro 14). A desaceleración continuada do trienio 2000-2002 cortouse no ano 2003, no que o crecemento relativo (3,8%) foi case un punto porcentual máis que o ano anterior (e practicamente coincidente co dato proporcionado pola EPA).

O estudo comparativo dos postos de traballo equivalentes a tempo completo creados na construción e no total da economía española no último quinquenio que recollemos no cadro 16 explicita que as porcentaxes son moi semellantes ás vistas anteriormente (ao considerar os empregos sen a equivalencia a tempo completo), xa que o aumento na construción (29,4%) tamén é notablemente maior que no conxunto dos sectores produtivos (11,7%).

Cadro 16. Postos de traballo equivalentes a tempo completo. España. 1998-2002

	1998	1999	2000(P)	2001(P)	2002(A)
Construción(1)	1.365,9	1.507,3	1.626,1	1.717,7	1.768,3
Total sectores(1)	14.153,4	14.675,0	15.201,8	15.572,5	15.812,9

(1) En miles
(P) Estimación provisional
(A) Avance
Fonte: INE, Contabilidade Nacional de España

2.1.3. A produtividade

A produtividade, entendida aquí como a produtividade aparente do factor traballo (cociente entre o valor da produción e o volume de emprego) é outro indicador de interese para o estudo do comportamento do sector da construción. O denominador do cociente da anterior fórmula pode collerse de calquera das tres fontes que para medir o emprego vimos no epígrafe anterior. Para homoxeneizar datos, colleremos dos datos da Contabilidade Nacional tanto o numerador da fórmula (o valor engadido bruto da construción) como o denominador (o emprego equivalente a tempo completo).

No cadro 17 comprobamos que a lixeira variación negativa da produtividade nos anos 2001 e 2003 contrasta coa suba (moito máis intensa) do ano 2002. A produtividade do sector da construción, en termos reais, é no ano 2003 o 72,33% da industrial e o 77,13% da produtividade media do conxunto da economía española. No cadro 18 presentamos a evolución da produtividade (en termos de Contabilidade Nacional) para a construción, a industria e o conxunto da economía española dende 1995; nel comprobamos que de 1995 a 2003 a maior xeración relativa de emprego na construción respecto da creación de valor engadido bruto trouxo como conse-

Cadro 17. Valor engadido bruto, emprego e produtividade do traballo na construción. España. 2001-2003

	2001/00	2002/01	2003/02
Emprego			
EPA	7,8	3,4	3,7
MTAS	7,0	5,7	4,6
PTETC	5,6	2,9	3,8
Produtividade	**-0,1**	**1,9**	**-0,2**
Valor engadido bruto	**5,5**	**4,8**	**3,6**

Taxas de variación interanual e porcentaxes
Fonte: INE (EPA e CNTR), MTAS (collido do Informe anual da construción 2003, de SEOPAN)

Cadro 18. Produtividade en termos de contabilidade nacional: VAB por persoa ocupada na construción, na industria e no total dos sectores. España. 1995-2003

	Construción			Industria			Total sectores		
	Miles euros	Índice	% ano	Miles euros	Índice	% ano	Miles euros	Índice	% ano
1995	25,95	100,0	0,4	31,88	100,0	2,1	30,98	100,0	0,9
1996	25,49	98,2	-1,8	31,55	99,0	-1,0	31,33	101,1	1,1
1997	25,00	96,3	-1,9	32,26	101,2	2,2	31,52	101,7	0,6
1998	25,22	97,2	0,9	32,50	101,9	0,8	31,51	101,7	-0,1
1999	24,81	95,6	-1,6	32,74	102,7	0,7	31,58	101,9	0,2
2000	24,38	94,0	-1,7	33,12	103,9	1,2	31,74	102,5	0,5
2001	24,36	93,9	-0,1	33,18	104,1	0,2	31,90	103,0	0,5
2002	24,79	95,5	1,8	33,43	104,9	0,8	32,03	103,4	0,4
2003	24,75	95,4	-0,2	34,22	107,3	2,4	32,09	103,6	0,2

Fonte: INE. CNTR (Series correxidas de efectos estacionais e de calendario). Prezos constantes do 1995. SEC-95. Ocupados EEATC (collido do Informe anual da construción 2003, de SEOPAN)

cuencia o descenso en 4,6 puntos porcentuais da produtividade do traballo, mentres que aumentou nese mesmo período un 3,6% no conxunto da economía española e un 7,3% na industria. A análise das tres columnas coas porcentaxes de variación anual permite afondar no estudo da senda da produtividade nos tres apartados considerados neste cadro.

2.2. O desemprego

No cadro 19 pode apreciarse a evolución da poboación desempregada do sector da construción na última década, dende unha dobre perspectiva:

1) A da Enquisa de Poboación Activa (do INE), mediante os datos do paro estimado.

Cadro 19. Desemprego no sector da construción. España. 1991-2003

	Paro est.(1)	Paro est. (%)	Paro rex.(1)	Paro rex. (%)
1991	257,4	16,1	247,5	15,5
1992	356,1	22,1	279,6	17,4
1993	461,5	28,7	344,6	21,5
1994	436,3	28,1	348,0	22,4
1995	357,5	23,0	295,6	19,1
1996	356,4	22,5	272,1	17,2
1997	317,1	19,6	244,4	15,1
1998	254,2	15,6	201,8	12,3
1999	202,7	11,5	163,0	9,2
2000	197,4	10,3	153,5	8,0
2001	175,0	8,6	155,4	7,7
2002	199,8	9,5	170,9	8,1
2003	195,9	9,0	181,4	8,3

(1) En miles. Datos da EPA coa nova metodoloxía desde o ano 1991
Fonte: INE (EPA) e MTAS

2) A do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais (a través do Inem), que proporciona os datos do paro rexistrado.

É importante non esquecer que hai unha ruptura da serie proporcionadas polo INE na EPA a partir do ano 2001 debido aos importantes cambios metodolóxicos realizados na enquisa nese ano (que afectan de forma moi importante ao cómputo da poboación desempregada, especialmente porque se pasou a aplicar en España a nova definición de desemprego establecida no regulamento (CE) Nº 1897/2000, do 7 de setembro de 2000). En concreto, o INE estimou que o impacto dos cambios metodolóxicos no cuarto trimestre do ano 2001 sobre o desemprego español foi o seguinte:

- Reduciu en 321.600 persoas o número de desempregados que figuran na EPA.
- Rebaixou en 2,5 puntos porcentuais a taxa de desemprego.

Nos primeiros anos da década dos noventa o número de desempregados da construción subiu ata o ano 1994 (con datos Inem), ou ata 1993 (con datos EPA) e despois descendeu continuamente ata o ano 2001 (con datos EPA) e ata o ano 2000 (con datos do Inem) para subir logo en ambos os dous casos. A lixeira diminución do paro estimado do ano 2003 non se produciu, en cambio, coas cifras do paro rexistrado.

As taxas de desemprego do sector da construción, pola súa banda, presentan unha evolución paralela á do volume absoluto de desempregados, coa única salvidade de que a taxa de paro rexistrado continuou tamén a súa caída ata o ano 2001.

2.3. Outros indicadores

Presentamos no cadro 20 outros indicadores que achegan unha información de interese para o estudo da evolución do sector da construción en España no último bienio (coa correspondente desagregación trimestral). Estes indicadores permiten complementar a análise realizada en epígrafes anteriores cos principais agregados macroeconómicos (valor engadido bruto e formación bruta de capital fixo), laborais (poboación ocupada e desempregada, persoas afiliadas á Seguridade Social) e coa produtividade.

Cadro 20. Outros indicadores(a) da actividade da construción. España. 2002-2003

	2002				2003				2002	2003
	I	II	III	IV	I	II	III	IV		
Nivel de produción(1)										
Vivenda	**-44**	5	16	-29	-18	13	4	-2	-13	-1
Industria	**62**	25	-17	16	14	20	5	-15	22	6
Servizos	**12**	23	45	28	10	15	-6	-13	27	2
O. Civil	**14**	25	28	22	16	31	16	24	22	22
Total	-4	**16**	**24**	**3**	**2**	**21**	**7**	**6**	**10**	**9**
ICC(2)	6	**16**	**7**	**-1**	**15**	**18**	**7**	**-1**	**7**	**10**
Ind. Sintético constr.(3)	**5,5**	-3,3	5,0	0,2	3,7	5,1	-1,3	3,4	3,1	2,3
Valor dos traballos realiz.(4)										
Edificación	**9,9**	6,6	8,4	5,2	4,4	6,1	3,3	4,0	7,4	4,4
Obra civil	**3,7**	4,0	8,3	-2,6	0,7	3,4	2,5	5,0	3,1	3,0
Total	7,2	**5,4**	**8,2**	**2,4**	**3,5**	**4,9**	**2,9**	**4,3**	**5,6**	**3,9**
Consumo de cemento(5)	**6,1**	4,1	61,0	2,5	3,9	5,1	4,5	5,7	4,7	4,8

(a) En porcentaxes de saldo de respostas en (1) e (2). En porcentaxes das taxas de variación interanual en (3), (4) e (5)
Fonte: Saldos. (1 e 2) Mº de CeT. (3) SGPC. Mº de Economía. (4) En termos reais. Mº Fomento. (5) OFICEMEN. (Datos recollidos do Informe anual da construción 2003, de SEOPAN)

No relativo ao nivel de produción, nel recóllese a diferenza absoluta entre as respostas positivas e as negativas. Compróbase no cadro que:

No ano 2003 o maior saldo de respostas positivas deuse na obra civil (+22) mentres o saldo máis negativo o tivo o subapartado de vivenda (-1).

No ano 2002 o maior saldo de respostas positivas dábase no sector servizos (+27) e o máis negativo no de vivenda, cun dato moi malo (-13), orixinado polos saldos moi negativos do primeiro e o cuarto trimestre dese ano.

O indicador sintético da construción sufriu un notable descenso no ano 2003 (pasou ao 2,3% dende o 3,1% que crecera o ano anterior). Tamén o indicador do valor dos traballos realizados na construción presenta no ano 2003 unha deterioración importante na súa variación interanual (ao baixar do 5,6% ao 3,9%), cunha diminución

especialmente intensa no subapartado de edificación (cunha caída de tres puntos porcentuais no último ano). O consumo de cemento, en cambio, mantén unha porcentaxe de suba lixeiramente superior á do ano anterior, estabilizado ao redor do 4,75%.

2.4. Estrutura interna da construción: os subsectores

Dentro da actividade económica do sector da construción podemos distinguir dous grandes subsectores:

- A *edificación*
- As *obras de enxeñaría civil* (normalmente coñecidas como obra civil ou como obras públicas).

Dentro do subsector de edificación distínguense tres subapartados ou segmentos:

- *Residencial*, que comprende a construción das vivendas.
- *Non residencial*, que abrangue as construcións de tipo industrial, comercial, sanitario, educativo, administrativo, etc.
- *Rehabilitación e mantemento* de edificios.

Pola súa banda, no subsector das obras de enxeñaría civil atópanse, entre outras, as obras de infraestrutura relacionadas co transporte (portos e aeroportos, estradas e vías de ferrocarril), urbanización e obras hidráulicas.

A distinción entre os dous subsectores ten importantes implicacións noutros aspectos, como nos períodos de produción (normalmente maiores nas obras de enxeñaría civil) e no carácter máis ou menos intensivo en man de obra ou en factor capital (o primeiro na edificación e o segundo na obra civil).

O peso de cada subsector (e de cada segmento no caso da edificación) podemos analizalo cos datos do cadro 21 para o último bienio. Compróbase que a edificación concentra máis do 75% do valor da produción do sector da construción en valores nominais ou correntes, mentres que o de obra civil rolda o 25%. Por segmentos da edificación, a residencial ten o peso máis significativo (case un terzo do total da construción), seguido do segmento de rehabilitación e mantemento (coa cuarta parte do total da construción) e da edificación non residencial (que supera lixeiramente o 18% do total).

A evolución dos dous subsectores no último bienio, en cambio, explicita que o de obra civil é o que está a ter un maior crecemento nominal medio (13%), tres puntos porcentuais por enriba do crecemento medio da edificación (10%). Os tres segmen-

Cadro 21. Produción da construción, por subsectores. España. 2002-2003

	2003				2002			
	Nominal		Real		Nominal		Real	
	Peso	Crecemento	Peso	Crecemento	Peso	Crecemento	Peso	Crecemento
Residencial	32,6	9,8	31,3	3,0	32,7	10,0	31,6	2,0
Non residencial	18,3	8,7	17,6	2,0	18,5	10,5	17,9	2,5
Rehab. y mant.	24,7	9,8	23,8	3,0	24,8	13,2	24,0	5,0
Edificación	**75,5**	**9,5**	**72,7**	**2,8**	**76,0**	**11,1**	**73,5**	**3,1**
Obra civil	**24,5**	**12,4**	**27,3**	**7,0**	**24,0**	**13,6**	**26,5**	**9,0**
Total	100,0	10,2	100,0	3,9	100,0	11,7	100,0	4,6

Fonte: SEOPAN. Informe anual da construción. Anos 2002 e 2003

tos da edificación tiveron un crecemento similar no ano 2003, mentres que no ano 2002 sobresaíu o de rehabilitación e mantemento (tres puntos porcentuais por enriba do crecemento medio dos outros dous segmentos).

Para situar os datos do último bienio nunha perspectiva temporal máis ampla presentamos os cadros 22 e 23. No primeiro recollemos as porcentaxes de participación de cada subsector (e tamén de cada segmento deste no caso da edificación) no valor de produción total da construción en España. Compróbase que a edificación alcanzou o máximo peso relativo no ano 2000 e o mínimo no primeiro ano da serie (1995), cun reponte especialmente importante no ano 1996; dentro dela, o segmento residencial foi o único que gañou peso relativo de 1995 a 2003 (6,3 puntos porcentuais en total), malia o lixeiro descenso do último trienio. A obra civil, pola súa parte, baixou en 4,7 puntos o seu peso relativo de 1995 a 2003.

Cadro 22. Valor da produción da construción por subsectores. España. 1995 a 2003

	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Residencial	26,3	28,6	29,4	30,8	32,4	33,4	33,2	32,7	32,6
Non residencial	19,6	19,2	19,3	18,9	18,6	18,7	18,7	18,5	18,3
Rehab. E mant.	24,9	26,4	27,2	26,3	25,3	24,5	24,5	24,8	24,7
Edificación	**70,8**	**74,2**	**76,0**	**76,0**	**76,3**	**76,7**	**76,4**	**76,0**	**75,5**
Obra civil	**29,2**	**25,8**	**24,0**	**24,0**	**23,7**	**23,3**	**23,6**	**24,0**	**24,5**
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0

Porcentaxes de participación no total da construción
Fonte: SEOPAN. Informe anual da construción 2003. Cifras adaptadas a SEC-95

As variacións anuais dos diversos subsectores (e dos segmentos da edificación) recollidas no cadro 23 explicitan que dende o ano 1998 a obra civil está a ter un comportamento máis expansivo que a edificación, con diferenza especialmente acusada no último trienio. Este comportamento do último sexenio contrasta coa

Cadro 23. Variación do valor da produción da construción por subsectores. España. 1995 a 2003

	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Residencial	8,0	7,5	4,0	11,0	14,0	9,0	4,0	2,0	3,0
Non residen	2,1	-3,0	2,0	4,0	6,0	6,5	5,0	2,5	2,0
Rehab. y ma	8,0	5,0	4,0	2,5	4,0	2,5	4,5	5,0	3,0
Edificación	**6,2**	**3,7**	**3,5**	**6,2**	**8,5**	**6,2**	**4,4**	**3,1**	**2,8**
Obra civil	**2,0**	**-12,0**	**-6,0**	**7,0**	**9,0**	**7,0**	**10,0**	**9,0**	**7,0**
Total	5,1	-0,9	1,0	6,4	8,7	6,4	5,8	4,6	3,9

Porcentaxes de variación interanual en termos reais
Fonte: SEOPAN. Informe anual da construción 2003. Defactor FBCF en construción (INE)

dinámica anterior, xa que de 1995 a 1997 tivera o subsector residencial un comportamento moito máis positivo que o de obra civil. Tamén é perceptible a maior volatilidade da obra civil, que variou amplamente no período analizado entre unha suba do 10% (ano 2001) e unha diminución do 12% (ano 1996) mentres a edificación presenta un comportamento máis estable e subiu sempre (o que fixo nos seus tres segmentos, salvo o non residencial en 1996) e oscilou entre o 2,8% (do ano 2003) e o 8,5% (de 1999).

Dentro da edificación, a residencial tivo o comportamento máis expansivo no primeiro sexenio e dentro del no bienio 1998-1999, no que chegou a alcanzar valores de dous díxitos (marcando máximo absoluto de todas as porcentaxes deste cadro co 14% en 1999) mentres que tomaron logo o relevo os sectores non residencial (en 2001) e rehabilitación e mantemento (2002 e 2003, este con idéntica porcentaxe que o residencial).

Dado o maior peso relativo da edificación no valor total da produción do sector da construción (visto en apartados anteriores: o triplo que a obra civil) é obrigado que as súas variacións sexan máis importantes para medir a achega de cada subsector (e de cada segmento deste, no caso da edificación) ao crecemento total do valor da produción da construción. O cadro 24 recolle as achegas no último sexenio; a maior

Cadro 24. Aportación ao crecemento real por subsectores da construción. España. 1998-2003

	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Residencial	3,3	4,4	3,0	1,3	0,7	0,9
Non residencial	0,7	1,1	1,1	0,9	0,4	0,4
Rehab. e mant.	0,7	1,0	0,6	1,1	1,2	0,7
Edificación	**4,7**	**6,5**	**4,7**	**3,3**	**2,3**	**2,0**
Obra civil	**1,7**	**2,2**	**1,7**	**2,5**	**2,4**	**1,9**
Total	6,4	8,7	6,4	5,8	4,6	3,9

Puntos porcentuais
Fonte: SEOPAN. Informe anual da construción 2003

achega da edificación respecto da obra civil é especialmente clara no primeiro trienio (no que case a triplica), diminúe significativamente en 2001 e pasan a ter unha achega similar no último bienio. A primacía do segmento residencial no primeiro cuadrienio cede paso temporalmente no ano 2002 ao de rehabilitación e mantemento, para recuperar en 2003 a primeira posición a edificación residencial (pero só dúas décimas porcentuais por enriba, a menor diferenza do sexenio analizado).

2.5. O mercado da vivenda: O prezo da vivenda

Xa mencionamos anteriormente que a edificación residencial é o segmento de maior peso relativo na xeración do valor total da construción española e, polo tanto, é o de maior significación á hora de explicar a evolución do sector da construción. Analizaremos neste epígrafe o seu comportamento nos últimos anos en España, así como a evolución do seu prezo medio e o importante problema económico-social que está a producir a forte suba deste: a deterioración da ratio de accesibilidade á vivenda.

2.5.1. O mercado da vivenda

A análise a longo prazo do mercado da vivenda en España mostra que na década dos oitenta e primeira metade dos noventa se mantivo cunha importante estabilidade, cun crecemento lixeiro. Dende a segunda metade dos noventa ata a actualidade percíbese, en cambio, unha tendencia moi crecente tanto das vivendas iniciadas coma das rematadas. Centrándonos no último trienio, o cadro 25 recolle tres indicadores de iniciación e dous indicadores de finalización de vivendas. Respecto dos primeiros destacaremos que:

Cadro 25. Indicadores de iniciación e de finalización de viviendas. España. 2001-2003

				Variación	
INDICADORES DE INICIACIÓN	2001	2002	2003	2002/2001	2003/2002
Iniciadas(1)	523.747	543.060	622.18	3,7	14,6
Protexidas	48.688	44.014	71.720	-9,6	62,9
Libres	475.059	499.046	550.465	5,0	10,3
Licencias concedidas por concellos(2)	397.389	407.910	386.606(	2,6	18,1(2)
Visados de dirección de obra nova(3)	502.583	524.182	636.332	4,3	21,4
INDICADORES DE FINALIZACIÓN					
Rematadas(1)	505.173	519.686	506.349	2,9	-2,6
Protexidas	52.922	38.957	43.619	-26,4	12,0
Libres	452.251	480.729	462.730	6,3	-3,7
Certificacións fin de obra(3)	365.660	426.738	459.135	16,7	7,6

Taxas de variación en porcentaxes
Fonte: (1) Dirección Xeral da Vivenda, a Arquitectura e o Urbanismo; (2) Cifra e variación de 2003 ata outubro. Licencias Enquisa de Edificación e Vivenda. Mº Fomento (3) Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos. M.º Fomento

- O dato do número de vivendas iniciadas (que achega a Dirección Xeral da Vivenda, a Arquitectura e o Urbanismo) constata o notable crecemento no último ano (14,6%) das vivendas iniciadas con especial significación no subapartado de vivendas protexidas (62,9%), despois do descenso de case un 10% do ano anterior).

- As licenzas concedidas polos concellos mostra tamén un notable crecemento en 2003 (18,1% nos dez primeiros meses do ano), moi por enriba do incremento do ano anterior.

- Os visados de dirección de obra nova corroboran a intensa suba da oferta no mercado residencial, xa que o aumento de 2003 (21,4%) quintuplica o de 2002.

Os indicadores de finalización, en cambio, explicitan que baixa o ritmo de crecemento en 2003, posto que:

- O dato de vivendas rematadas (que facilita a Dirección Xeral da Vivenda, a Arquitectura e o Urbanismo) presenta unha taxa de variación negativa (-2,6%) fronte ao aumento do 2,9% do ano 2002.

- As certificacións fin de obra ven reducido á metade o seu ritmo de aumento anual, aínda que o aumento é aínda importante (7,6%).

2.5.2. O prezo da vivenda

Aínda que trataremos con maior profundidade este tema no capítulo seguinte, non podemos deixar de sinalar, mesmo nunha visión xeral do sector da construción en España, a problemática do prezo da vivenda. Nos últimos anos, moitos informes económicos de organismos moi variados chamaron a atención sobre o risco de estalido do "boom inmobiliario" e sobre a problemática que a grande suba do prezo da vivenda está a formular ás persoas que queren acceder á súa compra. Centrándonos no

Cadro 26. Prezo medio da vivenda e variación anual. España. 2001-2003

	1998	1999
2001	1.046,9	15,40
2002	1.220,9	16,62
2003	1.428,2	16,97
1º trimestre	1.349,1	17,49
2º trimestre	1.402,6	17,50
3º trimestre	1.449,8	15,61
4º trimestre	1.511,1	17,35

Fonte: Ministerio de Fomento

último trienio, o cadro 26 constata que a taxa de variación interanual do prezo medio da vivenda en España foi crecente e superou sempre o 15%, porcentaxe que polo menos cuadriplica en cada un dos anos analizados a variación de prezos (e nalgún, como en 2003, mesmo a sextuplica). Segue, polo tanto, a grande escalada de prezos da vivenda española que comezou en 1999 e, polos datos do primeiro semestre de 2004, non parece que vaia ser este o ano da entrada na senda da moderación, xa que segue cunha porcentaxe semellante á do ano anterior.

A *accesibilidade á vivenda* é a *ratio* entre o prezo medio dunha vivenda de 100 metros cadrados e o salario medio (segundo o Índice de Custos Laborais que publica o INE); a súa análise explicita que co salario medio do ano 2003 hai que dedicar oito anos de traballo para a adquisición de vivenda (2,3 anos máis que no ano 2000).

2.6. O mercado público: análise a través da licitación pública

A *licitación pública* é un indicador moi relevante á hora de estudar o comportamento da demanda do Sector Público e a súa incidencia na actividade construtora. Unha

Cadro 1.27. Licitación pública por tipos de obra. España. 2001-2003

	Millóns de euros nominais			% variación	
Tipos de obra	**2001**	**2002**	**2003**	**2002/2001**	**2003/2002**
Vivenda	595,65	689,11	1.002,33	15,7	45,5
Docentes	1.168,31	1.112,10	909,41	-4,8	-18,2
Sanitarias	810,07	986,72	482,70	21,8	-51,1
Deportivas	517,65	760,91	469,57	47,0	-38,3
Varias	1.670,48	1.730,79	2.569,70	3,6	48,5
Total equipamento social	4.166,50	4.590,53	4.431,38	10,2	-3,5
Administrativas	256,40	432,50	351,30	68,7	-18,8
Industriais	234,77	278,59	258,20	18,7	-7,3
Terminais transporte	372,86	356,42	1.331,11	-4,4	273,5
Resto edificación	864,02	1.067,52	1.940,61	23,6	81,8
Reparacións	1.608,86	1.361,25	1.484,92	-15,4	9,1
Total edificación	**7.235,03**	**7.708,39**	**8.859,23**	**6,5**	**14,9**
Estradas	5.528,39	6.146,00	4.956,68	11,2	-19,4
Ferrocarrís	2.976,35	3.899,06	4.976,08	31,0	27,6
Portos	939,51	669,80	679,20	-28,7	1,4
Total Transportes	9.444,25	10.714,86	10.611,96	13,5	-1,0
Urbanización	3.416,31	3.696,61	3.668,07	8,2	-0,8
Hidráulicas	2.851,23	4.116,30	3.668,19	44,4	-10,9
Total obra civil	**15.711,79**	**18.527,76**	**17.948,21**	**17,9**	**-3,1**
Total xeral	**22.946,83**	**26.236,16**	**26.807,45**	**14,3**	**2,2**

Fonte: SEOPAN. Informe anual da construción 2003

análise da última década mostra que o período 1998-2003 está mostrando un dinamismo moito maior na licitación pública que a primeira parte desa década. Centrándonos no período máis recente, o cadro 27 constata que:

- No ano 2003 a obra civil segue presentando o maior peso relativo da licitación pública (dous de cada tres euros licitados), aínda que tivo unha redución do 3,1% nese ano. A edificación representa un euro de cada tres licitados, pero tivo un crecemento moi notable nese ano (case o 15%, 8,4 puntos porcentuais máis que no ano anterior).

- O apartado de maior importancia cuantitativa dentro da edificación é o *equipamento social*, aínda que diminuíu lixeiramente en 2003 (e fíxoo intensamente nos equipamentos sanitario e deportivo). Grande parte da suba porcentual do conxunto da edificación en 2003 debeuse ao apartado das terminais de transporte (especialmente pola licitación nese ano das obras do aeroporto de Barajas), que creceu en termos relativos un 273´5%.

- Dentro da obra civil, sobresae especialmente en 2003 a suba porcentual dos ferrocarrís (en plena construción da infraestrutura necesaria para o funcionamento da AVE en varias zonas de España) mentres que os maiores descensos en relación ao ano anterior son os de estradas e obras hidráulicas.

A CONSTRUCIÓN EN GALICIA

CAPÍTULO SEGUNDO

1. VALOR DA PRODUCIÓN. EMPREGO, DESEMPREGO E PRODUTIVIDADE

No capítulo puidemos constatar que España é nos últimos anos un dos estados de Europa occidental nos que maior dinamismo económico presenta o sector da construción. Imos achegarnos neste epígrafe á importancia que este sector ten no conxunto da economía galega a través de diversos indicadores, como o valor da produción, a formación bruta de capital fixo, a xeración de emprego neto ou a produtividade do factor traballo.

1.1. Cadro macroeconómico: valor da produción e formación bruta de capital fixo

A perspectiva macroeconómica que achega a Contabilidade de Galicia permítenos achegarnos á importancia do noso sector da construción dende unha dobre perspectiva: da oferta e da demanda.

A perspectiva da oferta constata o forte dinamismo económico do sector da construción en Galicia, como comprobaremos con diversos indicadores, comezando co referente ao estudo da súa importancia na xeración do produto interior bruto. No cadro 1 constatamos que o valor da produción xerada polo sector da construción en Galicia no ano 2003 supera os 4.700 millóns de euros e representa un 11,56% do PIB total (algo máis que o ano 2002, no que esa porcentaxe era do 11,21%).

Cadro 1. O PIB e os seus compoñentes. Perspectiva da oferta. Galicia. 2002-2003

	2002	2003
Ramas agraria e pesqueira	1.903.496	1.865.541
Ramas enerxéticas	1.642.645	1.731.035
Ramas industriais	5.754.335	6.015.168
Construción	**4.305.383**	**4.722.273**
Ramas dos servizos	20.882.182	22.289.624
Impostos netos sobre os produtos	3.907.402	4.223.228
PIB a prezos de mercado	**38.395.443**	**40.846.869**

Datos en miles de euros a prezos correntes
Fonte: IGE, Contabilidade trimestral

No cadro 2 presentamos as taxas de variación das distintas ramas produtivas nese bienio así como a súa desagregación temporal para os oito últimos trimestres. Destacaremos que:

- O sector da construción creceu por enriba da media do PIB de Galicia os dous anos e seis dos oito trimestres analizados (as excepcións foron o terceiro trimestre de 2003 e o primeiro trimestre de 2004).

- Os dous sectores que estiveron máis trimestres á cabeza do crecemento foron o de construción e as ramas enerxéticas (con dous ou tres trimestres respectivamente).

Cadro 2. Variación(1) dos compoñentes do PIB (perspectiva da oferta). Galicia. 2002-2004

		2002			2003				2004	
	2002	2003	1T	2T	1T	2T	3T	4T	1T	2T
Ramas agraria e pesqueira	0,7	-3,7	2,2	-4,3	-2,8	-7,4	-4,2	-0,2	2,5	4,5
Ramas enerxéticas	-1,6	3,7	-3,8	3,3	3,6	4,8	5,2	1,3	2,4	-0,4
Ramas industriais	2,9	2,3	1,7	1,6	1,9	2,2	1,5	3,5	0,9	1,2
Construción	**3,0**	**3,1**	**4,0**	**3,0**	**4,7**	**3,1**	**1,8**	**2,9**	**2,7**	**4,2**
Ramas dos servizos	1,8	2,5	1,6	2,1	1,8	2,6	2,6	2,9	3,6	3,3
PIB a prezos de mercado	**1,9**	**2,4**	**1,5**	**1,8**	**2,1**	**2,3**	**2,4**	**2,8**	**3,0**	**3,0**

(1) En porcentaxes de variación interanual a prezos constantes de 2000
Fonte: IGE, Contabilidade trimestral. Base 2000

A visión nun prazo máis longo que a prezos correntes recolle o cadro 3 (1996–2001) mostra que no trienio 1999–2001 a construción creceu por enriba do PIB de Galicia (moi especialmente nos anos 2000 e 2001, nos que foi o sector de maior crecemento interanual) pero tamén mostra que medrou menos que o PIB galego en 1996 e 1998: a construción non foi o sector máis dinámico da economía galega no trienio 1996-1998, no que as ramas industriais (1997-1998) e a agro-pesqueira (1996) ocuparon a vangarda do crecemento produtivo galego.

Cadro 3. Variación do PIB e dos seus compoñentes(1) . Perspectiva da oferta. Galicia. 1996-2001

	1996	1997	1998	1999	2000	2001
Ramas agraria e pesqueira	6,7	4,9	0,5	-1,6	-4,4	8,9
Ramas enerxéticas	-0,2	9,0	-0,5	-3,4	7,4	8,0
Ramas industriais	3,7	9,9	11,4	11,5	10,7	8,1
Construción	**1,9**	**8,0**	**6,3**	**9,1**	**15,1**	**11,7**
Ramas dos servizos	6,5	5,2	6,2	7,5	7,6	7,4
SIFMI	5,2	-5,0	-1,0	1,4	-8,7	-24,4
Impostos netos sobre os produtos	5,8	6,5	12,8	14,7	7,1	5,3
PIB a prezos de mercado	**5,8**	**6,4**	**7,0**	**8,1**	**8,0**	**7,2**

(1) Taxas de variación interanuais a prezos correntes en porcentaxes
Fonte: IGE, Contas económicas. Base 2000. Series 1995-2001

Se queremos unha perspectiva temporal máis ampla, convén destacar que na segunda metade dos anos oitenta o sector da construción tivo en Galicia un importante crecemento, que contrastou coa desaceleración do bienio 1992-1993; seguiu logo un ciclo alcista (salvo o ano 1996) que levou á construción a gañar peso relativo na estrutura porcentual do PIB galego ata chegar ó 11,6% do ano 2003. Esa participación crecente do sector da construción na xeración do produto interior bruto de Galicia é especialmente perceptible dende 2000 mentres que hai unha clara estabilización no trienio 1997–1999, como se comproba cos datos do cadro 4, que permiten completar as porcentaxes do bienio 2002–2003 (que recollemos no texto ao analizar o cadro 1).

Cadro 4. Evolución da estrutura porcentual do PIB. Perspectiva da oferta. Galicia. 1995-2001

	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001(P)
Ramas agraria e pesqueira	6,9	6,9	6,8	6,4	5,8	5,2	5,3
Ramas enerxéticas	5,6	5,3	5,4	5,0	4,5	4,5	4,5
Ramas industriais	13,5	13,2	13,6	14,2	14,6	15,0	15,1
Construción	**9,9**	**9,6**	**9,7**	**9,7**	**9,7**	**10,4**	**10,8**
Ramas dos servizos	59,5	59,9	59,2	58,8	58,4	58,2	58,3
SIFMI	-4,6	-4,1	-4,1	-3,8	-3,5	-3,5	-4,1
Impostos netos sobre os produtos	9,2	9,2	9,2	9,7	10,3	10,3	10,1
PIB a prezos de mercado	**100,0**	**100,0**	**100,0**	**100,0**	**100,0**	**100,0**	**100,0**

(P) Dato provisional
Fonte: IGE, Contas económicas de Galicia. Cadro macroeconómico

A análise comparativa do peso relativo do sector da construción na xeración do PIB de Galicia e España dende 1995 mostra no cadro 5 que houbo unha evolución moi similar e consérvase en 2003 o maior peso da construción na estrutura produtiva galega que xa existía ao comezar o período analizado. Destacaremos no sector da construción que:

Cadro 5. Participación(1) da construción no total do PIB. Galicia e España. 1995-2003

	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Galicia	**9,9**	**9,6**	**9,7**	**9,7**	**9,7**	**10,4**	**10,8**	**11,2**	**11,6**
España	7,3	7,0	6,9	7,1	7,5	7,9	8,3	8,7	9,1

(1) En porcentaxe do valor da produción do sector da construción sobre o valor do PIB
Fonte: Elaboración propia sobre datos do IGE e INE

- É maior a súa importancia relativa na estrutura económica de Galicia, porque dende 1995 se moveu sempre no intervalo: 9,6%-11,6% mentres que no total estatal oscilou entre o 6,9% e o 9,1% (co valor máximo no ano 2003 en ambos os dous casos).

- No último cuadrienio subiu case dous puntos porcentuais (1,9) en Galicia, cunha ganancia de peso continuada e especialmente intensa no ano 2000 (0,7 puntos, fronte aos 0,4 puntos de cada un dos outros tres anos). No total estatal, subiu 1,6 puntos porcentuais nese mesmo cuadrienio e tamén se incrementou o valor os catro anos (0,4 puntos cada ano, ao igual que xa subira en 1999).

A perspectiva da demanda dos compoñentes do PIB de Galicia que para o bienio 2002-2003 ofrece o cadro 6 explicita que a formación bruta de capital da economía galega supón no último ano algo máis de 13.000 millóns de euros e unha suba en prezos correntes do 8,2% respecto do valor do ano anterior, que é do 4% en termos reais, como reflite o cadro 7, no que presentamos as taxas de crecemento a prezos

constantes no bienio 2002–2003 así como a súa desagregación para os oito últimos trimestres. Subliñaremos que a formación bruta de capital creceu a un ritmo moi superior que o PIB nos catro primeiros trimestres (con diferencial especialmente importante ao final de 2002 e comezo de 2003) pero nos catro seguintes só aumentou máis en dous.

Cadro 6. O PIB e os seus compoñentes. Perspectiva da demanda. Galicia. 2002-2003

	2002	2003
Gasto en consumo final	30.201.868	32.082.859
Formación bruta de capital	**12.101.867**	**13.090.017**
Demanda interna	42.303.735	45.172.876
Exportación de bens e servizos	21.857.761	23.131.822
Importación de bens e servizos	25.766.053	27.457.829
PIB a prezos de mercado	**38.395.443**	**40.846.869**

Datos en miles de euros a prezos correntes
Fonte: IGE, Contabilidade trimestral

Cadro 7. Produto interior bruto trimestral e os seus compoñentes. Perspectiva da demanda. Galicia. 2002-2004

	2002				2003				2004	
	2002	2003	3T	4T	1T	2T	3T	4T	1T	2T
Gasto en consumo final	2,7	3,1	2,9	2,6	2,6	3,3	3,2	3,4	3,4	2,9
Gasto en consumo final dos fogares	2,6	3,1	2,8	2,3	2,5	3,0	3,3	3,5	3,3	2,8
Gasto en consumo final das AAPP e ISFLSF	3,0	3,4	3,3	3,5	3,3	4,0	3,0	3,1	3,5	3,1
Formación bruta de capital	**2,7**	**4,0**	**2,7**	**5,1**	**5,7**	**4,5**	**2,1**	**3,6**	**2,6**	**5,2**
Demanda interna[1]	3,0	3,8	3,2	3,7	3,9	4,0	3,3	3,9	3,6	4,0
Exportacións de bens e servizos	3,7	4,9	3,1	1,2	4,2	4,7	4,3	6,3	5,4	5,1
Importacións de bens e servizos	4,5	6,0	4,9	3,7	6,1	6,4	4,8	6,6	5,2	5,6
PIB a prezos de mercado	**1,9**	**2,4**	**1,5**	**1,8**	**2,1**	**2,3**	**2,4**	**2,8**	**3,0**	**3,0**

En porcentaxes de variación interanual a prezos constantes de 2000
(1) Aportación ao crecemento do PIB
Fonte: IGE, Contabilidade trimestral. Base 2000

A formación bruta de capital fixo representa neste comezo do século XXI algo máis do 30% do PIB de Galicia, o que demostra que é un dos piares importantes do crecemento económico galego. O cadro 8 mostra que dende 1997 é claramente perceptible unha importante e continuada expansión do seu peso relativo no total do PIB (practicamente un punto porcentual cada ano dende 1998 a 2001) e os datos do cadro 6 permítennos sinalar que esta suba continuou no último bienio a un ritmo de medio punto por ano (chegando ao 31,5% en 2002 e ao 32% en 2003).

Cadro 8. Evolución da estrutura porcentual do PIB. Perspectiva da demanda. Galicia. 1995-2001

	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001 (P)
Gasto en consumo final	84,9	84,8	83,8	82,7	81,6	81,0	78,8
Formación bruta de capital	27,2	27,1	27,4	28,4	29,6	30,6	31,5
Formación bruta de capital fixo	**26,8**	**26,6**	**26,9**	**27,8**	**28,9**	**30,0**	**30,9**
Variación de existencias	0,5	0,5	0,5	0,6	0,6	0,7	0,6
Exportacións de bens e servizos	45,3	46,7	49,3	51,3	53,5	59,5	57,9
Importacións de bens e servizos	57,4	58,6	60,5	62,3	64,7	71,1	68,3
PIB a prezos de mercado	**100,0**	**100,0**	**100,0**	**100,0**	**100,0**	**100,0**	**100,0**

(P) Provisional
Fonte: IGE, Contas económicas. Base 2000

Convén recordar que a análise desagregada dos diversos compoñentes da formación bruta de capital fixo mostra a grande importancia relativa do investimento do sector da construción en relación co efectuado noutros produtos (equipos de transporte, maquinaria, etc); de feito, segundo os datos da Contabilidade Nacional Trimestral, o investimento directamente ligado á construción representa case o 60% do volume total do investimento efectuado en España.

1.2. O emprego

Estudaremos neste epígrafe a evolución do emprego no sector da construción de Galicia nos últimos anos e compararemos esta traxectoria coa do emprego no conxunto da economía española. Así mesmo estudaremos algunhas características da poboación ocupada no sector da construción de Galicia na actualidade, como a súa distribución por sexos, idades, tipos de contrato, etc.

A distribución por sectores produtivos da poboación ocupada nas distintas comunidades autónomas no ano 2003 podemos analizala cos datos do cadro 9, que poñen de manifesto que a porcentaxe de ocupación na construción en Galicia é moi similar á media estatal (só 0,2 puntos porcentuais menos) e que se atopa na metade da táboa na clasificación por comunidades autónomas.

Unha visión dinámica da poboación ocupada nos diversos sectores produtivos en Galicia no último trienio obtémola cos datos do cadro 10. Nel apréciase que o emprego na construción tivo en 2002 unha porcentaxe de suba moito maior que o conxunto da economía galega, pero en 2003 foi o sector de maior descenso (absoluto e sobre todo porcentual). O dato do primeiro trimestre de 2004 confirmou a evolución negativa do ano anterior (-4,3%) pero no segundo trimestre de 2004 tivo un forte ascenso (8,1%).

Continuando coa perspectiva diacrónica da poboación ocupada nos diversos sectores produtivos en Galicia, desagregaremos temporalmente máis os datos, mediante a análise da evolución porcentual nos distintos trimestres do bienio 2002–2003. O cadro 11 constata para o sector que nos ocupa neste informe:

Cadro 9. Porcentaxe de poboación ocupada, por CC.AA e sectores produtivos. España. 2003

	Agricultura	Industria	Construción	Servizos
Andalucia	9,9	11,6	14,2	64,3
Aragón	6,0	24,1	9,7	60,2
Asturias	7,1	18,9	11,7	62,3
Baleares	2,0	9,5	13,7	74,7
Canarias	4,6	5,6	14,9	74,9
Cantabria	6,2	20,5	13,1	60,2
Castela-León	9,0	19,0	12,3	59,7
Castela-A Mancha	9,4	18,7	14,7	57,2
Cataluña	2,5	26,7	10,6	60,2
Com. Valenciana	3,8	22,8	13,0	60,4
Estremadura	13,5	10,4	14,0	62,1
Galicia	**12,4**	**19,4**	**11,7**	**56,5**
Madrid	0,6	14,4	9,4	75,6
Murcia	10,4	18,0	11,4	60,2
Navarra	5,9	28,8	9,7	55,7
País Vasco	1,4	28,0	9,7	60,9
A Rioxa	6,4	30,7	10,9	52,0
Ceuta e Melilla	0,3	2,5	6,4	90,0
Total	**5,6**	**18,7**	**11,9**	**63,8**

Fonte: INE, EPA, Táboas anuais, 2003

Cadro 10. Poboación ocupada(1). Por sectores económicos. 2002-2003

	poboación ocupada (en miles)			% variación	
	2001	2002	2003	2002	2003
Agricultura e pesca	158,3	138,1	136,7	-12,8	-1,0
Industria	206,5	218,1	214,6	5,6	-1,6
Construción	**130,3**	**133,4**	**129,4**	**2,4**	**-3,0**
Servizos	567,6	582,6	624,7	2,7	7,2
Total	**1.062,7**	**1.072,2**	**1.105,4**	**0,9**	**3,1**

(1) Medias anuais
Fonte: INE, Enquisa de Poboación Activa (recollido de: ige.xunta.es/ga/sociais/traballo/epa)

■ No ano 2002, a notable e continua deterioración da porcentaxe de variación interanual do emprego ao longo do ano, que levou á construción a unha diminución da ocupación neta do 5,6% no cuarto trimestre (partindo cunha taxa de aumento do 10,7% no primeiro trimestre). Esta evolución non se deu no conxunto da economía galega, que pechou o ano cunha taxa de crecemento do emprego modesta pero que cuadriplicaba a do primeiro trimestre.

Cadro 11. Evolución trimestral do emprego(1). Por sectores. Galicia. 2002-2003

	2002				2003			
	1T	2T	3T	4T	1T	2T	3T	4T
Primario	-18,2	-15,2	-11,6	5,0	0,7	-1,6	1,9	-5,1
Emprego non primario	**4,0**	**4,0**	**2,4**	**2,7**	**4,6**	**4,7**	**3,1**	**2,5**
Industria	7,2	7,0	4,3	4,0	1,2	1,0	-3,4	-5,0
Construción	**10,7**	**5,0**	**0,6**	**-5,6**	**-0,3**	**-7,9**	**-2,4**	**-1,1**
Servizos	1,5	2,7	2,1	4,3	7,1	9,0	6,8	6,1
Total emprego	**0,4**	**1,1**	**0,4**	**1,7**	**4,1**	**3,8**	**2,9**	**1,6**

(1) En porcentaxe de variación interanual
Fonte: INE, EPA

- No ano 2003 diminuíu o emprego na construción nos catro trimestres (con especial intensidade no segundo, no que baixou un 7,9% en taxa interanual). Esta evolución contrasta coa tendencia de creación de emprego neto do conxunto da economía galega (e en especial coa dos servizos, sector de maior intensidade na xeración de emprego), se ben é perceptible claramente a súa desaceleración ao longo do ano.

Podemos continuar esta visión dinámica coa análise a longo prazo da evolución da poboación ocupada galega por sectores produtivos a partir dos datos do cadro 12. Centrándonos na construción, destacaremos os seguintes aspectos:

Cadro 12. Emprego e variación do emprego. Por sectores económicos. Galicia. 1984-2003

	Ocupación(1)			% variación emprego	
	1984	1993	2003	1993/1984	2003/1993
Agricultura e pesca	485,3	285,2	132,0	-41,0	-53,7
Industria	164,0	135,3	209,0	-17,5	54,5
Construción	**70,8**	**87,2**	**130,3**	**23,1**	**49,4**
Servizos	329,6	436,6	633,2	32,5	45,0
Total	**1.049,7**	**944,4**	**1.104,8**	**-10,0**	**17,0**

(1) En miles. Datos do 4º trimestre
Fonte: INE, EPA

- Na década: 1984-1993 a construción foi, cos servizos, o motor da xeración de emprego na economía galega, aínda que non en cantidade abonda como para crear emprego neto (porque foi maior a destrución de emprego nos sectores agro-pesqueiro e industrial).

- Na década: 1994-2003, co aumento do 49,4% da ocupación, volveu a ser o segundo sector na clasificación por aumento porcentual do emprego (esta vez tras a industria) e a súa xeración de emprego case triplicou a do conxunto da economía galega.

Presentamos no cadro 13 a evolución sectorial do emprego de 1995 a 2003 cunha fonte alternativa á usada ata agora (a EPA). De acordo coa Contabilidade de Galicia, a construción xerou o 21,7% do aumento de emprego neto galego dese período, por detrás dos servizos e a industria (sectores que contan cunha poboación ocupada maior que a construción en valores absolutos).

Cadro 13. Evolución do emprego. Por sectores. Galicia. 1995-2001

Ramas agraria e pesqueira	-62.045
Ramas enerxéticas	-204
Ramas industriais	40.938
Construción	**23.614**
Ramas dos servizos	106.349
Total postos de traballo	**108.651**

Fonte: IGE, Contas económicas. Base 2000. Serie 1995-2001

A análise comparativa da evolución das taxas de variación da poboación ocupada e da afiliada á Seguridade Social na construción en Galicia e España que presentamos no cadro 14 para o trienio 2001–2003 explicita que:

Cadro 14. Evolución(1) da poboación e da afiliación á Seguridade Social na construción. Galicia e España. 2001-2003

				2003			
	2001	2002	2003	1T	2T	3T	4T
Galicia							
Poboación ocupada	5,3	2,3	-2,9	-0,3	-7,9	-2,4	-1,1
Afiliados á Seguridade Social	5,2	4,6	3,8	3,5	4,2	4,3	3,3
España							
Poboación ocupada	7,8	3,4	3,7	2,2	4,1	4,3	4,3
Afiliados á Seguridade Social	7,0	5,7	4,6	5,7	5,0	4,2	3,8

(1) En porcentaxes
Fonte: INE e MTAS

- O emprego galego na construción tivo un comportamento moito peor que o total estatal, especialmente en 2003, ano no que decreceu un 2,9% en Galicia mentres creceu un 3,7% en España. Os datos desagregados trimestralmente de 2003 non deixan lugar a dúbidas sobre a negativa evolución da ocupación no sector da construción en Galicia nese ano, porque diminuíu os catro trimestres (con especial intensidade no segundo) mentres que medrou nos catro o total estatal.

- As afiliacións á Seguridade Social creceron menos en Galicia que no total estatal, pero aquí as diferenzas entre os dous ámbitos xeográficos non son tan impor-

tantes como na ocupación. Ademais, as diferenzas entre o crecemento galego e o estatal fóronse pechando ao longo do trienio e mesmo nun trimestre de 2003 (o terceiro) é moi lixeiramente superior o crecemento das afiliacións en Galicia.

A distribución porcentual do emprego galego en construción é no último trimestre de 2003 moi semellante ao estatal, como se aprecia no cadro 15. Os principais cambios na estrutura da ocupación son o maior peso do sector agro-pesqueiro en Galicia e dos servizos no total estatal. A comparación da porcentaxe de persoas ocupadas na construción das distintas comunidades autónomas no ano 2003 figura no cadro 16; pode comprobarse que é maior que o galego en oito comunidades autónomas.

Cadro 15. Distribución porcentual do emprego. Por sectores productivos. Galicia e España. 2003

	Agro-pesqueiro	Industria	Construción	Servizos
Galicia	12,4	19,4	11,7	56,5
España	5,6	18,7	11,9	63,8

Fonte: Elaboración propia con datos do INE, EPA. Medias ano 2003

Cadro 2.16. Porcentaxe de ocupación na construción. Por CC.AA. España. 2003

Andalucia	14,2
Aragón	9,7
Asturias	11,7
Baleares	13,7
Canarias	14,9
Cantabria	13,1
Castela-León	12,3
Castela-A Mancha	14,7
Cataluña	10,6
Com. Valenciana	13,0
Estremadura	14,0
Galicia	**11,7**
Madrid	9,4
Murcia	11,4
Navarra	9,7
País Vasco	9,7
A Rioxa	10,9
Ceuta e Melilla	6,4
Total	**11,9**

Medias anuais
Fonte: INE, EPA

Para os que necesiten realizar unha análise máis detallada da poboación ocupada nos distintos sectores produtivos en Galicia no último bienio (ou simplemente na construción) presentamos os cadros 17 e 18. O primeiro recolle a desagregación por sexo e situación profesional, mentres que o segundo o fai por sexo e grupos de idade. O escasísimo emprego das mulleres na construción é xa unha característica estrutural que estes cadros poñen unha vez máis de manifesto; o seu baixo peso relativo no empresariado do sector (incluíndo as cooperativistas) quizais non o sexa tanto.

Cadro 17. Poboación ocupada por sexo, situación profesional e sector económico. Galicia. 2002-2003

	2002					2003				
	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos	Total	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos	Total
Homes										
Asalariados	24,6	137,4	**99,8**	215,0	**476,7**	23,4	138,6	**98,8**	234,7	**495,4**
Empresario ou membro de cooperativa	43,9	13,7	**27,5**	73,5	**158,5**	40,9	18,1	**26,0**	69,3	**154,2**
Axudas familiares	7,5	1,0	**0,4**	2,1	**11,1**	7,1	0,1	**0,1**	2,5	**9,8**
Outra situación	-	0,1	**-**	0,3	**0,5**	0,4	-	**-**	-	**0,4**
Total	**76,0**	**152,1**	**127,7**	**290,9**	**646,8**	**71,7**	**156,8**	**124,9**	**306,4**	**659,8**
Mulleres										
Asalariados	3,3	61,0	**4,1**	235,6	**304,1**	5,6	51,7	**3,8**	262,3	**323,4**
Empresario ou membro de cooperativa	42,9	4,2	**1,4**	48,2	**96,6**	44,4	5,1	**0,7**	50,8	**101,0**
Axudas familiares	15,7	0,7	**0,2**	7,7	**24,3**	14,9	0,9	**0,1**	5,0	**20,9**
Outra situación	0,1	-	**-**	0,2	**0,4**	0,1	0,1	**-**	0,1	**0,3**
Total	**62,1**	**65,9**	**5,7**	**291,7**	**425,4**	**65,0**	**57,8**	**4,6**	**318,3**	**445,7**
Total										
Asalariados	**27,9**	**198,4**	**103,9**	**450,6**	**780,8**	**28,9**	**190,4**	**102,5**	**497,0**	**818,8**
Empresario ou membro de cooperativa	**86,8**	**17,9**	**28,9**	**121,7**	**255,2**	**85,3**	**23,1**	**26,7**	**120,1**	**255,3**
Axudas familiares	**23,3**	**1,7**	**0,7**	**9,8**	**35,4**	**22,0**	**1,0**	**0,2**	**7,4**	**30,7**
Outra situación	**0,2**	**0,1**	**-**	**0,6**	**0,8**	**0,5**	**0,1**	**-**	**0,1**	**0,7**
Total	**138,1**	**218,1**	**133,4**	**582,6**	**1.072,2**	**136,7**	**214,6**	**129,4**	**624,7**	**1.105,4**

Datos en miles. Medias anuais
Fonte: INE, EPA

O cadro 19, pola súa banda, explicita a poboación que traballa na actualidade no sector da construción en Galicia, así como a súa desagregación por sexo e grupos de idade. O emprego feminino tivo, segundo este dato, un importante aumento relativo nos meses transcorridos do ano 2004, aínda que é tan só o 6,9% do masculino.

O persoal asalariado na construción representa unha porcentaxe moi parecida sobre o total de asalariados de Galicia ao que vimos no cadro 15 coa poboación ocupada, aínda que debido sobre todo ao alto peso relativo da ocupación agraria galega e ao

Cadro 18. Poboación ocupada por sexo, grupos de idade e sector económico. Galicia. 2002-2003

	2002					2003				
	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos	Total	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos	Total
Homes										
de 16 a 19 anos	1,6	3,3	**3,4**	2,9	**11,2**	1,1	3,5	**2,9**	4,2	**11,7**
de 20 a 24 anos	3,4	15,4	**15,3**	17,7	**51,8**	3,6	17,5	**12,8**	17,7	**51,6**
de 25 a 54 anos	53,2	117,6	**95,1**	232,1	**498,0**	49,6	118,0	**95,4**	246,6	**509,6**
de 55 e máis anos	17,8	15,9	**13,9**	38,2	**85,8**	17,4	17,7	**13,7**	38,0	**86,9**
Total	**76,0**	**152,1**	**127,7**	**290,9**	**646,8**	**71,7**	**156,8**	**124,8**	**306,4**	**659,8**
Mulleres										
de 16 a 19 anos	-	2,1	**-**	3,5	**5,6**	0,3	0,9	**-**	4,0	**5,2**
de 20 a 24 anos	0,3	6,7	**0,4**	22,8	**30,2**	1,4	3,3	**0,4**	26,4	**31,4**
de 25 a 54 anos	36,3	53,2	**4,9**	236,7	**331,1**	38,3	50,0	**4,1**	259,5	**351,9**
de 55 e máis anos	25,4	4,0	**0,5**	28,6	**58,4**	25,0	3,5	**0,2**	28,4	**57,2**
Total	**62,1**	**65,9**	**5,7**	**291,7**	**425,4**	**65,0**	**57,8**	**4,6**	**318,3**	**445,7**
Total										
de 16 a 19 anos	**1,6**	**5,4**	**3,4**	**6,4**	**16,8**	**1,4**	**4,5**	**2,9**	**8,2**	**16,9**
de 20 a 24 anos	**3,7**	**22,0**	**15,7**	**40,6**	**82,0**	**5,0**	**20,8**	**13,2**	**44,0**	**83,0**
de 25 a 54 anos	**89,5**	**170,8**	**99,9**	**468,8**	**829,1**	**87,9**	**168,1**	**99,5**	**506,1**	**861,5**
de 55 e máis anos	**43,2**	**19,9**	**14,3**	**66,8**	**144,2**	**42,5**	**21,2**	**13,8**	**66,4**	**144,0**
Total	**138,1**	**218,1**	**133,4**	**582,6**	**1.072,2**	**136,7**	**214,6**	**129,4**	**624,7**	**1.105,4**

Datos en miles. Medias anuais
Fonte: INE, EPA

Cadro 19. Emprego na construción por sexo e grupo de idade. Galicia

Ambos os dous sexos	
de 16 a 19 anos	3,3
de 20 a 24 anos	13,6
de 25 a 54 anos	107,0
de 55 e máis anos	14,9
Total	**138,8**
Homes	
de 16 a 19 anos	3,3
de 20 a 24 anos	12,4
de 25 a 54 anos	99,5
de 55 e máis anos	14,6
Total	**129,9**
Mulleres	
de 16 a 19 anos	0,0
de 20 a 24 anos	1,2
de 25 a 54 anos	7,5
de 55 e máis anos	0,2
Total	**8,9**

Datos en miles
Fonte: INE, EPA do 3º trimestre 2004

Cadro20. Porcentaxe de asalariados na construción. Por CC.AA. España. 2003

Andalucia	15,0
Aragón	9,1
Asturias	12,3
Baleares	12,6
Canarias	15,0
Cantabria	12,9
Castela-León	12,1
Castela-A Mancha	14,8
Cataluña	10,0
Com. Valenciana	13,2
Estremadura	15,3
Galicia	**12,5**
Madrid	8,7
Murcia	11,8
Navarra	8,3
País Vasco	8,5
A Rioxa	9,4
Ceuta e Melilla	7,0
Total	**11,8**

Medias anuais
Fonte: INE, EPA

mínimo emprego de asalariados neste sector, a porcentaxe de Galicia é algo maior que a española na construción. No cadro 20 podemos ver a porcentaxe de cada unha das comunidades autónomas e comprobamos que nesta estatística –a diferenza da vista no cadro 16- o índice galego está por enriba (0,7 puntos porcentuais) da media estatal; sete comunidades teñen unha porcentaxe de persoas asalariadas traballando na construción maior á de Galicia.

A análise da tipoloxía da contratación no sector da construción en Galicia en 2003 explicita o elevadísimo peso da contratación temporal. Dos 92.196 contratos da construción, os de obra ou servizo (67.850) e eventual por circunstancias da produción (15.819) representan máis do 90% do total de contratos (90,8%). Por outra banda, a contratación indefinida só afectou 2.749 persoas (3% do total de contratos de traballo dese ano). O aumento da contratación indefinida a taxas máis homologables coas desa Unión Europea coa que queremos converxer económica e socialmente parecenos, pois, un obxectivo irrenunciable e que ademais poida traer importantes efectos beneficiosos para nosa economía.

1.3. O desemprego

A poboación desempregada no sector da construción nas distintas comunidades autónomas no ano 2003 figura no cadro 21. O dato de Galicia representa o 7,2% do total estatal, un valor certamente superior ao que supón o peso relativo da poboación galega ou o noso PIB nos datos globais de España nese ano, pero lixeiramente inferior á porcentaxe de persoas desempregadas de Galicia no total dos sectores produtivos (7,5%).

Cadro 2.21. Poboación desempregada na construción. Por CC.AA. España. 2003

Andalucia	61,8
Aragón	1,9
Asturias	4,4
Baleares	5,3
Canarias	14,3
Cantabria	1,6
Castela-León	9,0
Castela-A Mancha	6,9
Cataluña	20,0
Com. Valenciana	17,4
Estremadura	13,0
Galicia	**14,0**
Madrid	14,2
Murcia	4,2
Navarra	0,8
País Vasco	5,7
A Rioxa	0,4
Ceuta e Melilla	0,9
Total	**195,8**

Datos en miles. Medias anuais
Fonte: INE, EPA

A taxa de desemprego do sector da construción de Galicia (9,8%) é moi inferior á taxa media de desemprego galega (12,6%) aínda que superior á taxa de paro da construción no total estatal (9%).

Outra forma de medición da poboación desempregada é a través do paro rexistrado. O cadro 22 explicita que os datos do sector da construción son os segundos en aumento absoluto e en crecemento porcentual no último ano (por detrás dos servizos e do sector agro-pesqueiro, respectivamente).

Cadro 22. Paro rexistrado. Por sectores. Galicia. 2003

	Parados decembro 2003	Variación no ano	
		Absoluta	%
Agricultura e pesca	3.987	289	7,25
Industria	26.828	364	1,36
Construción	19.451	1.389	7,14
Servizos	79.541	5.429	6,83
Sen emprego anterior	27.530	-1.149	-4,17

Fonte: Xunta de Galicia, Informe do paro rexistrado

1.4. A produtividade

A produtividade, entendida aquí como a produtividade aparente do factor traballo (cociente entre o valor da produción e o volume de emprego) é outro indicador de interese para o estudo do comportamento do sector da construción. O denominador do cociente da anterior fórmula pode collerse de calquera das fontes existentes para medir o emprego; nós tomarémolo da EPA.

No cadro 23 comprobamos, cos datos da Central de Balances de Galicia, que a produtividade do traballo no sector da construción subiu no último bienio do que existen datos neste *Informe anual económico-financeiro da empresa galega 2004*. A lixeira variación positiva da produtividade no ano 2002 é inferior á suba (moito máis intensa) do ano 2001.

Cadro 23. Produtividade do traballo na construción(1). Galicia. 2000-2002

2000	2001	2002
16,93	18,12	18,53

(1) En miles de euros do valor engadido bruto (c.f.) por empregado
Fonte: IGE, Central de Balances de Galicia: Informe anual económico-financeiro da empresa galega 2004

Respecto dos seguintes anos, a menor xeración relativa de emprego na construción respecto do valor da produción deste sector trouxo como consecuencia a continuación da senda de aumento da produtividade do traballo neste sector produtivo, especialmente evidente en 2003 (ano no que descendeu un 3% o emprego) e no primeiro trimestre de 2004 (no que baixou un 4,3%) mentres que aumentou o valor da produción do sector da construción. No segundo trimestre do ano 2004 inverteuse o comportamento da produtividade do traballo, xa que o forte aumento do emprego na construción (8%) foi moito maior que o do valor da produción.

1.5. Outros indicadores

Dos outros indicadores que habitualmente se utilizan nos estudos do sector da construción para estimar a súa actividade ou a súa demanda (consumo de cemento, traballos realizados, vivendas visadas, licitación de obra pública...) referirémonos aquí só ao consumo de cemento, xa que os outros os imos analizar nos seguintes epígrafes.

O consumo de cemento é un dos indicadores conxunturais máis utilizados no estudo da evolución da actividade construtora, aínda que non faltan críticos que destacan a diferente intensidade do seu consumo segundo o tipo de obra. Ao longo do ano 2003 presentou unha suba continuada nos catro trimestres (pasando do descenso do 0,6% no primeiro ao aumento do 13% no último), mantivo ese alto ritmo no primeiro trimestre de 2004 (13,1%) pero tivo no seguinte unha caída moi intensa (ao subir só un 1,7%); evolución totalmente contraposta á da ocupación na construción, xa que esta subiu un 8% nese trimestre (na que foi a maior suba dos últimos anos).

A participación relativa de Galicia no total de consumo de cemento de España é do 6,3% no ano 2003, porcentaxe que supera a do peso relativo do noso PIB pero queda algo por debaixo da que representa a nosa poboación.

2. ESTRUTURA INTERNA DA CONSTRUCIÓN: OS SUBSECTORES

Dentro da actividade económica do sector da construción podemos distinguir dous grandes subsectores:

- A *edificación*
- As *obras de enxeñaría civil* (normalmente coñecidas como obra civil ou como obras públicas).

Dentro do subsector de edificación distínguense tres subapartados ou segmentos:

- *Residencial*, que comprende a construción das vivendas.
- *Non residencial*, que abrangue as construcións de tipo industrial, comercial, sanitario, educativo, administrativo, etc.
- *Rehabilitación e mantemento* de edificios.

Pola súa banda, no subsector das obras de enxeñaría civil atópanse, entre outras, as obras de infraestrutura relacionadas co transporte (portos e aeroportos, estradas e vías de ferrocarril), urbanización e obras hidráulicas.

A distinción entre os dous subsectores ten importantes implicacións noutros aspectos, como nos períodos de produción (normalmente maiores nas obras de enxeñaría civil) e no carácter máis ou menos intensivo en man de obra ou en factor capital (o primeiro na edificación e o segundo na obra civil).

Cadro 24. Vivendas libres e protexidas visadas por CC.AA. 2002-2003

	Xaneiro 02- decembro 02			Xaneiro 03- decembro 03			% variación 2003/2002		
	VP	Libres	Total	VP	Libres	Total	VP	Libres	Total
Andalucia	11.779	150.266	162.045	12.761	176.623	189.384	8,3	17,5	16,9
Aragón	1.927	18.365	20.292	2.171	20.198	22.369	12,7	10,0	10,2
Asturias	1.216	12.650	13.866	909	16.035	16.944	-25,2	26,8	22,2
Baleares	533	9.873	10.406	403	6.948	7.351	-24,4	29,6	29,4
Canarias	1.340	27.515	28.855	2.220	32.171	34.391	65,7	16,9	19,2
Cantabria	455	8.227	8.682	450	8.025	8.475	-1,1	-2,5	-2,4
Castela-A Mancha	917	24.864	25.781	2.529	27.526	30.055	175,8	10,7	16,6
Castela-León	1.229	28.602	29.831	2.088	33.526	35.614	69,9	17,2	19,4
Cataluña	5.352	96.175	101.527	5.250	93.149	98.399	-1,9	-3,1	-3,1
Estremadura	2.068	8.667	10.735	2.914	9.585	12.499	40,9	10,6	16,4
Galicia	**1.140**	**31.915**	**33.055**	**4.307**	**36.205**	**40.512**	**277,8**	**13,4**	**22,6**
Madrid	6.713	53.561	60.274	9.981	38.671	48.652	48,7	27,8	19,3
Murcia	2.400	23.395	25.795	2.130	25.191	27.321	-11,3	7,7	5,9
A Rioxa	870	4.023	4.893	1.087	4.159	5.246	24,9	3,4	7,2
Com. Valenciana	8.495	77.495	85.990	7.537	74.637	82.174	-11,3	3,7	-4,4
País Vasco	4.385	11.570	15.955	5.114	14.285	19.399	16,6	23,5	21,6
Navarra	1.907	5.355	7.262	2.018	8.907	10.925	5,8	66,3	50,4
Ceuta	0	321	321	0	256	256	0,0	20,2	20,2
Melilla	255	883	1.138	0	336	336	-	-	-
Total	**52.981**	**593.722**	**646.703**	**63.869**	**626.433**	**690.302**	**20,6**	**5,5**	**6,7**

Fonte: CNC (Confederación Nacional da Construción)

A edificación de vivendas libres e protexidas visadas, por comunidades autónomas, figura no cadro 24. Nel compróbase que no ano 2003 Galicia representou o 5,9% do total de vivendas visadas en España, porcentaxe que é do 6,7% en vivenda protexida (tras o fortísimo incremento dese ano en Galicia) e do 5,8% en vivenda libre. A evolución respecto do ano anterior denota que foi máis expansiva en Galicia nos tres apartados estudados (moi especialmente no de vivenda protexida).

Por segmentos da edificación, a residencial ten o peso máis significativo, seguido do segmento de rehabilitación e mantemento e por último da edificación non residencial. Os nove indicadores de oferta da vivenda en Galicia recollidos no cadro 25 explicitan o comportamento dende o ano 2001. Destaca o forte incremento dos visados de dirección de obra (obra nova) e das licenzas municipais de obra no último bienio, así como a intensísima subida das vivendas de protección oficial (especialmente do apartado de vivendas visadas polos colexios de arquitectos).

Cadro 25. A vivenda en Galicia. Principais indicadores de oferta. 2001-2003

				Taxa de variación interanual	
	2001	2002	2003	2002	2003
Visados de dirección de obra. Obra nova	24.892	27.249	33.698	9,5	23,7
Superficie media en vivendas en bloque (m2)	103,0	101,7	99,3	-1,3	-2,3
Licenzas municipais de obra (nº de vivendas nova planta)	22.564	24.756	*21.228	9,7	*15,11
Certificados de fin de obra (nº de vivendas)	17.652	20.723	21.049	17,4	1,6
Vivenda libre. Vivendas visadas polos colexios de arquitectos	32.576	31.478	34.684	-3,4	10,2
VPO. Vivendas visadas polos colexios de arquitectos	2.887	1.175	3.081	-59,3	162,2
VPO obra nova. Vivendas iniciadas	3.677	2.739	**4.015	-25,5	**75,33
VPO obra nova. Vivendas rematadas	2.878	2.571	**1.308	-10,7	**38,36
VPO vivendas rehabilitadas	1.903	2.452	**2473	28,8	**11,45

* Tres primeiros trimestres
** Once primeiros meses
Fonte: Ministerio de Fomento. Colexio de Arquitectos de Galicia (collido de Fundación Caixa Galicia: A economía galega: informe 2003)

3. O MERCADO PÚBLICO: ANÁLISE A TRAVÉS DA LICITACIÓN PÚBLICA

A l*icitación pública* é un indicador moi relevante á hora de estudar o comportamento da demanda do Sector Público e a súa incidencia na actividade construtora. Unha análise do último trienio mostra que neste período está mostrando un dinamismo moito maior na licitación oficial Galicia que o conxunto do Estado. Proba diso é a evolución que recolle o cadro 26, que constata:

Cadro 26. Licitación oficial en Galicia (e taxas de variación en Galicia e en España). 2001-2003

	Miles de euros			Taxa real de variación interanual Galicia		Taxa real de variación interanual España	
	2001	2002	2003	2001/2002	2002/2003	2001/2002	2002/2003
Edificación	418.962	358.740	416.620	-15,75	13,69	4,83	12,51
Obra civil	626.750	958.727	1.239.197	51,20	26,22	16,56	-5,40
Administración central	309.371	496.619	842.087	58,08	65,90	-3,58	17,33
Administración autonómica	493.814	567.357	477.903	13,14	-17,59	36,40	-7,83
Administración local	242.527	253.491	335.828	2,93	29,62	11,45	-12,43
Total	**1.045.712**	**1.317.467**	**1.655.817**	**19,73**	**18,60**	**11,42**	**-0,20**
Galicia/España (%)	**4,56**	**5,02**	**6,18**				

Fonte: SEOPAN

- O importante aumento da participación relativa de Galicia no total de licitación oficial de España, que pasou do 4,56% de 2001 ao 6,18% de 2003 (o que supón unha suba do 35,5% no bienio estudado).

- A forte suba das taxas de variación anual do conxunto da demanda de obra pública en Galicia, que presenta unha media do 19% no bienio 2002-2003.

- No bienio 2002-2003 a obra civil aumentou moito o seu peso relativo da licitación pública en Galicia (xa é case o triplo que a edificación). Dentro dela, son especialmente altas as porcentaxes anuais de suba das obras licitadas pola Administración Central (que oscilaron entre o 58 e o 66%) e no ano 2003 destaca a importante recuperación da licitación da Administración Local, que contrasta co afundimento da licitación da Administración Autonómica.

- A edificación representa actualmente ao redor dun euro de cada tres licitados en Galicia e aumentou en 2003 unha porcentaxe algo superior que a estatal (despois do forte descenso do ano anterior, mentres que subía case un 5% no total español).

No cadro 27 presentamos as licitacións por habitante e por quilómetro cadrado do ano 2003 nas distintas comunidades autónomas. Os datos *per capita* mostran que a media estatal é superior nun 4,3% ao dato de Galicia, mentres que nas licitacións por quilómetro cadrado a media estatal é inferior (en un 5,6%) ao valor de Galicia.

Os datos de APECCO dos cadros 28 a 30 permítennos afondar na análise da licitación pública. O primeiro deles presenta os datos por tres datas (licitación, apertura e resolución) para os tres niveis territoriais da Administración Pública en 2003 e o terceiro desagrega por organismos as licitacións e adxudicacións das obras de estradas

Cadro 27. Licitación por habitante e km^2 en 2003. España (por CC.AA)

	Euros/habitante	Euros/km^2
Andalucia	427,3	37.250,0
Aragón	958,7	24.738,0
Asturias	1.026,0	104.430,3
Baleares	640,8	121.074,7
Canarias	325,4	84.779,3
Cantabria	485,1	50.414,7
Castela-León	932,2	24.632,5
Castela-A Mancha	582,7	13.354,9
Cataluña	797,3	167.399,2
Com. Valenciana	510,6	97.957,3
Estremadura	637,7	16.384,0
Galicia	**601,9**	**52.255,2**
Madrid	534,0	381.955,2
Murcia	431,2	48.357,8
Navarra	897,3	49.785,2
País Vasco	488,1	141.994,3
A Rioxa	490,4	27.996,2
Ceuta e Melilla	2.006,8	8.992.494,5
Total	**627,6**	**53.107,0**

Fonte: SEOPAN. INE (collido de: Fundación Caixa Galicia: A economía galega. Informe 2003)

no último cuadrienio. Centrarémonos no comentario do segundo cadro, que afonda nas licitacións en 2003 pola segunda das datas sinaladas (a de apertura de ofertas), analizando as efectuadas por diferentes organismos de cada un dos tres niveis da Administración Pública; destacaremos:

Cadro 2.28. Cadro de obras públicas. Galicia. Ano 2003

	Por data de licitación			Por data de apertura			Por data de resolución		
	Nº obras	Volume licitado	Volume adxudicado	Nº obras	Volume licitado	Volume adxudicado	Nº obras	Volume licitado	Volume adxudicado
Administración central	162	845	605	154	603	430	140	542	452
Administración autonómica	537	685	508	544	664	507	540	754	648
Administración local	1.099	274	232	1.112	279	241	1.045	265	237
Totais	**1.798**	**1.804**	**1.345**	**1.810**	**1.546**	**1.178**	**1.725**	**1.561**	**1.337**

Datos de volume (licitado e adxudicado) en millóns de euros
Fonte: APECCO (Asociación Provincial de Empresarios da Construción da Coruña)

- Que os tres organismos que encabezan a clasificación da licitación oficial en Galicia en 2003 son o Ministerio de Fomento (24,4% do total), Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda (14%) e o Ministerio de Medio

Cadro 29. Licitacións por data organismos e data de apertura de ofertas. Galicia. 2002-2003

	2002	2003	%	Variación
D.X. de Estradas	145	146	9,44	0,69
D.X. de Ferrocarrís	196	140	9,06	-28,57
Resto Ministerio	4	2	0,13	-50,00
Organismos Autónomos	13	1	0,06	-92,31
Entes Públicos e Sociedades Estatais				
AENA	10	6	0,39	-40,00
Autoridades Portuarias	40	11	0,71	-72,50
RENFE e FEVE	8	54	3,49	575,00
SEPES	14	17	1,10	21,43
Total Ministerio de Fomento	**430**	**377**	**24,39**	**-12,33**
D.X. OO.HH e Calidade da Auga				
Obras Hidráulicas	0	1	0,06	0,00
Calidade da Auga	2	0	0,00	-100,00
D.X. de Costas	25	8	0,52	-68,00
D.X. de Calidade e Avaliación Ambiental	0	0	0,00	0,00
Resto Ministerio	3	0	0,00	-100,00
Organismos Autónomos				
Confederacións Hidrográficas	19	160	10,35	742,11
Total Ministerio de Medio Ambiente	**49**	**169**	**10,93**	**244,90**
Resto Ministerios	**18**	**57**	**3,69**	**216,67**
TOTAL ADMINISTRACIÓN CENTRAL	**494**	**603**	**39,00**	**22,06**
IGVS	20	17	1,10	-15,00
Augas de Galicia	2	1	0,06	-50,00
Resto da Consellería	257	199	12,87	-22,57
Total Pol Territorial, OO.PP e Vivenda	**286**	**217**	**14,04**	**-24,13**
Total Presidencia e Administración Publica	**8**	**1**	**0,06**	**-87,50**
Total Educación e Ordenación Universitaria	**16**	**33**	**2,13**	**106,25**
Total Sanidade e Servizos Sociais	**189**	**33**	**2,13**	**-82,54**
Total Universidades	**12**	**16**	**1,03**	**33,33**
Total Política Agroalimentaria	**0**	**21**	**1,36**	**0,00**
Total Cultura e Comunicación Social	**7**	**12**	**0,78**	**71,43**
Total Economía e Facenda	**12**	**73**	**4,72**	**508,33**
Total Xustiza	**3**	**1**	**0,06**	**-66,67**
Resto Consellerías	**72**	**257**	**16,62**	**256,94**
TOTAL XUNTA DE GALICIA	**606**	**664**	**42,95**	**9,57**
Diputación da Coruña	43	53	3,43	23,26
Resto Diputacións	45	75	4,85	66,67
Concello da Coruña	39	22	1,42	-43,59
Outros Concellos capitais de provincia	13	15	0,97	15,38
Outros Concellos	132	114	7,37	-13,64
TOTAL ADMINISTRACIÓN LOCAL	**272**	**279**	**18,05**	**2,57**
TOTAL	**1.373**	**1.546**	**100,00**	**12,60**

Datos en millóns de euros
Fonte: APECCO

Cadro 30. Obras de estradas. Galicia. Por data de apertura e en millóns de euros. 2000-2003

	Licitación				Adxudicación			
	2000	2001	2002	2003	2000	2001	2002	2003
Administración central (D.X. Estradas)	29,21	12,28	142,08	145,52	25,99	15,44	121,23	111,27
Xunta de Galicia (CPTOP)	63,47	102,75	245,58	136,64	55,51	86,80	208,75	113,61
Consellería Agroalimentaria	-	9,42	-	10,45	-	7,44	-	8,41
Diputación da Coruña	15,99	7,73	19,46	17,48	10,59	5,99	14,61	13,59
Diputación de Lugo	11,07	8,08	8,94	9,72	9,06	6,40	7,35	7,96
Diputación de Ourense	3,30	8,49	4,41	2,75	2,63	6,55	3,28	2,10
Diputación de Pontevedra	11,32	9,84	18,08	31,02	9,62	8,67	16,42	27,80
Concello da Coruña	0,28	0,08	1,03	-	0,22	0,06	1,00	-
Concellos de Lugo, Ourense e Pontevedra	0,40	0,08	-	0,37	0,31	0,08	-	0,32
Outros Concellos	5,41	6,19	7,34	12,65	5,04	5,39	6,80	11,79
Totais	**140,45**	**164,94**	**446,92**	**366,60**	**118,97**	**142,82**	**379,44**	**296,85**

Fonte: APECCO

Ambiente (10,9%). Entre os tres concentran practicamente a metade (49,3%) do total de demanda de obra pública en Galicia.

- Que o crecemento porcentual das licitacións por data de apertura de ofertas foi en 2003 do 12,6% en Galicia, especialmente intenso na Administración Central (22,1%) e moi escaso na Administración Local (2,6%) mentres que quedou nunha posición intermedia o crecemento da Administración Autonómica (9,6%).

4. O MERCADO DA VIVENDA: O PREZO DA VIVENDA

Xa mencionamos anteriormente que a edificación residencial é o segmento de maior peso relativo na xeración do valor total da construción e, polo tanto, é de grande significación á hora de explicar a evolución do sector da construción. Analizaremos neste epígrafe o seu comportamento nos últimos anos en Galicia, así como a evolución do seu prezo medio e o importante problema económico-social que está a producir a forte suba deste: a deterioración da *ratio* de accesibilidade á vivenda.

4.1. O mercado da vivenda

A análise a longo prazo do mercado da vivenda en Galicia mostra que en 1981 as vivendas en Galicia supoñían o 7,5% do total español. Malia o aumento de Galicia na seguinte década, en 1991 esa porcentaxe de vivendas en Galicia sobre o total español baixara ao 6,5%. ¿O motivo? Nesa década houbo un crecemento moi superior en comunidades como Canarias e Baleares (maior do 25%), Murcia, Andalucía e Comunidade Valenciana (maior do 20%).

Achegándonos máis á actualidade, sinalaremos que un recente estudo sobre o sector da construción elaborado por Procam (o holding inmobiliario de Caixa Cataluña) chama a atención sobre o importante aumento do parque de vivendas en Galicia de 1995 a 2002, malia o estancamento demográfico. Esta peculiaridade é compartida por Cataluña e A Rioxa, que tamén experimentaron unha actividade residencial superior á media española a pesar de que o crecemento das súas respectivas poboacións e a creación de novos fogares era inferior á media estatal durante o período 1995-2002.

Centrándonos no último trienio, a análise dos datos do cadro 25 explicita o comportamento expansivo da oferta de vivenda en Galicia. Dos indicadores de iniciación e de finalización de vivendas que aí figuran destacaremos que:

- Os *visados de dirección de obra* nova corroboran a intensa suba da oferta no mercado residencial, xa que o fortísimo aumento de 2003 (23,7%) é superior ao estatal (21,4%) e máis do dobre que a suba do ano anterior. Por primeira vez na historia de Galicia supérase o limiar das 30.000 residencias postas en marcha en Galicia nun ano.

- As *licenzas* concedidas polos concellos mostran tamén un notable crecemento en 2003 (15,1% nos nove primeiros meses do ano, unha porcentaxe similar ao estatal), moi por enriba do incremento de todo o ano anterior (9,7%).

- As *vivendas visadas* polos colexios de arquitectos creceron en 2003 o 10,2% en vivenda libre e un histórico 162% en vivenda de protección oficial (que se recuperou do intenso descenso do ano anterior). As case 38.000 vivendas visadas polos colexios de arquitectos en 2003 marcan un máximo histórico pero a xulgar polos datos do primeiro trimestre de 2004 a expansión continúa, xa que este indicador aumentou un 28,3% neste período en taxa interanual (máis que en calquera dos trimestres do ano 2003).

- O indicador de finalización (*certificados fin de obra)*, en cambio, baixou intensamente o ritmo de crecemento en 2003, posto que quedou reducido á décima parte o seu ritmo de aumento anual (mentres que o estatal baixou á metade).

4.2. O prezo da vivenda

A problemática do prezo da vivenda xa fai tempo que pasou a ser unha das principais preocupacións das persoas en Galicia (e en España) e nos últimos anos, moitos informes económicos de organismos moi variados (estatais e mesmo internacionais como o FMI) chamaron a atención sobre o risco de estalido do "boom inmobiliario" e sobre o grave problema que a grande suba do prezo da vivenda está a formular ás persoas que queren acceder á súa compra. Centrándonos no período 2001-2003, o prezo medio da vivenda en Galicia pasou –segundo os datos do Ministerio de Fomento- de 718 a 864 euros por metro cadrado, o que supón un aumento lixeira-

mente superior ao 20% (aínda que certamente inferior ao estatal, como logo veremos), porcentaxe que case triplica a variación de prezos dese mesmo período.

A *accesibilidade á vivenda* (*ratio* entre o prezo medio dunha vivenda de 100 metros cadrados e o salario medio segundo o Índice de Custos Laborais que publica o INE) explicita que co salario medio do ano 2003 hai que dedicar en Galicia 5,7 anos de traballo (e 8 en España) para a adquisición de vivenda (case un ano máis que no ano 2000 en Galicia e 2,3 máis en España).

A porcentaxe que representan as cotas de amortización sobre o salario medio son tamén superiores en 2003 que un trienio antes, moi especialmente no caso de España. O suposto implícito no cadro 31 é o dun crédito de 15 anos ao tipo de xuro fixo de mercado de cada ano polo 80% do importe dunha vivenda de 100 metros cadrados (que é o utilizado polo IGE nas súas estimacións de accesibilidade á vivenda en Galicia).

Cadro 31. Accesibilidade á vivenda. Galicia e España. 2000-2003

Ano	Relación entre o prezo dunha vivenda e o salario medio(1)		Porcentaxe das cotas de amortización sobre o salario medio	
	Galicia	España	Galicia	España
2000	4,8	5,7	39,5	46,9
2001	5,0	6,4	40,3	51,3
2002	5,4	7,1	40,8	54,2
2003	5,7	8,0	40,2	57,1

(1) Número de anos de traballo necesarios para a compra dun piso de 100 m^2, co salario medio
Fonte: INE, Ministerio de Fomento e Banco de España (extraído de: Fundación Caixa Galicia: A economía galega. Informe 2003)

No cadro 32 presentamos os datos de prezo medio da vivenda en Galicia e España nos anos transcorridos do novo milenio (incluíndo o desglose por trimestres para o

Cadro 32. Evolución do prezo da vivenda. Galicia e España. 2001-2003

Ano	Euros/m^2		Taxa de variación interanual	
	Galicia	España	Galicia	España
2001	717,9	1.046,9	8,55	15,40
2002	800,1	1.220,9	11,44	16,62
2003	864,1	1.428,2	8,00	16,97
1º trimestre	821,2	1.349,1	13,64	17,49
2º trimestre	838,9	1.402,6	5,02	17,50
3º trimestre	878,3	1.449,8	4,89	15,61
4º trimestre	918,1	1.511,1	9,10	17,35

Fonte: Ministerio de Fomento

último ano). Á parte do importante aumento en Galicia, merece destacarse a maior suba na media española, con porcentaxes anuais que nalgún ano quintuplican a taxa de inflación. Os datos procedentes doutra fonte (os colexios de rexistradores) apuntan a unha suba da vivenda en Galicia do 8,7% no ano 2003, fronte ao 18,2% da media estatal; segundo esta fonte Galicia foi a segunda comunidade autónoma por menor subida (tras Canarias) e queda na terceira posición por comunidades cos prezos medios por metro cadrado máis baratos (tras Estremadura e Castela-A Mancha).

Por último, sinalaremos que segundo unha terceira fonte (o Ministerio de Vivenda) o prezo da vivenda en Galicia continúa crecendo a taxas altísimas no ano 2004, posto que constata que no terceiro trimestre de 2004 a taxa de crecemento interanual da vivenda libre creceu un 12,7% (fronte a un 17,2% do total estatal), aínda que continúa sendo a terceira comunidade coa vivenda con prezos máis baixos (tras Estremadura e Castela-A Mancha).

A grande relevancia económico-social do intenso crecemento do prezo da vivenda (totalmente desproporcionado respecto das subas salariais ou respecto da suba xeral do IPC) queda manifesta con só recordar dous datos (que se poden ver nos cadros 33 e 34) da Enquisa de consumo de familias realizada polo IGE en 2003: O pagamento da hipoteca é o maior gasto das familias galegas, entre os once grupos de gasto que figuran no estudo (e o aluguer o cuarto). Por outra parte, o 16,5% dos fogares galegos están a pagar unha hipoteca e o 9,6% o aluguer da vivenda. Parece evidente, polo tanto, a necesidade de instrumentar unha política de vivenda máis favorecedora do acceso á vivenda (especialmente dos máis necesitados) e medidas de intervención pública que conteñan a senda alcista do seu prezo.

Cadro 33. Gastos medios(1) mensuais do fogar. Galicia.2003

Grupos de gasto	Galicia
1 En telefonía fixa	29,30
2 En telefonía móbil	33,28
3 En electricidade	29,91
4 En auga	11,09
5 En gas/gasóleo	25,23
6 En alugueiro	**179,55**
7 En hipoteca	**342,56**
8 En seguro do fogar	14,32
9 En comuninade	33,19
10 En servizo doméstico	201,41
11 En coidado de persoas dependentes	265,28

(1) En euros
Fonte: IGE, Consumo das familias. Ano 2003

Cadro 34. Porcentaxe de fogares con determinados gastos. Galicia. 2003

Grupos de gasto	Galicia
1 En telefonía fixa	84,89
2 En telefonía móbil	66,28
3 En auga	65,74
4 En gas/gasóleo	90,56
5 En alugueiro	9,60
6 En hipoteca	16,53
7 En seguro do fogar	43,07
8 En comuninade	33,54
9 En servizo doméstico	7,70
10 En coidado de persoas dependentes	0,61

Fonte: IGE, Consumo das familias. Ano 2003

5. ESTRUTURA EMPRESARIAL

Os datos do Directorio Central de Empresas (DIRCE) sinalan que no ano 2003 había 23.985 empresas de construción en Galicia (un 6,7% do total estatal, porcentaxe superior ao 6,2% que ten Galicia no conxunto dos sectores económicos). Do total de empresas activas de Galicia que figuran nese directorio (174.077), as de construción supoñen un 13,8% (un punto máis da porcentaxe estatal).

Das 23.985 empresas da construción, 9.672 non teñen ningún asalariado e 7.116 teñen só unha ou dúas persoas asalariadas (o que conxuntamente representa o 70%) do total de empresas. A distribución por estrato de asalariados das empresas do sector de construción en Galicia do 30% restante de empresas é a que figura no cadro 35; destacaremos que só 22 empresas (menos dunha de cada mil existentes no sector) teñen máis de 200 asalariados. Do total de persoas asalariadas de Galicia, as do sector da construción son o 16,1% (mentres que en España son o 14%).

Cadro 35. Número de empresas por estrato de asalariados. Construción e total sectores. Galicia. 2002-2003

	Construción		Total sectores	
	2002	2003	2002	2003
Sen asalariados	8.922	9.672	83.996	87.722
De 1 a 2 asalariados	6.751	7.116	48.206	51.642
De 3 a 5 asalariados	3.366	3.521	17.277	18.005
De 6 a 9 asalariados	1.618	1.682	7.595	7.979
De 10 a 19 asalariados	1.234	1.283	4.889	4.999
De 20 a 49 asalariados	557	535	2.711	2.722
De 50 a 99 asalariados	104	115	607	650
De 100 a 199 asalariados	48	39	269	265
De 200 a 499 asalariados	11	19	126	142
De 500 a 999 asalariados	2	2	29	32
De 1.000 a 4.999 asalariados	1	1	18	27
De 5.000 ou máis asalariados	0	0	3	2
Total	**22.614**	**23.985**	**165.726**	**174.187**

Fonte: INE, DIRCE

A construción ten un peso moi notable dentro do conxunto de a *economía social* de Galicia. Dos 1.392 socios das cooperativas constituídas no ano 2003, o 45,5% son do sector da construción; menor é a súa presenza nas sociedades laborais rexistradas en 2003 en Galicia, xa que son 295 empresas dun total de 2.066, o que supón un 14,3%. Por outra banda, a distribución por actividades produtivas das 1.004 cooperativas activas existentes en Galicia a 30 de xuño de 2004 explicita que o 11,65% pertencen á actividade construtora (que ocupa o segundo lugar, tras a agro-gandeira, que representa o 28,7%).

O *Informe anual económico-financeiro da empresa galega 2004* recolle datos de interese para as persoas que desexen afondar no estudo empresarial da construción galega. Este informe forma parte do sistema de información de base empresarial (a Central de Balances de Galicia) que xestiona unha mostra significativa estatisticamente (máis de 20.000 empresas entre os distintos sectores) do tecido produtivo de Galicia. O Informe 2004 recolle datos do cuadrienio 1999-2002, no que o número de empresas analizadas da construción superou en calquera dos catro anos as 4.000 empresas (algo máis do 19% do total de empresas estudadas). Nos cadros 36 e 37 recollemos unha mostra da información que alí figura: o Balance agregado da construción e a Conta de perdas e ganancias agregada do sector da construción.

Cadro 36. Balance agregado do sector da construción. Galicia. 1999-2002

	Valores absolutos (miles de euros)				Taxas de variación (sobre as mesmas empresas nos anos 1998 a 2001)		
	1999	2000	2001	2002	1999-2000	2000-2001	2001-2002
Investimento Total (activo)	**3.216.870,67**	**3.718.520,61**	**4.388.864,21**	**4.346.647,33**	12,67	16,28	0,46
Investimento en fixo (neto)	**571.870,59**	**677.427,78**	**722.761,45**	**780.833,40**	15,87	3,28	11,57
Gastos amortizables	9.684,16	11.472,32	12.749,17	11.934,47	11,56	4,58	-0,97
Inmobilizado inmaterial	91.412,89	103.162,03	116.927,80	129.172,36	9,38	12,49	9,72
inmobilizado material	344.542,58	384.718,66	428.344,38	443.764,21	9,11	8,13	7,29
Outro activo fixo	126.230,84	178.074,60	164.739,92	195.962,37	38,06	-11,68	24,38
Investimento en circulante	**2.645.000,09**	**3.041.092,84**	**3.666.102,76**	**3.565.813,93**	11,97	19,20	-1,70
Existencias	1.124.899,12	1.257.652,05	1.448.431,66	1.108.255,65			
Debedores	1.193.634,55	1.439.676,90	1.754.433,13	1.971.350,05			
Tesourería	198.012,65	222.151,84	271.234,16	276.157,28			
Outro activo circulante	128.453,75	121.612,03	192.001,04	210.050,93			
Fontes de financiamento (pasivo)	**3.216.870,77**	**3.718.520,68**	**4.388.864,74**	**4.346.647,39**	12,67	16,28	0,46
Recursos propios	**588.848,94**	**702.414,65**	**877.697,68**	**970.357,55**	17,48	23,45	14,07
Fondos propios	583.053,81	696.403,53	870.713,01	967.726,01			
Ingresos distribuír varios exercicios	5.795,13	6.011,12	6.984,68	2.631,54			
Recursos alleos	**2.628.021,83**	**3.016.106,03**	**3.511.167,06**	**3.376.289,84**	11,58	14,56	-3,05
Financiamento alleo a longo prazo	281.286,76	341.541,62	416.988,84	485.715,38	17,20	22,64	20,66
Financiamento alleo a curto prazo	2.346.735,07	2.674.564,41	3.094.178,22	2.890.574,47	10,92	13,57	-6,19
Fondo de rotación	**298.265,02**	**366.528,43**	**571.924,54**	**675.239,47**	20,35	60,63	21,63
Nº de empresas	**4.060**	**4.302**	**4.705**	**4.535**	3.565	3.565	3.565

Fonte: IGE, Central de Balances de Galicia, Informe anual económico-financeiro da empresa galega 2004

Outros estudos de institucións públicas contribúen tamén a afondar no estudo empresarial da construción de Galicia. É o caso do *Directorio de Empresas. Informe económico-financeiro e da competitividade*, que publica o Consorcio da Zona Franca de Vigo. Na súa última edición (Galicia-2004) explicita que das 10.000 empresas de Galicia estudadas, o sector da construción representa o 20% das empresas, o 12% dos ingresos e o 16% do valor engadido bruto; dentro deste último, convén desta-

Cadro 37. Conta de perdas e ganancias agregada do sector da construción. Galicia. 1999-2002

	Valores absolutos (miles de euros)				Taxas de variación (sobre as mesmas empresas nos anos 1998 a 2001)		
	1999	2000	2001	2002	1999-2000	2000-2001	2001-2002
Ingresos de explotación	**3.496.926,46**	**3.980.142,84**	**4.801.628,80**	**5.541.313,64**	**11,81**	**15,33**	**18,14**
Consumos e outros gastos	2.430.260,84	2.769.320,84	3.356.373,22	4.031.343,28	12,46	16,38	22,33
Valor engadido bruto (c.f.)	**1.066.665,62**	**1.210.822,00**	**1.445.255,59**	**1.509.970,36**	**10,32**	**12,87**	**8,07**
Gastos de persoal	817.221,08	943.170,51	1.121.653,22	1.125.257,60	12,01	10,33	5,45
Rtdo. económico bruto explotac.	**249.444,55**	**267.651,49**	**323.602,37**	**384.712,76**	**5,10**	**21,24**	**15,94**
Amortización e previsións	66.797,25	74.441,05	87.534,37	95.287,32	6,90	14,05	8,49
Rtdo. económ. neto da explotac.	**182.647,30**	**193.210,44**	**236.068,00**	**289.425,44**	**4,43**	**23,94**	**18,52**
Rtdo. financeiro	**-32.821,17**	**-43.115,68**	**-50.654,84**	**-51.252,54**	**-29,43**	**-12,94**	**-4,85**
Ingresos financeiros	11.870,44	13.693,76	21.764,97	29.260,56			
Gastos financeiros	44.691,68	56.809,48	72.420,31	80.513,65			
Rtdo. das actividade ordinarias	149.826,04	150.094,79	185.413,08	238.172,85	-0,41	26,71	21,58
Rtdo. das activid. extraordinarias	4.595,15	25.679,31	26.511,88	6.820,12	682,11	-21,43	-63,73
Rtdo. antes de impostos	**154.421,21**	**175.774,10**	**211.925,03**	**244.992,90**	**13,78**	**19,84**	**13,59**
Imposto de Sociedades	51.720,46	62.609,95	70.780,07	81.941,26	20,03	13,22	12,08
Rtdo. neto do exercicio	**102.700,72**	**113.164,13**	**141.145,13**	**163.051,49**	**10,63**	**23,44**	**14,35**
Cash-flow	**159.660,02**	**178.869,56**	**214.862,27**	**240.243,96**	**11,22**	**18,39**	**12,30**
Nº de empresas	**4.060**	**4.302**	**4.705**	**4.535**	**3.565**	**3.565**	**3.565**

Fonte: IGE, Central de Balances de Galicia, Informe anual económico-financeiro da empresa galega 2004

car que *catro sectores empresariais* pertencentes á construción están entre os quince primeiros de Galicia pola xeración de valor engadido bruto: os de contratistas, promotores, construcións pesadas e instalacións eléctricas. No cadro 24 do capítulo 3 pódese ver esto máis polo miúdo.

6. CONSTRUCIÓN E MEDIO AMBIENTE

6.1. Cambio climático e Protocolo de Kioto

En 1988 científicos da NASA informaron á comunidade internacional da existencia dun quecemento global do noso planeta, provocado pola suba das concentracións na atmosfera dos chamados *gases de efecto invernadoiro*. Creouse un grupo de traballo na ONU, que en 1990 presentou un informe con conclusións demoledoras e previsións dramáticas, que constataban un cambio que, no tocante a Europa, supoñía que o último decenio tiña sido o máis cálido do século e que a irregularidade das choivas causaba grandes inundacións en Centro Europa ou Gran Bretaña e ao tempo producíanse longos períodos de seca nos estados meridionais.

O Protocolo de Kioto supón o recoñecemento desa problemática e un primeiro paso para atallala. A UE (responsable de 15% das emisións mundiais con só un 5% da poboación total) comprometeuse a reducir as súas emisións de gases de efecto invernadoiro nun 8% en 2012 en comparanza cos niveis rexistrados en 1990 e, no reparto por estados da UE, asignóuselle a España un incremento máximo do 15% nese período. A realidade é que no primeiro decenio da andaina (1990–2000) España subiu un 34,8% as súas emisións, mentres que a UE reduciunas nun 3,5%, como pon de manifesto o cadro 38.

Cadro 38. Emisións dos gases efecto invernadoiro(1). 1990-2000

	1990	1992	1994	1996	1998	1999	2000	% variación 2000-1990
Australia	425.175	427.368	434.055	454.697	484.860	491.079	502.406	**18,2**
UNIÓN EUROPEA	4.215.668	4.126.647	4.047.478	4.164.930	4.120.048	4.056.333	4.067.767	**-3,5**
España	**286.428**	**302.773**	**304.672**	**310.899**	**341.930**	**370.920**	**385.987**	**34,8**
Alemaña	1.222.765	1.116.027	1.074.128	1.084.343	1.026.475	993.819	991.421	**-18,9**
Reino Unido	742.492	719.771	695.493	706.699	682.597	646.514	649.106	**-12,6**
Xapón	1.246.724	1.288.030	1.346.672	1.385.056	1.353.667	1.379.478	1.386.306	**11,2**
Estados Unidos	6.130.724	6.194.771	6.435.708	6.669.758	6.756.190	6.829.489	7.001.225	**14,2**

(1) En miles de toneladas equivalentes de CO2 (agás a última columna, que está en porcentaxes de variación)
Fonte: Nacións Unidas

O avance na converxencia da economía española respecto da media da UE nese decenio conlevou maiores niveis de consumos enerxéticos, que trouxeron como consecuencia un importante incremento nas emisións de gases de efecto invernadoiro. O estreito vencello entre esas emisións e o crecemento económico constátase cos datos do cadro 39, que explicita que o último cuadrienio dos 90 foi o período no que o crecemento en España das dúas variables analizadas foi máis intenso. Tamén se comproba que as toneladas emitidas por cada millón de euros de PIB teñen en 1999 o maior crecemento da década estudada, tanto en valor absoluto como se analizamos os índices de variación.

Cadro 39. Algúns indicadores dos gases de efecto invernadoiro. España. 1990-2000

	1990	1992	1994	1996	1998	1999	2000
Emisións(1)	**286.428**	**302.773**	**304.672**	**310.899**	**341.930**	**370.920**	**385.987**
Produto interior bruto(2)	406.252	420.462	426.041	448.457	486.785	507.220	528.439
Emisións por PIB(3)	**705,1**	**720,1**	**715,1**	**693,3**	**702,4**	**731,3**	**730,4**
Índices de variación das emisións por PIB	100,0	102,1	101,4	98,3	99,6	103,7	103,6

(1) Miles de toneladas
(2) Millóns de euros
(3) Toneladas por millón de euros
Fonte: Contas ambientais INE

Na implementación de medidas polo goberno español para cumprir o Protocolo de Kioto sobrancean o Real decreto lei 5/2004, de 27 de agosto (polo que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión) e máis o Plan Nacional de Asignación de Dereitos de Emisión 2005-2007, aprobado polo Real decreto 1866/2004, de 6 de setembro. No cadro 40 presentamos o resumo das asignacións por sectores, no que figuran varias actividades nidiamente vencelladas co sector da construción, polo amplo consumo que esta fai das súas producións (siderurxia, cemento, cal, tellas e ladrillos, azulexos e baldosas ou vidro).

Cadro 40. Asignacións de dereitos de emisión . Por sectores produtivos. España. 2005-2007

	Instalacións	Listado	Asignación provisional (kt CO2)					PNA BOE
		provisional	2005	2006	2007	Total	Anual	(anual)
Sector eléctrico	212	192	85.560	84.560	83.560	253.680	84.560	84.560
Refino petroleo	13	10	15.250	15.250	15.250	45.750	15.250	15.250
Siderurxia	**28**	**33**	**11.230**	**11.230**	**11.230**	**33.690**	**11.230**	**11.230**
Cemento	**35**	**36**	**27.250**	**27.250**	**27.250**	**81.750**	**27.250**	**27.250**
Cal	**24**	**26**	**2.280**	**2.280**	**2.280**	**6.840**	**2.280**	**2.280**
Tellas e ladrillos	**255**	**309**	**4.248**	**4.248**	**4.248**	**12.744**	**4.248**	**5.550**
Azulexos e baldosas	**23**	**20**	**852**	**852**	**852**	**2.556**	**852**	**1.120**
Vidro	**37**	**34**	**2.170**	**2.170**	**2.170**	**6.510**	**2.170**	**2.170**
Fritas cerámicas	**19**	**21**	**630**	**630**	**630**	**1.890**	**630**	**630**
Pasta de papel, papel e cartón	110	151	5.150	5.150	5.150	15.450	5.150	4.810
Instalacións mixtas anexo I	1	0	1.230	1.230	1.230	3.690	1.230	0
Total anexo I	757	832	155.850	154.850	153.850	464.550	154.850	154.850
Coxeneracións no anexo I	168	234	11.519	12.002	12.150	35.671	11.890	11.110
Instalacións mixtas no anexo I	2	0	1.671	1.419	1.333	4.423	1.474	0
Total no anexo I	170	234	13.190	13.421	13.483	40.094	13.365	11.110
Totais	**927**	**1.066**	**169.039**	**168.270**	**167.332**	**504.641**	**168.214**	**165.960**

Fonte: Ministerio de Medio Ambiente

Ata o 22 de decembro de 2004 está aberto o prazo de información pública relativa á proposta de asignación individual de dereitos de emisión para o trienio 2005-2007, para que o que así o desexe presente alegacións; unha vez analizadas e introducidos os axustes pertinentes, o Consello de Ministros (a proposta dos Ministros de Economía e Facenda, Industria, Turismo e Comercio e Medio Ambiente) adoptará a decisión final de asignación. En principio, esa proposta recolle para as empresas industriais instaladas en Galicia con maior vencello co sector da construción os dereitos de emisión que recolle o cadro 41; para facer esa asignación utilizouse a metodoloxía establecida no punto 4 A.b do Plan Nacional de Asignacións de Dereitos de Emisión 2005-2007.

Cadro 41. Asignacións de dereitos de emisión de empresas vencelladas coa construción. Galicia. 2005-2007

Actividade	Instalacións	Concello	Comunidade autónoma	Asignación (t CO2) 2005	2006	2.007	2005-07
Siderurxia	Megasa Metalúrxica, SL	Narón (A Coruña)	Galicia	78.270	78.270	78.270	234.810
Cemento	Cementos Cosmos, SA	Oural (Lugo)	Galicia	380.866	380.866	380.866	1.142.598
Cal	Cia Española de Industrias Electroquímicas, SA	Barco de Valdeorras (Ourense)	Galicia	57.217	57.217	57.217	171.651
Tellas e ladrillos	Cerámica Riobóo, SL	Cambre (A Coruña)	Galicia	6.729	6.729	6.729	20.187
Tellas e ladrillos	Productos Ulla, SL	Catoira (Pontevedra)	Galicia	10.314	10.314	10.314	30.942
Tellas e ladrillos	Cerámica La Manchica, SA	A Merca (Ourense)	Galicia	11.324	11.324	11.324	33.972
Tellas e ladrillos	Cerámica Campo Saez, SL	Laracha (A Coruña)	Galicia	3.012	3.012	3.012	9.036
Tellas e ladrillos	Epifanio Campo, SL	Laracha (A Coruña)	Galicia	29.397	29.397	29.397	88.191
Tellas e ladrillos	Cerámicas El Progreso, SA	Malpica de Bergantiños (A Coruña)	Galicia	11.046	11.046	11.046	33.138
Tellas e ladrillos	Campo Brick, SL	Mesía (A Coruña)	Galicia	16.958	16.958	3.868	50.874
Tellas e ladrillos	Cerámica Verea, SA	Mesía (A Coruña)	Galicia	3.868	3.868	7.218	11.604
Tellas e ladrillos	Cerámica Verea, SA	Mesía (A Coruña)	Galicia	7.218	7.218	12.974	21.654
Tellas e ladrillos	Cerámica Verea, SA	Mesía (A Coruña)	Galicia	12.974	12.974	5.796	38.922
Tellas e ladrillos	Cerámica de Puenteareas, SL	Ponteareas (Pontevedra)	Galicia	5.796	5.796	7.500	17.388
Tellas e ladrillos	Fábrica de Ladrillos de Portomarín	Portomarín (Lugo)	Galicia	7.500	7.500	27.346	22.500
Tellas e ladrillos	Cerámicas de lMiño Carmen Ubeira y Cia, SL	Salvaterra do Miño (Pontevedra)	Galicia	27.346	27.346	4.882	82.038
Tellas e ladrillos	Cerámica Da Moura, SL	Tui (Pontevedra)	Galicia	4.882	4.882	13.965	14.646
Tellas e ladrillos	Novo y Sierr, SA	Valga (Pontevedra)	Galicia	13.965	13.965	22.866	41.895
Tellas e ladrillos	Nueva Cerámica Campo, SL	Sanxenxo (Pontevedra)	Galicia	228.666	22.866	3.235	68.598
Tellas e ladrillos	Refractarios Campo, SL	Sanxenxo (Pontevedra)	Galicia	3.235	3.235	9.147	9.705
Azulexos e baldosas	Cedonosa, SA	Catoira (Pontevedra)	Galicia	9.147	9.147	32.705	27.441
Vidro	Vidriera del Atlántico, SA	Xinzo de Limia (Ourense)	Galicia	32.705	32.705	65.410	98.115

Fonte: Ministerio de Medio Ambiente

6.2. Uso dos recursos naturais

Os recursos naturais vense sometidos a unha forte presión polo seu excesivo consumo e mesmo cuestionan a sostibilidade do crecemento de determinadas actividades económicas. Ao mesmo tempo, o problema dos residuos é un dos principais que enfronta unha economía que xa acadou un certo nivel de desenvolvemento económico-social; cómpre, xa que logo, reducir o seu volume e minorar os seus efectos negativos sobre o medio ambiente (e sobre a saúde da poboación).

A utilización de recursos naturais non renovables, minerais (metálicos e non metálicos) e produtos das canteiras polo sistema produtivo esixe ir avanzando na ecoeficiencia, cousa que non parece estar ocorrendo nos últimos anos. O cadro 42 reflite nidiamente que a produtividade dos recursos naturais descendeu na segunda metade

Cadro 42. Produtividade de materiais (ecoeficiencia). España. 1995-2000

Principais indicadores	1995	1997	1998	1999	2000
Input directo de materiais(1)	763	759	718	710	694,3
Output procesado(2)	816,1	808,4	820,9	852,9	845,2

(1) Euros por tonelada
(2) Toneladas por millón de euros
Fonte: INE

dos anos noventa, xa que unha tonelada de materiais xeraba unha produción por valor equivalente a 694,3 euros en 2000 (68,7 euros menos que un quinquenio antes); ademais, o descenso foi continuo nos catro anos (e especialmente intenso en 1998).

Ese mesmo cadro presenta un indicador das externalidades (residuos, contaminantes e verquidos) emitido ao medio ambiente polo sistema produtivo; compróbase doadamente que as medidas en materia de reciclaxe non foron quen de producir os efectos esperados, porque no ano 2002 esas externalidades medraron en termos absolutos (29,1 toneladas por millón de euros producido) e en termos relativos (3,6%) e fixérono con especial intensidade en 1999.

7 INMIGRACIÓN E CONSTRUCIÓN

A importante chegada de poboación do estranxeiro (inmigrantes e máis emigrantes retornados) é un dos fenómenos demográficos característicos da poboación galega (e da española) nesta alborada do século XXI; como é ben sabido, moitos deles están en situación administrativamente irregular, xa que carecen de permiso de residencia, polo que as cifras oficiais de contratos rexistrados ou de afiliados á Seguridade Social están moi por baixo da realidade económica cotiá. O gráfico 1 sobrancea a notable importancia cuantitativa da construción nas persoas estranxeiras afiliadas á Seguridade Social que cotizan en España no réxime xeral: é a primeira das actividades económicas, con case a cuarta parte do total (23,5%).

Gráfico 1. Afiliados estranxeiros que cotizan no réxime xeral da Seguridade Social. España.2002(1)



(1) Datos a 30 de setembro de 2002
Fonte: MTAS

O cadro 43 ofrece a información do último ano relativa aos traballadores con nacionalidade estranxeira afiliados á Seguridade Social e están en situación de alta laboral (ou asimiladas, como incapacidade temporal, suspensión por regulamento de emprego, etc.). Constátase nel:

Cadro 43. Estranxeiros afiliados á Seguridade Social, segundo sector de actividade. 2003

	Total Sectores	Agrario	Industria	Construción	Servizos
Total España	1.539.511	282.867	103.886	319.645	833.113
Galicia	**22.038**	**2.299**	**2.418**	**5.080**	**12.241**
A Coruña	7.192	465	722	1.430	4.575
Lugo	2.262	544	164	423	1.131
Ourense	2.146	92	492	456	1.106
Pontevedra	10.438	1.198	1.040	2.771	5.429

Fonte: Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais

- Que case a cuarta parte (23,1%) dos contratos de traballadores estranxeiros en Galicia corresponden ao sector da construción, por riba da porcentaxe estatal (20,8%); sobrancea especialmente a taxa da provincia de Pontevedra cun 26,5%;

- Que Galicia representa tan só un 1,4% do total estatal no conxunto dos sectores produtivos (e un 1,6% na construción); as provincias da Coruña e Lugo concentran o 80% do total galego no conxunto da economía e o 82,7% no sector específico da construción.

Desde outra perspectiva distinta á das afiliacións á Seguridade Social, o MTAS non ofrece aínda a información relativa ao ano 2003, polo que presentamos no cadro 44 o número de traballadores estranxeiros con permiso de traballo en vigor ao final dos anos 2001 e 2002; desta volta o peso relativo de Galicia é moito menor, xa que a 31 de decembro de 2002 os traballadores estranxeiros con permiso de traballo en

Cadro 44. Estranxeiros con permiso de traballo, segundo sector de actividade. 2001-2002

	Total sectores		Agrario		Industria		Construción		Servizos		Non clasificables	
	2001	2002	2001	2002	2001	2002	2001	2002	2001	2002	2001	2002
Total España	421.123	564.571	70.274	88.859	40.431	55.209	64.831	96.398	228.371	293.544	17.216	30.561
Galicia	**4.440**	**4.962**	**470**	**394**	**363**	**340**	**281**	**469**	**3.112**	**3.020**	**214**	**739**
A Coruña	1.439	1.792	82	101	122	158	93	209	1.132	1.295	10	29
Lugo	415	231	120	48	18	12	15	11	262	160	-	-
Ourense	484	280	16	6	72	27	33	27	354	213	9	7
Pontevedra	2.102	2.659	252	239	151	143	140	222	1.364	1.352	195	703

Fonte: Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais

Galicia representan tan só un 0,88% do total estatal (porcentaxe que descende ata o 0,49% no sector da construción). O aumento porcentual total respecto do ano anterior é menor en Galicia que no conxunto do Estado; en Galicia foi especialmente forte nos apartados de "non clasificables" e da construción; dos 4.962 traballadores estranxeiros que a 31 de decembro tiñan permiso de traballo en vigor en Galicia, 4.140 (un 83,4%) traballaban por conta allea e 822 (16,6%) por conta propia; aproximadamente dous de cada tres son homes e unha porcentaxe parella cotizan ao réxime xeral da Seguridade Social.

O cadro anterior pode complementarse co número 45, que recolle os permisos de traballo concedidos nos distintos sectores produtivos en cada un dos anos 2001 e 2002. Aumentou o total en España en 2003 respecto do ano anterior (mentres que diminuíu en Galicia); os sectores de "non clasificables" e construción foron os únicos que aumentaron en Galicia nese ano.

Cadro 45. Permisos de traballo concedidos no ano, por sectores de actividade. 2001-2002

	Total sectores		Agrario		Industria		Construción		Servizos		Non clasificables	
	2001	2002	2001	2002	2001	2002	2001	2002	2001	2002	2001	2002
Total España	283.689	302.736	43.265	50.143	27.760	30.356	43.949	55.757	138.099	150.582	30.616	15.898
Galicia	**2.740**	**2.425**	**332**	**147**	**247**	**166**	**205**	**324**	**1.837**	**1.214**	**119**	**574**
A Coruña	859	945	65	56	78	88	66	154	644	627	6	20
Lugo	202	34	80	5	8	1	7	5	107	23	-	-
Ourense	330	45	13	3	50	5	25	15	240	22	2	-
Pontevedra	1.349	1.401	174	83	111	72	107	150	846	542	111	554

Fonte: Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais

No cadro 46 recollemos as demandas pendentes de traballadores estranxeiros, que refliten que en Galicia representan en 2003 un 3,4% do total estatal no conxunto da economía e tan só un 2% no sector da construción. Respecto do total de demandas pendentes de Galicia, as do sector da construción supoñen un 9,5%.

Cadro 46. Demandas de traballadores estranxeiros, segundo sector de actividade. 2003

	Total sectores	Agrario	Industria	Construción	Servizos	Non clasificables
Total España	140.857	9.478	10.496	22.108	75.935	22.840
Galicia	**4.717**	**199**	**464**	**449**	**2.139**	**1.466**
A Coruña	1.582	50	126	137	761	508
Lugo	502	34	36	53	236	143
Ourense	689	27	113	77	302	170
Pontevedra	1.944	88	189	182	840	645

Datos a 31 de decembro de 2003
Fonte: Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais

Un achegamento á poboación procedente do estranxeiro segundo Estado de procedencia figura no cadro 47 para Galicia e cada unha das súas provincias, a partir dos datos da Estatística de variacións residenciais do INE. Sobrancea especialmente Arxentina (seguida de lonxe por Colombia, Uruguai e Venezuela), nun período en que a crise económica foi especialmente grave en varios Estados sudamericanos, o que potenciou o retorno de emigrantes e máis de descendentes seus.

O último Censo de Poboación permítenos clasificar a poboación estranxeira de 16 ou máis anos residente en Galicia segundo a súa relación coa actividade económica e Estado de procedencia; o cadro 48 explicita a parte desa poboación que está empregada, desempregada ou forma parte da poboación inactiva. Os cadros 49 e 50 permítenos o achegamento ás ramas de actividade e á situación profesional da poboación estranxeira que está a traballar en Galicia: a construción supón un 10,9% do total e o emprego por conta allea un 80,6% do total.

Cadro 47. Estados de procedencia da inmigración estranxeira. Galicia. 2002

	Destino				
Estado de procedencia	**A Coruña**	**Lugo**	**Ourense**	**Pontevedra**	**Galicia**
Unión Europea	**301**	**43**	**184**	**460**	**988**
Alemaña	34	1	11	42	88
Francia	37	2	7	54	100
Portugal	104	31	163	284	582
Reino Unido	42	6	2	25	75
Outros países	84	3	1	55	143
Resto de Europa	**292**	**41**	**29**	**272**	**634**
Suíza	26	7	11	27	71
Outros países	266	34	18	245	563
América do Norte	**88**	**9**	**1**	**36**	**134**
América Central e México	**274**	**129**	**69**	**124**	**596**
Cuba	108	52	20	74	254
México	53	5	25	25	108
Outros países	113	72	24	25	234
América do Sur	**3.346**	**548**	**343**	**2.536**	**6.773**
Arxentina	1.549	214	96	1.199	3.058
Brasil	209	17	64	167	457
Colombia	513	191	71	380	1.155
Uruguai	475	45	15	380	915
Venezuela	343	50	66	192	651
Outros países	257	31	31	218	537
África	**187**	**65**	**15**	**238**	**505**
Asia	71	6	3	29	109
Oceanía	10	0	1	1	12
Total	**4.569**	**841**	**645**	**3.696**	**9.751**

Fonte: INE, Estatística de variacións residenciais. Ano 2002. Elaboración do IGE a partir dos ficheiros proporcionados polo INE

Cadro 48. Poboación estranxeira de 16 e máis anos segundo nacionalidade e relación coa actividade económica. Galicia. 2001

Estado de procedencia	Relación coa actividade											
	Total	Poboación activa					Poboación inactiva					
		Total	Ocupado	Parado			Total	Xubilado	Pensionista	Estudante	Tarefas fogar	Outra situación
				Total	Busca 1º emprego	Traballo antes						
Europa	**11.813**	**6.826**	**5.632**	**1.194**	**240**	**954**	**4.987**	**1.184**	**431**	**665**	**1.998**	**709**
Unión Europea	**10.670**	6.131	5.060	1.071	209	862	4.539	1.139	417	526	1.838	619
Alemaña	**671**	358	287	71	14	57	313	116	16	37	98	46
Francia	**802**	489	413	76	20	56	313	64	21	83	119	26
Italia	**843**	515	410	105	24	81	328	122	39	54	79	34
Portugal	**7.139**	4.048	3.352	696	125	571	3.091	701	310	256	1.368	456
Reino Unido	**719**	420	341	79	15	64	299	98	13	54	102	32
Outros países da UE	**496**	301	257	44	11	33	195	38	18	42	72	25
Resto de Europa	**1.143**	695	572	123	31	92	448	45	14	139	160	90
Suíza	**405**	206	152	54	13	41	199	31	8	68	61	31
Outros países	**738**	489	420	69	18	51	249	14	6	71	99	59
América	**14.827**	**9.063**	**7.009**	**2.054**	**803**	**1.251**	**5.764**	**552**	**219**	**1.358**	**2.761**	**874**
América do Norte	**897**	381	310	71	20	51	516	153	35	107	155	66
Canadá	**37**	23	22	1	1	0	14	4	0	2	5	3
Estados Unidos	**565**	228	191	37	9	28	337	138	35	60	70	34
México	**295**	130	97	33	10	23	165	11	0	45	80	29
América Central	**2.173**	1.300	999	301	105	196	873	108	29	160	456	120
Cuba	**1.310**	817	636	181	61	120	493	103	27	69	203	91
República Dominicana	**706**	388	289	99	35	64	318	2	2	72	215	27
Outros países	**157**	95	74	21	9	12	62	3	0	19	38	2
América do Sur	**11.757**	7.382	5.700	1.682	678	1.004	4.375	291	155	1.091	2.150	688
Arxentina	**2.428**	1.467	1.152	315	111	204	961	152	63	213	390	143
Brasil	**1.247**	710	550	160	51	109	537	35	13	133	297	59
Colombia	**4.520**	2.983	2.223	760	361	399	1.537	18	25	362	848	284
Ecuador	**555**	407	333	74	27	47	148	4	2	40	78	24
Uruguai	**825**	561	455	106	25	81	264	34	16	48	126	40
Venezuela	**1.628**	919	714	205	81	124	709	34	26	245	300	104
Outros países	**554**	335	273	62	22	40	219	14	10	50	111	34
África	**2.185**	**1.585**	**1.335**	**250**	**93**	**157**	**600**	**21**	**24**	**158**	**270**	**127**
Marrocos	**1.125**	789	647	142	57	85	336	11	11	82	177	55
Outros países	**1.060**	796	688	108	36	72	264	10	13	76	93	72
Asia	**511**	**328**	**292**	**36**	**8**	**28**	**183**	**9**	**4**	**59**	**88**	**23**
Oceanía	**50**	**34**	**29**	**5**	**2**	**3**	**16**	**3**	**2**	**5**	**5**	**1**
Apátrida	**2**	**1**	**1**	**0**	**0**	**0**	**1**	**0**	**0**	**0**	**1**	**0**
Total	**29.388**	**17.837**	**14.298**	**3.539**	**1.146**	**2.393**	**11.551**	**1.769**	**680**	**2.245**	**5.123**	**1.734**

Fonte: INE, Censo de poboación e vivendas 2001. Elaboración do IGE a partir dos ficheiros proporcionados polo INE

Cadro 49. Poboación estranxeira ocupada segundo rama de actividade. Galicia. 2001

Total	Agricultura, gandaría, caza e silv.	Pesca	Industria				Construción	Servizos			
			Total	Industrias estractivas	Industria manufactureira	Prod. e distr. de enerxía eléctrica, gas e auga		Total	Comercio e reparacións	Hostalaría	Outros
14.298	712	396	2.358	376	1.935	47	1.553	9.279	2.337	2.123	4.819

Fonte: Censo de poboación e vivendas 2001. Elaboración do IGE a partir dos ficheiros proporcionados polo INE

Cadro 50. Poboación estranxeira ocupada segundo situación profesional. Galicia. 2001

Situación profesional	
Empresario, traballador por conta propia	
Que emprega persoal	863
Que non emprega persoal	1.794
Total	2.657
Asalariado, traballador por conta allea	
Con carácter fixo	5.177
Con carácter eventual	6.351
Total	11.528
Outras situacións	113
Total	**14.298**

Fonte: INE, Censos de poboación e vivendas 2001. Elaboración do IGE a partir dos ficheiros proporcionados polo INE

ANÁLISE PROVINCIAL

CAPÍTULO TERCEIRO

1. VALOR DA PRODUCIÓN. EMPREGO, DESEMPREGO E PRODUTIVIDADE

Nos dous capítulos anteriores puidemos constatar que España é nos últimos anos un dos estados de Europa Occidental nos que maior dinamismo económico presenta o sector da construción e que Galicia está plenamente incorporada a ese proceso de expansión. Imos achegarnos neste epígrafe á importancia que este sector ten en cada unha das provincias de Galicia e nalgún caso faremos o noso estudo cun maior nivel de desagregación, incluíndo datos por bisbarras ou mesmo por concellos (por exemplo no estudo das sete principais cidades de Galicia).

Comezaremos neste epígrafe pola análise de diversos indicadores, como o valor da produción, a formación bruta de capital fixo, a xeración de emprego neto, o nivel de desemprego ou a produtividade do factor traballo.

1.1. O valor engadido bruto de cada provincia

A perspectiva macroeconómica que achega a Contabilidade Rexional de España permítenos achegarnos á importancia do PIB xerado en cada unha das provincias (e no total galego) no cadro 1. A comparación das porcentaxes de crecemento do período 1995-2002 explicita que a provincia de Lugo queda moi por detrás do crecemento das outras tres, xa que a súa taxa (33,4%) é moi inferior á galega (51%) e á das provincias de Pontevedra (55,7%), A Coruña (53,2%) e Ourense (50,1%). Aínda que o INE non ofrece estes datos en prezos constantes, valla como referencia que a suba de Galicia en prezos correntes (51%) equivale, unha vez aplicado o deflactor correspondente á suba de prezos do período estudado, a un 24,3% en prezos constantes (e téñase en conta que para o estudo das posicións relativas de cada unha das provincias, pódese realizar perfectamente a comparación en prezos correntes).

Cadro 1. PIB a prezos de mercado(1). Por provincias. 1995-2002

	1995	1996	1997	1998	1999	2000(P)	2001(P)	2002(A)
Galicia	24.565.897	25.857.185	27.342.372	28.966.227	30.910.000	32.889.943	34.847.929	37.086.858
A Coruña	10.589.318	11.275.340	11.955.618	12.744.941	13.453.974	14.180.611	14.964.163	16.222.084
Lugo	3.279.546	3.368.003	3.428.340	3.545.818	3.646.193	4.079.778	4.228.547	4.375.074
Ourense	2.918.270	3.023.955	3.160.285	3.275.470	3.570.723	3.825.039	4.103.858	4.379.697
Pontevedra	7.778.763	8.189.887	8.798.129	9.399.998	10.239.110	10.804.515	11.551.361	12.110.003

(1) A prezos correntes
(P) Provisional
(A) Avance
Fonte: INE, Contabilidade Rexional de España

As provincias da Coruña e Pontevedra concentran máis das tres cuartas partes (76,4%) do PIB de Galicia do ano 2002 (case dous puntos porcentuais máis que no ano 1995, no que era o 74,8%). Compróbase tamén que a provincia da Coruña é a máis importante por xeración do PIB galego en 2002 (como acontece en todo o

período analizado) mentres que a de Lugo é a que pecha a clasificación en 2002 (por primeira vez, porque anteriormente o fixera sempre a de Ourense).

A evolución do valor engadido da construción en cada provincia, así como a importancia relativa de cada provincia na xeración do seu valor engadido bruto no período 1995-2002 podémolo ver no cadro 2.

Cadro 3.2. Valor engadido bruto(1). Por provincias. 1995-2002

	1995	1996	1997	1998	1999	2000(P)	2001(P)	2002(A)
A Coruña								
Construción	823.060	849.381	970.692	1.088.443	1.187.556	1.356.619	1.442.774	1.649.240
Total sectores	**9.760.362**	**10.367.947**	**10.944.542**	**11.602.525**	**12.160.375**	**12.801.515**	**13.549.358**	**14.666.208**
Lugo								
Construción	225.836	218.429	229.510	244.187	262.733	300.278	315.323	347.414
Total sectores	**3.022.815**	**3.096.960**	**3.138.408**	**3.227.982**	**3.295.612**	**3.683.010**	**3.828.754**	**3.955.456**
Ourense								
Construción	268.420	357.862	345.996	349.832	370.348	423.740	443.938	462.472
Total sectores	**2.689.821**	**2.780.600**	**2.893.022**	**2.981.867**	**3.227.398**	**3.453.045**	**3.715.854**	**3.959.636**
Pontevedra								
Construción	652.770	681.508	738.550	765.349	827.391	932.017	1.042.052	1.112.867
Total sectores	**7.169.823**	**7.530.799**	**8.054.079**	**8.557.412**	**9.254.620**	**9.753.752**	**10.459.224**	**10.948.521**

(1) En prezos correntes. En miles de euros
(P) Dato provisional
(A) Avance
Fonte: INE, Contabilidade Rexional de España

O cadro 3 explicita as porcentaxes de participación de cada unha das provincias no valor engadido bruto de cada un dos sectores produtivos no ano 2001 (baseados na Contabilidade Rexional de España). Ten maior peso a construción na estrutura produtiva das provincias de Ourense (sobre todo) e A Coruña, mentres que o sector da construción está por debaixo en peso relativo respecto do conxunto da economía

Cadro 3. Porcentaxe de participación provincial no valor engadido bruto. Por sectores. Galicia. 2001(1)

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total Galicia
Agricultura	28,4	19,8	18,0	33,8	100,0
Enerxía	82,7	3,1	8,9	5,3	100,0
Industria	37,4	11,6	8,3	42,7	100,0
Construción	**44,5**	**9,7**	**13,7**	**32,1**	**100,0**
Servizos de mercado	42,1	12,0	11,7	34,2	100,0
Servizos non de mercado	45,6	13,7	11,4	29,3	100,0
Total sectores	**43,4**	**12,0**	**11,6**	**33,0**	**100,0**

(A) Avance
Fonte: Contabilidade Rexional de España. INE

galega nas provincias de Lugo (sobre todo) e Pontevedra. De cada 100 euros de valor engadido xerado na construción de Galicia, A Coruña crea 43, Pontevedra 33, Ourense 14 e Lugo 10.

1.2. O emprego

Estudaremos neste epígrafe a evolución do emprego no sector da construción en cada unha das provincias de Galicia nos últimos anos e compararemos esta traxectoria ca do emprego no conxunto da economía galega.

A distribución por sectores produtivos da poboación ocupada nas distintas provincias galegas no ano 2003 podemos analizala cos datos do cadro 4, que poñen de manifesto que a maior porcentaxe de ocupación na construción en Galicia é a de Ourense (13,1%) e a menor a de Lugo (8,7%), situándose Pontevedra practicamente igual que as medias galega e estatal e A Coruña arredor de medio punto porcentual por enriba destas.

Cadro 4. Distribución porcentual do emprego. Por provincias. 2003

	Total	Agricultura	Industria	Construción	Servizos
A Coruña	100,0	9,8	18,3	12,2	59,6
Lugo	100,0	28,5	13,5	8,7	49,3
Ourense	100,0	11,2	18,2	13,1	57,5
Pontevedra	100,0	9,6	23,4	11,8	55,2

Fonte: INE. EPA (en medias anuais)

Unha visión dinámica da poboación ocupada nos diversos sectores produtivos en Galicia no bienio 2002-2003 figura no cadro 5. Centrándonos na construción, apréciase que o emprego descendeu nas catro provincias un ano (en porcentaxe especialmente alta en Lugo en 2003) e aumentou outro (especialmente en Lugo en 2002).

No cadro 6 presentamos outra perspectiva do emprego na construción das provincias galegas: a que ofrece o número de persoas afiliadas á Seguridade Social. Ademais do valor absoluto de cada unha das provincias, proporcionamos o dato da taxa de variación interanual, que é maior nas provincias de máis desenvolvemento económico-social (A Coruña e Pontevedra) e menor nas de Ourense (sobre todo) e Lugo.

Se dentro do emprego nos centramos no asalariado, podemos ver a distribución dos diversos sectores produtivos en Galicia no cadro 7, que constata para o sector que nos ocupa neste informe que as provincias da Coruña e Pontevedra concentran o 78,3% do emprego asalariado de Galicia.

Cadro 5. Poboación ocupada por sector económico e provincia. Galicia. 2001-2003

	Poboación ocupada(1)			% Variación	
	2001	2002	2003	2002	2003
A Coruña					
Agricultura e pesca	49,0	42,5	45,0	-13,3	5,7
Industria	80,8	85,5	83,8	5,8	-2,0
Construción	57,2	61,0	55,8	6,6	-8,4
Servizos	236,7	243,7	272,3	3,0	11,8
Total	**423,7**	**432,7**	**456,9**	**2,1**	**5,6**
Lugo					
Agricultura e pesca	50,4	40,7	41,2	-19,1	1,0
Industria	18,3	18,3	19,5	-0,3	6,7
Construción	12,4	15,0	12,6	20,8	-16,4
Servizos	67,0	67,9	71,1	1,3	4,7
Total	**148,1**	**141,9**	**144,3**	**-4,2**	**1,7**
Ourense					
Agricultura e pesca	16,6	15,1	14,6	-9,0	-3,4
Industria	25,6	25,8	23,8	0,8	-7,7
Construción	17,9	16,4	17,2	-8,7	4,7
Servizos	71,6	77,7	75,1	8,4	-3,3
Total	**131,8**	**134,9**	**130,6**	**2,4**	**-3,2**
Pontevedra					
Agricultura e pesca	42,3	39,8	36,0	-6,1	-9,4
Industria	81,8	88,5	87,5	8,2	-1,1
Construción	42,7	41,0	43,9	-4,0	7,0
Servizos	192,2	193,3	206,2	0,6	6,6
Total	**359,1**	**362,6**	**373,6**	**1,0**	**3,0**

(1) Datos en miles. Medias anuais
Fonte: INE, EPA

Cadro 6. Afiliación á Seguridade Social(1) e taxas de variación(2) na construción. Por provincias. 2003.

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Persoas afiliadas á Seguridade Social	50,7	13,1	13,9	40,4
Taxas de variación	4,6	2,6	1,1	4,3

(1) En miles
(2) En porcentaxe de variación respecto do ano 2002
Fonte: MTAS

Cadro 7. Poboación asalariada(1), por sectores e provincias. 2003

	Total	Agricultura	Industria	Construción	Servizos
A Coruña	350,4	9,2	74,8	**45,1**	221,4
Lugo	87,2	3,8	16,4	**10,0**	57,0
Ourense	94,4	3,4	20,4	**12,3**	58,3
Pontevedra	286,8	12,6	78,7	**35,2**	160,4

(1) En miles
Fonte: INE. EPA (en medias anuais)

A distribución porcentual da poboación asalariada nos diversos sectores produtivos en Galicia do cadro 8 explicita, para a construción, que as provincias de Ourense, A Coruña e Pontevedra teñen as maiores porcentaxes (por esta orde) e Lugo a menor.

Cadro 8. Distribución porcentual da poboación asalariada. Por provincias. 2003

	Total	Agricultura	Industria	Construción	Servizos
A Coruña	100,0	2,6	21,3	**12,9**	63,2
Lugo	100,0	4,3	18,9	**11,5**	65,3
Ourense	100,0	3,6	21,6	**13,0**	61,8
Pontevedra	100,0	4,4	27,4	**12,3**	55,9

Fonte: INE. EPA, Táboas anuais

1.3 O desemprego

A poboación desempregada no sector da construción nas distintas provincias no ano 2003 (e a súa variación anual) figura no cadro 9, no que destacaremos:

Cadro 9. Paro rexistrado(1) e taxas de variación na construción(2). Por provincias. 2003

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Paro rexistrado	7,3	1,9	2,4	4,6
Taxas de variación	8,6	2,5	0,5	12,6

(1) En miles
(2) En porcentaxe de variación respecto do ano 2002
Fonte: MTAS, Inem

- En canto ao paro estimado, só dúas provincias (as occidentais) superan o limiar de mil persoas desempregadas; a porcentaxe de crecemento no ano 2003 foi especialmente alta en Pontevedra, nula en Lugo e descendeu en Ourense. O gráfico 1 ofrece a distribución provincial do desemprego da construción.

Gráfico 1. Distribución provincial da poboación desempregada da construción(1). 2003



(1) Datas en miles
Fonte: INE, EPA

O paro rexistrado atenúa (en comparación co paro EPA) as diferenzas en valor absoluto entre as provincias occidentais e as orientais. O desemprego crece máis en Pontevedra e menos en Ourense.

A desagregación do paro rexistrado por bisbarras e a súa distribución por sectores económicos figura no cadro 10, para permitir a consulta de persoas interesadas no coñecemento do desemprego cunha maior desagregación territorial.

1.4. A produtividade

A produtividade, entendida aquí como a produtividade aparente do factor traballo (cociente entre o valor da produción e o volume de emprego) é outro indicador de interese para o estudo do comportamento do sector da construción.

No cadro 11 comprobamos, cos datos da Central de Balances de Galicia, que a produtividade do traballo no sector da construción subiu na Coruña, Ourense e Pontevedra tanto no ano 2001 coma no 2002, mentres que na de Lugo subiu no primeiro ano pero descendeu no segundo. O último ano do que existen datos neste Informe anual económico-financeiro da empresa galega 2004 explicita que a provincia de maior produtividade de traballo no sector da construción é a da Coruña (con 19.710 euros por empregado no ano) e a de menor produtividade é Ourense (con 17.570 euros por empregado nese ano). A suba da produtividade no ano 2002 foi inferior á do ano 2001 nas catro provincias (e na de Lugo mesmo descendeu, como xa vimos anteriormente).

1.5. Outros indicadores

Dos outros indicadores que habitualmente se utilizan nos estudos do sector da construción para estimar a súa actividade ou a súa demanda referirémonos aquí só ao consumo de cemento, xa que outros (vivendas visadas, licitación pública...) imos analizalos nos seguintes epígrafes.

Cadro 10. Paro rexistrado. Por sectores económicos e comarcas. Galicia. 2003

	Paro rexistrado	Agric./gand.	Industria	Construc.	Servizos	Sen emprego anterior
A Barcala	**633**	20	64	**151**	313	85
Muros	**875**	45	241	**158**	349	82
Noia	**1.956**	97	396	**324**	887	252
O Sar	**1.125**	21	249	**171**	513	171
Ordes	**1.771**	29	383	**358**	646	355
Ortegal	**829**	60	179	**103**	342	145
Santiago	**9.279**	77	901	**1.047**	5.015	2.239
Terra de Melide	**520**	11	87	**72**	200	150
Terra de Soneira	**1.156**	47	196	**323**	411	179
Xallas	**1.043**	19	151	**371**	381	121
A Coruña	**21.223**	289	3.030	**2.060**	12.671	3.173
Arzúa	**852**	25	146	**161**	345	175
Barbanza	**4.373**	219	1.657	**434**	1.662	401
Bergantiños	**4.728**	124	1.412	**965**	1.697	530
Betanzos	**1.784**	26	262	**252**	919	325
Eume	**1.450**	27	173	**227**	702	321
Ferrol	**10.749**	120	1.574	**1.301**	4.619	3.135
Fisterra	**1.689**	62	229	**346**	736	316
A Fonsagrada	**183**	22	26	**30**	72	33
A Mariña Central	**1.155**	38	119	**154**	652	192
A Mariña Occidental	**1.373**	76	105	**126**	869	197
A Mariña Oriental	**681**	17	63	**102**	402	97
A Ulloa	**439**	20	60	**91**	217	51
Chantada	**691**	20	89	**134**	384	64
Lugo	**6.290**	80	600	**633**	3.810	1.167
Meira	**216**	5	29	**13**	132	37
Os Ancares	**462**	22	36	**96**	265	43
Quiroga	**385**	34	50	**60**	179	62
Sarria	**1.094**	19	132	**151**	581	211
Terra Chá	**1.802**	34	284	**411**	848	225
Terra de Lemos	**1.725**	36	175	**276**	877	361
A Limia	**1.485**	62	213	**290**	691	229
Allariz-Maceda	**656**	29	121	**119**	296	91
Baixa Limia	**417**	48	44	**84**	214	27
O Carballiño	**1.448**	27	221	**224**	709	267
O Ribeiro	**871**	41	131	**115**	441	143
Ourense	**8.338**	119	1.154	**964**	4.573	1.528
Terra de Caldelas	**153**	8	14	**23**	84	24
Terra de Celanova	**1.134**	31	174	**211**	568	150
Terra de Trives	**258**	6	40	**65**	120	27
Valdeorras	**1.240**	22	338	**157**	575	148
Verín	**1.946**	54	389	**356**	817	330
Viana	**493**	18	40	**147**	223	65
A Paradanta	**679**	22	88	**156**	285	128
Caldas	**2.150**	38	484	**329**	822	477
O Baixo Miño	**2.914**	242	525	**336**	1.280	531
O Condado	**2.504**	107	506	**314**	1.103	474
Deza	**1.205**	36	200	**176**	509	284
O Morrazo	**4.982**	392	806	**395**	2.631	758
O Salnés	**7.609**	232	1.539	**782**	3.992	1.064
Pontevedra	**6.379**	161	832	**692**	3.302	1.392
Tabeirós-Terra de Montes	**1.334**	20	149	**249**	554	362
Vigo	**26.611**	531	5.722	**2.166**	14.056	4.136
Total	157.337	**3.987**	**26.828**	**19.451**	**79.541**	**27.530**

Datos de decembro. En miles
Fonte: Xunta de Galicia, Informe do paro rexistrado

Cadro 11. Produtividade do traballo na construción(1). Por provincias. 2000-2002

A Coruña			Lugo			Ourense			Pontevedra		
2000	2001	2002	2000	2001	2002	2000	2001	2002	2000	2001	2002
17,9	19,2	19,7	17,2	18,8	18,3	16,0	17,3	17,6	16,2	17,3	**17,8**

(1) Medida polo valor engadido bruto ao custo dos factores por empregado, no valor central da mostra de empresas utilizada
Fonte: IGE, Central de Balances de Galicia, Informe anual económico-financeiro da empresa galega 2004

O consumo de cemento é un dos indicadores conxunturais máis utilizados no estudo da evolución da actividade construtora, aínda que non faltan críticos que destacan a diferente intensidade do seu consumo segundo o tipo de obra. No ano 2003 presentou unha suba especialmente forte na Coruña (24,7%), moi lixeira en Ourense (1,1%) e Lugo (0,76%) mentres que descendeu un 5,95% en Pontevedra.

2. ESTRUTURA INTERNA DA CONSTRUCIÓN: OS SUBSECTORES

Dentro da actividade económica do sector da construción podemos distinguir dous grandes subsectores:

- A *edificación*
- As *obras de enxeñaría civil* (normalmente coñecidas como obra civil ou como obras públicas).

A edificación de vivendas libres e protexidas visadas, por provincias, figura no cadro 12 e no gráfico 2. Nel compróbase que no ano 2003 A Coruña e Pontevedra concentraron o 81,4% do total de Galicia (porcentaxe que é aínda maior no segmento das vivendas de protección oficial: 83,5%). Xa comentamos no capítulo II que o total de vivendas visadas no ano 2003 en Galicia supuxo un auténtico record na nosa comunidade.

Cadro 3.12. Vivendas visadas polos colexios de arquitectos. Por provincias. 2003

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Vivenda libre	17.222	4.054	2.448	10.960	34.684
VPO	1.760	433	75	813	3.081
Total	**18.982**	**4.487**	**2.523**	**11.773**	**37.765**

Fonte: Colexio de Arquitectos de Galicia

No epígrafe seguinte trataremos da obra civil (e da edificación contratada polo sector público).

Gráfico 2. Distribución provincial das vivendas



3. O MERCADO PÚBLICO: ANÁLISE A TRAVÉS DA LICITACIÓN PÚBLICA

Xa fixemos referencia no capítulo anterior ao feito de que a licitación pública nos anos transcorridos do novo milenio está mostrando un dinamismo moito maior en Galicia que no conxunto do Estado. Os datos dos cadros 13 e 14 permítennos afondar na análise da distribución territorial da licitación pública en Galicia do ano 2003. O primeiro presenta a distribución provincial atendendo a dous criterios:

Cadro 13. Licitación pública(1). Por provincias. 2003

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Edificación	142.182	27.335	64.033	134.397
Obra civil	627.478	168.579	215.376	198.405
Administración central	420.202	120.057	187.870	113.957
Administración autonómica	203.003	35.569	43.099	118.898
Administración local	146.455	40.288	48.440	99.946
Total	**769.660**	**195.914**	**279.409**	**332.802**
% sobre o total de Galicia	48,78	12,42	17,71	21,09
Taxa de variación 2002/2003 (%)	68,34	-29,93	119,21	-9,88

(1) En miles de euros
Fonte: SEOPAN

Cadro 14. Licitación por provincia e tipo de obra. Por data de apertura. 2003

	Vivenda	Equip. Soc.	Resto Edif.	Reparación	Total Edif.	Transport.	Urbanizac.	Hidrául.	Total O.C.	Total
A Coruña	8	150	26	40	**224**	302	76	193	**571**	**795**
Lugo	2	18	2	6	**28**	79	24	24	**127**	**155**
Ourense	17	34	0	8	**59**	65	19	19	**103**	**162**
Pontevedra	3	70	72	73	**218**	152	42	21	**215**	**433**
Varias provincias	0	0	0	0	**0**	0	1	0	**1**	**1**
Total	**30**	**272**	**100**	**127**	**529**	**598**	**162**	**257**	**1.017**	**1.546**

Fonte: APECCO

- O subsector: a obra civil é o máis importante, con especial diferenza relativa respecto da edificación en Lugo (e a menor en Pontevedra).

- O nivel territorial da Administración Pública: o maior gasto é (agás en Pontevedra) o da Administración Central, seguido da Autonómica na Coruña e da Local nas orientais.

A porcentaxe de variación do gasto das administracións públicas en 2003 creceu especialmente en Ourense (119,2%) e A Coruña (68,3%) mentres que diminuíu en Pontevedra (9,9%) e –sobre todo- en Lugo (30%).

A provincia da Coruña concentra case a metade (48,8%) do total de demanda de obra pública de Galicia en 2003 e a provincia de Lugo é a que queda á cola nesa clasificación (co 12,5% do total de Galicia).

O cadro 14 presenta os datos das licitacións (por data de apertura) en 2003 por provincia e tipo de obra, diferenciando entre a edificación (con catro subapartados) e a obra civil (con tres). Na edificación sobresae o equipamento social (moi concentrado espacialmente na Coruña) mentres que en obra civil destacan as inversións en transporte.

4. O MERCADO DA VIVENDA: O PREZO DA VIVENDA

Xa nos referimos anteriormente (véxase cadro 12 e epígrafe III.2) ao comportamento expansivo da oferta de vivenda en Galicia. Trataremos agora brevemente da demanda de vivenda, que tamén presenta unha importante suba, como podemos comprobar a través do indicador hipotecario.

O número de hipotecas presenta no período 2001-2003 unha evolución claramente crecente en Galicia e España (aínda que moito menos en termos porcentuais neste caso). A desagregación provincial do cadro 15 reflite que o ton expansivo é intenso e continuado no bienio 2002-2003 nas dúas provincias máis poboadas (as occidentais), que mostran unha taxa de crecemento medio lixeiramente superior ao 20% anual, mentres que en Lugo e Ourense a tendencia non é tan clara: aumenta un ano e diminúe outro (con variacións especialmente fortes na provincia de Lugo).

O cadro 16 recolle a evolución provincial do importe medio das hipotecas nese mesmo trienio. As porcentaxes de aumento son neste caso menores en Galicia (especialmente en 2002) que no total estatal; a distribución por provincias mostra que no último ano analizado só A Coruña creceu a unha taxa inferior á media galega. Lugo volve a ser no bienio analizado a provincia de comportamento máis irregular (ademais da única que ten un descenso no período analizado, aínda que certamente é moi lixeiro).

Cadro 15. Hipotecas en vivendas. 2001-2003

	Nº de hipotecas			Taxas de variación interanual	
	2001	2002	2003	2002	2003
A Coruña	9.312	11.102	13.392	19,22	20,63
Lugo	1.318	1.056	1.298	-19,88	22,92
Ourense	1.402	1.580	1.532	12,70	-3,04
Pontevedra	7.169	8.791	10.581	22,63	20,36
Galicia	**19.201**	**22.529**	**26.803**	**17,33**	**18,97**
España	**487.973**	**541.035**	**592.317**	**10,87**	**9,48**

Fonte: INE

Cadro 16. Importe medio das hipotecas. 2001-2003

	Miles de euros			Taxas de variación interanual	
	2001	2002	2003	2002	2003
A Coruña	68,53	73,47	79,90	7,22	8,76
Lugo	59,03	58,47	77,87	-0,95	33,19
Ourense	61,83	70,20	79,93	13,53	13,86
Pontevedra	73,48	77,06	90,65	4,87	17,63
Galicia	**69,24**	**73,94**	**84,05**	**6,79**	**13,67**
España	**75,11**	**84,56**	**96,34**	**12,58**	**13,94**

Fonte: INE

A notable suba do prezo da vivenda en Galicia (e aínda máis en España) nos últimos anos xa foi tratada nos dous primeiros capítulos deste informe. Presentamos agora no cadro 17 a evolución por provincias en cada un dos últimos catro trimestres. Compróbase que, agás en Ourense e A Coruña no último trimestre analizado, a evolución segue claramente á alza.

Cadro 17. Prezo medio da vivenda(1). 2003-2004

	2003			2004
	2 T	3 T	4 T	1 T
A Coruña	953,6	1.011,6	1.044,5	1.038,2
Lugo	702,9	684,3	742,7	759,0
Ourense	896,0	904,3	917,6	843,4
Pontevedra	987,8	1.061,4	1.062,8	1.097,0

En euros por metro cuadrado
Fonte: Observatorio inmobiliario, Fundación Caixa Galicia

Un maior nivel de desagregación territorial témolo no cadro 18, que recolle o prezo da vivenda nas sete maiores cidades de Galicia no último bienio, así como as taxas de variación en 2003. As maiores porcentaxes de suba foron as da Coruña e Pontevedra en vivenda usada mentres que en vivenda nova estiveron á cabeza A Coruña e Vigo.

Cadro 18. Prezo da vivenda nas principais cidades galegas. 2002-2003

	Vivenda nova		Vivenda Usada		Taxa de variación 2003/2002	
	2002	2003	2002	2003	Nova	Usada
A Coruña	1.369,9	1.558,4	1.071,4	1.327,9	13,76	23,94
Santiago	1.211,0	1.225,7	1.125,4	1.238,7	1,21	10,07
Ferrol	971,3	1.036,6	691,6	778,1	6,73	12,51
Lugo	791,3	885,7	681,5	713,1	11,94	4,63
Ourense	1.113,9	1.124,6	978,6	1.043,1	0,96	6,59
Pontevedra	1.026,1	1.014,5	829,3	982,9	-1,13	18,53
Vigo	1.282,5	1.458,8	1.054,1	1.197,4	13,74	13,60

En euros por metro cuadrado
Fonte: Ministerio de Fomento

A grande relevancia económico-social do intenso crecemento do prezo da vivenda (totalmente desproporcionado respecto das subas salariais ou respecto da suba xeral do IPC en calquera das provincias galegas) queda manifesta con só recordar dous datos da enquisa de Consumo de familias realizada polo IGE en 2003, que presentamos nos cadros 19 e 20: o pagamento da hipoteca é o maior gasto das familias galegas en todas e cada unha das provincias, entre os once grupos de gasto que figuran no estudo (e o aluguer o cuarto, agás en Ourense e Pontevedra en que é o ter-

Cadro 19. Gastos medios(1) mensuais do fogar. Por provincias. 2003

Grupos de gasto	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
1. En telefonía fixa	29,22	29,51	27,70	29,99
2. En telefonía móbil	32,94	32,79	36,70	32,69
3. En electricidade	30,06	29,11	28,17	30,77
4. En auga	11,18	11,20	9,07	11,84
5. En gas/gasóleo	25,64	26,80	29,84	22,12
6. En alugueiro	169,67	144,73	174,91	207,01
7. En hipoteca	**373,89**	**250,79**	**300,93**	**331,47**
8. En seguro do fogar	13,53	16,61	14,46	14,35
9. En comunidade	28,35	38,15	28,35	10,45
10. En servizo doméstico	210,72	191,95	174,48	203,62
11.En coidado de persoas dependentes	306,13	212,90	203,07	299,75

(1) En euros
Fonte: IGE. Consumo das familias. Ano 2003

Cadro 20. Porcentaxe de fogares con determinados gastos. Por provincias. 2003

Grupos de gasto	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
1. Telefonía fixa	83,98	86,67	84,48	85,49
2. Telefonía móbil	68,71	58,95	58,49	69,39
3. Auga	68,79	58,27	69,85	63,17
4. Gas/gasóleo	89,73	91,68	91,69	90,69
5. **Alugueiro**	**11,69**	**6,55**	**6,88**	**9,28**
6. **Hipoteca**	**18,18**	**8,77**	**10,40**	**20,13**
7. Seguro do fogar	41,66	41,47	39,39	47,06
8. Comunidade	38,22	21,28	28,39	34,66
9. Servicio doméstico	7,53	8,20	6,82	8,09
10. Coidado de persoas dependentes	0,71	1,42	0,52	0,19

IGE. Consumo das familias. Ano 2003

ceiro). Por outra parte, entre o 8,8% (Lugo) e o 20,1% (Pontevedra) dos fogares galegos están a pagar unha hipoteca. Parece evidente, polo tanto, a necesidade de instrumentar unha política de vivenda máis favorecedora de acceso á vivenda (especialmente dos máis necesitados) e medidas de intervención pública que conteñan a senda alcista do seu prezo.

5. ESTRUTURA EMPRESARIAL

Os datos do Directorio de Empresas de Galicia recollidos no cadro 21 mostran para o ano 2002 o total de empresas de construción activas en cada unha das provincias (así como no conxunto dos sectores económicos). Do total de empresas activas de Galicia que figuran nese directorio (170.914), as de construción supoñen un 12,3% na Coruña, un 14% en Lugo, un 17,3% en Ourense e un 13,3% en Pontevedra.

Cadro 21. Empresas activas con sede social en Galicia. Por provincias. 2002

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Construción	**8.866**	**3.100**	**3.669**	**7.085**	**22.720**
Total sectores	70.814	22.086	21.260	56.754	170.914

Fonte: Directorio de Empresas de Galicia

Xa vimos no capítulo II que a construción ten un peso moi notable dentro do conxunto da economía social de Galicia. O cadro 22 explicita que dos 1.392 socios do total de cooperativas constituídas no ano 2003 en Galicia, 633 (o 45,5% do total) son do sector da construción e de eles pertencen 488 á Coruña e 139 a Pontevedra (99,1% do total galego entre as dúas provincias). Moito menor é a presenza da cons-

trución nas sociedades laborais rexistradas en 2003 en Galicia que reflite o cadro 23, xa que foron 295 sociedades dun total de 2.066 (o que supón un 14,3%); por valor absoluto sobresaen Pontevedra e A Coruña, pero pola porcentaxe sobre o total de sociedades laborais rexistradas en cada provincia en 2003 destacan especialmente Ourense (17,6%) e Pontevedra (14,9%) mentres que A Coruña ocupa a última posición (12,7%).

Cadro 22. Número de socios das cooperativas constituídas en 2003 no sector da construción. Por provincias

A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
488	0	6	139	633

Fonte: CRLL, Memoria da Dirección Xeral de Relacións Laborais

Cadro 23. Sociedades Laborais rexistradas no sector da construción. Por provincias. 2003

A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
95	46	49	105	295

Fonte: CRLL, Memoria da Dirección Xeral de Relacións Laborais

Outros estudos contribúen tamén a afondar no estudo empresarial da construción de Galicia, como o Directorio de Empresas. Informe económico-financeiro e da competitividade, que publica o Consorcio da Zona Franca de Vigo. Na súa última edición (Galicia-2004) sobrancea que o sector da construción representa o 20% das empresas, o 12% dos ingresos e o 16% do valor engadido bruto do conxunto empresarial estudado de Galicia. No cadro 24 figuran varias actividades que aparecen recollidas nese estudo entre os principais sectores empresariais de cada unha das provincias

Cadro 24. Principais sectores empresariais de Galicia(1), segundo o seu valor engadido bruto ao custo dos factores(2). Por provincias. 2002

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Contratistas xerais	226,2	53,3	60,4	301,0	640,9
Promotores de obras	244,5	9,3	8,9	86,9	349,6
Instalacións eléctricas	79,1	12,0	9,2	39,8	140,1
Construcións pesadas	55,5	9,9	26,5	25,5	117,4
Fontanaría, calefacción e aire acondicionado	47,8	4,3	2,8	30,4	85,3

(1) Seleccionamos os cinco sectores empresariais pertencentes á construción que figuran no listado dos vintecinco principais sectores empresariais de Galicia (a mostra do estudo está formada por 11.379 empresas, con ingresos no ano 2002 superiores a 300.000 euros). Estos cinco sectores figuran no total de Galicia cos números 1,4,12,15 e 25 respectivamente
(2) Datos en millóns de euros.
Fonte: Consorcio da Zona Franca de Vigo, Informe económico-financeiro e da competitividade. Galicia. 2004

pola xeración de valor engadido bruto: os de contratistas xerais, promotores de obras, instalacións eléctricas, construcións pesadas e fontanería, calefacción e aire acondicionado.

En nove das dez comarcas recollidas nese estudo figura a primeira desas actividades (a de contratistas xerais) entre os cinco primeiros sectores empresariais (a excepción é A Barbanza) e en cinco delas (as capitais de Galicia e de cada provincia) figura tamén outra das cinco actividades empresariais antes enumeradas (é a de promotores de obras, agás en Ourense, na que é a de construcións pesadas).

Rematamos este achegamento ao sector da construción nas distintas provincias galegas cos datos do valor engadido bruto da construción (e do total da economía) en cada una das provincias no cuadrienio 199-2002. O cadro 25 reflite desde a perspectiva da Contabilidade Rexional do INE a evolución nese período.

Cadro 25. Valor Engadido Bruto(1) na construción e no total de sectores. 1999-2002

	1999	2000 (P)	2001 (P)	2002 (A)
A Coruña				
Construción	**1.187.556**	**1.356.619**	**1.442.774**	**1.649.240**
Total provincia	12.160.375	12.801.515	13.549.358	14.666.208
Lugo				
Construción	262.733	300.278	315.323	347.414
Total provincia	3.295.612	3.683.010	3.828.754	3.955.456
Ourense				
Construción	**370.348**	**423.740**	**443.938**	**462.472**
Total provincia	3.227.398	3.453.045	3.715.854	3.959.636
Pontevedra				
Construción	**827.391**	**932.017**	**1.042.052**	**1.112.867**
Total provincia	9.254.620	9.753.752	10.459.224	10.948.521
Total Galicia	**27.938.005**	**29.691.322**	**31.553.190**	**33.529.821**

(1) A prezos correntes. En miles de euros
(P) Provisional
(A) Avance
Fonte: INE, Contabilidade Rexional de España

PARTE SEGUNDA

RELACIÓNS INDIVIDUAIS

CAPÍTULO CUARTO

1. CONDICIÓNS DE INGRESO E CONTRATACIÓN. PERÍODO DE PROBA *

A estrutura da negociación colectiva no sector, de acordo cos mandatos do actual convenio colectivo xeral, parte dunha reserva absoluta desta materia -tanto no que se refire a condicións xerais de ingreso, como a contratación e período de proba, ao ámbito estatal (art. 10)-, para o reforzo da cal se inclúe no art. 11 unha cláusula obrigacional, de acordo coa cal as partes asinantes e cantas organizacións as integran non negociarán en ámbitos inferiores sobre as materias reservadas a aquel. En realidade, non se trata senón dunha aplicación práctica dos principios de "seguridade e coherencia" plasmados no art. 7. Sen embargo, esta estrutura quedou dinamitada despois de que a sentenza da Audiencia Nacional de 5 decembro 2003[1] fallara coa declaración de nulidade e carencia de eficacia de -entre outros- os arts. 10 e 11 do devandito convenio colectivo xeral.

Polo que respecta a as **condicións xerais de ingreso**, o capítulo I do Título I -art. 22 e seguintes. - establece unhas regras das que, nun repaso superficial, deben destacarse as dúas seguintes, na súa condición de cuestións non recollidas na normativa de orixe estatal [2]:

-a posibilidade de que as empresas, previamente ao ingreso, sometan aos interesados a determinadas probas de selección, prácticas e psicotécnicas, co fin de comprobar se o seu grao de aptitude e preparación son adecuados á categoría profesional e posto de traballo que vaian desempeñar.

-a existencia dun recoñecemento médico obrigatorio previo á admisión do traballador. Sen entrar agora na regulación do seu contido, que é unha cuestión atinente á seguridade e saúde no traballo, debe distinguirse dos recoñecementos posteriores, aos cales o convenio lles concédelles carácter voluntario. Esta regra, polo demais vixente dende o convenio xeral de 1992 e reiterada na negociación colectiva de ámbito inferior [3], e que escapa da regra xeral de voluntariedade para o traballador establecida no art. 22.1 da Lei 31/1995, de 8 novembro, acaso requirise dunha maior

* Autor deste apartado: JAIME CABEZA PEREIRO.

1 Procedemento número 157/2003. O fallo foi publicado no BOE de 28 xaneiro 2004.

2 Debe poñerse de relevo como algún convenio fai referencia a instrumentos xa desaparecidos. Así sucede co art. 30.3 do convenio colectivo da provincia de Ourense para 2003 e co art. 10.3 do convenio colectivo da provincia de Pontevedra para 2004, que aluden ao extinto libro de matrícula. O mesmo cabe dicir, en termos xerais, da obriga de rexistro do contrato, tras a entrada en vigor do Rd 1424/2002, de 27 decembro, e da OM de 14 marzo 2003.

3 Art. 50 do convenio colectivo da provincia da Coruña para 2004 e art. 31 do convenio colectivo da provincia de Ourense para 2003. Da dicción literal do art. 11 do convenio colectivo da provincia de Pontevedra para 2004 debería deducirse, se se interpretase illadamente, que eran obrigatorios tanto o recoñecemento previo á admisión como os posteriores.

xustificación, máxime cando se impón con carácter indiscriminado e como requisito de ingreso [4].

O seu capítulo II -arte. 26 e segs. - regula as particularidades sectoriais relativas á contratación. Enuncia como principio orientador no art. 27 a preferencia polo contrato indefinido, que será a modalidade que haberá de seguirse "en todos os centros de traballo de carácter permanente". Contrato indefinido que lle intitula, no epígrafe do precepto, "**contrato fixo de cadro de persoal**".

A continuación, o art. 28, en seguimento dunha elaboración convencional que xa é tradición no sector, regula o **contrato de obra e servizo** nuns termos que forzan ata o límite a interpretación do art. 15.1.a-n) ET e a súa normativa regulamentaria de desenvolvemento. Xa o seu título chama a atención, pois o contrato a termo incerto que se regula no devandito precepto estatutario aparece baixo a denominación de "**contrato fixo de obra**" [5], en contraposición co "fixo de cadro de persoal" ao que se fixo alusión no parágrafo anterior. Establece, como regra xeral, que o contrato "é para unha soa obra", independentemente da súa duración. De modo que rematará cando finalicen os traballos correspondentes ao oficio e categoría do traballador na devandita obra.

Pero, despois da regra xeral, o apartado 3 do art. 28 establece a posibilidade de que este persoal "fixo de obra" preste servizos para a mesma empresa, en distintos centros de traballo situados na mesma provincia, sempre que se produza acordo expreso en relación con cada un dos centros sucesivos [6], e durante un período máximo de tres anos consecutivos. É dicir, trátase de subscribir un contrato de obra e servizo a duración máxima do cal ha de ser de tres anos, pero a delimitación obxectiva da cal, máis alá da primeira obra da construción, será fixada sobrevidamente mediante acordo expreso entre a empresa e o traballador. Aínda nesta situación, se ao cabo dos tres anos, os traballos correspondentes á especialidade do devandito traballador non finalizaron no último centro móbil, os seus servizos poderán prolongarse sen que o contrato perda a súa natureza, remunerándose en todo caso os con-

4 Algunhas destas regras sobre probas de aptitude e recoñecemento médico, no art. 8 do convenio colectivo do sector de mármores e pedras de Pontevedra (2004).

5 Xustificando a adecuación á normativa legal e regulamentaria desta peculiar modalidade de contrato de obra e servizo, STSJ de Cataluña de 17 xuño 2004 (rec. número 452/03).

6 A doutrina xudicial insiste na necesidade de que se produza este acordo expreso para que poida sostenerse a existencia dun contrato desta natureza (STSJ de Galicia de 30 setembro 2002, rec. número 4194/02). Sobre a aplicación hipotética desta modalidade en defecto de acordo expreso, STSJ de Madrid de 19 abril 2004 (rec. número 521/04). Relativizando a importancia do acordo expreso, á vista das circunstancias concorrentes, e convíndose orixinariamente a posibilidade de prestar servizos en distintas obras, STSJ de Madrid de 9 febreiro 2004 (rec. número 389/04), en doutrina acaso demasiado permisiva. Aínda que noutros pronunciamentos se sostén, nunha liña de interpretación máis respectuosa coa norma convencional, que "acordo expreso" non pode identificarse con "acordo presunto" (STSJ de Madrid de 12 xaneiro 2004, rec. número 6019/03).

ceptos compensatorios que correspondan polos desprazamentos. Trátase, unha vez máis, de considerar orientativo o prazo máximo de tres anos, esta vez en relación co remate da última obra [7]. Polo demais, esta excepción á regra de fin de contrato polo transcurso do prazo de tres anos constitúe a máis significativa novidade do convenio vixente en relación co anterior convenio estatutario de 1997, no cal a falta de comunicación escrita de cesamento tras os tres anos implicaba para o traballador a adquisición da condición de persoal fixo de cadro de persoal. Para documentar estas ampliacións do contrato por cambio da obra de construción, o anexo IV contén un modelo de acordo individual entre empresario e traballador [8].

A continuación, o precepto inclúe algunhas precisións sobre o cesamento dos traballadores. Como queira que a finalización das tarefas correspondentes a cada especialidade se produce paulatinamente, é razoable así mesmo que non todos os contratos de obra e servizo se denuncien de modo simultáneo, senón que se gradúen no tempo [9]. Para tales efectos, a esixencia convencional consiste en que o número de contratados debe reducirse de acordo coa diminución real do volume de obra realizada.

En todo caso, e xa se trate de un "fixo de obra" ordinario ou para a realización das súas funcións en obras sucesivas durante tres anos, o cesamento, ademais de notificarse por escrito, deberá preavisarse, calquera que fora a duración do contrato, cunha antelación mínima de quince días. A regra xeral sobre a posibilidade de substituírse o preaviso pola indemnización equivalente aos días deixados de preavisar compleméntase cunha regra específica de cálculo de tales días, incluíndose os conceptos salariais das táboas de convenio aplicables. Ademais, dita indemnización deberá documentarse no recibo de salarios coa liquidación correspondente ao cesamento.

O apartado 5 do art. 28 refírese á circunstancia de que se paralice temporalmente a actividade por causas imprevisibles e alleas á vontade do empresario. Cando sucede así, deberá darse conta á representación dos traballadores e, no seu defecto, á comisión paritaria provincial, para que un ou outro órgano procedan, dentro dun prazo improrrogable dunha semana dende que sexan notificados, a constatar o acaecemento de tales eventualidades. En tales casos parece -as referencias sistemáticas do apartado non son enteiramente correctas, o cal produce certa confusión- que a

7 Aínda que, para que poida sosterse a existencia dun contrato fixo de obra transcendéndose o prazo de tres anos, ha de acreditarse que os traballos da especialidade do traballador cesado finalizaron na última obra acordada na data do cesamento. Neste sentido, STSJ de Canarias/As Palmas de 10 marzo 2004 (rec. número 1529/03).

8 Algunhas especificacións concretas que contén o convenio da provincia de Barcelona, polo menos na súa versión de 1999, en STSJ de Cataluña de 17 xuño 2004, cit..

9 Admitindo expresamente esta posibilidade, STSJ de Asturias de 2 xullo 2004 (rec. número 1470/04). Sobre a proba para estes efectos, STSJ de Madrid de 1 decembro 2003 (rec. número 4519/03).

empresa pode denunciar o contrato por terminación da obra, aínda que non estará vinculada polo preaviso de quince días. Iso sen prexuízo de que, removidas as causas que produciron a paralización de actividades, contrae a obriga de ofrecer novo emprego aos traballadores afectados, a cal se manterá en vigor ata que a paralización se converta en definitiva. E tamén parece apuntarse a posibilidade de que ambas as dúas partes asinen o documento previsto no anexo IV para pasar a prestar servizos noutro centro de traballo móbil. Todo o cal complétase co matiz de que o devandito réxime de fin de contrato por paralización temporal da obra non é de aplicación nas situacións en que a mesma se derive dun conflito laboral.

E, en canto á indemnización por fin de contrato, a súa contía será do 4,5 por 100 de todos os conceptos salariais das táboas de convenio aplicables remunerar durante a vixencia do contrato [10].

Polo que respecta á negociación colectiva de ámbito inferior, en cumprimento das regras de estrutura fixadas no convenio especial, non entra maiormente nesta materia. O vixente convenio da provincia da Coruña para 2004 reproduce literalmente, nos seus arts. 31 e 32, os termos dos arts. 27 e 28 do convenio colectivo estatal, ao igual que facían os seus predecesores para 2003 e para 2002. Outro tanto sucede co art. 28 do convenio colectivo para 2002 da provincia de Lugo, cos arts. 34 e 35 do convenio para 2004 da provincia de Ourense e cos arts. 14 e 15 do convenio para 2004 da provincia de Pontevedra.

A mesma regulación do contrato de obra e servizo se contén, tamén polo que respecta ao contrato fixo de obra, nos convenios colectivos correspondentes a subsectores específicos dentro da construción [11].

As **demais modalidades contractuais** do art. 15 ET apenas reciben un tratamento substantivo no convenio estatal, aínda que se esbozan algunhas regras no art. 29. Establécese unha indemnización específica por fin de contrato que mellora substancialmente o art. 49.1.c) ET. En primeiro lugar, porque afecta a todos os contratos regulados no Rd 2720/1998, de 18 decembro, e polo tanto tamén aos de interinidade, excluídos da referida norma estatutaria. E en segundo porque a contía daquela se incrementa ata o 7 ou o 4,5 por 100 –en atención a se o contrato non superara o ano de duración ou si o fixera- dos conceptos salariais das táboas do convenio aplicable durante a vixencia do contrato. Polo demais, o preaviso do cesamento, de acordo coa negociación colectiva de ámbito provincial -por exemplo, art. 41del con-

10 Sobre a aplicación desta indemnización, así como a correspondente á falta de preaviso, STSJ do País Vasco de 2 decembro 2003 (rec. número 2229/03).

11 Por exemplo, art. 32 do convenio colectivo do sector de elaboración e instalación de pedra e mármore da Coruña para 2004. Tamén, art. 10 do convenio do sector de mármores e pedras de Pontevedra para 2004 e disposición adicional quinta do convenio colectivo do sector da pintura da provincia da Coruña para 2002.

venio da Coruña para 2004- ascende a quince días no caso de denuncia patronal e a sete días se a denuncia se produce a iniciativa do traballador.

Inclúese tamén unha regra específica que afecta ao **contrato eventual**, de acordo coa cal o período de referencia alcanza o límite de dezaoito meses, e o de duración do contrato, o de doce meses. Ademais, defínese a causa xustificativa en termos de incremento do volume de traballo ou de que se considere necesario aumentar o número de persoas que realicen un determinado traballo ou presten un servizo.

Unha regulación máis prolixa do contrato regulado no art. 15.1.b) ET contense no art. 33 do convenio colectivo do sector de pedra e mármore da Coruña. Despois de deterse en explicar por que deben ampliarse os seus límites temporais dentro do marco permitido polo devandito precepto [12], amplía, ao igual que fai o convenio estatal, o período de referencia a dezaoito meses e a duración máxima de contrato ás tres cuartas partes do devandito período, duración que non pode ser superior a doce meses. Ademais, contén unha regra, radicalmente ilegal por contraria ao mencionado artigo estatutario que admite cantas prórrogas as partes estimen oportunas no caso de contrato concertado por menos de seis meses. Especialmente relevante é a regra conforme á cal, á terminación do contrato, a empresa virá obrigada a satisfacer ao traballador unha indemnización de vinte días de salario base por ano de servizo, ou a parte proporcional que corresponda. Por último, o propio art. 33 deste convenio do subsector de pedra e mármore engade que os contratos celebrados baixo esta modalidade conterán unha referencia expresa ao precepto convencional.

Polo demais, o propio art. 29 do convenio estatal contén unha referencia un tanto asistemática aos traballadores postos a disposición de **empresas usuarias** que se rexan pola negociación colectiva do sector da construción, para expresar, en seguimento do art. 11 da Lei 14/1994, de 1 xuño -en redacción correspondente á Lei 29/1999, de 16 xullo- que "as empresas afectadas por este convenio...aplicarán as condicións pactadas nas táboas salariais do convenio provincial ou autonómico correspondente" [13] -é dicir, consignarán o devandito salario no contrato de posta a disposición para que a empresa de traballo temporal cumpra coas súas obrigas retributivas-. Aínda que debe recordarse que está prohibido o recurso ás empresas de traballo temporal -art. 8 do Rd 216/1999, de 5 febreiro- para os traballos nas obras de construción aos que se refire o anexo II do Rd 1627/1997, de 2 outubro, prohibición que acouta sensiblemente o ámbito de aplicación da regra descrita.

12 "O sector de elaboración e instalación de pedra e mármore, obxecto de regulación, resulta fluctuante na súa intensidade produtiva en función das circunstancias conxunturais e cíclicas da economía. Esta conclusión conduce, inevitablemente, a que as posibilidades do sector se enmarquen nun amplo concepto de existencias circunstanciais de mercado que levan consigo transitorias acumulacións de tarefas ou pedidos. Estas circunstancias resultan ser ciclicamente constantes no tempo e de relativa permanencia temporal dentro dos ciclos cambiantes da economía".

13 A mesma esixencia no art. 36.3 do convenio colectivo da provincia de Ourense para 2003 e no art. 33.3 do convenio colectivo da provincia da Coruña para 2004.

Algo máis engade a negociación colectiva de ámbito inferior sobre empresas de traballo temporal. O art. 19 do convenio colectivo da provincia de Pontevedra para 2004, ademais de obrigar ás empresas usuarias afectadas polo convenio a que garantan os mesmos dereitos laborais e retributivos recollidos neste [14] ou en pacto de empresa aos traballadores postos a disposición, establece a esixencia formal de que a devandita obriga conste expresamente no contrato de posta a disposición asinado entre a empresa de traballo temporal e a empresa usuaria da construción. E, adicionalmente, circunscribe o recurso a estas empresas a certas situacións: por unha parte, non poderá contratarse con estas para a realización das tarefas habituais. Por outra, só caberá acudir a elas para cubrir incapacidades temporais ou situacións extraordinarias [15]. Á súa vez, o convenio de elaboración e instalación de pedra e mármore da Coruña (2004) expresa, nuns termos que poden formular arduos problemas interpretativos, que "dende a sinatura do oportuno contrato, ditos traballadores terán os mesmos dereitos retributivos que calquera outro do cadro de persoal, de conformidade co recollido no presente convenio". Máis clarificador é o tenor literal do art. 10.2 do convenio do mesmo subsector para a provincia de Pontevedra, tamén de 2004 [16].

O convenio estatal tamén inclúe unha regulación bastante prolixa do **contrato para a formación**. Ademais da reiteración de numerosas regras do art. 11.2 ET e do Rd 488/1998, de 27 marzo, inclúense outras novas e matízanse algunhas das previstas legal e regulamentariamente, na medida en que o permiten as devanditas normas heterónomas. Nesta liña, o art. 29.4 iníciase cun recoñecemento da importancia desta modalidade contractual para a incorporación ao mundo do traballo e a axeitada preparación de determinados colectivos de mozos. Preparación que debe abranguer tanto o aspecto práctico de cada oficio como o coñecemento e adecuación ao sistema educativo xeral. De aí que se fai énfase na oportunidade de que a formación teórica e práctica propia destes contratos se leve a cabo por medio das institucións formativas das que se dotou o sector.

14 Algo similar -tamén de difícil interpretación- regula o art. 39 do convenio colectivo da provincia de Lugo de 2004, cando expresa no seu apartado 3 que "as empresas afectadas por este convenio, cando utilicen os servizos de traballadores con contratos de posta a disposición aplicarán as condicións pactadas neste".

15 A mesma limitación a traballos non habituais, salvo en caso de incapacidades laborais ou situacións extraordinarias, no art. 34 do convenio colectivo do sector de elaboración e instalación de pedra e mármore da provincia da Coruña (2004).

16 "As empresas afectadas por este convenio, cando contraten os servizos de empresas de traballo temporal, garantirán que os traballadores postos á súa disposición teñan os mesmos dereitos laborais e retributivos que lles corresponda aos seus traballadores en aplicación do seu correspondente convenio colectivo ou pacto de empresa. Esta obriga constará expresamente no contrato de posta a disposición celebrado entre a empresa de traballo temporal e a empresa usuaria". En parecidos termos, disposición adicional quinta, 3), 2 do convenio colectivo da pintura da provincia da Coruña (2002).

Antes de entrar nas regras substantivas sobre o contrato para a formación, o convenio estatal incide novamente en temas de estrutura de negociación, ao expresar que a regulación que introduce substitúe integramente o establecido sobre o particular nos convenios colectivos provinciais ou, no seu caso, autonómicos.

Como primeira regra, e dado que o contrato ten por obxecto a adquisición da formación teórica e práctica necesaria para o axeitado desempeño dun oficio cualificado no sector, se dispón que poderán ser obxecto deste os oficios incluídos nos niveis VIII e IX da disposición transitoria primeira. É dicir, oficial administrativo de segunda, corredor de praza, oficial primeira de oficio, inspector de control, sinalización e servizos e analista de segunda -nivel VIII-, así como auxiliar administrativo, axudante topográfico, auxiliar de organización, vendedores, conserxe e oficial segunda de oficio -nivel IX-. Máis adiante, ao enunciar a esixencia de que o traballo debe gardar unha relación directa coas tarefas propias do oficio ou posto cualificado que se trate de aprender, inclúese entre os oficios ou postos susceptibles de servir de obxecto a esta modalidade contractual os labores de limpeza e mantemento dos utensilios e ferramentas empregados no labor conxunto, as cales deberán desenvolverse "coa dilixencia correspondente á súa aptitude e coñecemento profesionais".

Seguidamente, o precepto fai referencia a unha serie de traballos que non poden ser desenvolvidos baixo esta modalidade contractual por traballadores menores de dezaoito anos: os oficios de vixilante, poceiro e estibador, nin tampouco as tarefas ou postos de traballo que expresamente fosen declarados como especialmente tóxicos, penosos, perigosos e insalubres, con independencia da prohibición legal de realizar horas extraordinarias ou traballo nocturno en calquera actividade por os devanditos traballadores. Trátase dunha regra que garda evidente relación co art. 27 da Lei 31/1995, de 8 novembro, de prevención de riscos laborais, así como co Decreto de 26 xullo 1957, sobre traballos prohibidos a menores, cuxo grupo IX de a "relación segunda, que comprende as actividades e industrias prohibidas aos varóns menores de dezaoito anos e ás mulleres menores de vinte e un " refírese ás industrias da construción e inclúe un listado algo máis exhaustivo.

A duración máxima do contrato será a prevista no ET de dous anos para todos os colectivos que non estean sometidos á franxa de idade de cumprir os dezaseis anos e non alcanzar os vinte e un , de acordo coas regras do art. 11.2, en particular tras a reforma de 2001. Para os que si se sitúen na devandita pinza, facéndose uso da habilitación legal aos convenios colectivos de sector -preferentemente estatais-, increméntase o prazo máximo ata os tres anos. Agora ben, na devandita duración haberá de terse en conta a regra do propio art. 29.4, número 12, relativa á incapacidade temporal: sempre que esta situación de seguridade social afecte por un prazo inferior a seis meses a un traballador contratado para a formación, ampliarase a duración do contrato por igual tempo ao que estivera suspendido. Polo demais, o prazo de preaviso sométese ás regras anteriormente descritas relativas ao contrato fixo de obra, tanto polo que respecta aos prazos coma á forma.

En relación coa formación teórica, inclúese unha regra adicional relativa aos cursos de formación ocupacional substitutivos da mesma, de acordo coa cal o número de horas teóricas dos devanditos cursos deberá equivaler ou ser superior ás previstas para a formación no contrato. A impartición da formación teórica axustarase á modalidade de acumulación de horas nun día á semana, ou ben o tempo necesario para completar unha semana enteira de formación. Calquera que sexa a cadencia pola que se opte, no contrato deberá especificarse o horario de ensino.

Tamén se inclúe unha regulación *ad hoc* da figura do titor. Deberá ser a persoa que, polo seu oficio ou posto cualificado, desenvolva a súa actividade auxiliado polo traballador contratado para a formación. O propio empresario pode asumir esta función, aínda que só no caso de que desenvolva a súa actividade profesional na mesma obra que o devandito traballador en formación.

Nos aspectos salariais tamén se fai distinción entre os traballadores "mozos"e os que se someten a esta modalidade contractual pola súa condición de minusválidos, estranxeiros durante os dous primeiros anos de vixencia do seu permiso de traballo, desempregados de longa duración con máis de tres anos sen actividade laboral, persoas en situación de exclusión social e alumnos-traballadores de escolas-obradoiro, casas de oficio e obradoiros de emprego: os primeiros cobran durante o primeiro ano o 60 por 100 das táboas salariais de convenio, o 70 por 100 ao longo do segundo anos e o 85 por 100 no terceiro. Os demais, o 95 por 100 durante o primeiro ano e o 100 por 100 no segundo. As devanditas táboas salariais refírense ao nivel IX das táboas de cada convenio.

Ademais desta escala retributiva relativa ao contrato para a formación, o art. 29.4 10 contén unha regra de absorción paulatina de condicións salariais máis vantaxosas incluídas en convenios de ámbito provincial: os convenios provinciais deberán manter a retribución superior como unha condición máis beneficiosa ata ser alcanzada polo convenio estatal, de modo que os salarios afectados quedarán conxelados ata a súa equiparación.

Polo demais, os plus extrasalariais outorgaranse no caso destes contratos en iguais condicións que aos demais traballadores.

Tamén aos traballadores contratados para a formación se lles concede -a diferenza do réxime mínimo legal- unha indemnización por fin de contrato, que neste caso equivale ao 4,5 por 100 calculado sobre os conceptos salariais das táboas do convenio remunderadas durante a vixencia do contrato.

Finalmente establécese normativa referida á avaliación e certificación da formación teórico-práctica obtida durante a vixencia do contrato. Ademais das esixencias de certificación contidas no propio ET, e que o convenio reitera materialmente, atribúese á Fundación Laboral da Construción, a través dos seus centros propios ou cola-

boradores, a misión de outorgar a cualificación que proceda a través das probas correspondentes, previamente homologadas, e que atenderán tanto ao aproveitamento teórico coma ao práctico. Así mesmo, decidirán sobre o pase dos traballadores contratados para a formación á categoría de oficial.

O convenio colectivo xeral vixente non contén compromisos de conversión de contratos temporais en indefinidos, como si se facía en acordos anteriores, como o Acordo Sectorial Nacional para 1998 o cal, en desenvolvemento da disposición adicional primeira da Lei 63/1997, de 26 decembro, prevía que a partir do 16 maio 1998 os contratos de duración determinada ou temporal, incluídos os formativos, podían ser convertidos en contratos para o fomento da contratación indefinida. Curiosa e lamentablemente, o art. 37 do convenio colectivo da provincia de Ourense para 2004 reitera este precepto procedente do ámbito estatal, pero de forma anacrónica, ao referirse á disposición adicional primeira da Lei 63/1997, de 26 decembro, cando o precepto vixente xa é hai tempo a disposición adicional primeira da Lei 12/2001, de 9 xullo. E o mesmo sucede co art. 20 do convenio da provincia de Pontevedra para 2004.

En liñas xerais, tanto polo que respecta ao contrato para a formación coma aos demais contratos temporais á regulación dos cales se fixo superficial referencia, a negociación colectiva no ámbito estatal foi bastante continuísta, limitándose na práctica a pouco máis que ir introducindo as adaptacións necesarias derivadas das sucesivas reformas legais que foron sucedéndose nesta materia.

Tampouco a negociación colectiva de ámbito inferior se apartou ata a data da regulación contida no convenio colectivo xeral. O art. 33 do vixente convenio colectivo provincial da provincia da Coruña repite practicamente *ad pedem literam* a dicción do convenio estatal, sen apartarse deste nin tan sequera no aspecto previsto neste da converxencia salarial dos traballadores contratados para a formación. Outro tanto debe dicirse do da provincia de Lugo para 2004 -art. 39-. Polo que respecta á da provincia de Ourense para 2004 -art. 38- tamén está tinguido deste carácter de mera reiteración da cláusula estatal. Sen embargo, contén unha diferenza, substantiva: en canto á retribución dos traballadores contratados para a formación de menos de vinte e un anos, séguese máis ben a regulación do acordo sectorial estatal de 1998 e non o de 2002, de modo que se establecen unhas porcentaxes nalgún caso inferiores ás do convenio estatal de 2002: diferénciase entre traballadores menores e maiores de idade. Para os primeiros, a retribución será do 55 por 100 o primeiro ano e do 60 por 100 o segundo -é dicir, inferior á que regula o convenio estatal-. Para os segundos, o 65 por 100 o primeiro ano, o 70 por 100 o segundo ano e o 85 por 100 o terceiro ano –contías superiores-. E para os colectivos sen límite de idade maiores de 21 anos, está á regra estatal de recoñecer o 95 por 100 o primeiro ano e o 100 por 100 o segundo do salario do nivel IX das táboas do convenio. Sen que se prevexa conxelación ningunha aos efectos da equiparación pretendida polo convenio xeral. Probablemente, esta especialidade provincial prevalece sobre a estatal, máxime á vista da sentenza da Audiencia Nacional de 5 decembro 2003. Aínda que

o tema é dubidoso, de acordo co elenco de materias non sometidas á concorrencia descentralizadora contido no parágrafo terceiro do art. 84, entre as cales parece encaixar perfectamente esta cuestión. Polo que respecta ao convenio da provincia de Pontevedra para 2004, o seu art. 18 respecta escrupulosamente as regras do convenio estatal, se ben as porcentaxes retributivas deste as expresa en cantidades exactas, a partir do salario do nivel IX previsto no anexo I do propio convenio.

Pola súa banda, o convenio colectivo do sector da pintura da provincia da Coruña (2002) establece, na súa disposición adicional quinta, 3), 4, regras moi similares ás do convenio estatal da construción, coa singularidade máis visible de que non se contempla a posibilidade de prolongar o contrato para a formación un terceiro ano.

Outro tema relativo á contratación sobre o que terza a negociación colectiva do sector, aínda que neste caso tan só a de ámbito provincial, é o de a **reserva do 2 por 100** dos postos de traballo a **traballadores minusválidos**, en seguimento do art. 38 da Lei 13/1982, de 7 abril e das posibilidades de matizar a devandita reserva de acordo co devandito precepto, na redacción vixente derivada da disposición adicional 17ª da Lei 24/2001, de 27 decembro. De acordo co art. 37 do convenio da provincia da Coruña para 2004, "... tendo en consideración que as actividades e traballos nas obras comportan riscos para a saúde e seguridade dos traballadores, o cómputo do dous por cento realizarase sobre o persoal adscrito a centros de traballo permanentes" [17]. Sen prexuízo da xustificación evidente desta regra, cabería preguntarse sobre a conveniencia de estendela sen máis precisións a todos os traballadores minusválidos, con independencia de cál sexa a minusvalía que lles afecta.

Polo demais, algún convenio regula unitariamente o tema das indemnizacións por fin de contrato temporal. Este é o caso do art. 10.b) do convenio do sector de mármores e pedras de Pontevedra (2004), que as contempla "para todos os contratos regulados no Rd 2546/1994" -xa podían ter as partes negociadoras a cautela de remitir non a un regulamento derrogado, senón ao vixente Rd 2720/1998, de 18 decembro-, polo tanto, tamén para o contrato de interinidade. E así mesmo para o contrato temporal de fomento do emprego de traballadores minusválidos -art. 44 da Lei 42/1994, de dubidosa vixencia a partir cando menos de 1 xaneiro 2004, pero ao amparo da cal se subscribiron contratos actualmente vixentes-. En canto á contía indemnizadora, elévase a un 7 por 100 dos conceptos salariais das táboas do convenio nos casos de contratos de vixencia inferior a 181 días e a un 5,4 por 100 nos restantes casos.

En materia de **período de proba**, o convenio colectivo xeral -cuxo anulado art. 10 a reservaba en exclusiva ao ámbito estatal[18]-, no seu art. 25, situado sistematica-

17 A mesma regra se contén no art. 40 do convenio colectivo da provincia de Lugo para 2004 e no art. 58 do convenio colectivo da provincia de Ourense para 2004.

18 Non puido ser esta reserva material a causa de nulidade do precepto, á vista do parágrafo terceiro do art. 84 ET.

mente no capítulo I do Título I –"condicións xerais de ingreso" contén unha regulación que modifica substantivamente regras dispositivas do art. 14 ET e que reitera a dos convenios xerais dende 1992. Polo que respecta aos prazos, estase aos do devandito precepto, se ben con algúns matices. Entre outros, que independentemente da dimensión do cadro de persoal, a súa duración máxima é de tres meses para os empregados do nivel III que non sexan titulados medios, e dos niveis IV e V. Para os empregados dos niveis VI a X, de dous meses, e de quince días naturais para o resto do persoal que ostente a condición de empregado. Para os técnicos titulados superiores e medios, estase ao prazo máximo de seis meses do ET. E, para o persoal operario, o período de proba non poderá superar un mes no caso de encargados e capataces e de quince días naturais para os demais operarios.

O desistimento regúlase no convenio xeral con algúns datos que se omiten no art. 14 ET. Entre eles, a aclaración de que non se require a observancia de previo aviso, que ningunha das partes ostenta dereito a indemnización ningunha e que -esta si constitúe unha esixencia adicional- deberá producirse observando a forma escrita. E, polo demais, establécese unha situación que exclúe o período de proba: os titulares de cartilla profesional expedida pola Fundación Laboral da Construción, con contrato fixo de obra ou outra modalidade de contrato temporal, estarán exentos deste para os traballos da súa categoría profesional, sempre que conste na cartilla profesional ter acreditado o seu cumprimento en calquera empresa anterior. En realidade, e aínda que con ámbito de aplicación máis amplo, se trata da regra estatutaria conforme á cal devén nulo o período de proba cando o traballador teña desempeñado xa as mesmas funcións con anterioridade. Aínda que o art. 14 ET restrinxe a nulidade aos casos nos que o devandito desempeño se producise na mesma empresa. Convén ter en conta que esta regra convencional se introduciu en 1997, tanto no pacto extraestatutario coma no convenio colectivo xeral estatutario que o sucedeu con vixencia ata 31 decembro 2001.

Os convenios provinciais de Galicia son absolutamente respectuosos coa anulada reserva ao ámbito estatal. O art. 36 do convenio colectivo da provincia da Coruña para 2004 reproduce mimeticamente e sen ningunha variación o tenor literal do convenio xeral, ao igual que o art. 32 do convenio da provincia de Ourense para 2004 e o art. 12 do convenio da provincia de Pontevedra para 2004. O mesmo fai o art. 14 do convenio colectivo da provincia de Lugo para 2004, aínda que engade unha referencia ás situacións de incapacidade temporal, en seguimento do convite que fai ao respecto o parágrafo segundo do art. 14 ET: sen prexuízo da posibilidade de que o empresario desista do contrato durante tal situación -ou o traballador, debería engadir a cláusula convencional-, esta suspende o período de proba.

En resumo sucinto, e á marxe doutros aspectos que foron convenientemente desenvolvidos nas páxinas anteriores, deben destacarse tres trazos que presiden a contratación e os mecanismos de ingreso nas empresas do sector. O primeiro deles é, dende logo, a flexibilidade no contrato de obra e servizo determinado. A figura do contra-

to fixo de obra, na actualidade totalmente implantada na nosa realidade laboral, constitúe un desenvolvemento que singulariza os termos normativos do art. 15.1.a-n) ET e do art. 2 e preceptos concordantes do Rd 2720/1998, de 18 decembro, por máis que iso sucedera co beneplácito da doutrina xudicial e, por suposto, das partes. O segundo consiste no nulo interese ou a practicamente nula aparición de cláusulas de incentivo da conversión de contratos temporais en indefinidos. Chama poderosamente a atención mesmo a obsoleta referencia á Lei 63/1997, de 26 decembro, como proba do abandono desta cuestión nun sector que foi santo e sinal da temporalidade no noso país, así como do encadeamento ata o infinito de contratos temporais. E máis aínda se se ten en conta o papel máis que considerable que desempeñou como motor da economía ao longo dos últimos anos. O terceiro refírese ao interese que si existiu por dotar dunha prolixa regulación o contrato para a formación. Con todas as críticas que poida merecer, pon de manifesto a necesidade que sentiron os interlocutores sociais de dotar dunha normativa suficiente a unha relación de aprendizaxe que ostenta unha grande importancia cualitativa e cuantitativa no sector. Aquí si que transcenderon sen demora as reformas lexislativas de 2001 aos preceptos convencionais.

2. SUBCONTRATACIÓN *

Nun sector no que a subcontratación e as cadeas de contratas e subcontratas teñen unha incidencia tan forte en termos cuantitativos e cualitativos, necesariamente a negociación colectiva tiña que terzar. O convenio colectivo dedica a esta materia o art. 30, a situación sistemática da cal dentro do capítulo II -contratación- do Tít. I resulta bastante discutible. A partir dunha remisión ás responsabilidades fixadas no art 42 para a empresa principal, dito precepto incrementa as garantías dos traballadores das subcontratistas sucesivas con algunhas regras adicionais. En primeiro lugar, a responsabilidade solidaria da empresa principal esténdese a certos conceptos extrasalariais. En concreto, ás indemnizacións por falecemento, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta ou total derivadas de continxencia profesional que se regulan no at. 71 do propio convenio xeral, aínda que sempre que se cumpra a dobre condición de que tanto a empresa principal como a contratista se atopen dentro do seu ámbito de aplicación.

Ademais, incorpora certas obrigas informativas da empresa subcontratista á súa principal, nos casos en que a primeira subcontrata á súa vez a totalidade ou parte da obra a ela encomendada. Os devanditos feitos deberán comunicarse anteriormente á iniciación dos traballos, e a tal fin o Anexo V do convenio xeral incorpora un modelo de "notificación de subcontrata na actividade de construción e obras públicas", no que a notificación á empresa principal se fai extensiva á Inspección de

* Autor deste apartado: JAIME CABEZA PEREIRO.

Traballo e Seguridade Social, como ordena o propio art. 30 [19], que contempla así mesmo outra copia destinada á representación legal dos traballadores. Aínda que, en realidade, a copia non cumpre suficientemente coas esixencias informativas aos representantes unitarios previstas no art. 42.4 ET.

Finalmente, o art. 30, no seu parágrafo último, regula certas cuestións relativas á seguridade e saúde no caso de coordinación de actividades. Dispón que a empresa principal, baixo a súa responsabilidade, deberá establecer, nos centros de traballo en que presten servizos traballadores de empresas subcontratistas, os mecanismos de coordinación adecuados en orde á prevención de riscos, así como proporcionar información sobre estes, e ocuparse, en xeral, de canto se relacione coas condicións de seguridade e saúde dos traballadores e das condicións hixiénico-sanitarias. Trátase dun mandato anterior á entrada en vigor do Rd 171/2004, de 30 xaneiro, de desenvolvemento do art. 24 da Lei 31/1995, de 8 novembro.

En termos xerais, a versión actual do art. 30 do convenio xeral constitúe un perfeccionamento de anteriores cláusulas, como o art. 30 do convenio estatutario de 1997, ou o do convenio extraestatutario de 1997, ou tamén o art. 31 do convenio colectivo xeral de 1992. Polo que respecta á negociación colectiva de ámbito inferior, hai convenios que gardan silencio sobre esta materia -por exemplo, o vixente para 2004 da provincia da Coruña- por máis que o convenio xeral non contén ningunha reserva desta ao ámbito estatal. Outros reproducen, case literalmente, a cláusula do convenio estatal -como é o caso do art. 41 do convenio de Lugo para 2004 ou o art. 21 do de Pontevedra para 2004-. Pola súa banda, o art. 39 do convenio colectivo da provincia de Ourense para 2004 segue reiterando a cláusula do convenio xeral de 1998, que contén, no seu parágrafo primeiro, unha cláusula de limitación de responsabilidade da empresa principal que, en canto contradiga o art. 42 ET e concordantes, na interpretación que destes ditou a xurisprudencia, debe considerarse nula.

Pode concluírse, polo tanto, que a negociación colectiva do sector da construción se limitou, en relación con esta materia, a establecer deberes informativos e a impoñer certas medidas relativas á seguridade e saúde no moi habitual caso de coincidencia de varias empresas no mesmo centro de traballo. Pero sen que se abordara a posibilidade de establecer algunha limitación obxectiva ou subxectiva á descentralización produtiva. Noutros termos, a parte empresarial en absoluto cedeu ningunha toma de decisións ao acordo entre as partes sociais.

19 Con referencia expresa ao art. 11 da Lei 42/1997, de 14 novembro, relativo á colaboración coa Inspección de Traballo e Seguridade Social.

3. TEMPO DE TRABALLO *

3.1. Xornada de traballo

O estudo do réxime xurídico do tempo de traballo no sector da construción en Galicia toma como referente fundamental, aparte da norma estatal, a convencional. Neste sentido, o exame dos convenios colectivos galegos de ámbito provincial [20] debe completarse, necesariamente, co do xeral estatal, as previsións do cal ao respecto, que exceden do que consente o art. 84 ET (parágrafos segundo e terceiro), seguen e reproducen aqueles en boa medida, admitindo con iso a distribución de materias realizada polo devandito convenio xeral, que se reserva, entre outras (art. 10), a regulación da xornada anual, das horas extraordinarias, dos descansos, das vacacións anuais, das licenzas e dos permisos, deixando para a negociación de ámbito provincial ou, no seu caso, autonómico a posibilidade de elaborar os calendarios provinciais e locais, destinados a concretar a distribución da xornada anual de traballo efectivo. Agora ben, o escaso papel da negociación provincial ou autonómica en materia de tempo de traballo pode cambiar a partir da sentenza da Audiencia Nacional do 5 de decembro de 2003 [21], que declara nula e sen eficacia esta distribución de materias negociables nos diferentes niveis en relación cos convenios ou acordos colectivos que, referíndose tamén ao sector da construción, sexan de ámbito inferior ao estatal, pero superior ao de empresa, e reúnan os requisitos do art. 84 ET.

O exame dos convenios non se limita aos vixentes; téñense tamén en conta os de anos anteriores, co obxecto de comprobar se se aprecian variacións na regulación. Polo demais, tamén se analizaron os distintos acordos sectoriais nacionais da construción, os cales, en materia de tempo de traballo, limítanse a reproducir, para o seu ámbito temporal, a duración da xornada ordinaria anual prevista no correspondente convenio xeral do sector.

3.1.1. Xornada ordinaria

3.1.1 1. Duración. Cómputo

Segundo o art. 34.1 ET, "a duración da xornada de traballo será a pactada nos convenios colectivos ou contratos de traballo". Pois ben, tanto o convenio xeral do sector da construción como os provinciais galegos non deixaron pasar a ocasión sen regular este particular con certo detemento, fixando a duración máxima da xorna-

* Autora deste apartado: LOURDES MELLA MÉNDEZ.

20 Salvo indicación máis específica, todos os convenios citados neste capítulo son do sector da construción.

21 JUR 2004/205567.

da tanto en cómputo anual como semanal. O convenio xeral vixente establece, para cada un dos anos do seu ámbito temporal, unha xornada ordinaria anual a duración da cal é claramente decrecente. Así, para os anos 2002, 2003, 2004, 2005 e 2006, aquela queda establecida en mil setecentas cincuenta e seis, mil setecentas cincuenta e dous, mil setecentas cincuenta, mil setecentas corenta e oito e mil setecentas corenta e seis horas, respectivamente (art. 72.1). Como se aprecia, a maior redución prodúcese entre os dous primeiros anos (catro horas), pois en cada un dos restantes aquela baixa á metade (dúas horas). Esta fixación decrecente da duración da xornada deixa claro que ao sector da construción tamén chegou o debate sobre a redución do tempo de traballo, o cal non é algo novo, pois xa nos convenios xerais precedentes se apreciaba igual fenómeno, mesmo con maior intensidade [22]. Examinados os devanditos convenios, obsérvase que no primeiro (1992-1996) a redución -salvo en dous anos (1994 e 1995), onde se mantén igual- é significativa ao alcanzar dun ano a outro as oito horas; no segundo, (1997-2001) aquela xa se suaviza, ao limitarse á metade -catro horas- e manterse con carácter bianual. Esta tendencia continúa no vixente convenio, nos termos xa indicados. Que a diminución do tempo de traballo sexa cada vez menor é lóxico, ao reducirse progresivamente as posibilidades de negociación sobre o particular.

En canto á xornada ordinaria semanal, as diferentes versións do convenio xeral coinciden en que "será de corenta horas durante toda a vixencia" daquel (art. 72.2 do vixente), co que se observa o previsto no art. 34.1, parágrafo segundo, ET, segundo o que "a duración máxima da xornada ordinaria de traballo será de corenta horas semanais de traballo efectivo de media en cómputo anual". Con todo, non deixa de estrañar que, ante a constante redución da xornada anual, a semanal mantéñase invariable no seu máximo, co que parece que aquela non se traduce nunha diminución desta, como adoita ser o habitual. Así as cousas, aquela redución de xornada anual materialízase nun aumento do tempo de descanso do traballador, como se verá *infra*. Estas xornadas máximas anuais e semanais reprodúcense, sen cambios, nos convenios provinciais galegos.

Aínda sen indicarse expresamente nos convenios xerais, a xornada de traballo, anual ou semanal, debe entenderse como de "traballo efectivo" e non de mero tempo de presenza no centro de traballo. A devandita expresión alude ao tempo durante o que o traballador permanece no seu posto de traballo, excluíndo, pois, os períodos empregados no acceso e saída do centro de traballo ou noutras actividades, como, por exemplo, o tempo invertido no cambio de roupa (en vestiarios) ou en fichar. Neste sentido, que a xornada de traballo (anual e semanal) debe interpretarse co referido matiz é algo que deixan claro os convenios da provincia da Coruña de, polo

22 No convenio de 1992-1996 a xornada ordinaria anual fixouse en 1.792 (1992), 1.784 (1993), 1.776 (1994 e 1995) e 1.768 (1996) horas (art. 71). Pola súa banda, no convenio de 1997-2001, a xornada de que se trata estableceuse en 1.764 (1997 e 1998), 1.760 (1999 e 2000) e 1.756 (2001) horas (art. 70).

menos, os tres últimos anos. Así, o art. 38 do vixente prevé "unha xornada laboral para o ano 2004 de 40 horas semanais de *traballo efectivo*, o que supón un cómputo anual de *traballo efectivo* de 1.750 horas". Non se apartan do anterior os demais convenios provinciais, e así, os de Ourense (2004) e Pontevedra (2004) sinalan que a xornada laboral de corenta horas semanais será "de traballo efectivo" (arte. 9 e 43.2, respectivamente) e o de Lugo (2004) especifica que a xornada normal de traballo se fixa "en 1.750 horas efectivas ao ano" (art. 16). Agora ben, aínda que tales convenios gardasen silencio sobre este punto, a interpretación seguiría sendo a mesma, pois xa o art. 34.5 ET é contundente ao establecer que "o tempo de traballo computarase de modo que tanto ao comezo coma ao final da xornada diaria o traballador se atope no seu posto de traballo".

Dende a súa primeira versión, o convenio xeral recoñece a posibilidade de que existan convenios provinciais que establezan unha xornada inferior á súa e, polo tanto, máis favorable para os traballadores afectados. En tal suposto, estes manterana como condición máis beneficiosa ata o momento en que o convenio xeral a iguale (art. 72.3 do vixente). Con esta última precisión queda clara a intención deste convenio de seguir rebaixando no futuro o tempo de traballo, así como que os traballadores gocen das condicións laborais máis favorables.

3.1.1 2. Distribución

3.1.1.2 1. Horario de traballo

O horario de traballo, isto é, a determinación do tempo durante o que o traballador debe desenvolver a súa actividade laboral dentro de cada día, incluída a fixación exacta dos momentos de entrada e saída, é un elemento esencial para a organización do tempo de traballo e da actividade laboral na empresa. Noutras palabras, é un instrumento especialmente axeitado para atender ás necesidades específicas de cada empresa ou, mesmo, centro de traballo e, polo tanto, para introducir certa flexibilidade na organización e desenvolvemento do proceso produtivo. Así, resulta lóxico que a súa fixación corresponda ao empresario, ben unilateralmente, ben co consenso dos representantes dos traballadores, e neste caso se actuará a través do convenio ou acordo de empresa. Dende este punto de vista, é doado entender o silencio tanto da normativa estatal coma dos convenios estatais ao respecto. Sen embargo, os convenios provinciais xa adoitan establecer algunhas regras xerais sobre a materia, como sucede cos galegos do sector da construción, que rexerán salvo outras máis específicas previstas nos convenios ou acordos de ámbito inferior (empresa ou centro de traballo) ou decididas pola empresa.

Dentro da nosa comunidade autónoma, o convenio provincial que establece unha regulación máis detallada do horario de traballo é o da Coruña (2004), cuxo art. 39 caracterízase por recoñecer a especificidade e, polo tanto, a necesidade de horarios

diferentes para as diversas actividades ou grupos de traballadores das empresas incluídas no seu ámbito de aplicación. Así, en primeiro lugar, mentres que para algúns sectores laborais se fixa un determinado horario, para outros remítese expresamente á discrecionalidade do empresario, por entender que este é o máis capacitado para concretar este aspecto da actividade laboral que tan directamente está vinculado ás particularidades e necesidades do servizo de que se trate en cada caso. En palabras do propio convenio, mentres que "nas obras, almacéns, parques e talleres (e) nas súas oficinas, o horario distribuirase en oito horas de luns a venres, ambos os dous inclusive", no resto das oficinas e nos servizos de vixilancia, mantemento e sostemento de inmobles; mantemento de canteiras, graveiras e areeiras e nos traballos a quenda, aquel "determinarase libremente polas empresas, axustándose ás necesidades do servizo que presten". Nestas actividades o convenio provincial considera oportuno inhibirse totalmente sobre a fixación do horario e remite directamente ao xuízo de quen mellor coñece as características de cada actividade.

En segundo lugar, naqueles sectores en que o convenio entra a pronunciarse sobre o horario, a regulación é xeral e deixa marxe á vontade das empresas, que poderán concretar e, mesmo, cambiar certas regras. Deste modo, tras establecer un horario estándar de oito horas diarias de traballo efectivo de luns a venres e indicar as horas dentro das cales aquel estará comprendido (entre as oito e as dezanove horas), matízase que o devandito horario rexerá "salvo pacto escrito en contrario". A alusión ao pacto indica que aquí o empresario non pode modificar unilateralmente o horario do convenio, senón que necesita o consenso dos representantes dos traballadores, tal e como esixe o art. 41.2, parágrafo terceiro, ET. Se non hai pacto na empresa, a fixación das horas de entrada e saída do traballo indica, polo amplo arco temporal que abrangue, que se está ante unha xornada partida, cuxos outros extremos temporais, e descansos dentro desta, quedan á discrecionalidade daquela. Outro aspecto no que se deixa certa marxe de flexibilidade á empresa é en relación coas xornadas de inverno, pois, segundo o convenio, "durante os meses de novembro a febreiro, ambos os dous inclusive, facúltase as empresas para iniciar a xornada diaria de traballo ás nove horas da mañá". O feito de que o convenio habilite expresamente a aquelas para efectuar o cambio, se o consideran oportuno, fai innecesario o pacto cos representantes. A razón de que, nos citados meses, poida atrasarse o inicio da xornada laboral relaciónase co feito de que durante aqueles amence máis tarde e, polo tanto, se dispón de menos horas de luz natural. Polo tanto, o atraso pode aforrar gastos de iluminación, así como facer máis doado o traballo para os traballadores, por exemplo, eliminando un maior risco de accidentes laborais.

Por último, en relación coa esixencia -xa comentada- de que a xornada sexa de traballo efectivo, o convenio analizado require o cumprimento estrito do horario establecido a través da puntualidade dos traballadores. Neste sentido, prevese que "a puntualidade é de necesaria observancia e esixirase a todos os traballadores afectados por este convenio". Co fin de aclarar calquera dúbida ao respecto, dita norma entende por puntualidade "a presenza do persoal ás horas de comezo da xornada no

seu posto de traballo e coa roupa de traballo posta, así como non abandonar o posto de traballo antes das horas de terminación". De forma similar, o convenio de Lugo (2004) reitera que, respecto do horario de traballo, a puntualidade é de necesaria observancia para todos os traballadores. Ademais, para incentivar tanto aquela como a prestación efectiva do traballo, establécese "un plus de asistencia, puntualidade e produtividade", dirixido a premiar a "os traballadores que, con rendemento normal e correcto", e "coa debida puntualidade, non teñan ningunha falta de asistencia inxustificada ao traballo" [23]. Como é lóxico, a norma convencional non entende inxustificadas as faltas durante a situación de baixa por enfermidade ou accidente, período vacacional, licenzas retribuídas ou permisos da empresa. Dado que en todos estes casos existe causa xustificada para a non asistencia ao traballo, a precisión do convenio resulta innecesaria e meramente declarativa. Este plus será satisfeito, unicamente, por xornada completa realmente traballada [24].

A importancia da materia de que se trata leva ao convenio examinado a regular, tamén, a perda deste plus, pero só para o suposto de non asistencia ao traballo, polo que non se sabe moi ben como afectará a aquel o incumprimento doutra das condicións previstas para a súa percepción: a impuntualidade. En principio, parece razoable pensar que neste caso a sanción debe ser a mesma que na de inasistencia, pois, pola contra, se estaría a dar un trato de favor a este tipo de conduta a incumpridora. Sexa como for, en caso de inasistencia ao traballo, prevese que a primeira xornada non traballada completa suporá a perda de catro días de plus, a segunda de dez e a terceira do importe total mensual daquel, á parte das retribucións correspondentes aos devanditos días[25]. Ademais, repárese en que a perda do mencionado complemento é independente das sancións laborais previstas para as faltas de asistencia ou impuntualidade, como, por exemplo, o despedimento disciplinario ou obxectivo.

A preocupación polo cumprimento efectivo da xornada de traballo reflíctese noutros convenios galegos, como o da provincia de Ourense (2004), se ben poñendo máis o acento na asistencia ao traballo que na puntualidade a este. Así se prevé unha gratificación de asistencia para os traballadores de certas categorías profesionais que non teñan ningunha falta de asistencia ao traballo inxustificada [26]. A perda daquela regúlase en termos similares aos vistos no convenio de Lugo [27]. Máis benevolente no tratamento deste plus de asistencia móstrase aínda o convenio da Coruña (2004) [28], ao prever a súa remuneración "por día efectivo de traballo, sempre que o

23 Art. 24.

24 Ibídem.

25 Art. 25.

26 Art. 11.

27 Art. 12.

28 Art. 16.

traballador preste servizo efectivo, polo menos, durante catro horas". Como se aprecia, non só non é necesaria a puntualidade no cumprimento do horario, senón que o abono do citado complemento require unicamente o cumprimento da metade da xornada (catro horas). Ademais, a primeira falta inxustificada non resulta penalizada coa perda daquel, si a segunda e terceira, e en igual medida que no convenio de Lugo xa comentado.

Se xeral e concisa é a regulación do horario de traballo no convenio da Coruña, máis aínda o é a dos outros convenios provinciais galegos. En efecto, o de Pontevedra (2004) limítase a establecer os días laborables da semana, que serán de luns a venres, durante os cales ten que distribuírse a xornada ordinaria semanal de corenta horas [29]. Dado que nada se especifica sobre a duración da xornada diaria, cabe aplicar a regra xeral das oito horas. Algo máis completo, pois polo menos inclúe esta última precisión expresamente, é o de Ourense (2004), que fixa o número de horas diarias de traballo e os días da semana que teñen carácter laborable. Así se sinala que a xornada laboral semanal de corenta horas quedará distribuída "en oito horas diarias de luns a venres, ambos os dous inclusive" [30]. Aínda sendo innecesario, o convenio de Lugo (2004), tras reiterar as mesmas precisións sobre as horas diarias de traballo e os días laborables, engade que son "inhábiles (os) sábados e domingos" [31].

3.1.1.2 2. Traballo a quendas e nocturno

Cuestións directamente relacionadas co horario de traballo son as do traballo a quendas e o nocturno, pois estes merecen tal consideración en canto se desenvolven dentro dun determinado horario diferente ao ordinario que poida rexer, con carácter xeral, na empresa ou sector.

O traballo a quendas é unha forma de organizar o traballo en equipo segundo a cal os traballadores ocupan sucesivamente os mesmos postos de traballo, de acordo con certo ritmo, continuo ou descontinuo, implicando para o traballador a necesidade de prestar os seus servizos en horas diferentes nun período concreto de días ou semanas (art. 36.3 ET). Dado que o sector da construción é propicio para o traballo a quendas, o convenio xeral vixente ocúpase desta particular forma de traballar no seu art. 74, sen grandes novidades respecto ao previsto no ET, ao cal se remite expresamente nalgunha ocasión. Así sucede cando se sinala que "as empresas poderán establecer quendas de traballo por razóns económicas, técnicas, organizativas ou de produción, de conformidade co artigo 41 do Texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores" (núm. 1). Que se aluda a este precepto fai pensar que na empresa xa

29 Art. 43. 2.

30 Art. 9, parágrafo segundo.

31 Art. 16.

existe outra forma de organizar o traballo, polo que o sistema de quendas que se quere implantar supón unha modificación substancial das condicións de traballo. En consecuencia, esta só é posible se concorren as causas e obsérvase o procedemento do referido precepto. Repárese na significativa diferente redacción que a estipulación comentada garda coa prevista no primeiro convenio xeral (1992-1996) [32], segundo o cal as empresas podían "establecer quendas de traballo por razóns técnicas, organizativas ou produtivas", salvo que iso implicase "modificación de condicións de traballo, e neste caso sería" "preceptivo o acordo cos representantes dos traballadores, se os houber". Esta redacción permitía entender que as quendas podían establecerse inicialmente ou nun momento posterior da actividade laboral. No primeiro caso, a decisión podíaa tomar unilateralmente o empresario sempre que concorrese algunha das causas aludidas; no segundo, ademais desta, era necesario o previo acordo cos representantes, sendo insuficiente coa mera audiencia a estes.

Outra estipulación convencional que non achega novidade respecto do previsto no art. 36.3, parágrafo segundo, ET é aquela que apunta que "as empresas que, polas características da súa actividade, necesiten establecer xornada ininterrompida durante as vinte e catro horas do día, organizarán as quendas de tal modo que, salvo adscrición voluntaria, cada traballador non poderá permanecer no ... de noite máis de dúas semanas consecutivas"(art. citado, núm. 2). Certamente, a estipulación en cuestión non só é reiterativa, senón incompleta ao omitir a outra recomendación que se efectúa as empresas de proceso produtivo continuo, cal é a da rotación das quendas. Polo que respecta á limitación temporal na quenda de noite, cabe sinalar que esta se configura como un dereito dispoñible para o traballador individual, polo que este voluntariamente pode decidir prestar servizos naquel durante un período superior ao sinalado. En todo caso, a decisión de continuar no período nocturno é de carácter persoalísimo, polo que non cabe a súa adopción polos representantes dos traballadores nin pola autonomía colectiva. A manifestación de vontade do traballador en tal sentido debe ser clara e indubidable, xa expresa, xa tácita. Sexa como for, o que si parece necesario é que, nestes casos, o empresario informe ao traballador sobre os posibles riscos laborais que a permanencia en tal situación lle pode reportar para a súa saúde.

A falta de innovación segue estando presente no núm. 3 do art. 74 citado, polo menos en canto ao seu contido. Sabido é que esta especial forma de traballo a quendas pode levar consigo, por razóns organizativas, algunhas especialidades no réxime de descansos, tal e como prevé o art. 19 Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo (RDJ), que permite que o medio día (tarde do sábado ou mañá do luns) do descanso mínimo semanal poida, ben se acumular por un período de ata catro semanas, ben se separar do día completo ao que acompaña (domingo) para gozalo noutro da semana. Pois ben, a regra convencional agora comentada o que fai é optar pola primeira posibilidade para gozar dese medio día

32 Art. 73.1.

de descanso. A súa finalidade é a de introducir certa dose de flexibilidade nesta forma de organizar o traballo, atendendo tanto aos intereses da empresa como dos traballadores afectados.

Por último, aínda que frecuente a súa previsión, maior novidade supón a cuarta precisión do mencionado art. 74, pois, polo menos, non reproduce o xa indicado pola lexislación estatal. Segundo aquela, "nas empresas que teñan establecidos sistemas de quendas, o traballador vén obrigado a permanecer no seu posto de traballo ata a chegada do relevo. O tempo traballado durante a espera, sen prexuízo do seu abono a pro rata do valor da hora extraordinaria de traballo, non se computará como xornada extraordinaria". A obriga de permanencia ata a chegada do relevo busca asegurar a continuidade da prestación laboral e, polo tanto, evitar prexuízos para a empresa. A compensación do tempo traballado por enriba da xornada ordinaria pode ser en descanso (equivalente ou non) ou en metálico, segundo o fixado para as horas extras.

Pola súa banda, o tratamento que os convenios provinciais galegos dan ao traballo a quendas resulta practicamente inexistente [33].

En canto ao *traballo nocturno,* a cláusula que sobre este contén o convenio xeral estatal vixente tamén carece de novidade [34], polo menos en canto á materia sobre a que versa, pois responde á remisión que o propio art. 36.2 ET efectúa á negociación colectiva para os efectos de fixar a súa retribución específica, "salvo que o salario se establecera atendendo a que o traballo sexa nocturno pola súa propia natureza ou se acordara a compensación deste traballo por descansos". Pois ben, de acordo co art. 65 do convenio citado, "o persoal que traballe entre as vinte e dúas horas e as seis da mañá percibirá un plus de traballo nocturno equivalente ao vinte e cinco por cento do salario base da súa categoría". Con todo, reflectindo a clara diferenza existente entre os conceptos de traballo nocturno (que se preste no ámbito temporal sinalado) e traballador nocturno (aquel que realice en período nocturno unha parte non inferior a tres horas da súa xornada diaria de traballo ou a un terzo da súa xornada de traballo anual), o referido precepto establece unha importante distinción segundo o tempo traballado en período nocturno exceda ou non de catro horas. No primeiro caso, aboarase o complemento na súa totalidade, ao igual que se se traballase durante todo o aludido período (oito horas). No segundo, aboarase o plus sobre o tempo realmente traballado durante aquel (tres ou dúas horas). Repárese en que se

33 Unicamente cabe destacar o art. 25 convenio de pedra e mármore da Coruña (2004), que prevé que "na sección de serradoiros de bloques realizaranse tres quendas rotatorias, de acordo coa legalidade vixente" (núm. 4) e que, "nas demais seccións, sempre que se estea a facer xornada partida, poderá cambiarse a quendas de mañá e tarde por períodos de tempo determinados, logo da información aos representantes sindicais e de acordo co persoal afectado" (núm. 5).

34 A devandita cláusula repite, practicamente en iguais termos, as previstas nos dous convenios estatais anteriores.

o traballador prestase servizos durante tres horas sería un traballador nocturno, pero no segundo caso non, aínda que percibiría igualmente o plus de nocturnidade. En fin, se o traballador -xa nocturno, xa diúrno- prestase servizos durante unha soa hora en período nocturno non terá dereito a percibir o complemento examinado, seguramente pola escasa incidencia que a devandita hora pode supoñer para a súa saúde.

A ausencia de ideas novas segue presente na negociación provincial galega, pois estes convenios se limitan a reproducir, practicamente en iguais termos, a cláusula xa examinada do estatal [35]. Mesmo algún deixa clara a súa dependencia deste último ao sinalar que este plus estará vixente "en tanto subsista esta obriga no convenio xeral do sector da construción" [36]. Como particularidade, o convenio da provincia de Ourense (2004) [37]silencia a última estipulación contida no xeral, relativa ao non abono do mencionado complemento cando se traballa unha soa hora en período nocturno, co que cabería formularse se se está ante un simple esquecemento dos negociadores galegos ou ante unha omisión intencionada dirixida a que, neste caso, tamén se abone aquel, pero a pro rata do que corresponda (por non estar no suposto de catro horas de traballo no mencionado período). En principio, e ante a ausencia de mención en contrario, parece que habería que adoptar a interpretación máis favorable para os traballadores e proceder ao abono do citado plus. En canto ao convenio de Pontevedra, este carece de calquera cláusula sobre a materia.

Se, a pesar da remisión do ET, o convenio colectivo aplicable non precisase a compensación económica do traballo nocturno, haberá de estarse ao que poidan acordar a empresa e os representantes legais dos traballadores (ou aquela e o propio traballador afectado). En tal caso, non se esqueza que as partes poden optar por compensar o traballo nocturno con tempo de descanso, equivalente ou non.

3.1.1 3. Distribución irregular da xornada

A importante cota de flexibilidade que a distribución irregular da xornada proporcionada á empresa no referente á xestión do tempo de traballo, ao non ser necesario que o traballo "ordinario" se preste todos os días ou semanas durante igual número de horas, está expresamente prevista no convenio xeral vixente do sector agora analizado. En efecto, tras establecerse o cómputo anual e semanal da xornada con carácter fixo e homoxéneo para todos os traballadores, o art. 72, número 6, do mencionado convenio matiza que, "tendo en conta as diferentes condicións

35 Cfr. art. 34 convenio A Coruña (2004). Véxase, tamén, art. 20 convenio de mármores e pedras de Pontevedra (2004).

36 Art. 31 convenio Lugo (2002).

37 Art. 51.

climatolóxicas que inciden sobre as diversas situacións dos centros de traballo, pactarase, no seu caso, en cada convenio provincial a distribución variable da xornada máxima anual, sen que en ningún caso se poidan superar nove horas ordinarias de traballo efectivo diarias". Ademais, cando se fixe esta distribución irregular da xornada, pactarase tamén "a distribución variable correspondente do salario global".

O contido desta cláusula suxire as seguintes precisións: 1) o convenio xeral non entra a especificar unha concreta distribución irregular da xornada a aplicar en todo caso, senón que o que fai é prever a posibilidade de que os convenios provinciais poidan entrar a facelo. Agora ben, aquel non deixa unha liberdade total a estes para a realización de tal labor, pois limita este a uns determinados supostos e condicións. 2) O suposto no que os convenios provinciais poden actuar é aquel no que as especiais condicións climatolóxicas -parece que permanentes e xa coñecidas de antemán- da zona así aconséllano. Dada a especificidade desta razón, parece lóxico que a remisión regulativa se efectúe aos convenios de ámbito provincial. Con todo, á marxe deste caso, parece discutible que estes convenios non poidan entrar a regular outros exemplos de distribución irregular da xornada, especialmente porque o art. 34.2 ET non limita esta a certos supostos. E 3) as condicións ás que ten que suxeitarse esta posible distribución irregular da xornada aluden, por un lado, ao número máximo de horas ordinarias de traballo diario, que non poden exceder de nove. Este teito máximo permite un escaso percorrido á alza da xornada diaria e, polo tanto, achega pouca flexibilidade neste sentido. De feito, o que se fai é reproducir o tope máximo de horas ordinarias de traballo diario que, con carácter xeral, establece o art. 34.3, parágrafo segundo, ET, sen acollerse á posibilidade doutro distinto que expresamente permite este mesmo precepto para o caso da distribución irregular da xornada. Por outro lado, como resulta lóxico, a distribución irregular do traballo efectivo debe ir acompañada dunha simultánea e similar distribución do salario global, pois cando se traballa máis débese cobrar máis e viceversa.

A pesar da habilitación que o convenio xeral efectúa á negociación colectiva provincial para distribuír a xornada de forma irregular, cabe destacar que ningún dos convenios provinciais galegos fixo uso de tal posibilidade, polo menos de forma expresa e directa nunha cláusula *ad hoc*. Aínda así, esta distribución irregular tamén está presente nos mencionados convenios por vía indirecta, como acontece cando se prevé a realización de horas extraordinarias e a súa compensación con tempo equivalente de descanso dentro dos catro meses seguintes, pois, entón, aquelas perden o seu carácter extraordinario para converterse nunha especie de horas ordinarias "anticipadas" en cómputo cuadrimestral [38].

Por último, repárese en que, aínda que a negociación colectiva gardase silencio sobre a distribución irregular da xornada, esta podería producirse igualmente se así acordáseo a empresa xunto cos representantes dos traballadores. A esta posibilidade

38 Art. 25.e-v), convenio A Coruña (2004).

alude expresamente o convenio colectivo de Pontevedra (2004), en cuxo art. 43.4 prevese que, "tendo en conta as condicións climatolóxicas e as necesidades das distintas actividades do sector, poderase pactar nas empresas a distribución variable da xornada máxima anual, sen que en ningún caso se poidan superar nove horas diarias nin as corenta horas semanais de traballo efectivo". Estes teitos máximos, declarados invulnerables, indican que as xornadas ordinarias diaria e semanal se sitúan por debaixo destes. Sen dúbida, estes acordos de empresa atenderán mellor que os convenios ás particularidades e necesidades de cada situación. Sexa como for, o que toda distribución irregular da xornada ten que respectar son os períodos mínimos de descanso diario e semanal, pois, como mínimos de dereito necesario que son, poderán ser mellorados, pero non empeorados ou vulnerados.

3.1.1 4. Reducións de xornada

Os supostos de redución de xornada ordinaria previstos polo vixente convenio xeral da construción reproducen algúns dos xa regulados polo art. 37 ET, especialmente aqueles que gozan dunha maior tradición xurídica.

Así, cabe aludir, en primeiro lugar, *á redución por lactación*. Segundo o art. 78.3 do citado convenio, "as traballadoras, por lactación dun fillo menor de nove meses, terán dereito, sen perda ningunha de retribución, a unha hora de ausencia do traballo, que poderán dividir en dúas fraccións. A muller, pola súa vontade, e igualmente sen perda de retribución, poderá substituír este dereito por unha redución da súa xornada laboral en media hora diaria coa mesma finalidade. Este permiso poderá ser gozado indistintamente pola nai ou o pai en caso de que ambos traballen". Como se aprecia, salvo a alusión á intanxibilidade salarial, a regulación deste suposto de redución de xornada é practicamente idéntica á establecida no art. 37.4 ET. Neste sentido, mantense a posibilidade de optar entre unha hora de ausencia diaria, que poderá dividirse en dúas fraccións, que non teñen que ser necesariamente iguais, ou a redución da xornada en media hora, que non é mellorada neste convenio. Pola dicción legal, parece que a primeira poderá gozarse durante a xornada e a segunda ao principio ou ao seu final. En canto ao mantemento do salario, a verdadeira novidade áchase na súa mención expresa, pois, aínda sen esta, outro tanto sucede no suposto regulado polo ET.

En segundo lugar, *á redución por coidado directo dun menor, minusválido ou familiar* [39] *que por razón de idade, accidente ou enfermidade non poida valerse por si mesmo*. O art. 78. 4 do mencionado convenio reitera, practicamente en iguais termos, a norma estatal en canto a: 1) que o menor debe ter menos de seis anos; o minusválido pode sufrir unha tara física, psíquica ou sensorial e o familiar pode selo ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade; 2) que nin o minusválido nin

39 Os dous primeiros convenios xerais (1992 e 1998) non aludían ao suposto do familiar, pois este foi introducido pola Lei 39/1999, de 5 novembro, de conciliación da vida laboral e familiar.

o familiar desempeñan actividade retribuída algunha, co que a dependencia económica do traballador é clara; 3) os límites da redución de xornada, que oscilan entre un terzo e a metade desta; 4) que a redución vai acompañada da conseguinte diminución proporcional do salario; e 5) que a redución de xornada de que se trata constitúe un dereito individual dos traballadores, mulleres e homes. Non obstante o cal, se dous ou máis traballadores da mesma empresa xerasen este dereito polo mesmo suxeito causante, o empresario poderá limitar o seu exercicio simultáneo por razóns xustificadas de funcionamento da empresa.

Como novidade, cabe destacar a precisión relativa a que a redución de xornada por coidado directo dun menor de seis anos é incompatible coa redución por lactación durante os primeiros nove meses de vida do menor. Máis claramente, aínda que durante estes primeiros nove meses o traballador pode solicitar a redución de xornada por dous motivos (lactación ou coidado directo do menor), está claro que o recurso a un deles impide o xogo do outro. A partir dos nove meses, xa só cabería o segundo suposto de redución de xornada. Como precisión, repárese en que, aínda que o convenio alude aos primeiros nove meses, esta opción por un ou outro suposto de redución de xornada só procederá a partir do quinto mes de vida, pois durante os primeiros catro a traballadora está a gozar da baixa por maternidade.

Noutra orde de cousas, ningunha referencia se acha -nos convenios posteriores á súa entrada en vigor- ao suposto de redución de xornada creado pola disposición adicional oitava da Lei 12/2001, do 9 de xullo, de medidas urxentes de reforma do mercado de traballo para o incremento do emprego e a mellora da súa calidade. Segundo o novo apartado 4 bis do art. 37 ET, no caso de nacemento dun fillo que deba permanecer hospitalizado a continuación do parto (polo seu carácter prematuro ou por calquera outra causa), a nai ou o pai terán dereito, ben a ausentarse do traballo durante unha hora, ben a reducir a súa xornada ata un máximo de dúas horas coa conseguinte diminución proporcional do salario.

Por último, o tratamento que a negociación colectiva provincial galega ofrece dos supostos de redución de xornada destaca pola súa pobreza, pois salvo o da provincia de Lugo (anos 1999, 2002 e 2004) [40], o resto garda silencio sobre o particular. Ademais aquel limítase a reproducir, sen variacións, a correspondente cláusula do convenio xeral.

3.1.1 5. Recuperación de horas non traballadas

A recuperación das horas non traballadas por causa relacionada coas condicións atmosféricas é unha das cuestións máis específicas e importantes do sector da construción, dadas as condicións nas que o traballo se presta, xeralmente ao aire libre

40 En todos, art. 19.3 e 4.

ou en sitios de pouco abrigo. Como reflexo diso, é habitual atopar nos convenios -tanto no nacional coma nos provinciais- unha cláusula relativa a este particular. Segundo o art. 75 do vixente convenio nacional, a regulación caracterízase, sen ser exhaustiva, polas seguintes precisións:

En primeiro lugar, a interrupción da actividade ten que deberse "a causas de forza maior, accidentes atmosféricos, inclemencias do tempo, falta de subministracións ou calquera outra causa non imputable á empresa". Como se aprecia, a lista de causas non é pechada, senón meramente exemplificativa, pois remata cunha cláusula aberta que permite incluír outras non citadas expresamente. Ademais, esta última estipulación pon de relevo que o importante para poder recuperar horas non traballadas é que a interrupción na actividade laboral sexa allea á vontade empresarial, co que, en realidade, as causas xustificativas poden exceder ás directamente relacionadas coas condicións climatolóxicas, aínda que estas sexan as máis destacables e habituais.

En segundo lugar, a recuperación das horas perdidas só procede cando a interrupción da actividade laboral non supera as vinte e catro horas efectivas de traballo (o que equivalería a tres xornadas laborais de oito horas diarias). No caso contrario (inactividade igual ou superior a vinte e cinco horas de traballo efectivo), os negociadores consideraron máis oportuno estimar que se está ante un suposto de suspensión do contrato por causa de forza maior, co que se remite ao previsto para este suposto no art. 95 do propio convenio. Este precepto caracterízase por precisar as situacións que se cualifican como forza maior temporal e por reenviar ao procedemento previsto no art. 51.12 ET. En canto ao primeiro, considéranse situacións de forza maior temporal, sempre que resulten imprevisibles, ou sendo previsibles, inevitables, as seguintes: a) a imposibilidade de recepción de abastos, materiais ou subministracións destes; b) o corte da subministración de enerxía por causa allea á empresa; c) os fenómenos climatolóxicos que impidan a normal realización do traballo; d) a paralización da obra ou parte desta por orde gobernativa, resolución administrativa ou outras causas similares alleas ao empresario; e e) a detención da actividade dos traballadores na obra por decisión maioritaria dos representantes legais daqueles ou, no seu caso, dos delegados de prevención, cando a devandita detención se manteña con posterioridade e en contra do preceptivo pronunciamento no prazo de vinte e catro horas da autoridade laboral. Salvo pola súa maior duración, estas causas gardan unha grande similitude coas que xustifican a figura da recuperación de horas agora examinada.

A analoxía entre a suspensión e extinción do contrato de traballo por estas causas queda patente no seu procedemento, pois o mesmo consiste, basicamente, na tramitación do expediente de crise e na intervención da autoridade laboral.

Polo demais, que se estea ante un suposto de suspensión do contrato de traballo determina a aplicación, na medida do posible, do réxime xurídico previsto para esta nos arts. 45 e ss. do ET. Dado que a finalidade desta figura é a protección da vida

do contrato, a desaparición das principais obrigas recíprocas das partes (traballar e remunerar) non determina a extinción do vínculo contractual, pois este continúa latente. Como exemplo diso, cabe aludir á subsistencia doutros deberes secundarios, como, por exemplo, o de boa fe.

En terceiro lugar, no caso en que procede, a recuperación das horas de inactividade laboral non é total, pois só afecta ao setenta por cento daquelas [41], o que determina que o trinta por cento restante se perda definitivamente. A recuperación en cuestión efectuarase a razón dunha hora diaria nos días laborables seguintes, o que, en moitos casos, suporá a realización de xornadas ordinarias diarias de nove horas, sen xerar tempo de traballo extraordinario. En efecto, a limitación da recuperación a unha hora diaria busca evitar que aquela supoña un impacto relevante na distribución da xornada laboral e, polo tanto, na organización da prestación laboral do traballador. Por razóns lóxicas, tanto o feito da recuperación en si das horas perdidas como os días laborables elixidos para iso deben comunicarse previamente aos traballadores afectados e, no seu caso, aos seus representantes legais no centro de traballo. Esta necesaria comunicación previa parece permitir que aqueles poidan efectuar consideracións sobre os días laborables subseguintes máis apropiados para levar a cabo a tarefa a que se alude. Sexa como for, o que está claro é que os traballadores quedan obrigados á realización daquela, so pena de sanción.

O conciso contido da cláusula convencional estudada mantívose practicamente invariable tanto nos sucesivos convenios nacionais (salvo a variación da porcentaxe de horas a recuperar, xa comentada) como nos provinciais galegos [42]. En tal sentido, algún destes últimos convenios mesmo declara expresamente a dependencia do convenio xeral estatal ao prever que a mencionada recuperación procederá "mentres subsista esta obriga" naquel [43]. A falta dun orixinal e máis completo tratamento da cuestión nos referidos convenios galegos non deixa de sorprender se se repara tanto nas, en xeral, difíciles condicións climáticas de Galicia -o que ben podería xustificar unha maior preocupación dos axentes sociais sobre este particular- como na maior atención que se dispensa a aquela nos convenios provinciais doutras comunidades autónomas [44]. De feito, a lectura destes pode servir para resolver certas dúbidas ou cubrir determinados baleiros que presenta a regulación convencional xa examinada.

Así, unha das principais dúbidas é a da remuneración das horas non traballadas por este tipo de causas. En principio, parece claro que as horas que se recuperan deben

41 No primeiro convenio xeral de 1992 a porcentaxe era do setenta e cinco por cento (art. 74); na de 1998 xa se fixou no actual.

42 Cfr. arts. 44 convenio A Coruña; 45 convenio Ourense e 17 convenio Lugo (todos de 2004).

43 Convenio Lugo (2004), art. 17, *in fine*.

44 Véxase AAVV: *A negociación colectiva no sector da construción*, Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais (Madrid, 2002), páxinas 204-212.

aboarse como é habitual para as ordinarias, sen sufrir ningún tipo de diminución, pois, no caso contrario, produciríase un enriquecemento inxustificado por parte do empresario. Aínda que con máis inseguridade, a solución parece que debe ser a mesma para ese trinta por cento de horas que se perde definitivamente, pois se o empresario non é responsable da inactividade laboral, o traballador aínda o é menos, polo que non debe sufrir prexuízo. Agora ben, o cobramento destas horas podería condicionarse a que este último cumprise coa súa obriga de poñerse a disposición do empresario durante estas, salvo indicación en contrario deste. Como é doado deducir do recente exposto, que exista unha cota de horas non traballadas que, a pesar de non recuperar, hai que aboar supón que a figura analizada non sexa totalmente garantista dos intereses do empresario e que sempre haxa certo risco ou dano que este ten que asumir ante a concorrencia das situacións aquí analizadas.

3.1.2. Xornadas especiais

O vixente convenio xeral do sector da construción alude ás xornadas especiais en dous preceptos, o 73 e o 76, aínda que só denomina expresamente así as reguladas no último, pois ás do primeiro refírese como supostos de "prolongación da xornada".

Segundo o primeiro precepto, "a xornada dos traballadores con funcións de mantemento e reparación de instalacións ou maquinaria, necesarias para a reanudación ou continuidade do proceso produtivo, así como do persoal que poña en marcha ou peche o traballo dos demais, poderá ampliarse polo tempo preciso, sen que o exceso sobre a xornada ordinaria se compute como horas extraordinarias, debendo aboarse, como mínimo, a pro rata do valor da hora extraordinaria de traballo". Como é doado apreciar, estes dous casos especiais de prolongación de xornada obedecen a razóns xustificadas relacionadas coa posibilidade de que o resto de traballadores poida desempeñar a súa actividade laboral con normalidade e garantir, polo tanto, o correcto funcionamento do proceso produtivo da empresa. Dado que a maior ou menor prolongación da xornada vai depender das circunstancias de cada situación, especialmente no primeiro suposto no que cada avaría pode requirir un tempo de arranxo diferente, resulta lóxico que o convenio xeral non se atrevera a fixar o *quantum* exacto da prolongación da xornada. Así as cousas, parece que haberá que estar ao pactado a nivel de empresa, ben colectiva, ben individualmente; respectándose, en todo caso, a regra de que a prolongación soamente o será polo tempo preciso. Nesta liña, insiste o art. 20 RDJ, en relación coa xornada dos traballadores cuxa acción pon en marcha ou pecha o traballo dos demais [45], a cal "poderá ampliarse polo tempo estritamente necesario para iso, na forma e compensación que se esta-

45 En relación co sector conserveiro, a STS de 25 abril 1989 (Ar. 4462) define como "actividades propias de apertura do proceso de traballo, por exemplo, a preparación das materias primas e a alimentación das cadeas", e como actividades de peche "as producidas pola finalización dos procesos en curso ao concluír a xornada ordinaria".

bleza por acordo ou pacto". Aínda que neste suposto se prevé a obriga de respectar os descansos entre xornadas e semanal previstos nos arts. 34.3 e 37.1 ET, repárese en que iso pode non resultar aplicable dende un punto de vista material en todos os supostos de prolongación de xornada, especialmente no dos traballadores que se ocupan do mantemento ou reparación das instalacións ou instrumentos de traballo, dado que aquel ou aquela pode requirir facer uso do tempo inicialmente previsto para eses descansos.

Sexa como for, en calquera dos dous casos analizados, o tempo de traballo que excede ao da xornada ordinaria non ten a consideración de tempo extraordinario de traballo, polo que non computa para o tope máximo das oitenta horas, o que non impide que a súa compensación económica se faga seguindo tal criterio.

De acordo co art. 76 convenio xeral, "exceptúanse da aplicación do réxime de xornada ordinaria de traballo" previsto neste, entre outras, as seguintes actividades:

1) A dos porteiros, gardas e vixilantes [46], cuxa xornada será de setenta e dous horas semanais, "remunerándose a pro rata do seu salario base as que excedan da xornada ordinaria establecida", con carácter xeral, no referido convenio. Aínda sen alusión a el, o comentario deste suposto de ampliación de xornada require a referencia ao art. 4 RDJ, titulado "tempo de traballo e descanso dos gardas e vixilantes non ferroviarios". Pois ben, segundo o núm. 1 do citado precepto, o tempo de traballo destes traballadores que, "sen esixírselles unha vixilancia constante, teñan asignado o coidado dunha zona limitada na que exista un lugar destinado a que poidan descansar en condicións axeitadas, poderá estenderse durante un período de tempo diario de duración non superior a doce horas". As condicións obxectivas da prestación laboral deste colectivo, especialmente o que a vixilancia non sexa constante e se limite a unha determinada zona, fan pensar que aquela non resulta excesivamente dura e, polo tanto, pode prolongarse ata o máximo indicado. Ademais, o propio precepto dá a entender que, dentro da devandita xornada, o traballador poderá realizar as pausas de descanso necesarias para comer ou outros mesteres, para o cal deberá ter á súa disposición un lugar axeitado. Neste sentido, o núm. 2 daquel prevé a aplicación a estes traballadores de "as disposicións especiais en materia de descansos durante a xornada laboral, entre xornadas e semanal" recollidas no artigo 3 para os empregados de predios. Agora ben, a xeral imprecisión deste último precepto, especialmente en canto ao descanso intraxornada, sobre o que se limita a remitir ao negociado colectiva ou individualmente, obriga a estar atentos ao pactado en cada caso sobre o particular. Polo que respecta ao descanso entre xornadas, haberá que observar o mínimo de dez horas consecutivas, compensándose a diferenza ata as doce previstas con carácter xeral (art. 34.3 ET) por períodos de ata catro semanas. Igualmente, por períodos idénticos poderá acumularse o medio día de descanso

46 Cfr. Decreto de 10 marzo 1978, sobre condicións de aptitude, dereitos, deberes e funcións dos vixiantes xurados de seguridade.

semanal do art. 37.1 ET, ou separarse do correspondente ao día completo para o seu desfrute noutro día da semana.

2) A das persoas que realicen "traballos subterráneos en que concorran circunstancias de especial penosidade, derivadas de condicións anormais de temperatura, humidade ou como consecuencia do esforzo suplementario debido á posición inhabitual do corpo ao traballar". En tal caso, a xornada ordinaria semanal de traballo será reducida e non poderá superar as trinta e cinco horas, sen que, en ningún caso, a súa distribución diaria poida exceder de seis. Respecto desta actividade, o referido convenio non achega ningunha novidade, pois limítase a plasmar o previsto no art. 29 RDJ, o cal, á súa vez, remite á xornada de traballo no interior das minas ou, máis exactamente, á establecida para os traballos subterráneos cando concorran circunstancias de especial penosidade similares ás aquí citadas (art. 25.2 e 3 do citado texto legal). En consecuencia, a xornada que debe tomarse como referencia non é a ordinaria da minaría (trinta e cinco horas semanais), senón a fixada para eses traballos subterráneos en que a actividade laboral se presta nas condicións xa aludidas (seis horas diarias) ou completamente mollado dende o principio da xornada (cinco horas diarias)[47]. Repárese, ademais, que esta xornada especial é só para os traballos subterráneos que presentan as características agora sinaladas, porque para o resto haberá que estar ao disposto en materia de xornada ordinaria no convenio de que se trata.

E 3) a realizada nos denominados "caixóns de aire comprimido", a duración da cal será a determinada na OM do 20 de xaneiro de 1956, pola que se aproba o Regulamento de hixiene e seguridade nos traballos realizados en caixóns de aire comprimido [48]. Neste suposto, o convenio xeral non entra a especificar a xornada máxima nin semanal nin diaria, remitindo directamente á norma específica na materia [49], á que haberá que atender especialmente debido á complexidade técnica deste tipo de traballos. En efecto, sendo determinante para a seguridade dos traballadores o respecto ás especificacións técnicas das instalacións utilizadas, resulta fundamental o recurso á devandita norma. Este tipo de instalacións componse, xeralmente, dunha cámara de traballo -introducida habitualmente nun medio líquido a gran profundidade-, unha cheminea que comunica a cámara de esclusas onde se efectúan as operacións de comprensión e descompresión, unha cámara de equilibrio e outra de recompresión e a instalación de aire comprimido [50]. A duración

47 En igual sentido, GOMEZ MUÑOZ, J. M.: *As xornadas especiais de traballo* (Navarra, 1999), páxina 259.

48 Ibídem, páxinas 261 e segs. Véxase tamén Directiva 92/57/CEE, do 24 de xuño de 1992, relativa ás disposicións mínimas de seguridade e saúde que deben aplicarse nas obras de construción temporais ou móbiles (anexo II, punto 8).

49 Outro tanto acontece no art. 30 RDJ

50 Cfr. arts. 6 a 9 OM citada.

dos tempos máximos de permanencia baixo a compresión de aire depende de diversos factores, especialmente da presión de aire, os valores máximos e mínimos da cal están calculados baseándose na capacidade de resistencia do corpo humano. Polo tanto, o anexo I da norma regulamentaria prevé unha táboa con xornadas distintas para cada escala de presión, as cales poden oscilar dende as oito ás seis horas. Agora ben, cada unha destas xornadas distribúese en tres tempos diferentes: de compresión, de traballo efectivo e de descompresión [51]. O que o primeiro e terceiro tempos asimílense ao de traballo efectivo, ao igual que acontece cos tempos de toma e deixe do servizo na actividade dos transportes por estrada ou ferroviario, relaciónase tanto coa súa necesidade para poder prestar aquel coma co maior risco físico que os mesmos representan para a saúde dos traballadores. Certamente, aínda que durante estes non se traballa prestando servizos, trabállase para poder prestar estes e, mesmo, asumindo un maior risco que durante a propia actividade laboral. Polo tanto, a consideración destes tempos como parte da xornada laboral resulta absolutamente lóxica.

A regulación que o convenio xeral contén sobre as xornadas especiais péchase con dúas estipulacións diferentes. Segundo a primeira, nos supostos en que as empresas estean a aboar compensacións económicas por traballos excepcionalmente tóxicos, penosos ou perigosos poderán pactar a súa substitución por reducións de xornada, nos termos que, en cada caso, se establezan [art. 76, d)]. A finalidade desta previsión é a de que o maior esforzo físico e risco para a saúde que a realización destes traballos representa poida compensarse cunha redución do tempo de traballo ordinario, isto é, con tempo suplementario de descanso en vez de con diñeiro, pois iso levará consigo mellores garantías para a saúde dos traballadores afectados. En todo caso, en relación tanto coa opción pola redución coma co seu réxime xurídico, haberá que estar ao pactado en cada suposto.

De acordo coa segunda e última estipulación, o convenio examinado recoñece, como acontece respecto doutras materias, o mantemento das cláusulas máis favorables que sobre este particular puidesen ter os convenios vixentes no momento de entrada en vigor do primeiro convenio xeral do sector (1992).

Finalmente, só resta engadir que o tratamento das xornadas especiais nos convenios provinciais galegos brilla pola súa ausencia, pois a única referencia se atopa no convenio de Pontevedra (2004), cuxo art. 44 reproduce na súa literalidade o 73 do convenio xeral.

51 Así, as oito horas divídense en sete horas e cincuenta minutos de traballo efectivo, cinco minutos de tempo de compresión e outros cinco de descompresión e as seis horas en catro horas e corenta minutos de traballo efectivo, dez minutos de tempo de compresión e setenta minutos de descompresión.

3.2. Horas extraordinarias

Outro aspecto importante do tempo de traballo é o das horas extraordinarias, tal e como reflicte a atención que os convenios colectivos -tanto o xeral como os provinciais- dedican á súa regulación. Esta regulación convencional caracterízase, basicamente, por:

1) Recoñecer, como principios xerais, o da voluntariedade [52] e o da redución "ao mínimo indispensable" [53] das horas extras. En canto ao primeiro, coñecido é que, salvo as que teñan a súa causa na forza maior ou nun pacto colectivo ou individual, o traballador é libre para aceptar ou non a proposición empresarial de realización do tempo de traballo extraordinario, sen que a negativa lle poida levar consigo consecuencias prexudiciais, por exemplo, de carácter disciplinario. Polo que se refire á súa redución, este é un debate que conta xa con certa tradición e que legalmente ten o seu punto de inflexión na reforma laboral do ano 1994. a pesar diso, dende o punto de vista da negociación colectiva, a realidade é que as partes sociais pouco máis fixeron que aludir á "conveniencia" desa redución, pois omiten establecer medidas concretas con tal finalidade, como podería ser a fixación dun tope máximo inferior ao legal ou a súa compensación nos mesmos parámetros que os da hora ordinaria.

2) Considerar como horas extraordinarias, á parte das habituais, as que, por un lado, teñan a súa causa na forza maior, e, por outro, as motivadas por pedidos ou puntas de produción, ausencias imprevistas, cambio correspondente e perda ou deterioración da produción ou por calquera outra circunstancia que altere o proceso normal desta [54]. Estas últimas, tamén coñecidas como horas extraordinarias "estruturais" [55], baséanse en esixencias do proceso produtivo da empresa, polo que responden a unha causa obxectiva concreta. En canto ás primeiras, chama a atención que os convenios as cualifiquen expresamente como horas extraordinarias, pois segundo o art. 35.3 ET non computan como tales nin tampouco como ordinarias, a pesar de que a súa compensación pode ser igual ao daquelas. Polo demais, resulta criticable a ausencia nas normas convencionais de toda referencia ao réxime xurídico deste tipo de horas.

3) Limitar o número máximo das horas en cuestión a oitenta ao ano, salvo nos supostos de forza maior [56]. Neste particular, nin o convenio xeral vixente nin os provinciais galegos [57] melloran a regulación estatal, reducindo o tope máximo, pois repro-

52 Art. 68 convenio xeral vixente. Tamén arts. 26 convenio Lugo (2004) e 25.a-n) convenio A Coruña (2004).

53 Art. 26 convenio Lugo (2004). En igual sentido, art. 25 convenio A Coruña (2004).

54 Art. 69.1 convenio xeral vixente. Tamén art. 26.b) convenio Lugo (2004).

55 Este adxectivo non aparece no convenio xeral vixente, pero si nos dous anteriores que lle precederon, o de 1992 (art. 68) e o de 1998 (art. 67).

56 Art. 69. 2 convenio xeral vixente. No mesmo sentido, art. 25.c) convenio A Coruña (2004).

57 Cfr. arts. 39.3 convenio Pontevedra (2004) e 26.c) convenio Lugo (2004).

dúcese o xa previsto no art. 35.2 ET. Outro tanto acontece coa salvidade introducida, pois as horas extraordinarias debidas a forza maior tampouco computan para os efectos dese máximo (art. 35.3 ET). Fronte ao actual, os dous convenios xerais anteriores (1992 e 1998) -e algúns provinciais galegos [58]- engadían unha limitación específica en relación coas horas extraordinarias a realizar por día e mes; no primeiro caso non podían exceder de dous; no segundo de vinte. Aínda que tal limitación pode que respondese á finalidade de salvagardar a saúde do traballador, non sobrecargándoo cun tempo de traballo extra, o convenio xeral vixente eliminou os referidos topes máximos quizais coa intención de introducir unha maior flexibilidade na organización do tempo de traballo. Certamente, a eliminación dos citados límites permite ás partes adaptar mellor o tempo de traballo ás necesidades reais de cada momento.

Doutro lado, aínda que ningunha referencia se acha nos convenios examinados ao respecto, resulta claro que o límite máximo de oitenta horas non xogará para aqueles traballadores que, pola modalidade ou duración do seu contrato, realicen unha xornada en cómputo anual inferior á xeral da empresa. No devandito suposto, aquel límite reducirase na mesma proporción que exista entre tales xornadas (art. 35.2 ET). Ademais, tamén xogará a prohibición legal de realizar este tipo de horas para os traballadores menores de dezaoito anos e os nocturnos.

E 4) ocuparse, con certo detemento, da compensación das horas de que se trata. Sabido é que mediante convenio colectivo ou, no seu defecto, contrato individual pode optarse entre aboar as referidas horas en metálico (na contía que se fixe) ou mediante descanso equivalente e retribuído. Nin o convenio xeral vixente nin os seus predecesores exercitan tal dereito de opción, limitándose a aludir a ambas as posibilidades, sen introducir, ademais, grandes novidades. Así, en relación coa compensación en metálico, o convenio xeral vixente limítase a prever que a fixación das contías económicas é unha cuestión que corresponde aos convenios de ámbito inferior ao seu, como os provinciais [59]. Pois ben, estes últimos -seguindo tal indicación- entraron, con certa minuciosidade, a regular esta materia. Neste sentido, algúns convenios distinguen a retribución das horas extras segundo que as mesmas fosen realizadas en día laborable ou festivo; no primeiro caso abóanse, por exemplo, cun incremento do setenta e cinco por cento sobre o valor da hora ordinaria; no segundo, do cen por cento [60]. Neste aspecto, os convenios melloran a regulación estatal, pois dende a reforma laboral do ano 1994 desapareceu do ET a recarga fixa do

58 Art. 26.c) convenio Lugo (1999) e art. 53.2 convenio Ourense (2004).

59 Art. 70.1: "os importes das horas extraordinarias para cada unha das categorías ou niveis determinaranse, en táboa anexa", nos convenios inferiores.

60 Art. 40.1 convenio Pontevedra (2004). En igual sentido, art. 21 convenio de mármores e pedras de Pontevedra (2004), que engade que as horas extras realizadas en sábado se aboarán coa recarga do oitenta e cinco por cento. Vide. tamén art. 25 convenio de pedra e mármore da Coruña (2004), que fixa a retribución das horas extras realizadas en días laborables en nove euros e as efectuadas en festivos, domingos e nocturnas en trece.

setenta e cinco por cento sobre o valor da hora ordinaria. Dende a citada data, o único condicionante legal da retribución das horas analizadas é o valor da hora ordinaria, dado que a daquelas nunca poderá ser inferior á desta. Noutras palabras, a retribución en cuestión poderá ser igual ou superior á da hora ordinaria, mesmo mantendo a mesma recarga da lexislación anterior (ou outro), pero nunca inferior, o que, polo demais, resulta absolutamente lóxico. Polo demais, non falta algún convenio que fixa a retribución das horas extraordinarias en función doutros criterios, como o da categoría profesional do traballador que as realiza, de modo que canto máis alta é esta mellor é aquela [61], aínda que cabe unha retribución común para varias categorías distintas [62].

En canto á compensación en descanso, o convenio xeral vixente (ao igual que os seus predecesores) conténtase con sinalar a posibilidade de que "as empresas" poidan compensar, salvo perturbación do normal proceso produtivo, as horas extraordinarias con "tempos equivalentes de descanso" [63]. Aínda que a citada estipulación convencional parece atribuír ás empresas unilateralmente a competencia para decidir a referida compensación, parece máis razoable entender que tal referencia quere aludir ao convenio de empresa ou contrato individual, pois estes son os instrumentos legais para exercitar a opción por unha ou outra forma de compensación. Aínda que tanto o ET como o convenio xeral vixente fixan a compensación con tempos de descanso "equivalentes", algún convenio provincial mellora esta regra establecendo un plus de tempo de descanso, que varía -como xa se viu coa retribución en metálico- segundo que a hora extraordinaria se realizara en día laborable ou non. No primeiro suposto, haberá que compensar ao traballador cunha hora e corenta e cinco minutos; no segundo con dúas horas [64].

Nos casos en que se pacte a compensación por descanso de xeito expreso, as partes son libres para fixar o período temporal no que aquel ha de gozarse. Agora ben, en ausencia de pacto, enténdese que xoga a compensación en cuestión dentro dos catro meses seguintes á súa realización (art. 35.1, *in fine,* ET). De suceder así, estas horas compensadas non computan para os efectos do límite máximo permitido, pois se transforman nunha sorte de horas anticipadas en cómputo cuadrimestral. Máis que horas extraordinarias son horas anticipadas que, ao compensarse con descanso dentro do referido período, recobran o seu carácter ordinario. A limitación da compensación ao seguinte cuadrimestre busca garantir o descanso necesario e protexer a saúde do traballador. Así as cousas, cando os convenios examinados prevén, ambiguamente, que no suposto de que xogue a compensación con descanso as horas extras non se computarán para os efectos do límite máxi-

61 Cfr. convenio Lugo (2004) e convenio Ourense (2004); en ambos os dous anexo I.

62 Anexo I convenio Ourense (2002, 2003 e 2004).

63 Art. 70.2. Reproduce os devanditos termos o art. 25.e-v) convenio A Coruña (2004).

64 Art. 40.2 convenio Pontevedra (2004).

mo permitido [65], parece que hai que interpretar que iso será así sempre que tal compensación se efectúe no ámbito temporal precisado, como indica o art. 35.2, parágrafo segundo, ET.

Unha última estipulación convencional de interese sobre a compensación con descanso é a relativa á posibilidade de acumular as horas deste. No devandito caso, prevese que, xa dentro do seguinte cuadrimestre ou fóra del, o desfrute de tales descansos sexa pactado co empresario [66], o que pretende atender aos intereses de ambas as partes.

3.3. Descansos

3.3.1. Legais

Como é habitual noutros, a atención que a negociación colectiva do sector da construción dedica á regulación dos diferentes descansos previstos legalmente con carácter de dereito necesario (dentro da xornada, entre xornadas, semanal, en festivos e vacacións) céntrase, principalmente, nas vacacións. Sobre o resto, gárdase silencio, salvo algunha referencia ao descanso dentro da xornada.

3.3.1 1. Dentro da xornada

2.3.3. Distribución de materias entre os convenios correspondentes aos distintos niveis de negociación

2.3.3 1. A súa regulación polo convenio xeral. Coordenadas

A finalidade e o contido dos convenios xerais van máis alá da ordenación da negociación colectiva mediante o establecemento de regras sobre as unidades de contratación nas que se poden asentar os convenios sectoriais de ámbito inferior. Como se advertiu, aqueles abordan tamén a repartición de materias entre o nivel estatal e os niveis inferiores (provincial e autonómico) de negociación, do que forma parte a regulación directa, polo propio convenio xeral, dun importante conxunto de materias ou condicións de traballo. No convenio xeral vixente aparece a expresado repartición no art. 3, onde se indican as materias sobre as que poden versar os denominados "acordos de ámbito sectorial nacional", así como, principalmente, no art. 10, que determina as materias reservadas ao convenio xeral ("á negociación de ámbito xeral estatal"), na regulación da cal entra o mesmo [28], e as que quedan para a negociación provincial ou, no seu caso, de ámbito autonómico, as cales resultan ser, cuantitativa e cualitativamente, de menor entidade, de modo que o groso da regulación das condicións de traballo se atopa sometido ao que dispoña o convenio xeral; noutras palabras, limítase e condiciona de forma notoria e ampla o contido

28 Art. 15.1: "O presente convenio ... desenvolve as materias reservadas á negociación de ámbito xeral previstas no artigo 10".

dos convenios provinciais ou autonómicos, co resultado dun moi elevado grao de unificación e uniformidade da regulación convencional. En concreto, de acordo cos citados preceptos:

1) Non é materia reservada á negociación estatal a definición dos ámbitos persoal e funcional dos convenios de ámbito inferior. A devandita materia formaría parte das "non reguladas polos convenios de ámbito superior", sometidas de modo expreso ao que poida acordar a negociación provincial ou autonómica (art. 10, regra terceira).

2) Corresponde aos "acordos de ámbito sectorial nacional" a aplicación concreta no sector de acordos interconfederais, o establecemento das bandas salariais no devandito sector e "calquera outra materia que as partes acorden" (art. 3.2).

3) Corresponde ao convenio xeral a regulación das seguintes materias, ás que haberán que engadir outras novas que poida incluír un posterior convenio de igual natureza: contratación, subrogación, condicións xerais de ingreso, períodos de proba, clasificación profesional, principios xerais de ordenación da prestación de traballo, mobilidade xeográfica e funcional, formación profesional, ascensos, xornada anual e descansos, vacacións anuais, licenzas e permisos, conceptos e estrutura das percepcións económicas (tanto das salariais como das non salariais), acordos sobre produtividade ou táboas de rendementos de alcance nacional, órganos de representación dos traballadores, suspensión e extinción do contrato de traballo, faltas e sancións, seguridade e saúde no traballo, excedencias e horas extraordinarias (art. 10, regra segunda).

E 4) queda para o contido normativo dos convenios provinciais ou, no seu caso, autonómicos, "a concreción cuantitativa das percepcións económicas non cuantificadas, numérica ou porcentual", polo convenio xeral, "os calendarios provinciais e locais que concreten a distribución da xornada anual de traballo efectivo", os "acordos sobre produtividade e/ou táboas de rendemento para a súa aplicación no ámbito provincial", "calquera outra materia non regulada polos convenios de ámbito superior" y "calquera outra materia remitida expresamente" por estes últimos "aos de ámbito inferior" (art. 10, regra terceira). Se se repara nas materias das que se ocupa directamente o convenio xeral, advírtese, sen dificultade, que non son moitas as materias comprendidas nos dous grupos aos que se acaba de facer referencia. Dun lado, son moitas as materias reguladas directamente polo convenio xeral, respecto ás que o convenio provincial (ou autonómico) debería limitarse á reprodución do disposto naquel ou, se acaso, ao desenvolvemento preciso para a súa eficaz aplicación; doutro, son moi poucas as remitidas polo devandito convenio xeral aos convenios de ámbito inferior [29].

29 Forman parte do mencionado grupo de materias, por exemplo, a posibilidade de rateo das pagas extraordinarias (art. 62.1), a introdución de medidas tendentes á corrección do absentismo laboral (art. 67) ou a posibilidade de que poidan designarse delegados sindicais en empresas ou centros de traballo cun número de traballadores inferior ao previsto no art. 10 LOLS (art. 109).

Para conseguir que os convenios de ámbito inferior non se aparten da exposta distribución de materias, dispón o convenio xeral, no seu art. 7, integrante do contido obrigacional, que as partes asinantes se comprometen "respecto delas mesmas e de cantas organizacións integran e representan, a non promover, negociar nin concluír, convenios colectivos provinciais ou de comunidade autónoma que conteñan ou regulen materias reservadas por aquel ao ámbito xeral estatal, ou que, dalgún xeito, opóñanse a este ou contradigan as súas prescricións" [30]. Iso acompáñase da renuncia expresa "ó exercicio do dereito recoñecido no parágrafo segundo do artigo 84 do Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores", de negociar en ámbitos territoriais inferiores regulacións que non se axusten ás previsións do convenio xeral.

2.3.3 2. Sobre a eficacia das estipulacións do convenio xeral condicionantes do contido dos convenios de ámbito inferior

Con carácter xeral, os convenios colectivos de ámbito inferior, entre eles os galegos "da construción", axústanse á exposta repartición de materias disposta no convenio xeral baixo a vixencia do cal figuran negociados. Sen embargo, as cláusulas dese convenio xeral non reúnen, en relación cos convenios de ámbito inferior posteriores á reforma do art. 84 ET levada a cabo no ano 1994, as condicións precisas para impoñer e facer esixible aquel axuste en caso de conflito; e iso pola considerable redución que experimenta, coa expresada reforma, o radio de acción das regras sobre estrutura da negociación colectiva, solución dos conflitos de concorrencia entre convenios e complementariedade das diversas unidades de contratación contidas nos convenios e acordos a que se refire o art. 83 ET.

Á vista da confirmación xurisprudencial da apuntada redución da posibilidade que teñen eses convenios e acordos de estruturar a negociación colectiva e determinar as materias que poden negociarse en cada ámbito, así como do carácter indispoñible ou de orde pública da previsión do parágrafo segundo do art. 84 ET [31], ha de rexeitarse a validez e eficacia (a forza de obrigar) das estipulacións dos con-

30 Sobre este compromiso insístese no art. 11 ("reserva material do nivel estatal"), segundo o cal "as partes asinantes deste convenio xeral e cantas organizacións as integran e representan non negociarán nos ámbitos inferiores ao estatal as materias reservadas a este e enumeradas no artigo anterior, así como as que se reserven no futuro ao devandito ámbito".

31 Así, entre outras, sentenzas TS de 22 setembro 1998 (ÁS 7576; ineficacia, respecto aos convenios de ámbito superior á empresa concorrentes cun convenio colectivo estatal, da cláusula deste que establece para os primeiros a prohibición de negociar determinadas materias que non figuran o a lista do parágrafo terceiro do art. 84 ET), 17 outubro 2001 (I.O. J 2340; posibilidade de regulación por convenio provincial dunha xornada de traballo que difire da que figura no convenio xeral de sector, por ser superior), 18 decembro 2002 (cit.; posibilidade de que o convenio de ámbito superior á empresa concorrente con outro sectorial de maior ámbito acorde un ámbito funcional que non coincida co deste último), 27 marzo 2003 (I.O. J 490) e 26 de xaneiro e 2 febreiro 2004 (I.O. J 48 e 72; nulidade da cláusula do convenio sectorial de ámbito superior que regula a mobilidade funcional). Tamén SAN 20 novembro 2002 (I.O. J 2708) e STSJ País Vasco de 27 febreiro 2001 (I.O. J 569). De acordo coa STS de 22 setembro 1998, cit., os termos da cal reproducen, frecuentemente, as sentenzas posteriores que

venios xerais de 1998 e 2002 que impiden que os convenios provinciais ou autonómicos poidan entrar na negociación de materias non comprendidas nas que relaciona o parágrafo terceiro do art. 84 ET ("o período de proba, as modalidades de contratación, agás nos aspectos de adaptación ao ámbito da empresa, os grupos profesionais, o réxime disciplinario, as normas mínimas en materia de seguridade e hixiene no traballo e mobilidade xeográfica"). En suma, eses convenios de ámbito inferior non terían por que absterse de regular as aludidas materias, que resultan ser moitas das que se reservan aqueles convenios (ingresos e selección de persoal, mobilidade funcional, ascensos, tempo de traballo -xornada, descansos, vacacións, licenzas i permisos-, salarios, suspensión e extinción do contrato de traballo, representación dos traballadores, etc). Confírmao, en relación co vixente convenio xeral, a SAN de 5 decembro 2003, que declara a nulidade, tanto do art. 10 daquel, nos extremos que contradigan o parágrafo terceiro do art. 84 ET, como dos arts. 7 e 11, nos que as partes asinantes se comprometen de forma expresa e terminante a non negociar nos convenios de ámbito inferior materias que ese precepto do ET non reserva aos convenios de ámbito superior. Cousa distinta é que os que negocien os convenios provinciais non poidan absterse, pola súa propia vontade, de regular materias da natureza á que se acaba de facer referencia. O que se rexeita é que se exprese no convenio xeral un compromiso en tal sentido.

2.4. Suxeitos negociadores

De acordo co art. 85.3.a) ET, a identificación dos suxeitos negociadores dun convenio non debería presentar maiores dificultades, ao formar parte do seu "contido mínimo" a "determinación das partes que o concertan", a cal ha de entenderse cumprida, aparte de cando apareza realizada expresamente, que é a solución óptima, cando se poida deducir dalgún xeito do texto do propio convenio ou da documentación que o acompaña, como pode ser a acta da comisión negociadora que incorpora a aprobación do convenio. Polo demais, convén non esquecer que a referida determinación debe figurar, "con precisión", no asento do rexistro do convenio a cargo da autoridade laboral, segundo prevé o art. 3 Real decreto 1040/1981, de 22 maio, de rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo.

---

tiveron igual oportunidade de abordar a cuestión, "as regras sobre estrutura da negociación colectiva e as de solución de conflitos de concorrencia entre convenios estatuídas nos acordos interprofesionais ou nos convenios colectivos a que se refire o art. 83.2 [ET], carecen de virtualidade e forza de obrigar no que concirne a aqueles outros convenios colectivos que, atopándose no radio de acción dos anteriores, son de ámbito superior á empresa e cumpren os demais requisitos que impón o parágrafo segundo do art. 84, sempre que as súas normas non traten sobre as materias mencionadas no parágrafo terceiro deste precepto", cuxo parágrafo segundo "é de dereito necesario, o que significa que non pode recoñecerse virtualidade nin eficacia a aqueles pactos ou contratos que o contradigan.

Esa diversidade da fórmula que permite considerar cumprido o requisito concorre no caso dos convenios da construción sometidos a exame. En efecto, mentres que os convenios xerais do sector levan a cabo a expresada determinación, sen excepción, a través da inclusión dunha cláusula dedicada especificamente a iso, nos provinciais negociados nos últimos anos en Galicia tal *modus operandi* séguese, unicamente, polos subscritos en Pontevedra (convenios da construción dos anos 2001, 2002, 2003 e 2004; convenios do sector de mármores e pedras dos anos 2002, 2003 e 2004), que, seguindo o modelo dos xerais do sector, dedican á materia un precepto [32], no que identifican de modo directo e preciso as partes asinantes ("son partes asinantes do presente convenio ..."; "son partes signatarias do presente convenio ..."). Con todo, no da construción do ano 2001 existe unha discordancia entre o que indica tal precepto, que é a sinatura por UGT e CCOO, e o que figura no texto da resolución administrativa que ordena o rexistro, onde se fai referencia á subscrición, aparte de por eses dous sindicatos, por CIG. Semellante feito, igual que a mención que fan algúns preceptos do propio convenio a que o devandito sindicato forma parte de determinadas comisións paritarias [de seguridade e saúde no traballo (art. 54) e de formación profesional (art. 56)] que acordan constituír as partes asinantes, non serve para concluír, con seguridade, que se deba a un erro a omisión da referencia a aquel á hora de determinar o convenio cáles son esas partes asinantes [33].

Nos convenios das outras tres provincias, a identificación obtense, cando menos, do texto da resolución administrativa que ordena o rexistro e a publicación do correspondente convenio. Ademais, tamén se deduce, nos de Lugo (convenios da construción dos anos 1999, 2002 e 2004; convenio de materiais e prefabricados da construción dos anos 2002 e 2004), da acta da comisión negociadora onde figura a aprobación do convenio, publicada xunto con este; e nos de Ourense (convenios da construción dos anos 2001, 2002, 2003 e 2004) e nos de pintura da provincia da Coruña, do precepto do propio convenio onde se aborda a composición da comisión paritaria. En suma, por unha ou outra vía, non se descobre ningún obstáculo que impida ter cabal coñecemento dos asinantes dos convenios.

Tamén en relación cos convenios provinciais, pola parte empresarial, aparece como asinante, salvo nos de mármores e pedras de Pontevedra, unha única organización empresarial, que resulta ser a provincial da construción ou, no seu caso, da actividade á que se circunscriba o ámbito funcional do convenio. Nos convenios de Lugo

32 O art. 1.a), os convenios da construción; o art. 1, os convenios do sector de mármores e pedras.

33 A incorporación de CIG ás expresadas comisións paritarias non significa, *per se*, que asinara o convenio. Tratándose de comisións con facultades de negociación (claramente o é a de "seguridade e saúde", á que se atribúe, expresamente, a elaboración de "normas que nesta materia han de substituír ao disposto na derrogada ordenanza laboral"), a non inclusión de CIG, ou non permitir que calquera outro sindicato non asinante do convenio poida formar parte delas se reúne no momento da súa constitución as condicións de lexitimación previstas no art. 87 ET, sería contrario á liberdade sindical.

(da construción dos anos 1999, 2002 e 2004 e de materiais e prefabricados da construción dos anos 2002 e 2004) e Ourense (anos 2001, 2002, 2003 e 2004), aquela organización empresarial é, respectivamente, a **Asociación provincial de empresarios da construción de Lugo** (APEC) e a **Asociación provincial de empresarios da construción de Ourense** (ACE). Nos convenios da Coruña, resulta ser, nos da construción (anos 2002, 2003 e 2004) e pintura (anos 2001 e 2002), a **Asociación provincial de empresarios da construción da Coruña** (APECCO); nos de elaboración e instalación de pedra e mármore (anos 2001 e 2004), a **Asociación de empresarios marmoristas da provincia da Coruña** (ASOEMAR). Por último, os convenios da construción de Pontevedra (anos 2001, 2002, 2003 e 2004) figuran subscritos por a **Asociación provincial de empresarios da construción de Pontevedra** (APEC), mentres que os de mármores e pedras (anos 2002, 2003 e 2004) foron asinados por dúas organizacións empresariais: a **Asociación galega de graniteiros** e a **Asociación provincial de materiais para a construción (sección de mármores e pedras)**.

Pola parte social a subscrición se leva a cabo, en todos os casos, por máis dun sindicato; nunca por máis de tres, predominando os subscritos por este número de sindicatos sobre os subscritos por dous. Así, dos catorce convenios da construción tomados en consideración, **UGT** [Federación de metal, construción e afíns de UGT (MCA-UGT)] e **CCOO** [Federación de construción, madeira e afíns (FECOMA-CCOO)] aparecen na sinatura de todos, mentres que **CIG** [Federación de construción e madeira (FCM-CIG)] non aparece na de seis (dúas en cada unha das provincias de Lugo e Pontevedra e unha en cada unha das provincias da Coruña e Ourense) e **USO** só figura como asinante dun (de Lugo). Polo que se refire aos convenios específicos dunha concreta actividade da construción, **UGT** aparece, de novo, como asinante de todos, mentres **CCOO** non figura entre os subscritores dos de pintura da provincia da Coruña e **CIG** unicamente deixou de asinar o de mármores e pedras da provincia de Pontevedra correspondente ao ano 2003. En fin, o vixente convenio para a actividade de materiais e prefabricados da construción da provincia de Lugo figura asinado por **UGT** e **CCOO**, pero non por **CIG**, que asinou, xunto cos anteriores sindicatos, o mesmo convenio correspondente ao ano 2002.

Esa intervención sindical na subscrición, plural, igual que no caso dos convenios xerais do sector, é como segue:

CONVENIOS DA PROVINCIA DA CORUÑA	SINDICATOS ASINANTES
Construción 2004	UGT e CCOO
Construción 2003	UGT, CCOO e CIG
Construción 2002	UGT, CCOO e CIG
Elaboración e instalación de pedra e mármore 2004	UGT, CCOO e CIG
Elaboración e instalación de pedra e mármore 2001	UGT, CCOO e CIG
Pintura 2002	UGT e CIG
Pintura 2001	UGT e CIG
CONVENIOS DA PROVINCIA DE LUGO	
Construción 2004	UGT e CCOO
Construción 2002	UGT, CCOO e CIG
Construción 1999	UGT, CCOO e USO
Materiais e prefabricados da construción 2004	UGT e CCOO
Materiais e prefabricados da construción 2002	UGT, CCOO e CIG
CONVENIOS DA PROVINCIA DE OURENSE	
Construción 2004	UGT, CCOO e CIG
Construción 2003	UGT, CCOO e CIG
Construción 2002	UGT, CCOO e CIG
Construción 2001	UGT e CCOO
CONVENIOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA	
Construción 2004	UGT e CCOO
Construción 2003	UGT, CCOO e CIG
Construción 2002	UGT, CCOO e CIG
Construción 2001	UGT e CCOO
Mármores e pedras 2004	UGT, CCOO e CIG
Mármores e pedras 2003	UGT e CCOO
Mármores e pedras 2002	UGT, CCOO e CIG

CIG, aínda que formou parte da comisión negociadora dos convenios da construción de Lugo dos anos 1999 e 2004, acabou por non os asinar, segundo consta na acta de aprobación do devandito convenio, publicada con el. Tal circunstancia non impediu a este manter o seu carácter de "estatutario", por superar folgadamente o voto favorable dos restantes membros do "banco social" a maioría que esixe o art. 89.3 ET para que un convenio poida ter aquel carácter. Chama tamén a atención, no primeiro deses convenios, a presenza e sinatura de **USO**, ausente na negociación dos demais e único dos catro sindicatos que non posúe a condición de máis representativo (no ámbito estatal ou de comunidade autónoma), aínda que debe entenderse que

reunía o requisito de contar no ámbito do convenio con, polo menos, o dez por cento dos representantes unitarios elixidos [34], que é o que explica, de acordo co establecido no art. 87.2.c) ET e 7.2 LOLS, a súa presenza na comisión negociadora.

Tamén en relación cos convenios de Lugo, xa se indicou que os da construción dos anos 1999 e 2002, así como o do ano 2002 para materiais e prefabricados da construción, foron obxecto de modificacións [35], o primeiro no ano 2001 e os outros dous no ano 2003. Pois ben, nin **USO** nin **CIG**, subscritoras, respectivamente, do primeiro e do último deses convenios, aparecen como asinantes de tales modificacións; estas figuran subscritas unicamente por **UGT** y **CCOO**.

2.5. Aspectos temporais

2.5.1. Xeral

Os aspectos temporais do convenio colectivo quedan sometidos, en boa medida, ao que acorden os seus partes, ás que o ET concede unha ampla marxe de actuación, respectuoso co exercicio da autonomía colectiva do que aquel é froito.

A aludida liberdade das partes para determinar o concernente á obrigada especificación do "ámbito temporal" do convenio [art. 85.3.b) ET] maniféstase xa á hora da fixación da entrada en vigor e do período de vixencia deste, dispoñéndose que "entrará en vigor na data que acorden as partes" (art. 90.4 ET), ás que corresponde tamén establecer a súa duración, que poderá ser distinta (igual que a propia entrada en vigor) para cada materia ou grupo homoxéneo de materias (art. 86.1 ET; por exemplo, dous anos agás para as cláusulas salariais, usualmente sometidas á vixencia dun ano). Semellante liberdade permite a aquelas dispoñer a aplicación do convenio con efectos *retroactivos*, o que ten sentido en relación con cláusulas que establezan condicións de traballo de contido económico ou cuantificables, como son as relativas ás retribucións ou ao tempo de traballo. Adoita obedecer esa atribución de efectos retroactivos ao propósito de evitar, no posible, a solución de continuidade entre o vencemento do anterior convenio e a entrada en vigor do novo. Figure ou non dotado de retroactividade, a aplicación deste último unicamente é esixible a partir do momento da súa publicación.

Para que o convenio colectivo deixe de producir efectos unha vez esgotado o prazo de duración pactado requírese a súa *denuncia expresa* por calquera das dúas partes que o negociasen, a realizar na "forma e condicións" e dentro do prazo de preaviso que tamén é obrigado que figure naquel [art. 85.2.d) ET]. De non mediar a indicada

34 Segundo figura na acta da sesión de aprobación do convenio, o mencionado sindicato contaba cunha audiencia electoral do 10,5 por cento dos representantes elixidos.

35 Véxase *supra*, apartado II.1 deste capítulo, lista de convenios examinados.

denuncia expresa, a vixencia do convenio prorrogarase "de ano en ano", salvo pacto en contrario (art. 86.2 ET), que pode consistir, sen que con iso se pechen outras posibilidades, na atribución á prórroga dunha duración inferior ou superior ao ano, ou dun alcance parcial. Á falta de denuncia expresa equipárase a levada a cabo con inobservancia do prazo de preaviso acordado [36].

Aínda mediando denuncia válida e vencemento do prazo de duración pactado, o convenio colectivo pode continuar aplicándose ou despregar eficacia ata a súa substitución por outro, pasando á coñecida como situación de *ultraactividade*. Salvo que o propio convenio conteña un pacto en contrario, a partir da denuncia perden vixencia, unicamente, as cláusulas obrigacionais (art. 86.3, parágrafo primeiro, ET) [37], e con aquela e o esgotamento do prazo de duración estipulado seguirá aplicándose, ata o novo convenio, o contido normativo. A través de indicado pacto, as partes poden determinar que cláusulas obrigacionais manterán a súa vixencia e como o farán, excluír a ultraactividade do contido normativo ou fixar o alcance material e temporal que terá a devandita ultraactividade, como oportunamente sinala o parágrafo segundo do art. 86.3 ET: "a vixencia do contido normativo do convenio colectivo, unha vez concluída a duración pactada, *producirase nos termos que se establecerían no propio convenio*" [38]. No caso, frecuente, de suxeición a ultraactividade do contido normativo, sen maior especificación, non parece que iso alcance a aquelas estipulacións que figuren suxeitas a un prazo determinado de aplicación (estaríase ante unha exclusión parcial e implícita da ultraactividade) ou que deba conducir á negociación de novas revalorizacións salariais non previstas expresamente ou que non se deduzan de forma clara do tenor do convenio.

2.5.2. Duración

Difiren neste punto, de forma importante, os convenios provinciais e os convenios xerais de ámbito estatal, que se declara que posúen unha "vocación de permanencia e estabilidade normativa" [39] que falta nos primeiros, pensados para ser obxecto de "renovación periódica" [40]. Ese distinto papel conta co oportuno reflexo na duración duns e outros. No caso dos convenios xerais, tal duración alcanza os cinco anos,

36 STS de 27 outubro 1999 (I.O. J 1479).

37 Véxase, confirmando a posibilidade de pactar a ultraactividade deste tipo de cláusulas, sentenzas TS de 12 abril e 20 decembro 1995 (Ar. 3048 y 9486).

38 As previsións do citado precepto non son aplicables aos convenios "extraestatutarios" (STS de 25 xaneiro 1999; I.O. J 37, en casación para a unificación de doutrina).

39 Art. 10.1 Acordo marco interprofesional 1988; art. 17 convenio xeral 1992; art. 16 convenios xerais 1997 (extraestatutario), 1998 e 2002.

40 Art. 10.3 Acordo marco interprofesional 1988; art. 3.2 convenios xerais 1992, 1997 (extraestatutario), 1998 e 2002.

agás no convenio de 1998, que cobre catro debido, sen dúbida, a que vén a substituír ao extraestatutario de 1997-2001. En cambio, nos provinciais "da construción" galegos, igual que nos doutras comunidades autónomas, a duración xeral dun ano é a regra; só se aparta dela o convenio da provincia de Lugo de 1999, cunha duración xeral de tres anos, aínda que con prazos de duración específicos, máis reducidos, para as prescricións sobre determinados conceptos, como os importes dos salarios, sometidos a regras de vixencia anual, e a duración da xornada de traballo, menor no ano 2001, de acordo co previsto no convenio xeral de 1998, ás previsións da cal (art. 70) axústase a regulación da materia. Xa en relación cos que acordamos en denominar "convenios provinciais especiais", tres anos é tamén a duración xeral dos convenios de elaboración e instalación de pedra e mármore da Coruña, da que se apartan os importes dos salarios, sometidos a regras de vixencia anual; os demais optan pola duración anual.

É excepcional a introdución de cláusulas de contido aplicable máis alá da duración xeral de cada convenio [41].

2.5.3. Entrada en vigor. Retroactividade

Polo que respecta á entrada en vigor, obsérvanse diferenzas notables entre os convenios dunha provincia e outra. Atendendo ao tratamento que dispensan á materia, cabe distinguir varios grupos de convenios. Un é o constituído polos convenios "da construción" da provincia de Ourense e de pintura da provincia da Coruña, que son os que abordan de modo máis correcto o indicado tratamento, que, ademais de expreso e claro, evita situacións inconvenientes ás que dan lugar as regulacións que se atopan nos restantes convenios. Sinalan aqueles que a súa entrada en vigor producirase, con carácter xeral, salvo a "efectos económicos", respecto aos que se estarán ao un de xaneiro do ano natural correspondente á subscrición, o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia [42] ou, sen máis, "o día da súa publicación" [43]. Tal forma de abordar a cuestión recorda á seguida polos convenios xerais de ámbito estatal, coa diferenza de que estes prevén a súa respectiva entrada en vigor, en lugar de no día da súa publicación no Boletín Oficial do Estado, aos vinte días desa publicación.

41 Descóbrese esta situación nos convenios da construción da provincia de Pontevedra de 2002, 2003 e 2004, en relación co importe das indemnizacións por morte e incapacidade permanente derivada de accidente de traballo ou enfermidade profesional (art. 41). Non está de máis advertir que o indicado importe, distinto segundo que se refira ao ano de duración xeral de cada un de tales convenios ou ao seguinte, coincide coas previsións do convenio xeral de 2002 (art. 71.1), o cal, como os que lle precederon, considera que se trata dunha das materias "reservadas ao ámbito xeral estatal" (art. 71.3).

42 Art. 3 convenios da construción de 2001, 2002, 2003 e 2004 de Ourense.

43 Art. 2 convenios de pintura de 2001 e 2002 da Coruña.

Tamén sinalan de forma expresa unha data de entrada en vigor, aínda que non tan exenta de formular problemas como a dos anteriores convenios, os convenios de mármores e pedras das provincias da Coruña e Pontevedra, en ambos os dous o art. 4. Se os primeiros dispoñen, sen excepción, a súa entrada en vigor o un de xaneiro do ano natural en que se subscriben, os segundos limitan esa entrada en vigor ás táboas salariais pactadas e establecen outra xeral, que terá lugar "aos 30 días da súa sinatura".

En terceiro lugar figuran os convenios "da construción" das provincias da Coruña e Lugo, así como os de materiais e prefabricados da construción desta última provincia. En cada un deles, a precisión de que a súa "vixencia para os efectos económicos" será dende o 1 de xaneiro do ano natural correspondente á súa subscrición, "previa a súa publicación no Diario Oficial de Galicia ou no Boletín Oficial da Provincia" [44], permite deducir que, sen prexuízo desa aplicación dos efectos económicos, a xeral entrada en vigor da regulación pactada coincide coa da indicada publicación.

Por último, nos convenios "da construción" da provincia de Pontevedra a entrada en vigor só é deducible da previsión que realiza cada convenio sobre a súa duración anual, que se indica que comeza a contar o 1 de xaneiro do ano natural correspondente á subscrición, polo que cabe considerar que ese é o momento en que se produce a entrada en vigor de que se trata.

Como pode apreciarse, ao igual que noutros sectores, as materias de natureza económica figuran sometidas, dunha ou outra forma, a unha data de entrada en vigor distinta da xeral, anterior a ela. Noutros termos, asociada ás regras de entrada en vigor aparece a atribución de efectos *retroactivos* á aplicación dos convenios. O que tal retroactividade non ten sentido máis que en relación cos conceptos cuantificables é algo que non pasa desapercibido para a maior parte dos convenios, que a limitan, segundo se sinalou, aos "efectos económicos" [45] ou, nalgún caso, ás táboas salariais [46]. Só os convenios "da construción" da provincia de Pontevedra e os convenios de elaboración e instalación de pedra e mármore da provincia da Coruña omiten cal-

44 Art. 4 convenios da construción da Coruña de 2004, 2003 e 2002; art. 5 convenios da construción de Lugo de 2004, 2002 e 1999 e art. 5 convenios para materiais e prefabricados da construción de Lugo de 2004 e 2002.

45 Por estes ha de entenderse, segundo certas decisións xudiciais, os correspondentes aos conceptos salariais e, como máximo, aos de carácter indemnizatorio que tomen como módulo de cálculo o salario. Sobre isto último, véxase STS de 27 decembro 1997 (Ar. 9637), en casación para a unificación de doutrina e relativa á repercusión sobre a base reguladora da prestación económica por invalidez do salario ao que o convenio posterior ao feito causante desta atribúe efectos retroactivos a un momento anterior. Dá cumprida conta da posición que manteñen os Tribunais laborais sobre a cuestión A. ARUFE VARELA: *A denuncia do convenio colectivo*, Civitas (Madrid, 2000), páxinas 196-198.

46 Art. 4 convenios para mármores e pedras da provincia de Pontevedra.

quera precisión tendente a acoutar o alcance da retroactividade na indicada dirección. Por descontado, o intérprete debe suplir convenientemente semellante omisión, descartando a retroactividade cando resulte absurda ou inviable física ou xuridicamente á vista da natureza das materias ou condicións de traballo examinadas.

2.5.4. Denuncia

Son excepcionais os convenios da provincia de Pontevedra (tanto os "da construción" como os de mármores e pedras) e os de pintura da provincia da Coruña. Dispoñen os primeiros, baixo a rúbrica "procedemento de denuncia"(art. 5), que non se precisa "denuncia previa" para que poida comezar a negociación dun novo convenio. Con todo, parece que as partes, máis que eliminar a necesidade de denuncia, o que quixeron manifestar é: 1) que esta, polo que concirne a aqueles dos seus extremos que constitúen, segundo o art. 85.3.d) ET, "contido mínimo" de todo convenio (forma, condicións e prazo de preaviso), non necesita ser expresa e enténdese producida de forma automática na mesma data de vencemento do correspondente convenio; e 2) que a esa falta de denuncia expresa se asocia o efecto da perda da vixencia ordinaria do devandito convenio polo mero transcurso do seu prazo de duración pactado, sen comportar ningunha prórroga. Isto último cabe postular que entra dentro das posibilidades que abre o art. 86.2 ET, de convir unha solución distinta da que proporciona o propio precepto, "salvo pacto en contrario", para o suposto de falta de denuncia expresa, consistente na prórroga anual do convenio vencido. Noutros termos, igual que as partes poden acordar, para cando falte a denuncia expresa, unha prórroga superior ou inferior á anual que rexe, segundo se acaba de indicar, "salvo pacto en contrario", tamén poden incorporar ao contido de tal pacto a exclusión de calquera prórroga [47]. En calquera caso, se se entende que a verdadeira vontade das partes é a exposta (pactar unha denuncia automática e impedir que a falta de denuncia expresa conduza á prórroga do convenio), non se entende a razón pola cal cada un dos referidos convenios liga a súa ultraactividade, no art. 4, á terminación da súa vixencia "inicial *ou a de calquera das súas prórrogas*". Esta contradición debería eliminarse para impedir que poida prosperar, ante ela, unha interpretación favorable á esixibilidade de denuncia expresa, so pena de prórroga anual [48], por entenderse, por exemplo, que a indicación de que "o presente convenio non precisa denuncia previa", que figura no art. 5 de cada un dos convenios contemplados, non é tan clara como aparenta, unha vez posta en relación co art. 4, e debe entenderse, finalmente, que se prescinde, non da necesidade da denuncia expresa, senón só de

47 Sobre a cuestión véxase AAVV: *Os límites legais ao contido da negociación colectiva. O alcance imperativo ou dispositivo das normas do Estatuto dos Traballadores*, Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais (Madrid, 2001), páxinas 240-242; tamén A. ARUFE VARELA, op.cit., páxinas 72-74.

48 Sobre a necesidade de que a cláusula de denuncia automática "apareza redactada ... con termos claros e precisos, que non deixe lugar a dúbidas acerca de cál sexa a vontade dos suxeitos pactantes", A. ARUFE VARELA, op. cit., páxina 74.

que esta haxa de ser "previa" á data de vencemento do convenio, isto é, que teña que formularse observando un prazo de preaviso.

Denuncia automática aparece tamén, pero formulada en termos claros e inequívocos, no art. 3 dos convenios de pintura da provincia da Coruña: "o convenio colectivo quedará denunciado automaticamente á finalización da súa vixencia".

Nos restantes convenios provinciais, o tratamento da materia é ben distinto e comprende tanto a forma da denuncia como a sinalización do período de tempo mínimo (preaviso) que debe mediar entre esta e a data de vencemento do convenio. Polo que respecta ao primeiro, disponse que a denuncia se realizará por *escrito*, indicándose igualmente, nalgunha ocasión -convenios de elaboración e instalación de pedra e mármore da Coruña; art. 5-, que se comunicará tamén "á autoridade laboral, debéndose entender que isto último é para os efectos do rexistro (voluntario) da denuncia escrita a que se refire o art. 2.a) do Real decreto 1040/1981, de 22 maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos. En canto ao segundo -preaviso da denuncia-, os convenios das provincias da Coruña (construción e elaboración e instalación de pedra e mármore; en todos o art. 5) e Lugo (construción e materiais e prefabricados da construción; en todos o art. 9) dispoñen, coincidindo co prazo establecido polos convenios xerais, que a denuncia deberá ter lugar con tres meses de antelación á data de vencemento do convenio ou, no seu caso, de calquera das súas prórrogas, segundo especifican, por se houbese algunha dúbida, os convenios da Coruña. A devandita especificación tamén se atopa nos convenios da provincia de Ourense (art. 4), que reducen a un mes o indicado prazo de antelación a observar na realización da denuncia. En calquera caso, cos termos que empregan todos eses convenios quedan determinado, obviamente, o *dies ad quem* do prazo (ata cándo pode cursarse válida a denuncia), pero non o *dies a quo*.

Inspirándose, probablemente, no convenio xeral (art. 17), prevén os convenios de Lugo e A Coruña ultimamente considerados, ademais da denuncia ordinaria ou total, unha denuncia orientada á "revisión do convenio", a realizar en igual forma e tempo que a primeira [49]. Aínda que poderían ser máis claros ao respecto, especificando, por exemplo, as materias susceptibles de resultar afectadas ou, polo menos, que a parte que formule a denuncia haberá de concretar que puntos pretende que sexan obxecto de revisión [50], non ofrece dubida que se contempla a posibilidade dunha modificación do convenio por medio da súa denuncia *parcial*. O resultado será, non un

49 Art. 9 convenios da construción e de materiais e prefabricados da construción de Lugo ("a denuncia de rescisión ou *revisión* do convenio haberá de efectuarse cunha antelación de tres meses á súa data de terminación, mediante comunicación escrita á outra parte"), e art. 5 convenios da construción e de elaboración e instalación de pedra e mármore da Coruña (a denuncia para a rescisión ou *revisión* do convenio "deberá realizarse cunha antelación de tres meses á súa terminación ou prórroga en curso" e "mediante comunicación escrita á outra parte").

50 Fan referencia expresa a este extremo os convenios xerais. Véxase, por todos, art. 17.2 do vixente.

novo convenio, senón a prórroga -por un ano, ao non se indicar outra cousa- do afectado por aquela denuncia, salvo nas materias que indique a parte denunciante, que quedarán sometidas á nova regulación derivada do procedemento de negociación que poida abrirse a raíz da mencionada denuncia parcial e, entre tanto non se consiga o acordo final, á ultraactividade da que se trata no seguinte apartado. Cabe precisar que a nova regulación terá que ser produto dun procedemento de verdadeira negociación, pois non se dispón que a revisión ou modificación quede suxeita á aplicación de criterios predeterminados establecidos polo convenio revisado ou modificado, que, de existir, permitiría apreciar que aquela é constitutiva dun acto de administración [51].

Téñase en conta que a denuncia á que se vén facendo ultimamente referencia, unilateral como calquera outra, diríxese a facer posible a modificación do convenio, non en calquera momento anterior ao seu vencemento, senón, como apuntan os propios convenios que a contemplan, unha vez esgotada a súa duración inicial ou a de calquera das súas prórrogas. Noutras palabras, non se trata dunha denuncia que teña por obxecto a modificación do convenio durante a súa vixencia. Iso non significa que unha modificación desta natureza, sobre a que garda silencio o lexislador, non sexa posible; requírese, iso si, que conte co mutuo acordo das partes que estivesen representadas na comisión negociadora [52].

Responden propiamente á modificación do convenio a través da denuncia parcial examinada as aprobadas o 5 marzo 2001 e o 30 xullo 2003 para, respectivamente, os convenios da construción de 1999 e 2002 de Lugo. Tamén a aprobada na mesma data que o deste último para o convenio de materiais e prefabricados da construción de igual provincia.

2.5.5. Prórrogas

Quedan excluídas no caso dos convenios de Pontevedra (construción e mármores e pedras) e de pintura da Coruña, por figurar sometidos, como se indicou, a unha denuncia automática coincidente coa data do seu respectivo vencemento. En canto aos demais convenios, nada prevén acerca de que a falta da denuncia expresa que

51 Por implicar a revisión o exercicio de facultades de negociación, a comisión encargada de levala a cabo haberá de estar aberta á participación de cantos suxeitos dispoñan nese momento de lexitimación para negociar conforme o art. 87 ET, aínda que carecesen dela antes ou non asinasen o devandito convenio. Tal é a conclusión que se deriva da xurisprudencia (constitucional e ordinaria) que aborda a cuestión de quen teñen dereito a formar parte das comisións ás que o convenio colectivo atribúe funcións negociadoras [ver, entre outras, sentenzas TC 73/1984, do 27 de xuño, e 39/1986, de 31 de marzo, así como STS do 11 de xullo de 2000 (I.O. J 1442)].

52 STS do 21 de febreiro de 2000 (I.O. J 138) e STSJ Cataluña do 5 de marzo de 1999 (I.O. J 390; "acordo *unánime* das partes que no seu momento formaron a comisión negociadora").

contemplan, que sinalan que debe producirse por escrito, ou de que a denuncia extemporánea produzan un efecto distinto do establecido, con carácter supletorio do posible "pacto en contrario", polo art. 86.2 ET; polo tanto, haberá que estar ao disposto neste precepto, que non é outra cousa que a prórroga anual do correspondente convenio.

Tampouco se establece nada acerca do posible carácter parcial da prórroga, isto é, sobre se queda excluída dela algunha materia. Ante tal situación, se chegase a faltar a denuncia expresa ou esta fose extemporánea, a prórroga subseguinte non comportaría, por exemplo, a obriga de revisar anualmente os salarios ou outros conceptos económicos, salariais ou extrasalariais, cuxos importes permanecerían nos que rexesen no momento do vencemento do prazo de duración pactado; nin tampouco a xornada. Trátase de materias que non figuran entre as reservadas polo parágrafo terceiro do art. 84 ET ao tipo de convenios ao que pertencen os xerais e os acordos sectoriais da construción, que, como se tivo oportunidade de sinalar, non poden pretender a súa imposición a outros convenios sectoriais de ámbito inferior que concorran con eles, como os provinciais de igual actividade.

2.5.6. Ultraactividade

De todos os convenios provinciais examinados, só os de pintura e de elaboración e instalación de pedra e mármore da provincia da Coruña omiten calquera referencia á ultraactividade, a cal afectaralles, pois, nos termos establecidos no parágrafo segundo, inciso final, do art. 86.3 ET. Os restantes convenios dispoñen xa o xogo daquela. Deles, só os de Ourense circunscríbena ao contido normativo, dotándoa da extensión que prevé a regra supletoria do art. 86.3 ET para o caso de ausencia de pacto sobre o particular; isto é, non se exclúe da suxeición a ultraactividade a ningunha das partes integrantes do contido normativo. De acordo co art. 4 de cada un dos convenios agora considerados, "denunciado o convenio, e ata que non se logre acordo expreso, perderán vixencia soamente as súas cláusulas obrigacionais, manténdose en vigor o seu contido normativo". Aínda que non se diga, isto último será a partir, non da denuncia, senón do vencemento do convenio. Antes de tal vencemento non hai ultraactividade, senón aplicación ordinaria do convenio.

Maior amplitude material ten a ultraactividade nos demais convenios provinciais, que fan seu o tratamento dispensado polos convenios xerais [53] e acordan a ampliación daquela ao contido obrigacional, sorprendendo a indicación, probablemente froito de non valorar ata que punto resulta apropiado realizala a propósito do devandito contido, de que semellante ampliación o é á "totalidade" deste, igual que a ultraactividade do contido normativo. Dispón cada un dos convenios agora con-

53 Véxase, por todos, art. 16, parágrafo segundo, convenio xeral 2002.

siderados [54] que, para evitar "o baleiro normativo que noutro caso se produciría", unha vez rematada "a súa vixencia inicial ou a de calquera das súas prórrogas, continuará rexendo *na súa totalidade*, tanto no seu contido normativo coma no obrigacional, ata que sexa substituído por outro".

Esa amplitude da ultraactividade -non exclusión de ningún extremo do contido normativo, no caso dos convenios de Ourense; aplicación a todo o contido normativo e obrigacional, nos demais convenios que tratan da ultraactividade- merece comentario. Polo que respecta á súa repercusión sobre o contido normativo, o certo é que nos convenios examinados se descobre algunha que outra cláusula onde a regulación da correspondente materia, pertencente ao indicado contido, atópase referida a un período de tempo comprendido dentro do de duración xeral propio do convenio; iso permite deducir que a vontade das partes é que aquela regulación non se aplique máis alá do expresado período e, polo tanto, non quede sometida á xeral ultraactividade atribuída ao contido normativo [55]. É o caso, por exemplo, da cláusula de garantía salarial do convenio da construción da Coruña de 2004 [56]; das cláusulas sobre incrementos económicos dos convenios da construción de Ourense e Pontevedra [57]; de certas previsións sobre o tempo de traballo destes mesmos convenios [58] ou, en fin, da regulación das indemnizacións por morte e incapacidade permanente contempladas no art. 41 do convenio da construción de Pontevedra de 2001 [59].

En canto á aplicación da ultraactividade á "totalidade" do contido obrigacional, que aparece en todos os convenios de Lugo e Pontevedra, así como nos da construción

54 Art. 4 convenios da construción da Coruña e convenios da construción e de mármores e pedras de Pontevedra; art. 5 convenios da construción e de materiais e prefabricados da construción de Lugo.

55 Estaríase, ao cabo, ante un pacto implícito de exclusión parcial da ultraactividade. Sobre este extremo véxase ARUFE VARELA, A, op. cit., páxinas 159-162.

56 "No suposto de que o índice anual de prezos ao consumo (IPC) ao 31 de decembro de 2004 supere o 2% correspondente ao IPC previsto para 2004 nos Presupostos Xerais do Estado, efectuarase unha revisión económica no exceso producido, con efectos retroactivos dende o 1.1 2004".

57 Así, art. 14 convenio de Ourense de 2003 ["Para o ano 2003 ... aplícase un incremento económico do dous con oito por cento (2,8%) "...] e art. 29 convenio de Pontevedra de 2004 ("Para o ano 2004 aplicarase un incremento do 3'00% sobre os conceptos contemplados nas táboas salariais").

58 Así, art. 9 convenio de Ourense de 2003: "Para axustar o calendario laboral anual no presente exercicio de 2003, fíxanse como días non laborables o 3 de marzo (luns de carnaval), o 2 de maio, o 24 e o 31 de outubro, o 10, 21 e 28 de novembro, o 24, 26 e 31 de decembro". Tamén art. 43, apartados 5 e 6, convenio de Pontevedra de 2004: "para adaptar a xornada ás 1750 horas acordadas para o ano 2004, os días 5 de xaneiro, 23 e 24 de febreiro, 18 de marzo, 26 de xullo, 13 de agosto, 11 de outubro [e] 7, 2 horas do 23 (xornada de 6 horas), 24 e 31 de decembro terán a consideración de festivos e aboables a todos os efectos". "Ademais dos días sinalados anteriormente, nos seguintes concellos, por coincidir o festivo local con día non laborable, fíxanse os seguintes festivos "....

59 "Estas indemnizacións terán unha vixencia dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro" (de 2001, sobreenténdese).

da Coruña, parece que non debe interpretarse en termos tales que imposibiliten, nun novo proceso de negociación, a pretensión da modificación do pactado no convenio que introducise aquela e, polo tanto, o recurso a unha folga con esa finalidade novatoria [60]

60 Véxase STS de 20 decembro 1995 (Ar. 9486).

PARTE TERCEIRA

A PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS NA ACTIVIDADE DE CONSTRUCIÓN

CAPÍTULO SEXTO

1. ESTATÍSTICAS SOBRE A SINISTRALIDADE LABORAL NO SECTOR

Tanto desde dentro do sector como desde ámbitos alleos ao mesmo acéptase como evidencia irrefutable que estamos diante dunha actividade que provoca un alto grao de sinistralidade laboral, o que desde logo confirman, ano tras ano, as estatísticas oficiais. A este tema pasamos a referirnos, facendo algunhas advertencias previas sobre o particular:

- As series que de seguida comentaremos recollen o período dos últimos cinco anos completos (1999/2003) no momento de redactarse este estudo. Parece un período suficientemente amplo e, sobre todo, pretende gardar coherencia cos reflectidos noutros capítulos deste estudo. Este esquema tan só creba nas referencias que se fan ao ámbito da Unión Europea, por canto non foi posible dispoñer de estatísticas de Eurostat máis aló de 2001. En todo caso, estes datos da Unión Europea non teñen en conta os dos estados que protagonizaron a recente ampliación é, polo tanto, son os datos da Unión Europea de 15 membros. Doutra banda, nas comparacións que se fan dos índices de incidencia das diferentes comunidades autónomas, contémplase un período de tres anos (2001/2003).

- Existe un problema de comparación no período seleccionado que non fomos quen de resolver e que pode provocar algunha pequena distorsión na lectura e interpretación dos datos que se expoñen: a revisión dos criterios de confección da EPA a partir de 2002 (acerca do seu sentido e importancia, pódese consultar a parte introdutoria do capítulo 3 do Informe sobre a situación sociolaboral da Comunidade Autónoma Galega en 2002, que editou, como cada ano desde 1992, o Consello Galego de Relacións Laborais). Polo que aquí respecta, tales cambios afectaron o incremento do número de asalariados, que son recollidos nos datos de 2001, 2002 e 2003, sen que o INE ou o IGE teñan publicados os datos aquí utilizados (asalariados de cada unha das provincias galegas, segundo o sector de actividade), correspondentes a 1999 e 2000, conforme a nova metodoloxía. Tales variacións, con repercusión tan só nos índices de incidencia, son de orde menor, sen que impidan obter as pertinentes conclusións, como no seu momento se verá.

- Finalmente, e sobre o fondo do asunto, as estatísticas recollidas pretenden dar unha imaxe fidedigna do estado actual da sinistralidade, para o que se centrou a análise nunhas variables que se consideraron básicas, eludindo referencias máis exhaustivas, por entender, esperamos que con acerto, que en moitas ocasións o exceso de información estatística o que fai, en vez de alumar a realidade, é xustamente o contrario.

1.1. Valores absolutos. Período 1999/2003

Da análise do período recollido, extráense as seguintes conclusións:

1. No período estudado aumentou o número total de accidentes de traballo en Galicia e no conxunto do Estado, aumento que tamén tivo reflexo no sector da construción.

Cadro 1. Accidentes de traballo con baixa (en xornada de traballo e excluídos "in itinere"). Galicia. Por provincias. 1999/2003

	1999	2000	2001	2002	2003
A Coruña	16.003	17.080	18.370	19.171	18.480
Lugo	4.290	4.489	4.651	4.390	4.394
Ourense	3.591	3.874	4.131	4.113	3.919
Pontevedra	17.524	18.147	19.244	19.785	19.397
Galicia	41.408	43.590	46.396	47.594	46.190
España	867.772	935.274	958.493	948.896	899.737

Elaboración propia
Fonte: Informes anuais Consello Galego de Relacións Laborais

Cadro 2. Accidentes de traballo con baixa (en xornada de traballo e excluídos "in itinere"). Por sectores económicos. Galicia/España. 1999/2003

	1999		2000		2001		2002		2003	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Agric/pesca	3.479	47.152	3.471	44.055	3.356	41.084	3.245	38.769	3.006	33.911
Industria	13.845	265.054	13.945	273.760	15.087	268.537	15.336	253.204	14.953	234.851
Construción	10.916	207.673	11.346	232.092	12.183	243.841	12.552	245.176	11.902	231.801
Servizos	13.168	347.893	14.828	385.367	15.770	405.031	16.461	411.747	16.349	399.174

Elaboración propia
Fonte: Informes anuais Consello Galego de Relación Laborais
Anuario de Estatísticas Laborais. MTAS

Así (ver cadros 1 e 2) se a sinistralidade laboral en Galicia (cun incremento do número total de accidentes entre 2003 e 1999 do 11,55 por cento, que se deu, ademais, nas catro provincias, destacando A Coruña, onde o incremento foi do 15,45 por cento) tivo neste período un comportamento peor que no conxunto do Estado (cun incremento, nese mesmo período, do 3,69 por cento), hai que facer notar que ese aumento no número total de accidentes de traballo deuse, tanto en Galicia (coa excepción, neste caso, do sector agropesqueiro) como en España (coa excepción aquí dos sectores primario e industrial) na maioría dos sectores produtivos.

Pois ben, un dos sectores cun aumento nidio do número de accidentes de traballo foi o da construción, tanto en Galicia (onde o incremento, sempre entre 2003 e 1999, foi do 9,04 por cento, a pesares de que houbo unha redución significativa en 2003 respecto de 2002), como en España (onde o incremento foi do 11,62 por cento, tamén aquí a pesares da importante redución en 2003 respecto a 2002).

Cadro 3. Accidentes de traballo con baixa (en xornada de traballo e excluídos "in itinere"). Por sectores económicos. Galicia por provincias.1999/2003

A Coruña	1999	2000	2001	2002	2003
Agric/Pesca	1.357	1.400	1.305	1.221	1.049
Industria	4.925	4.950	5.563	5.792	5.379
Construción	4.453	4.606	5.032	5.256	5.174
Servizos	5.268	6.124	6.470	6.902	6.878

Lugo	1999	2000	2001	2002	2003
Agric/Pesca	788	736	755	718	613
Industria	1.167	1.135	1.132	1.123	1.212
Construción	1.012	1.122	1.211	1.089	1.019
Servizos	1.323	1.496	1.553	1.595	1.550

Ourense	1999	2000	2001	2002	2003
Agricultura	171	141	135	143	215
Industria	1.441	1.503	1.584	1.565	1.421
Construción	1.048	1.113	1.160	1.030	947
Servizos	931	1.117	1.252	1.375	1.336

Pontevedra	1999	2000	2001	2002	2003
Agric/Pesca	1.163	1.194	1.161	1.163	1.129
Industria	6.312	6.357	6.808	6.856	6.921
Construción	4.403	4.505	4.780	5.177	4.762
Servizos	5.646	6.091	6.495	6.589	6.585

Elaboración propia
Fonte: Informes anuais Consello Galego de Relacións Laborais

Se levamos a análise ao ámbito provincial (ver cadro 3) A Coruña (co 16,20 por cento) e Pontevedra (co 8,16 por cento) son a provincias que concentran os incrementos do número de accidentes de traballo no sector da construción, mentres que en Lugo a cifra total en 2003 apenas se incrementou respecto á de 1999, e en Ourense houbo un acusado descenso.

2. En Galicia aumentaron nese período, de xeito significativo, os accidentes de traballo graves, mentres que diminuíron no conxunto do Estado. Tanto en Galicia como no conxunto do Estado produciuse un aumento moi importante dos accidentes graves no sector da construción.

Cadro 4. Accidentes de traballo graves (en xornada de traballo e excluídos "in itinere"). Por sectores económicos. Galicia/España. 1999/2003

	1999		2000		2001		2002		2003	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia.	España
Agric/Pesca	230	1.252	204	1.139	205	1.093	223	1.033	212	906
Industria	218	2.991	204	2.936	237	3.053	205	2.908	271	2.528
Construción	210	2.933	210	3.099	251	3.390	233	3.518	269	3.540
Servizos	271	4.595	231	4.476	257	4.550	247	4.427	254	4.421
Total	929	11.771	849	11.640	950	12.086	908	11.886	1.006	11.395

Elaboración propia
Fonte: Informes anuais Consello Galego de Relación Laborais
Anuario de Estatísticas Laborais. MTAS

Cadro 5. Accidentes de traballo graves (en xornada de traballo e excluídos "in itinere"). Por sectores económicos. Galicia por provincias. 1999/2003

A Coruña	1999	2000	2001	2002	2003
Agric/Pesca	75	88	80	115	92
Industria	67	68	65	84	96
Construción	74	76	76	103	106
Servizos	75	90	99	106	104
Total	291	322	320	408	398

Lugo	1999	2000	2001	2002	2003
Agric/Pesca	107	69	78	58	47
Industria	40	26	21	14	15
Construción	33	18	29	20	17
Servizos	70	29	33	29	34
Total	250	142	161	121	113

Ourense	1999	2000	2001	2002	2003
Agricultura	6	4	4	7	7
Industria	31	32	42	30	44
Construción	20	37	39	28	30
Servizos	28	27	34	23	24
Total	85	100	119	88	108

Pontevedra	1999	2000	2001	2002	2003
Agric/Pesca	42	43	43	43	66
Industria	80	78	109	77	116
Construción	83	79	107	82	116
Servizos	98	85	91	89	92
Total	303	285	350	291	390

Elaboración propia
Fonte: Informes anuais Consello Galego de Relación Laborais

En efecto (ver cadro 4) a similitude entre a evolución dos accidentes de traballo en Galicia e no conxunto estatal ráchase ao analizar os de carácter grave, que en Galicia sofren un incremento en 2003 respecto da cifra de 1999 do 8,29 por cento (incremento que non afecta aos sectores agropesqueiro e de servizos), mentres que a diminución foi no Estado do 3,19 por cento (que afectou a todos os sectores, coa excepción da construción).

Iso si, Galicia e o conxunto estatal recuperan por desgraza a sintonía no caso dos accidentes de traballo graves no sector da construción, que se no Estado experimentan unha suba moi importante (do 20,70 por cento) en Galicia esa suba e aínda maior (do 28,10 por cento).

No detalle provincial (ver cadro 5) dúas provincias resultan paradigmáticas por motivos ben diferentes: mentres que na provincia da Coruña hai un aumento ininterrompido, de ano en ano, dos accidentes de traballo graves no sector da construción, representando 2003 un aumento respecto a 1999 do 43,25 por cento, na provincia de Lugo pódese apreciar unha certa tendencia descendente, que en 2003, respecto de 1999, chega a ser do 48,48 por cento. Con comportamentos anuais un tanto máis erráticos, as provincias de Ourense e Pontevedra coinciden coa da Coruña en presentar incrementos, en 2003 respecto a 1999, moi importantes: do 50 por cento, caso de Ourense, e do 39,76 por cento, caso de Pontevedra.

3. Os accidentes de traballo mortais diminuíron en 2003 respecto a 1999, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, diminución que en Galicia alcanzou tamén ao sector da construción.

Cadro 6. Accidentes de traballo mortais (en xornada de traballo e excluídos "in itinere"). Por sectores económicos. Galicia/España. 1999/2003

	1999		2000		2001		2002		2003	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Agric/Pesca	23	132	40	119	33	110	13	91	15	65
Industria	17	244	21	236	13	216	23	224	26	204
Construción	35	294	19	292	20	269	30	304	27	299
Servizos	44	434	44	489	33	435	36	482	26	465
Total	119	1.104	124	1.136	99	1.030	102	1.101	94	1.033

Elaboración propia
Fonte: Informes anuais Consello Galego de Relación Laborais
Anuario de Estatísticas Laborais. MTAS

A diminución (ver cadro 6) no número de accidentes de traballo mortais foi en Galicia do 31 por cento, mentres que no conxunto do Estado foi do 6,43 por cento. A diferenza do Estado, en que houbo un leve incremento no número de accidentes de traballo mortais no sector da construción, en Galicia produciuse unha significativa redución do 22,85 por cento.

Cadro 7. Accidentes de traballo mortais (en xornada de traballo e excluídos "in itinere"). Por sectores económicos. Galicia por provincias. 1999/2003

A Coruña	1999	2000	2001	2002	2003
Agric/Pesca	8	23	16	6	1
Industria	7	7	6	9	12
Construción	13	7	7	9	12
Servizos	22	15	16	17	13
Total	50	52	45	41	38

Lugo	1999	2000	2001	2002	2003
Agric/Pesca	6	3	1	2	2
Industria	1	2	0	1	3
Construción	2	1	6	4	4
Servizos	6	8	5	7	7
Total	15	14	12	14	16

Ourense	1999	2000	2001	2002	2003
Agricultura	0	0	1	1	0
Industria	1	1	2	4	3
Construción	5	4	2	3	4
Servizos	3	5	4	4	0
Total	9	10	9	12	7

Pontevedra	1999	2000	2001	2002	2003
Agric/Pesca	9	14	15	4	12
Industria	8	11	5	9	8
Construción	15	7	5	14	7
Servizos	13	16	8	8	6
Total	45	48	33	35	33

Elaboración propia
Fonte: Informes Anuais Consello Galego de Relacións Laborais

En todas as provincias galegas diminuíron os accidentes de traballo mortais no sector da construción en 2003 respecto a 1999, salvo en Lugo (ver cadro 7).

1.2. Índices de incidencia. Período 1999/2003 (para Unión Europea: 1997/2001)

Os valores absolutos en materia de sinistralidade laboral teñen un valor engadido indubidable, porque, por unha banda, na medida en que o que se fai é contabilizar concretos accidentes de traballo resulta menos factible subtraerse ao drama que está detrás de cada un deles; e, por outra banda, dificulta a práctica de lecturas delibe-

radamente optimistas da realidade, o que resulta especialmente necesario na loita contra tal sinistralidade. Sen embargo, é o certo que pór en relación o número de accidentes coa poboación laboral exposta aos mesmos (neste caso, a poboación asalariada), que é o que se fai cos índices de incidencia, supón un elemento corrector que proporciona unha máis valiosa e matizada información nesta materia.

Neste traballo, utilízase o referente dos 1.000 asalariados para o total de accidentes de traballo con máis de 3 días de baixa; dos 10.000 asalariados, para os accidentes de traballo de carácter grave; e dos 100.000 asalariados, para os accidentes de traballo mortais.

As conclusións extraídas son as que seguen:

1. A sinistralidade laboral en Galicia e no conxunto do Estado é moi superior á da media da Unión Europea, en todos os índices de incidencia contemplados: accidentes de traballo con máis de 3 días de baixa, en xeral, e no sector da construción, e accidentes de traballo mortais, tamén en xeral e no sector da construción.

Cadro 8. Accidentes de traballo con máis de 3 días de baixa. Índices de incidencia (por cada 1.000 asalariados). España/UE. 1997/2001

	1997	1998	1999	2000	2001
UE/15	41,06	40,89	40,88	40,16	38,41
España	62,25	65,46	70,27	70,52	69,17

Fonte: Eurostat

Cadro 9. Sector construción. Accidentes de traballo con máis de 3 días de baixa. Índices de incidencia (por cada 1.000 asalariados). España/UE. 1997/2001

	1997	1998	1999	2000	2001
UE/15	79,63	80,08	78,09	75,48	72,47
España	128,70	143,32	149,01	148,07	147,97

Fonte: Eurostat

Polo que respecta aos accidentes de traballo con máis de 3 días de baixa (ver cadro 8), se en 1997 o índice de incidencia en España era un 51,61 por cento maior que o da Unión Europea, en 2001 a diferenza agrandouse, pasando a ser en España un 80,09 por cento superior que na Unión Europea. Aínda maior resulta ese diferencial no sector da construción (ver cadro 9): en 1997 o índice de incidencia en España foi un 61,63 por cento superior ao da Unión Europea, mentres que en 2001 tal índice foi superior nun 104,19 por cento, isto é, máis do doble.

Cadro 10. Accidentes de traballo mortais. Índices de incidencia (por cada 100.000 asalariados). Galicia/España/UE. 1997/2003

	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003
UE/15	5,2	5,0	4,8	4,6	4,2	(1)	(1)
España	10,9	10,6	9,4	9,1	7,9	8,3	7,5
Galicia	17,7	19,4	18,3	18,4	12,8	12,8	11,4

Elaboración propia
Fonte: Eurostat
Anuario de Estatísticas Laborais. MTAS
EPA (para dato de asalariados. Ver notas cadro 12)
(1): Non dispoñible

Cadro 11. Sector construción. Accidentes de traballo mortais. Índices de incidencia (por cada 100.000 asalariados). Galicia. España. UE. 1997/2003

	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003
UE/15	13,1	12,8	11,7	11,4	10,7	(1)	(1)
España	27,7	26,6	22,4	20,9	17,8	19,8	18,6
Galicia	33,8	31,4	39,7	20,4	18,1	29,4	25,9

Elaboración propia
Fonte: Eurostat
Anuario de Estatísticas Laborais. MTAS
EPA (para dato de asalariados. Ver notas cadro 12)
(1): Non dispoñible

En canto aos accidentes de traballo mortais en xeral (ver cadro 10) en 1997, España duplicaba o índice de incidencia da Unión Europea (10,9 fronte a 5,2), mentres que Galicia o triplicaba con folgura (17,7); en 2001 a situación era practicamente a mesma, aínda que os índices recorreron nos tres casos un camiño claramente á baixa. ao analizar os índices de incidencia dos accidentes de traballo mortais no sector da construción, apréciase (ver cadro 11) unha situación moi similar á anterior: En 1997, España duplica o índice da Unión Europea (27,7 fronte a 13,1) mentres que Galicia case que o triplica (33,8); en 2001, acúrtanse diferenzas, se ben con cifras aínda moi distantes.

En calquera caso, hai que facer notar que mentres na Unión Europea en todos os índices reseñados, no período analizado, cada ano transcorrido supuxo unha mellora respecto do ano anterior, tanto en Galicia coma no conxunto do Estado ese comportamento foi moito máis desigual, non sempre a mellor (claramente a peor en España, no caso do índice de incidencia dos accidentes de traballo con máis de 3 días de baixa, e no caso destes mesmos accidentes limitados ao sector da construción; e a peor, en Galicia e no conxunto do Estado, en 2002 e 2003, no caso do índice de incidencia dos accidentes de traballo mortais no sector da construción).

Cadro 12.Poboación asalariada. Por sectores económicos. Galicia por provincias. Total España. 1999/2003

	Total	Agric/Pesca	Industria	Construción	Servizos
A Coruña					
1999	277,9	9,9	57,7	38,3	172,0
2000	276,9	9,5	65,5	39,4	162,5
2001	320,3	7,4	76,8	52,8	183,3
2002	336,0	8,2	78,0	48,2	201,7
2003	350,5	9,2	74,8	45,1	221,4
Lugo					
1999	70,4	6,7	9,6	10,5	43,7
2000	72,3	6,3	12,7	8,3	44,9
2001	84,3	6,2	14,5	12,2	51,5
2002	84,2	4,0	15,9	10,9	53,4
2003	87,2	3,8	16,4	10,0	57,0
Ourense					
1999	73,4	3,3	16,5	9,3	44,2
2000	74,6	1,7	15,4	12,3	45,6
2001	94,2	3,1	23,4	14,0	53,8
2002	93,8	2,9	21,8	10,5	58,6
2003	94,4	3,4	20,4	12,3	58,3
Pontevedra					
1999	230,1	13,6	60,5	30,1	126,9
2000	251,1	11,5	65,9	33,3	140,3
2001	275,1	10,8	75,4	31,7	157,2
2002	281,5	11,1	84,9	32,6	152,9
2003	286,9	12,6	78,7	35,2	160,4
Galicia					
1999	651,7	32,5	144,3	88,1	386,8
2000	674,9	29,1	159,5	93,0	393,9
2001	774,0	27,4	190,0	110,7	445,8
2002	795,5	26,3	200,5	102,2	466,6
2003	819,0	29,0	190,3	102,6	497,1
España					
1999	11.766,8	423,2	2.637,8	1.314,4	7.391,5
2000	12.542,2	431,6	2.808,5	1.399,6	7.902,4
2001	12.964,2	436,9	2.799,2	1.512,9	8.215,2
2002	13.299,9	405,8	2.826,3	1.533,6	8.354,2
2003	13.752,6	437,6	2.729,8	1.605,9	8.979,4

Elaboración propia
Fonte: EPA (Nova metodoloxía para datos de 2001, 2002 e 2003)
Datos en miles. IV trimestre, salvo 2003 (medias anuais)

2. Os índices de incidencia do total de accidentes de traballo en 2003 respecto de 1999 diminuíron, tanto en Galicia coma no conxunto do Estado, diminución que afectou á totalidade dos sectores produtivos e ás catro provincias galegas. Os índices de incidencia no sector da construción son moi superiores aos dos restantes sectores produtivos. Pontevedra é a provincia galega cun maior índice de incidencia no sector da construción.

Cadro 13. Accidentes de traballo con baixa (en xornada de traballo e excluídos "in itinere"). Índices de incidencia (por cada 1.000 asalariados). Galicia. Por provincias. 1999/2003

	1999	2000	2001	2002	2003
A Coruña	57,59	61,69	57,35	57,06	52,73
Lugo	60,94	62,09	55,17	52,14	50,39
Ourense	48,93	51,93	43,85	43,85	41,52
Pontevedra	76,16	72,27	69,95	70,28	67,61
Galicia	63,54	64,59	59,94	59,82	56,15
España	73,75	74,57	73,93	71,35	65,42

Elaboración propia
Fonte: Informes anuais Consello Galego de Relacións Laborais
Anuario de Estatísticas Laborais. MTAS
EPA (para dato de asalariados. Ver notas cadro 12)

Cadro 14. Accidentes de traballo con baixa (en xornada de traballo e excluídos "in itinere"). Índices de incidencia (por cada 1.000 asalariados). Por sectores económicos. Galicia/España.1999/2003

	1999		2000		2001		2002		2003	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Agric/Pesca	107,05	111,42	119,28	104,10	122,48	94,04	123,38	95,54	103,66	77,49
Industria	95,95	100,49	87,43	97,48	79,40	95,93	76,49	89,59	78,58	86,03
Construción	123,91	158,00	122,00	165,83	110,05	161,17	122,82	159,87	116,01	144,34
Servizos	34,05	47,07	37,65	48,77	35,37	49,30	35,28	49,29	32,89	44,45

Elaboración propia
Fonte: Informes anuais Consello Galego de Relacións Laborais
Anuario de Estatísticas Laborais. MTAS
EPA (para dato de asalariados. Ver notas cadro 12)

A diminución (ver cadros 13 e 14) foi moi similar en Galicia (11,63 por cento) e no Estado (11,29 por cento), manténdose, practicamente, o diferencial entre Galicia e o Estado nestes anos en torno aos dez puntos, a favor de Galicia. Por sectores produtivos, advírtense tamén tendencias similares en Galicia e no Estado, con descensos moi acusados no sector industrial (do 18,10 por cento en Galicia e do 14,39 por cento no conxunto do Estado) e máis moderados no sector da construción (do 6,37 por cento en Galicia e do 8,64 por cento no conxunto do Estado). Ademais, tamén

Cadro 15. Accidentes de traballo con baixa (en xornada de traballo e excluídos "in itinere"). Índices de incidencia (por cada 1.000 asalariados). Por sectores económicos. Galicia por provincias. 1999/2003

A Coruña	1999	2000	2001	2002	2003
Agric/Pesca	137,07	147,37	176,35	148,90	114,03
Industria	85,36	75,58	72,43	74,26	71,92
Construción	116,27	116,91	95,30	109,05	114,73
Servizos	30,63	37,69	35,30	34,22	31,07

Lugo	1999	2000	2001	2002	2003
Agric/Pesca	117,62	116,83	121,77	179,50	161,32
Industria	121,57	89,37	78,07	70,63	73,91
Construción	96,38	135,18	99,26	99,91	101,90
Servizos	30,28	33,32	30,16	29,87	27,20

Ourense	1999	2000	2001	2002	2003
Agricultura	51,82	82,95	43,55	49,31	63,24
Industria	87,34	97,60	67,70	71,79	69,66
Construción	112,69	90,49	82,86	98,10	77,00
Servizos	21,07	24,50	23,28	23,47	22,92

Pontevedra	1999	2000	2001	2002	2003
Agric/Pesca	85,52	103,83	107,50	104,78	89,61
Industria	104,33	96,47	91,39	80,76	87,95
Construción	146,28	135,29	150,79	158,81	135,29
Servizos	44,50	43,42	41,32	43,10	41,06

Elaboración propia
Fonte: Informes anuais Consello Galego de Relacións Laborais
EPA(Para dato de asalariados. Ver notas cadro 12)

aquí mantense no sector da construción un diferencial similar entre os índices de incidencia galego e estatal que, de novo a favor de Galicia, está situado en torno aos 25 puntos. A apuntada tendencia descendente no sector da construción, crébase a nivel provincial (ver cadro 15) tan só en Lugo (cun aumento do índice de incidencia en 2003 respecto a 1999 do 5,73 por cento). Nas demais provincias, o descenso máis importante é o de Ourense (31,67 por cento), seguido do de Pontevedra (7,51 por cento) e A Coruña (co descenso máis moderado: o 1,32 por cento). En todo caso, hai que partir da base de que Pontevedra ten os maiores índices de incidencia no sector da construción (146,28 en 1999 e 135,29 en 2003), seguida da Coruña (116,27 en 1999 e 114,73 en 2003), Lugo (96,38 en 1999 e 101,90 en 2003) e Ourense (112,69 en 1999 e 77,00 en 2003). Polo demais, estes índices de incidencia no sector da construción son moi superiores, en todas as provincias galegas, aos dos restantes sectores produtivos (agás en Lugo, en que o maior corresponde ao sector agropesqueiro). Se limitamos a comparación co sector industrial, en 2003 esa diferenza foi na Coruña dun 59,63 por cento superior na construción; en Lugo, dun 37,87 por cento; en Ourense dun 10,54 por cento; e en Pontevedra dun 53,83 por cento.

3. Se facemos a comparación entre comunidades autónomas, Galicia é de todas elas, e coa excepción de Estremadura, a que ten un menor índice de incidencia no sector da construción, sempre falando do total de accidentes de traballo con baixa (ver cadro 16), experimentando, ao igual que a maioría das restantes comunidades autónomas, unha diminución deste índice de incidencia no período contemplado (2001/2003).

Cadro 16. Accidentes de traballo con baixa (en xornada de traballo e excluídos "in itinere"). Índices de incidencia (por cada 1.000 asalariados). Sector construción. Por comunidades autónomas

	2001	2002	2003
Total España	165,01	160,44	144,81
Andalucía	161,99	161,09	138,76
Aragón	153,12	149,91	135,54
Asturias (Principado de)	162,73	159,24	131,98
Baleares (Illas)	197,90	200,69	189,90
Canarias	176,31	159,47	139,01
Cantabria	152,99	133,93	130,32
Castela e León	138,37	133,91	126,12
Castela–A Mancha	138,31	147,06	150,81
Cataluña	196,56	196,39	148,92
Comunidade Valenciana	180,31	156,83	136,63
Estremadura	109,09	109,45	93,28
Galicia	119,33	120,81	116,12
Madrid (Comunidade de)	184,75	179,32	177,86
Murcia (Rexión de)	156,42	156,27	143,82
Navarra (Comunidade Foral de)	241,69	233,78	193,62
País Vasco	209,47	204,79	164,90
Rioxa (A)	230,00	205,72	183,17
Ceuta e Melilla	183,75	290,53	144,14

Elaboración propia
Fonte: Estatística de accidentes de traballo. MTAS
EPA (datos de asalariados tomados en medias anuais)

4. Os índices de incidencia dos accidentes de traballo graves diminuíron en 2003 respecto de 1999, tanto en Galicia coma no conxunto do Estado, diminución que afectou á totalidade dos sectores produtivos, coa excepción, en Galicia, do sector da construción. Tamén neste grupo de accidentes, os índices de incidencia son moi superiores aos dos restantes sectores produtivos, con excepción do sector agropesqueiro. Pontevedra é a provincia galega cun maior índice de incidencia de accidentes de traballo graves no sector da construción.

Cadro 17. Accidentes de traballo graves (en xornada de traballo e excluídos "in itinere"). Índices de incidencia (por cada 10.000 asalariados). Por sectores económicos. Galicia/España. 1999/2003

	1999		2000		2001		2002		2003	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Agric/Pesca	70,77	29,59	70,11	26,39	74,82	25,02	84,79	25,46	73,11	20,71
Industria	15,11	11,34	12,79	10,46	12,48	10,91	10,23	10,29	14,24	9,26
Construción	23,84	22,32	22,58	22,15	22,68	22,41	22,80	22,94	26,22	22,05
Servizos	7,01	6,22	5,87	5,67	5,77	5,54	5,30	5,30	5,11	4,93
Total	14,26	10,01	12,58	9,28	12,28	9,33	11,42	8,94	12,29	8,29

Elaboración propia
Fonte: Informes anuais Consello Galego de Relacións Laborais
Anuario de Estatísticas Laborais. MTAS
EPA (para dato de asalariados. Ver notas cadro 12)

Cadro 18. Accidentes de traballo graves (en xornada de traballo e excluídos "in itinere"). Índices de incidencia (por cada 10.000 asalariados). Por sectores económicos. Galicia por provincias. 1999/2003

A Coruña	1999	2000	2001	2002	2003
Agric/Pesca	75,76	92,64	108,11	140,25	100,00
Industria	11,62	10,39	8,47	10,77	12,84
Construción	19,33	19,29	14,40	21,37	23,51
Servizos	4,36	5,54	5,40	5,26	4,70

Lugo	1999	2000	2001	2002	2003
Agric/Pesca	159,71	109,53	125,81	145,00	123,69
Industria	41,67	20,48	14,49	8,81	9,15
Construción	31,43	21,69	23,77	18,35	17,00
Servizos	16,02	6,46	6,41	5,43	5,97

Ourense	1999	2000	2001	2002	2003
Agricultura	18,19	23,53	12,91	24,14	20,59
Industria	18,79	20,78	17,95	13,77	21,57
Construción	21,51	44,58	27,86	26,67	24,39
Servizos	6,34	5,93	6,32	3,93	4,12

Pontevedra	1999	2000	2001	2002	2003
Agric/Pesca	30,89	37,40	39,82	38,74	52,38
Industria	13,23	11,84	14,46	9,07	14,74
Construción	27,58	23,73	33,76	25,16	32,96
Servizos	7,73	6,06	5,79	5,82	5,74

Elaboración propia
Fonte: Informes anuais Consello Galego de Relacións Laborais
EPA (para dato de asalariados. Ver notas cadro 12)

Tal e como se aprecia no cadro 17 o descenso dos índices de incidencia dos accidentes de traballo graves foi importante en Galicia (13,81 por cento) e no conxunto do Estado (17,18 por cento). Sen embargo, no sector da construción en Galicia hai un incremento de tal índice, en 2003 respecto de 1999, do 9,99 por cento, fronte a un descenso, moi lixeiro, iso si, no Estado do 1,21 por cento. Este incremento en Galicia no sector da construción é bastante uniforme a nivel provincial (ver cadro 18), representando un 21,63 por cento na Coruña, un 19,51 por cento en Pontevedra e un 13,99 por cento en Ourense. En Lugo hai un descenso do 45,91 por cento.

Por outra banda, se facemos, de novo, a comparación co sector industrial, os índices de incidencia de accidentes de traballo graves no sector da construción dobran ao daquel, tanto en Galicia coma no conxunto do Estado, circunstancia que, con lixeiras variacións, dase tamén a nivel provincial, onde estes son os datos de 2003: A Coruña (23,51 na construción, fronte ao 12,84 na industria); Lugo (17 na construción, fronte a 9,15 na industria). Pontevedra é a provincia galega cun maior índice de incidencia de accidentes de traballo graves no sector da construción (32,96), seguida de Ourense (24,39), A Coruña (23,51) e Lugo (17,00).

Cadro 19. Accidentes de traballo graves (en xornada de traballo e excluídos "in itinere"). Índices de incidencia (por cada 10.000 asalariados). Sector construción. Por comunidades autónomas

	2001	2002	2003
Total España	22,94	23,02	22,12
Andalucía	21,52	27,35	27,02
Aragón	21,97	19,02	20,29
Asturias (Principado de)	25,23	20,36	20,00
Baleares (Illas)	22,68	20,69	33,00
Canarias	19,92	16,97	15,27
Cantabria	27,45	19,65	14,03
Castela e León	19,74	20,17	18,10
Castela–A Mancha	20,77	20,03	23,33
Cataluña	21,94	23,80	19,64
Comunidade Valenciana	19,03	22,43	16,77
Estremadura	12,91	13,57	17,87
Galicia	24,59	22,43	26,25
Madrid (Comunidade de)	25,38	26,25	24,76
Murcia (Rexión de)	24,29	24,61	25,17
Navarra (Comunidade Foral de)	28,88	37,04	40,00
País Vasco	18,55	19,11	17,65
Rioxa (A)	26,47	24,68	25,61
Ceuta e Melilla	31,25	26,32	20,69

Elaboración propia
Fonte: Estatística de accidentes de traballo. MTAS
EPA (datos de asalariados tomados en medias anuais)

5. Comparando os índices de incidencia de accidentes de traballo graves no sector da construción entre as distintas comunidades autónomas (ver cadro 19), observamos que no período 2001/2003 tan só 7 veñen a incrementar tal índice, unha delas Galicia, que, ademais, pasa de ser a sétima comunidade autónoma con maior índice de incidencia en 2001 a ser a cuarta en 2003, datos estes especialmente negativos.

6. Os índices de incidencia dos accidentes de traballo mortais diminuíron en 2003 respecto de 1999, tanto en Galicia coma no conxunto do Estado, diminución que afectou á totalidade dos sectores produtivos, coa excepción, en Galicia, do sector industrial.

Cadro 20. Accidentes de traballo mortais (en xornada de traballo e excluídos "in itinere"). Índices de incidencia (por cada 100.000 asalariados). Por sectores económicos. Galicia/España. 1999/2003

	1999		2000		2001		2002		2003	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Agric/Pesca	70,77	31,19	137,46	27,58	120,44	25,18	49,25	22,43	51,73	14,86
Industria	11,79	9,25	13,17	8,41	6,85	7,72	11,48	7,93	13,67	7,48
Construción	39,73	22,37	20,43	20,87	18,07	17,78	29,36	19,83	26,32	18,62
Servizos	11,38	5,88	11,17	6,19	7,41	5,30	7,72	5,65	5,23	5,18
Total	18,26	9,39	18,38	9,06	12,79	7,95	12,83	8,28	11,48	7,52

Elaboración propia
Fonte: Informes anuais Consello Galego de Relacións Laborais
Anuario de Estatísticas Laborais. MTAS
EPA (para dato de asalariados. Ver notas cadro 12)

A diminución (ver cadro 20) é apreciable tanto en Galicia (37,13 por cento) como no Estado (19,91 por cento). Esta diminución, que esta vez si afectou ao sector da construción, foi en Galicia do 33,75 por cento e, no conxunto do Estado, do 16,76 por cento. A nivel provincial (ver cadro 21) os descensos foron a tónica xeral, salvo en Lugo, se ben hai que facer notar as situacións inversas da Coruña (que consigue un descenso moderado en 2003 fronte a 1999, despois dun importante reponte naquel ano fronte aos dous anos anteriores) e Pontevedra (que reflicte un moi importante descenso en 2003 respecto de 1999, despois de coñecer un reponte moi acusado en 2002).

7. Para rematar, compre comparar os índices de incidencia de accidentes de traballo mortais no sector da construción entre as diferentes comunidades autónomas, sendo o resultado desta comparación, de novo, negativo para Galicia (ver cadro 22), que ocupaba en 2001 o lugar número 11 e pasa a ocupar o terceiro posto en 2003, tan só por detrás de Navarra e Murcia. Polo demais, tal índice, en tal período, medrou en oito comunidades autónomas, unha delas Galicia.

Cadro 21. Accidentes de traballo mortais (en xornada de traballo e excluídos "in itinere"). Índices de incidencia (por cada 100.000 asalariados). Por sectores económicos. Galicia por provincias. 1999/2003

A Coruña	1999	2000	2001	2002	2003
Agric/Pesca	80,81	242,11	216,22	73,17	26,32
Industria	12,14	10,69	7,82	11,54	16,05
Construción	33,95	17,77	13,26	18,68	26,61
Servizos	12,79	9,23	8,73	8,43	5,88

Lugo	1999	2000	2001	2002	2003
Agric/Pesca	89,56	44,78	16,13	50,00	52,64
Industria	10,42	15,75	0,00	6,29	18,30
Construción	20,84	12,05	49,18	36,70	40,00
Servizos	13,73	17,82	9,71	13,11	12,28

Ourense	1999	2000	2001	2002	2003
Agricultura	0,00	0,00	32,26	34,49	0,00
Industria	6,06	6,50	8,55	18,35	14,71
Construción	53,77	32,52	14,29	28,58	32,52
Servizos	6,79	10,97	7,44	6,83	0,00

Pontevedra	1999	2000	2001	2002	2003
Agric/Pesca	66,18	121,74	138,89	36,04	95,24
Industria	13,23	16,70	6,64	10,60	10,17
Construción	49,84	21,03	15,78	42,95	19,89
Servizos	10,25	11,41	5,09	5,24	3,74

Elaboración propia
Fonte: Informes anuais Consello Galego de Relacións Laborais
EPA (para dato de asalariados. Ver notas cadro 12)

Cadro 22. Accidentes de traballo mortais (en xornada de traballo e excluídos "in itinere"). Índices de incidencia (por cada 100.000 asalariados). Sector construción. Por comunidades autónomas

	2001	2002	2003
Total España	18,21	19,90	18,68
Andalucía	16,14	15,27	15,93
Aragón	26,23	27,61	20,29
Asturias (Principado de)	8,91	32,45	21,63
Baleares (Illas)	20,25	0,00	5,12
Canarias	14,31	14,85	9,98
Cantabria	24,51	26,20	27,15
Castela e León	24,97	23,05	9,28
Castela-A Mancha	15,03	17,48	25,14
Cataluña	19,73	22,39	18,24
Comunidade Valenciana	16,93	15,40	19,27
Estremadura	27,30	16,10	11,60
Galicia	19,59	28,88	26,35
Madrid (Comunidade de)	23,54	20,07	22,56
Murcia (Rexión de)	15,32	6,84	17,66
Navarra (Comunidade Foral de)	21,13	66,67	32,26
País Vasco	17,21	30,36	36,57
Rioxa (A)	29,42	77,93	0,00
Ceuta e Melilla	62,50	157,90	0,00

Elaboración propia
Fonte: Estatística de accidentes de traballo. MTAS
EPA (datos de asalariados tomados en medias anuais)

2. AS SINGULARIDADES DA ACTIVIDADE DE CONSTRUCIÓN

Existen una serie de características que se dan na maioría das obras de construción, que axudan a explicar, en parte, o alto grao de sinistralidade do sector, así como o maior grao de dificultade de aplicar nesta actividade, con eficacia, o conxunto da normativa de prevención de riscos laborais. O coñecemento desta realidade debe servir para tomar as decisións oportunas que permitan sortear esas dificultades, nunca para xustificar unha situación, como a actual, a todas luces manifestamente mellorable. Tales características podémolas agrupar como segue.

1. Centros de traballo en permanente estado de cambio.

O centro de traballo en que toda obra de construción consiste muda permanentemente a súa fisionomía, o que o diferenza da maioría de centros de traballo doutras actividades, produtivas ou de servizos. Cando un traballador de calquera outro sec-

tor (con excepcións notables, sen dúbida) acode ao seu centro de traballo, atoparase cunha situación parecida ou moi parecida á do día anterior. Cando un traballador do sector da construción remata a súa xornada, o seu centro de traballo puidera ser que teña tan só un leve parecido co da primeira hora da mañá.

Isto afecta a toda a actividade preventiva na obra, incluída a esencial tarefa de identificación dos riscos e de adopción de medidas de protección fronte aos mesmos, que dificilmente pode ser abordada, na súa integridade e sen carencias, polo ESS e o PSS. Por iso, nesta actividade resulta tan imprescindible unha acción permanente de avaliación de riscos e de adopción inmediata das correccións conseguintes, ademais de que se deba enfocar co máximo celo a posta en práctica do conxunto do "catálogo" de accións preventivas que contempla a normativa vixente, e que constitúen parte do obxecto deste estudo.

2. A subcontratación.

A práctica empresarial da descentralización produtiva parece formar parte do corazón da política empresarial do mundo desenvolvido. E, nesa estratexia empresarial de externalizar todo aquilo que aporte menor valor engadido e requira dunha máis intensiva utilización de man de obra, o sector da construción ten acumulada unha importante experiencia, pois leva xa varias décadas practicándoa e levándoa ao seu extremo.

En si mesma, esta política de subcontratación produce unha serie de disfuncións na orde laboral que non son do caso analizar aquí, disfuncións que tamén se plasman en materia de seguridade e saúde dos traballadores por canto non se trata de resolver os problemas de coordinación entre dúas empresas (contratista/ empresario principal e subcontratista), senón, e sobre todo, de dar resposta á problemática que plantea, en tantas ocasións, a presenza simultánea nunha obra de construción de diferentes empresas, que responden a diversas cadeas de relacións entre elas (pénsese en dous ou máis contratistas, que, a súa vez, subcontratan parte da actividade por eles contratada, con subcontratistas que, así mesmo, concertan novas subcontratacións...). Os mecanismos de coordinación empresarial previstos na nosa lexislación, e que no seu momento analizaremos, teñen que estar suficientemente activados para posibilitar a realización da actividade dos traballadores de cada unha das empresas (na maior parte dos casos tratarase, polo demais, de actividades obxectivamente perigosas) sen riscos para a súa seguridade e saúde.

E hai que facer notar que non bastará con que cada empresa aborde os riscos xerados pola súa propia actividade e as medidas de protección fronte aos mesmos, en relación cos seus traballadores, porque, ademais de tales riscos, haberá que ter en conta os riscos xerados, para eses mesmos traballadores, pola actividade das outras empresas concorrentes.

3. Os elevados ritmos de traballo.

Os imperativos da produtividade son compartidos, nos tempos actuais, por unha boa parte das actividades produtivas ou de servizos, o que somete a tales actividades á esixencias de ritmos de traballo notables (baste pensar, aínda que non só, nos traballos en cadea, pautados conforme a táboas estritas de rendementos). O sector da construción non é unha excepción, caracterizándose, neste punto, pola existencia de prácticas mercantís que obrigan ao remate das obras contratadas en prazos moi precisos, dos que o seu incumprimento conleva facer fronte a importantes cláusulas de penalización.

Estas prácticas propician, no ámbito laboral, consecuencias como as seguintes:

- A xeralización dos traballos a obra feita ou con sistemas de retribución nos que xogan un papel relevante as partes variables do salario.

- A xeralización das horas extraordinarias no sector, aínda que se trate este dun tema controvertido, no que ten que ver coa constatación administrativa desta realidade.

- A tentación, como consecuencia da actuación combinada dos factores a que se vén de aludir, de situar os problemas da seguridade e saúde nun segundo plano, subordinado, tentación á que poden sucumbir non só algúns empresarios, senón tamén os propios traballadores; ademais da alta probabilidade de realización de actos inseguros, desde o punto de vista da prevención de riscos laborais, como resultado da fatiga e o cansazo.

4. Preeminencia das relacións laborais de natureza temporal.

Resulta case un tópico destacar a importancia que, desde a óptica da prevención de riscos laborais, ten a contratación temporal. Pero os datos no noso país son ben rotundos: as dúas terceiras partes dos accidentes de traballo concéntranse no terzo da poboación asalariada que está ligada ao seu empresario por un contrato temporal, estatística na que, con seguridade, teñen moito que ver os problemas de formación e coñecemento profesional que, de ordinario, acompañan á temporalidade.

Tampouco neste caso o sector da construción resulta unha excepción, ao estar integrado, moi maioritariamente, por traballadores temporais, cun predominio abrumador do contrato por obra.

En todo caso, e en sentido inverso, tampouco resulta desprezable a constatación do negativo papel que, en ocasións, xoga o exceso de confianza na produción dun accidente de traballo.

5. Insuficiencias da normativa reguladora.

A normativa de prevención de riscos laborais (LPRL e normas de desenvolvemento, das que se da cumprida conta neste traballo. Sobre a normativa de aplicación ao sector, ver VII.4) está concibida para ser de aplicación a empresas que desenvolven a súa actividade nun ou varios centros de traballo, o que ocorre coas empresas do sector da construción que, en canto que tales empresas, teñen que aplicar aquela na súa integridade. Pero estas empresas, ademais desta normativa xeral, están obrigadas a cumprir a normativa específica prevista para as obras de construción (basicamente, e polo que aquí respecta, o RDOC), producíndose o paradoxo de que a normativa de carácter xeral, nalgunhas ocasións, adáptase mal ás esixencias da actividade construtiva, mentres que a normativa máis específica está lonxe de abordar, na súa integridade, a problemática dunha obra de construción.

A negociación colectiva, que diante desta situación podería xogar un papel máis central na ordenación da prevención de riscos laborais no sector con maior índice de sinistralidade, parece que opta, desde logo na articulación que a nivel de Estado tenta facer o CCXC e nos convenios de sector das catro provincias galegas, por absterse de encher esta importante insuficiencia normativa, como queda reflectido neste estudo en VII.4.

6. Menor presenza de representación legal dos traballadores.

Como consecuencia directa da dispersión de centros de traballo propia da actividade destas empresas, así como da temporalidade xa aludida dos traballadores do sector, é máis ben escasa a implantación nas obras de construción das figuras tradicionais de representación legal dos traballadores e, derivadamente, da que está especificamente prevista en materia de prevención de riscos laborais, o delegado de prevención. Todo isto a pesares de que o CCXC, no seu art. 108, establece unha antigüidade mínima na empresa para ser elixible de tres meses (na que insiste o CCLU, no seu art. 48), fronte a xeral de seis meses que prevé o art. 69.2 ET. Sen dúbida esta menor presenza de representación dos traballadores non xoga a favor dun maior rigor na aplicación da normativa de prevención.

Por iso, deberíanse facilitar as condicións que fixeran posible instrumentar a previsión contida na disposición adicional cuarta da LPRL, cando establece que "nos centros de traballo que carezan de representantes dos traballadores por non existir traballadores coa antigüidade suficiente para ser electores ou elixibles nas eleccións para representantes do persoal, os traballadores poderán elixir por maioría un traballador que exerza as competencias do delegado de prevención, quen terá as facultades, garantías e obrigas de sixilo profesional de tales delegados. A actuación destes cesará no momento en que se reúnan os requisitos de antigüidade necesarios para poder celebrar a elección de representantes do persoal, prorrogándose polo tempo indispensable para a efectiva celebración da elección".

7. O escaso nivel formativo dos traballadores do sector da construción.

Tal aseveración parece unha consecuencia directa do alto grao de temporalidade na contratación do sector e da importante mobilidade do persoal, entre diferentes obras e diferentes empresas, aínda que neste terreo si hai iniciativas e accións concretas, algunhas delas de moito interese, postas en pé polos axentes sociais, a través dos diferentes mecanismos organizativos de que se veñen dotando.

ÁMBITO DE APLICACIÓN DO RDOC

CAPÍTULO SÉTIMO

1. CONCEPTO DE OBRA DE CONSTRUCIÓN

De acordo co disposto no seu art. 2, entenderase por obra de construción ou obra "...calquera obra, pública ou privada, na que se efectúen traballos de construción ou enxeñería civil dos que a súa relación non exhaustiva figura no anexo I". A estes efectos, resulta indiferente que a obra precise de proxecto para a súa execución (naqueles casos en que así o esixan as normas de aplicación, comunmente, a LOE; a lei 25/1988, de 29 de xullo, de estradas; a lei 21/1992, de 16 de xullo, de industria; a lei 11/1998, de 24 de abril, xeral das telecomunicacións; ou a lei 27/1992, de 24 de novembro, de portos do Estado e da Mariña Mercante) ou que non necesite de aquel (como ocorre nas obras menores en que tal requisito non se esixe ou nas obras de emerxencia, por razóns obvias), á marxe de que a obrigatoriedade ou non do proxecto teña outros efectos, previstos no RDOC, que no seu momento veremos.

En todo caso, e de acordo co art. 2.2 LOE, requírese proxecto (débese entender que de execución) de obra nos seguintes casos:

- Obras de edificación de nova construción, coa excepción daquelas construcións de escasa entidade construtiva e sinxeleza técnica, que se desenvolvan nunha soa planta e non teñan, de xeito eventual ou permanente, carácter residencial nin público.

- Obras de ampliación, modificación, reforma ou rehabilitación que alteren a configuración arquitectónica dos edificios.

- Obras que teñan o carácter de intervención total en edificacións catalogadas ou que dispoñan dalgún tipo de protección de carácter ambiental ou histórico-artístico; e obras de carácter parcial que afecten aos elementos ou partes obxecto de protección.

A relación "non exhaustiva" do anexo I inclúe (nos casos en que pareceu conveniente para entender con exactitude a confusa terminoloxía do RDOC, faise figurar entre parénteses as acotacións que, para cada un dos supostos, establece a GTOC):

a) Escavación (ex.: baleirados de terras, pozos, zanxas, galerías e túneles...)

b) Movemento de terras (ex.: explanación, desmonte, terraplenado...).

c) Construción (este concepto pode comprender algúns dos termos sinalados dentro deste anexo. Ex.: escavación, movemento de terras, saneamento etc., dentro dunha obra)

d) Montaxe e desmontaxe de elementos prefabricados (ex.: montaxe de lousas e muros prefabricados, estruturas, cubertas prefabricadas...).

e) Acondicionamento ou instalacións (ex.: acondicionamento dunha estrada para a ampliación de beiravías; dun porto para mellorar o calado da dársena; a instalación de aire acondicionado, calefacción, ventilación, electricidade, iluminación...).

f) Transformación (ex: dun teatro en varios cines; dun porto pesqueiro noutro deportivo; substituír unha vía férrea de velocidade común por outra de alta velocidade...).

g) Rehabilitación.

h) Reparación.

i) Desmantelamento.

x) Mantemento.

k) Conservación- traballos de pintura e de limpeza.

l) Saneamento (entendendo por tal a acción de executar, reformar ou reparar a rede de sumidoiros ou drenaxe dun edificio, concello...).

2. TRABALLOS CON RISCOS ESPECIAIS

Por outra banda, o art. 2.1.b) RDOC sinala que son traballos con riscos especiais aqueles que expoñan "...ós traballadores a riscos de especial gravidade para a súa seguridade e saúde, comprendidos...na relación non exhaustiva que figura no anexo II" RDOC. Tal relación é a seguinte:

"1. Traballos con riscos especialmente graves de sepultamento, afundimento ou caída de altura, polas particulares características da actividade desenvolvida, os procedementos aplicados, ou o entorno do posto de traballo.

2. Traballos nos que a exposición a axentes químicos ou biolóxicos supoña un risco de especial gravidade, ou para os que a vixilancia específica da saúde dos traballadores sexa legalmente esixible.

3. Traballos con exposición a radiacións ionizantes para os que a normativa específica obriga á delimitación de zonas controladas ou vixiadas.

4. Traballos na proximidade de liñas eléctricas de alta tensión.

5. Traballos que expoñan a risco de afogamento por inmersión.

6. Obras de escavación de túneles, pozos e outros traballos que supoñan movementos de terra subterráneos.

7. Traballos realizados en inmersión con equipo subacuático.

8. Traballos realizados en caixóns de aire comprimido.

9. Traballos que impliquen o uso de explosivos

10. Traballos que requiran montar ou desmontar elementos prefabricados pesados."

En canto aos traballos de construción reflectidos, esta relación é substancialmente a mesma que a contida no anexo I do RSP, con algunha variación de importancia, iso si, como é a de referirse aos traballos "... con riscos especialmente graves...(de) caída de altura..." (como di o anexo II RDOC), diferentes, en principio, ás actividades "...en obras de construción...con risco de caída de altura..." (como di o anexo I do RSP), diferenza que puidera ter a súa relevancia, por exemplo, en materia de presenza de recursos preventivos, tal e como se expón neste traballo en **VIII.2.2.7.**

Respecto dos traballos reseñados, hai que ter en conta que un traballador pode estar exposto a un risco de especial gravidade, aínda que non desenvolva unha das actividades listadas, simplemente porque non se tomen as medidas de prevención precisas; mentres que un traballador que realice unha das actividades relacionadas pode desenvolver o seu traballo en condicións de plena seguridade, porque se teñan adoptado todas as medidas preventivas que sexan do caso. Por iso mesmo, e segundo a GTOC, debe considerarse que un traballo está incluído neste apartado (o apartado 2.1.b RDOC) cando, tras a aplicación dos principios de prevención, o risco segue a ser de especial gravidade, o que faría necesario adoptar medidas preventivas adicionais para evitar ou minimizar a posibilidade de que o traballador sufra un dano grave.

Pero é que ademais a lei, en ocasións e como iremos vendo, toma en consideración á hora de tipificar determinadas condutas infractoras, o feito de que o traballo desenvolvido sexa ou non un traballo perigoso ou con riscos especiais, entre os cales se encadran os reflectidos nos anexos I do RSP e II do RDOC.

3. TRABALLOS EXCLUÍDOS DO ÁMBITO DE APLICACIÓN DO RDOC

Polo demais, e de conformidade co establecido no art. 1.2 RDOC, as súas disposicións non serán de aplicación "...ás industrias extractivas a ceo aberto ou subterráneas ou por sondaxes, que se regularán pola súa normativa específica", isto é, polo RD 863/19085, de 2 de abril, polo que se aproba o regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira (modificado polo RD 150/1996, de 2 de febreiro), e

polo RD 1389/1997, de 5 de setembro, polo que se aproban as disposicións mínimas destinadas a protexer a seguridade e saúde dos traballadores nas actividades mineiras. No art. 2.a) do RD 1389/1997 considéranse industrias extractivas a ceo aberto e subterráneas as que realizan as actividades seguintes:

a) Extracción propiamente dita de substancias minerais ao aire libre e baixo terra, mesmo por dragado.

b) Prospección con vistas a dita extracción.

c) Preparación para a venda das materias extraídas, excluídas as actividades de transformación de ditas substancias.

d) Perforación ou escavación de túneles ou galerías, calquera que sexa a súa finalidade sen prexuízo do disposto na normativa relativa ás condicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción. En relación con este último apartado, e tal e como apunta a GTOC, hai que entender que tanto os túneles ou galerías e outros traballos subterráneos, como os baleirados de terras, pozos e zanxas que constitúan por si mesmos unha obra, formen parte dela ou sexan necesarios para a súa execución están afectados polo contido do RDOC.

Por outra banda, no apartado 1.a) RD 150/1996, xa mencionado, considéranse industrias extractivas por sondaxes as que realizan as actividades seguintes:

a) Extracción propiamente dita de minerais por perforación de sondaxes.

b) Prospección con vistas a dita extracción.

c) Preparación para a venda das materias extraídas, excluídas as actividades de transformación das materias extraídas.

4. NORMATIVA APLICABLE ÁS OBRAS DE CONSTRUCIÓN EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

1. A parte dos convenios OIT que resulten de aplicación (os de maior interese, citados neste traballo) e dos principios contidos nas directivas comunitarias pendentes de transposición (como ocorre, por exemplo, coa DIVI) á actividade de construción son aplicables, en primeiro lugar, o conxunto da LPRL e as súas normas de desenvolvemento, coas excepcións e particularidades que nalgúns casos concretos iremos vendo ao longo deste traballo, dentro do cal son analizadas, con maior grao de detención, as seguintes normas: RAPR; RCOE; RDAC; RDAP; RDAQ-1; RDAQ-2; RDAT; RDBT; RDET; RDIN; RDLT; RDMM; RDOC; RDRE; RDRU; RDSM; RDSS; REPI-1; REPI-2; RETT-2; e RSP.

2. De entre estas normas destaca pola súa especifidade o RDOC, aínda que estea lonxe de constituír un todo unitario na regulación da actividade de construción. O RDOC, transposición da DIOC, ten notables lagoas e insuficiencias técnicas, que se evidencian máis, se cabe, no seu anexo IV, sobre "disposicións mínimas de seguridade e saúde que deberán aplicarse nas obras", cuias disposicións son analizadas exhaustivamente neste traballo.

3. Cinco convenios colectivos sectoriais teñen aplicación directa na actividade específica de construción en Galicia, o CCXC e os catro de ámbito provincial: CCAC; CCLU; CCOU; e CCPO. A prevención de riscos laborais apenas suscita lonxanas alusións no seu clausulado, en concreto:

- Recoñecementos médicos (art. 24 CCXC e, cunha reprodución practicamente literal do seu contido, os catro convenios provinciais), para precisar a obriga da empresa de realizar un recoñecemento médico previo á admisión ao traballo e periódicos polo menos unha vez ao ano. Chama a atención que no CCAC esta única regulación concreta en todo o seu articulado en materia de seguridade e saúde laboral se recolla nun art., o 50, dentro dun capítulo que leva por título "varios".

- A articulación de instrumentos organizativos de xestión paritaria para abordar diferentes aspectos da actividade preventiva, como ocorre co anexo VIII do CCXC, que contempla detalladamente os distintos ámbitos de actuación da Fundación Laboral da Construción; e coa regulación que das comisións mixtas paritarias provinciais sectoriais de seguridade e hixiene fan os convenios provinciais, coa excepción do da Coruña, concibidas a modo e semellanza da comisión paritaria sectorial prevista no número 3 da disposición final única do CCXC. Tal Comisión, no CCOU, vai acompañada da creación doutra: a comisión convencional de seguridade e hixiene. E no ámbito das referidas comisións, o CCPO da un paso máis na que, seguramente, sexa a dirección correcta, ao dispor no seu art. 54 como un dos obxectivos desa comisión "elaborar as normas que nesta materia teñen substitúan ao disposto na derrogada OTC."

- Non se pode considerar como materia de seguridade e saúde a regulación que os catro convenios provinciais fan da roupa de traballo: abertamente, o CCAC inclúe esta cuestión entre "outros complementos extrasalariais", mentres que, na mesma liña, os CCPO e CCOU establecen unha compensación económica para o caso de que o empresario non cumpra coas entregas de roupa ordenadas polos respectivos convenios.

4. Son de importancia en materia de prevención de riscos laborais normas de contido moi técnico como as NTE, as NBE e as ITC.

As primeiras se elaboran no ámbito e co impulso do ministerio que, en cada momento, ten as competencias en materia de vivenda (hoxe, como cando se aprobaron as

primeiras NTE, ao amparo do Decreto 3565/1972, de 23 de decembro, o Ministerio da Vivenda).

O Real Decreto 1650/1977, de 10 de xuño (BOE do 9 de xullo) define no seu art. único ás NBE como aquelas que "...a partir dos fundamentos do coñecemento científico e tecnolóxico establecen as regras necesarias para a súa correcta aplicación no proxecto e a execución dos edificios. Teñen como finalidade fundamental defender a seguridade das persoas, establecer as restantes condicións mínimas para atender as esixencias humanas e protexer a economía da sociedade..." Segue a dicir o devandito art. que "...como consecuencia destes fins, as NBE son normas de obrigado cumprimento para todos os proxectos e as obras de edificación..." A partir deste real decreto, as NTE pasan a ter a categoría de solucións técnicas recomendables para os casos prácticos normais da edificación, e que traducen operativamente os conceptos xerais contidos nas NBE, cando estas existen. En concreto o real decreto varias veces mencionado dispón que o Ministerio da Vivenda continuará a elaborar e revisar as NTE, que non teñen carácter obrigatorio.

As ITC, elaborabodas no ámbito e co impulso do departamento ministerial con competencias en materia de industria son, como o seu enunciado di, disposicións que complementan tecnicamente outras normas, tamén de carácter técnico, pero máis xerais. A norma complementada ten, de ordinario, a forma de real decreto, mentres que a ITC que a complementa ten a forma e rango de orde, aínda que é frecuente que, a través dunha resolución administrativa, se complemente, a súa vez, unha ITC.

A ter en conta tamén as normas UNE e UNE- EN contempladas expresamente polo art. 5.3.a) RSP, se ben o seu valor, desde un plano puramente xurídico, hai que circunscribilo, en principio, aos supostos previstos en tal precepto.

5. Pode xurdir algunha dúbida sobre a vixencia dalgúns preceptos da vella OTC. Prescindindo dos avatares xurídicos que produciron a lenta agonía desta (e doutras ordenanzas laborais) norma, o último capítulo da mesma vén protagonizado polo número 2 da disposición final única do CCXC, cando dispón que "en tanto os poderes públicos finalizan a elaboración da guía técnica de saúde e seguridade no traballo para o sector da construción, seguirase a aplicar, en canto non se opoña ao previsto na LPRL, o disposto sobre a materia na derrogada OTC, no seu capítulo XVI, excepto nas seccións primeira e segunda. Elaborada a indicada guía técnica, as partes asinantes, tras un estudo e análise, procederán, no seu caso, a integrala como parte deste convenio"

A dúbida circunscríbese, polo tanto, a aplicabilidade dos arts. 183 a 344, que contemplan cuestións de tanto relevo como os distintos tipos de andamios; os traballos de escavación; os pozos, zanxas, galerías e similares; os traballos de demolición; os traballos con explosivos; os aparatos de elevación, transporte e similares; ou a hixiene no traballo.

O certo é que a devandita guía está elaborada (: GTOC, citada con profusión neste traballo), o que, atendendo á literalidade do pactado, implicaría que desde ese momento deixarían de ser aplicables os referidos artigos da OTC, non constando que se teña finalizado o "estudo e análise" ao que fai referencia o CCXC, paso previo para, no seu caso, integrar o contido da GTOC como parte do CCXC. Triste final para unha norma de hai trinta e catro anos, que cumpriu (entre outras razóns polo seu rigor técnico) con moita dignidade un papel estelar no regulamento das condicións materiais de traballo no sector da construción (máis vidro e cerámica).

6. De axitado pódese cualificar o final doutra norma capital na materia, que cumpriu este ano, aínda que con moitos achaques, os trinta e tres: a OSHT (de novo, temos que eloxiar o rigor técnico dunha norma dos primeiros anos setenta, que cubriu una longa etapa, mantendo en gran parte a súa vixencia ata a entrada en vigor da LPRL).

A LPRL procedeu á derrogación expresa dos seus títulos primeiro e terceiro, mantendo, con matices, a vixencia temporal e condicionada do seu título segundo. Con posterioridade, o RDET derrogou os capítulos VIII, IX, X, XI e XII dese titulo segundo; uns meses antes, o RDLT procedera á derrogación dos capítulos I, II, III, IV, V e VII dese mesmo título segundo, se ben neste caso tal derrogación non afectaba aos lugares de traballo excluídos do ámbito de aplicación do RDLT (entre eles, as obras de construción temporais ou móbiles) en tanto se producira a aprobación das "...normas específicas correspondentes...". Sete meses despois foi aprobado o RDOC, norma que, respecto das obras de construción, parece que debe ser considerada como a "norma específica correspondente", polo que hai que considerar de todo xeito inaplicable (unha vez que o capítulo VI do título II da OSHT foi expresamente derrogado polo RDRE) a día de hoxe, nas obras de construción, a OSHT, aínda que, pudendo facelo, o RDOC non inclúe na súa disposición derrogatoria a derrogación expresa daqueles capítulos da norma.

7. Para rematar, hai que cualificar de heroica resistencia o mantemento, ata hai ben pouco, da vixencia de dúas normas: a Orde de 31 de xaneiro de 1940, pola que foi aprobado o regulamento xeral de seguridade e hixiene no traballo, respecto da que o punto I.1 da táboa de vixencias da OSHT declarou vixente o seu capítulo VII, adicado aos andamios; e a Orde de 20 de maio de 1952, pola que foi aprobado o regulamento de seguridade do traballo na industria da construción e obras públicas, que tamén declarou vixente o punto II.5 da táboa de vixencias da OSHT, e que mantiña aínda a vixencia do seu capítulo III. Pois ben, os restos vixentes de ambas normas (o capítulo VII da primeira e o capítulo III da segunda) foron expresamente derrogados polo Real Decreto 2177/2004, de 12 de novembro (BOE do 13), polo que se modifica o RDET e se traspón o contido da Directiva 2001/45/CE.

SUXEITOS QUE INTERVEÑEN NO PROCESO CONSTRUTIVO

CAPÍTULO OITAVO

Analizaremos, a continuación, as figuras do promotor (e, no contexto da súa análise, as do proxectista, dirección facultativa e coordinador de seguridade e saúde), contratista, subcontratista, traballador autónomo e traballador por conta allea.

1. O PROMOTOR

1.1. Concepto de promotor

Defínese polo art. 2.1.c) RDOC como "calquera persoa física ou xurídica por conta da cal se realice unha obra", concepto máis limitado que o máis descritivo que proporciona o art. 9 LOE: "calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada que, individual ou colectivamente, decide, impulsa, programa e financia, con recursos propios ou alleos, as obras de edificación para si ou para a súa posterior enaxenación, entrega ou cesión a terceiros baixo calquera título".

Respecto do promotor, hai que facer as seguintes consideracións:

1. Salvo que a actividade contratada se refira exclusivamente á construción ou reparación que poida contratar un cabeza de familia respecto da súa vivenda, cando o promotor contrate directamente traballadores autónomos para a realización da obra ou de determinados traballos da mesma, terá a consideración de contratista respecto daqueles, a efectos do disposto no RDOC (art. 2.3 RDOC). Tal calidade de contratista compatibilizaríase, obviamente, coa de promotor. Esta asunción da calidade de contratista por parte do promotor non parece posible que se produza no caso de que o promotor contrate directamente con traballadores autónomos para os que, a súa vez, presten servizos, na obra, traballadores por conta allea. A dicción literal do precepto que comentamos (en combinación coa definición que de contratista fai o art. 2.1.h RDOC) parece impedir outra interpretación. Nembargante, a solución desta interpretación literal non resulta satisfactoria, por canto implica desprazar para ese traballador autónomo/ empresario dun só traballador por conta allea, por exemplo, toda a carga de responsabilidades que o conxunto da normativa prevé para o contratista, e que máis adiante veremos, parecendo máis lóxico que, tamén nestes casos, fora o promotor quen tivera que asumir, polo menos, algunhas desas obrigas.

2. Con máis razón, se o promotor o que contrata directamente son traballadores por conta allea para a realización de toda ou parte da obra, prodúcese o mesmo efecto do apartado anterior, asumindo tamén a condición de contratista, aínda que respecto deses traballadores contratados por conta allea a posición xurídica que asume é, tan só, a de empresario, como é lóxico.

3. En sentido inverso, a actual regulación dá unha mala solución naqueles casos en que alguén, de acordo con tal regulación, asume a posición xurídica de promotor

non adicándose a tal tarefa nun sentido profesional (por exemplo, quen promove a construción da súa vivenda, ou cando unha comunidade de propietarios encarga a realización de tarefas de reparación ou mesmo edificación, respecto dos elementos comúns), supostos nos que ese teórico promotor non parece que estea nas mellores condicións para ter un control efectivo sobre a actividade construtiva que se vai desenvolver, nin sobre os riscos que a mesma vaia xerar. Nembargante, e coa excepción do art. 2.3 RDOC, xa comentada no anterior punto 1, a nosa regulación asigna a ese promotor "non profesional" as mesmas obrigas e lle imputa as mesmas responsabilidades que ao promotor que ten unha adicación "profesional" a tal actividade.

4. En desenvolvemento do art. 45 LPRL, que non permite a imposición de sancións económicas ás diferentes administracións públicas por incumprimentos en materia de prevención de riscos laborais, o RDAP regula o procedemento de actuación da ITSS para a imposición de medidas correctoras (substitutorias das sancionadoras) no ámbito da Administración Xeral do Estado (a disposición adicional segunda da norma que comentamos establece, de xeito moi incompleto, o réxime aplicable ás restantes administracións públicas). Pois ben, segundo o art. 2.5 RDAP, tal norma non resulta de aplicación cando a administración de que se trate actúe na condición de promotor de obras de construción conforme ao RDOC, suposto no que resulta posible o inicio de procedementos sancionadores contra a administración pública-promotora. Esta solución non parece ser a máis correcta posible, por canto se a correspondente administración pública- promotora actúa tamén na condición de contratista (o que non deixa de ser frecuente no ámbito da Administración Local), os seus incumprimentos en materia de prevención, en tanto que contratista, tan só serían perseguibles a través das medidas do RDAP, mentres que as infraccións cometidas por esa mesma administración, en relación coa mesma obra, na súa condición de promotor, poderían dar lugar a imposición de sancións económicas.

1.2. Obrigas e responsabilidade administrativa do promotor

As obrigas básicas do promotor, na materia que estamos a analizar, son as que se recollen nos epígrafes seguintes.

1.2.1. O aviso previo

O promotor ten que comunicar á autoridade laboral (en Galicia, as delegacións provinciais da CRLL) o inicio dos traballos, antes do seu comezo, a través do "aviso previo" previsto no art. 18 RDOC, que será redactado de acordo co disposto no anexo III do RDOC, e estará exposto na obra de forma visible, actualizándose se fora preciso.

O incumprimento desta obriga constitúe infracción administrativa leve (art. 11.5 LISOS).

1.2.2. Designación do proxectista e da dirección facultativa

O promotor designará o proxectista ou proxectistas ("autor ou autores, por encargo do promotor, da totalidade ou parte do proxecto de obra", segundo o art. 2.1.d RDOC; "axente que, por encargo do promotor e con suxeición á normativa técnica e urbanística correspondente, redacta o proxecto. Poderán redactar proxectos parciais do proxecto, ou partes que o complementen, outros técnicos, de forma coordinada co autor deste", segundo o art. 10.1 LOE).

O proxectista estará en posesión da titulación académica e profesional habilitante de arquitecto, arquitecto técnico, enxeñeiro ou enxeñeiro técnico, segundo corresponda, en atención aos distintos tipos de obra de que se trate, segundo o art. 10.2 LOE, en relación co art. 2 da mesma norma.

Na medida en que o proxecto ten que ser visado polo colexio correspondente, o proxectista terá que estar colexiado no mesmo.

Do mesmo xeito, ao promotor corresponde a designación da dirección facultativa, segundo o art. 2.1.g RDOC, "...o técnico ou técnicos competentes...encargados da dirección e do control da execución da obra". Na LOE distínguese entre o director de obra e o director da execución da obra.

Director de obra é "...o axente que, formando parte da dirección facultativa, dirixe o desenvolvemento da obra nos aspectos técnicos, estéticos, urbanísticos e mediambientais, de conformidade co proxecto que a define, a licenza de edificación e demais autorizacións preceptivas e as condicións do contrato, co obxecto de asegurar a súa adecuación ao fin proposto. Poderán dirixir as obras dos proxectos parciais outros técnicos, baixo a coordinación do director de obra" (números 1 e 2 do art. 12 LOE). O director de obra estará en posesión da titulación académica e profesional habilitante de arquitecto, arquitecto técnico, enxeñeiro ou enxeñeiro técnico, tamén aquí segundo corresponda en función de cada tipo de obra, de acordo co art. 12.3.a) LOE, en relación co art. 2 da mesma norma.

Director da execución da obra (art. 13.1 LOE) é "...o axente que, formando parte da dirección facultativa, asume a función técnica de dirixir a execución material da obra e de controlar cualitativa e cuantitativamente a construción e a calidade do edificado". Estará en posesión da titulación académica e profesional habilitante e cumprirá as condicións esixidas para o exercicio da profesión, todo isto de acordo co art. 13.2.a) LOE, en relación co art. 2 desta mesma norma.

1.2.3. Designación de coordinador de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto

O promotor designará un coordinador de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto, que é o "técnico competente designado polo promotor para coordinar, durante a fase do proxecto de obra, a aplicación dos principios..." preventivos cando interveñan varios proxectistas, segundo o art. 2.1.e) RDOC.

1.2.4. Elaboración dun estudo de seguridade e saúde ou dun estudo básico de seguridade e saúde

O promotor é responsable da elaboración dun ESS (en obras cun presuposto de execución non inferior a 450.759,08 ?; ou con duración estimada superior a 30 días laborables, empregándose nalgún momento a máis de vinte traballadores simultaneamente; ou cando o volume de man de obra estimada, entendendo por tal a suma dos días de traballo do total dos traballadores na obra, sexa superior a cincocentos; ou, por fin, cando se trate de obras de túneles, galerías, conducións subterráneas e presas, todo isto segundo o art. 4 RDOC) ou dun EBSS (en obras que non reúnan algún dos requisitos anteriores). Ambos documentos serán elaborados polo técnico competente designado polo promotor, que será o coordinador de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto de obra, caso de que sexa obrigatoria a súa designación, segundo vimos antes que establece o art. 2.1.e) RDOC (arts. 4, 5 e 6 RDOC). A inclusión dun destes documentos no proxecto de obra"...será requisito necesario para o seu visado, expedición da licenza municipal e demais autorizacións e trámites por parte das distintas Administracións públicas"(art. 17 RDOC). Os arts. 5 e 6 RDOC establecen os requisitos mínimos destes documentos, que veñen a constituír o marco da acción preventiva no que se desenvolverán os traballos na obra, logo concretados con maior grao de precisión e detalle no Plan de Seguridade e Saúde (PSS), a que máis adiante faremos referencia.

Hai que recordar, ademais, que tras a entrada en vigor do RCOE, o empresario titular do centro de traballo (figura que no sector da construción non é outra que a do promotor) ten a obriga de informar aos outros empresarios concorrentes sobre os riscos propios do centro de traballo que poidan afectar ás actividades por eles desenvolvidas e as medidas preventivas e de emerxencia a aplicar (art. 7 RCOE). Pois ben, tal obriga entenderase cumprida polo promotor mediante o ESS ou o EBSS (disposición adicional primeira do RCOE).

A falta de elaboración do ESS ou, no seu caso, do EBSS, así como as deficiencias ou carencias significativas e graves dos mesmos, en relación coa seguridade e saúde na obra, supón infracción administrativa grave do promotor (art. 12.24.b LISOS).

Pola súa banda, o art. 13.8.a) LISOS considera infracción administrativa moi grave que o promotor ou o empresario titular do centro de traballo non adopte "...as medidas necesarias para garantir que aqueloutros empresarios que desenvolvan actividades reciban a información e as instrucións adecuadas, na forma e co contido e alcance establecidos na normativa de prevención de riscos laborais, sobre os riscos e as medidas de protección, prevención e emerxencia cando se trate de actividades regulamentariamente consideradas como perigosas ou con riscos especiais", o que ocorre, desde logo, con todas as do anexo II do RDOC.

A lectura combinada destes dous tipos da LISOS (os dos arts. 12.24.b e 13.8.a) permite concluír que a falta de ESS ou EBSS, ou as carencias graves dos mesmos, pode implicar a comisión dunha infracción non grave, senón moi grave, na medida en que é a través de tales documentos como o promotor cumpre coas obrigas de información que, de non darse, se traducen na conduta típica do art. 13.8.a) LISOS.

1.2.5. Designación de coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra

O promotor designará un coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra ("técnico competente integrado na dirección facultativa, designado polo promotor para levar a cabo as tarefas que se mencionan no art. 9", segundo o art. 2.1.f RDOC), designación que será obrigatoria cando na execución da obra interveña máis dunha empresa, ou unha empresa e traballadores autónomos ou diversos traballadores autónomos, unha vez que o promotor constate algunha desas circunstancias (art. 3.2 RDOC). As tarefas do art. 9 ás que se aludiu son:

a) Coordinar a aplicación dos principios xerais de prevención e seguridade, ao tomar as decisións técnicas e de organización co fin de planificar os distintos traballos ou fases de traballo que se vaian desenvolver simultánea ou sucesivamente; e ao estimar a duración requirida para a execución destes distintos traballos ou fases de traballo.

b) Coordinar as actividades da obra para garantir que os contratistas e, no seu caso, os subcontratistas e os traballadores autónomos apliquen de maneira coherente e responsable os principios da acción preventiva que se recollen no art. 15 LPRL durante a execución da obra e, en particular, nas tarefas ou actividades a que se refire o art. 10 RDOC.

c) Aprobar o PSS elaborado polo contratista, ao que despois aludiremos.

d) Organizar a coordinación de actividades empresariais prevista no art. 24 LPRL.

e) Coordinar as accións e funcións de control da aplicación correcta dos métodos de traballo.

f) Adoptar as medidas necesarias para que só as persoas autorizadas poidan acceder á obra, función que asumirá a dirección facultativa cando non sexa necesaria a designación de coordinador.

Pola súa banda, o art. 14 RDOC prevé a posibilidade de paralización dos taxos ou, no seu caso, da totalidade da obra, por parte do coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra (ou de calquera outra persoa integrada na dirección facultativa) nos casos de risco grave e inminente para a seguridade e saúde dos traballadores.

Xa quedou reflectido que a designación de coordinador de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto de obra ou durante a execución de tal proxecto, que poden ser a mesma persoa (art. 3.3 RDOC), debe recaer en técnico competente, expresión predicable respecto de quen posúa "...titulacións académicas e profesionais habilitantes..." que, nas obras de edificación, durante a elaboración do proxecto ou a execución da obra "...serán as de arquitecto, arquitecto técnico, enxeñeiro ou enxeñeiro técnico, de acordo coas súas competencias e especialidades...", segundo o establecido na disposición adicional cuarta da LOE.

Hai que ter en conta que o art. 8 RCOE (en relación co seu art. 4.2) determina que o empresario titular do centro de traballo deberá recibir información dos demais empresarios concorrentes sobre os riscos específicos das actividades que desenvolvan no centro de traballo, para, a continuación, dar instrucións (que serán por escrito cando os riscos sexan cualificados como graves ou moi graves) ao resto dos empresarios concorrentes , para a prevención de riscos existentes no centro de traballo que poidan afectar aos traballadores das empresas concorrentes e sobre as medidas que deban aplicarse cando se produza unha situación de emerxencia. Pois ben, tales instrucións (disposición adicional primeira do RCOE) entenderanse cumpridas polo promotor mediante as impartidas polo coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra, cando tal figura exista. Noutro caso, serán impartidas pola dirección facultativa.

Polo demais, nas obras que non precisan de proxecto de execución, nas que a súa legalización se tramita cun presuposto e/ou documentos descritivos simples, sen intervención de proxectista, a PGTC mantén o criterio, que non carece de lóxica, de que, na medida en que en tales obras non hai proxectista, non haberá, polo xeral, dirección facultativa de obra e, como consecuencia, non poderá haber coordinador de seguridade e saúde, pois este, como se dixo, ten que estar integrado na dirección facultativa. Nestes casos, ante a presenza simultánea de varias empresas ou traballadores autónomos, estes deberán coordinarse de acordo co sinalado no art. 24 LPRL. Con independencia do que se vén de dicir, nestas obras disporase de avaliación de riscos de cada unha das empresas que interveñan, referida ao centro de traballo, tendo en conta as súas características e riscos, en especial os contidos no

anexo II RDOC; notificarase o aviso previo; e cumpriranse as precripcións do anexo IV RDOC, que contén as disposicións mínimas de seguridade e saúde que terán que observarse en toda obra de construción.

O art. 12.24, en tres dos seus apartados, considera infracción administrativa grave do promotor:

- "a) Non designar os coordinadores en materia de seguridade e saúde cando isto sexa preceptivo."

- "d) Non cumprir os coordinadores en materia de seguridade e saúde as obrigas establecidas no art. 9 RDOC como consecuencia da súa falta de presenza, dedicación ou actividade na obra."

- "e) Non cumprir os coordinadores en materia de seguridade e saúde as obrigas, distintas das citadas nos parágrafos anteriores, establecidas na normativa de prevención de riscos laborais cando tales incumprimentos teñan ou poidan ter repercusión grave en relación coa seguridade e saúde na obra."

Como se ve, o promotor non só é responsable da designación do coordinador, senón tamén dos incumprimentos deste, quen, polo tanto, resulta indemne desde o punto de vista administrativo, o que non quere dicir que non poida ser suxeito de responsabilidades de orde civil e/ou penal.

En todo caso, cómpre resaltar que estamos diante dunha figura clave para a efectiva aplicación dos principios e técnicas preventivas na actividade de construción, polo que resulta coherente a importancia que a tal figura e ao seu papel real outorga a reforma operada na LPRL pola lei 54/2003, de 12 de decembro, como se manifesta nos apartados do novo art. 12.24 que vimos de reproducir, reforma que, sen embargo, non deixa de producir preocupación no sector, pola aparente ambigüidade dos seus tipos. E dicimos aparente, porque, en efecto, parece improbable que un coordinador que teña unha presenza real e continuada na obra, e desenvolva a súa actividade cunha dilixencia media, poida ter problemas de incardinación nun dos tipos infractores previstos para o promotor. O que si pretende a reforma é rematar co que puideramos chamar "tentacións formalistas" de promotor e coordinador: o primeiro "non cumpre" coa mera designación do coordinador, polo que non pode desentenderse da actividade efectiva deste trala súa designación; e o segundo tampouco "cumpre" coa mera elaboración do ESS ou EBSS, e, como enseguida veremos, coa aprobación do PSS, senón que tamén debe desenvolver as tarefas e responsabilidades que normativamente ten atribuídas, e estar en condicións de poder acreditar tal actividade.

1.2.6. Libro de incidencias

Previsto no art. 13 RDOC, a súa existencia na obra debe considerarse como unha obriga do promotor, aínda que isto non se diga expresamente no precepto citado. As súas características son as seguintes:

- Existirá en cada obra con fins de control e seguimento do PSS, contando con follas por duplicado.

- Será facilitado polo colexio profesional ao que pertenza o técnico que teña aprobado o PSS (isto é o coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra ou, se esta figura non é obrigatoria, a dirección facultativa); ou ben pola oficina de supervisión de proxectos ou órgano equivalente cando se trate de obras das administracións públicas.

- Deberá manterse sempre na obra, e estar en poder do coordinador de seguridade e saúde ou, no seu caso, da dirección facultativa.

- Ao mesmo terán acceso a dirección facultativa da obra, os contratistas, subcontratistas e traballadores autónomos, así como as persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes na obra, os representantes dos traballadores e os técnicos dos órganos especializados en materia de seguridade e saúde no traballo das administracións públicas competentes, quen poderán facer anotacións no mesmo.

- Unha vez efectuada unha anotación no mesmo, o coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra, ou, no seu caso, a dirección facultativa, remitirá, no prazo de vintecatro horas, unha copia á ITSS. Tal notificación farase, tamén, ao contratista afectado e aos representantes dos traballadores deste.

A falta de libro de incidencias haina que considerar como unha infracción leve das previstas no art. 12.5 LISOS, da que, no seu caso, deberá responder o promotor.

2. O CONTRATISTA

2.1. Concepto de contratista

A figura vén definida no art. 2.1.i) RDOC como "a persoa física ou xurídica que asume contractualmente ante o promotor, con medios humanos e materiais propios ou alleos, o compromiso de executar a totalidade ou parte das obras con suxeición ao proxecto e ao contrato", definición practicamente idéntica á contida, no art. 11.1 LOE, respecto de quen esta norma chama "construtor".

Como se encarga de remarcar o art. 2.1.x RDOC, por se non estivese suficientemente claro, o contratista é o empresario principal, con todas as consecuencias que, en materia preventiva pero tamén en xeral, esa condición implica.

2.2. Obrigas e responsabilidade administrativa do contratista

Como empresario que é, o contratista ten as obrigas xerais que a todo empresario impón a lexislación laboral e de seguridade social. Aquí centrarémonos na análise das que teñen máis especificamente que ver coa súa calidade de "empresario da construción". E vaia por diante que, ademais das obrigas ás que de seguida nos referiremos, establecidas pola normativa de prevención de riscos laborais, entre as obrigas directamente previstas pola LOE para o "construtor" está a de designar o xefe de obra (figura non prevista no RDOC, pero de existencia practicamente universal no sector), entendido polo art. 11.2.c) LOE como aquel que "...asumirá a representación técnica do construtor na obra e que pola súa titulación ou experiencia deberá ter a capacitación adecuada de acordo coas características e a complexidade da obra".

2.2.1. Contar cun modelo de organización preventiva

Como calquera outro empresario, deberá contar cunha concreta organización preventiva, que admite as variantes previstas nos arts. 10 e seguintes do RSP, con algunhas excepcións de importancia:

-O empresario, por si mesmo, en empresas de menos seis traballadores, non poderá asumir persoalmente a actividade preventiva, por tratarse a construción ("actividades en obras de construción, escavación, movementos de terras e túneles, con risco de caída de altura ou sepultamento") dunha das actividades incluídas no anexo I do RSP (art. 11.1.b RSP), pois é difícil concibir un empresario adicado á construción que desenvolva unha actividade non exposta aos riscos de caída de altura ou de sepultamento.

-No suposto de que a empresa teña máis de 250 traballadores, estará obrigada a constituír un servizo de prevención propio, polo mesmo motivo aducido no parágrafo anterior (art. 14.b RSP).

Tendo en conta o que vimos de dicir, as alternativas contempladas nos preceptos mencionados válidas no sector da construción (e continuando coa hipótese da dificultade de imaxinar unha actividade neste sector sen risco de caída de altura ou sepultamento) serían as seguintes:

1. Designación dun ou varios traballadores para ocuparse da actividade preventiva na empresa. O número de traballadores designados, así como os medios que o

empresario poña a súa disposición e o tempo de que dispoñan para o desenvolvemento da súa actividade serán os necesarios para desenvolver adecuadamente as súas funcións, debendo ter, así mesmo, a capacidade correspondente a tales funcións, de acordo co disposto no capítulo VI do RSP (art. 13 RSP).

2. Constitución dun servizo de prevención propio, con arreglo ás prescricións dos arts. 14 (que a empresa de construción conte con máis de 250 traballadores, ou con menos, cando, neste caso, así o decida a autoridade laboral, previo informe da ITSS, en función da perigosidade da actividade ou da frecuencia ou gravidade da sinistralidade na empresa, salvo que se opte polo concerto cun servizo de prevención alleo) e 15 RSP.

3. Concerto cun ou varios servizos de prevención alleos, modelo ao que o empresario da construción deberá recorrer (art. 16 RSP) cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

- Que a designación dun ou varios traballadores sexa insuficiente para a realización da actividade de prevención e non concorran as circunstancias que determinan a obriga de constituír un servizo de prevención propio.

- Que a empresa conte con menos de 250 traballadores pero a autoridade laboral decida que, en atención ás circunstancias previstas no art. 14.c) RSP, que acabamos de ver, debe constituír un servizo de prevención propio, salvo que a empresa opte por concertar cun servizo de prevención alleo.

- Que se teña producido unha asunción parcial da actividade preventiva por parte do servizo de prevención propio, nos termos previstos nos números 3 e 4 do art. 15 RSP.

O incumprimento da obriga de contar cun concreto modelo de organización preventiva constitúe infracción administrativa grave (art. 12.15.a LISOS).

2.2.2. Elaboración dun plan de prevención de riscos

Tamén como calquera outro empresario, o contratista será responsable de contar cun plan de prevención de riscos laborais, que terá como instrumentos esenciais para a súa xestión e aplicación a avaliación de riscos e a planificación da actividade preventiva (art. 16 LPRL). Non parece necesario recordar que esta avaliación de riscos da empresa contratista como tal, só en parte terá que ver co PSS do que falaremos a continuación, que constitúe, dalgún xeito, a avaliación de riscos e a planificación da actividade preventiva da obra en concreto.

O incumprimento destas obrigas constitúe infracción administrativa grave (plan de prevención: art. 12.1.a LISOS; avaliación de riscos: art. 12.1.b LISOS; e planificación da actividade preventiva: art. 12.6 LISOS).

2.2.3. Elaboración dun plan de seguridade e saúde

A elaboración deste plan, que corresponde a cada un dos contratistas que poida haber na obra, farase (art. 7 RDOC) conforme a este esquema:

1. O plan constitúe, en relación cos postos de traballo na obra, o instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación de riscos e planificación da actividade preventiva a que se refire o capítulo segundo RSP (art. 7.3 RDOC), precepto do que se deduce que, como contido mínimo obrigatorio do plan, este deberá ter en conta as disposicións que, acerca das accións de avaliación de riscos e planificación da actividade preventiva, contemplan os arts. 3 a 9 RSP.

Nesa mesma medida, o plan consistirá nunha concreción do ESS ou do EBSS, e incluirá, no seu caso, propostas de medidas alternativas de prevención que o contratista propoña, coa correspondente xustificación técnica. Tales medidas non poderán implicar diminución dos niveis de protección previstos no ESS ou EBSS (art. 7.1 RDOC).

2. O plan deberá ser aprobado, antes do inicio da obra, polo coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra. Caso de non ser necesaria a súa designación, a aprobación corresponderá á dirección facultativa. O plan non é un documento cerrado e inamovible, o que suporía xustamente o contrario da esencia da actividade preventiva, de xeito que, a medida que a obra avance, deberá ser obxecto de cantas modificacións veñan aconselladas pola propia evolución construtiva.

3. De tratarse de obras das administracións públicas, o plan, co correspondente informe do coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra, elevarase para a súa aprobación á administración pública que teña adxudicada a obra.

4. O plan deberá conservarse na obra a disposición permanente da dirección facultativa, da Inspección de Traballo e Seguridade Social, e dos técnicos dos órganos especializados en materia de seguridade e saúde nas administracións públicas competentes (arts. 7.5 y 19.2 RDOC). Así mesmo, unha copia do plan será facilitada polo contratista aos representantes dos traballadores no centro de traballo, a efectos do seu coñecemento e seguimento.

5. O contratista está obrigado a cumprir e facer cumprir ao seu persoal o establecido no plan. Contratistas e subcontratistas serán responsables da execución correcta das medidas preventivas fixadas no PSS no relativo ás obrigas que lles correspon-

den a eles directamente, ou, no seu caso, aos traballadores autónomos por eles contratados (art. 11 RDOC, números 1.b e 2), debendo informar e proporcionar instrucións adecuadas aos traballadores autónomos sobre todas as medidas que teñan que adoptarse no que se refire á súa seguridade e saúde na obra (art. 11.1.d RDOC).

6. O contratista atenderá as indicacións e cumprirá as instrucións do coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra ou, no seu caso, da dirección facultativa (art. 11.1.e RDOC).

O art. 12.23.a) LISOS considera infracción administrativa grave do contratista non só a inexistencia do PSS, senón tamén que este careza dun "contido real e adecuado aos riscos específicos para a seguridade e saúde dos traballadores da obra ou por non adaptarse ás características particulares das actividades ou os procedementos desenvolvidos ou do entorno dos postos de traballo". Unha vez máis a redacción da LISOS, neste caso tamén como consecuencia da reforma operada pola lei 54/2003, de 12 de decembro, delata a existencia dunha realidade sobre a que a norma quere actuar: a preocupación dalgúns empresarios por contar con documentos que enmascaren a situación preventiva real dos seus centros de traballo, e que sirvan de "escudo protector" fronte á actuación inspectora.

Así mesmo, o art. 12.23.b) LISOS considera infracción administrativa grave do contratista incumprir a obriga de realizar o seguimento do plan.

2.2.4. Comunicación de apertura do centro de traballo

O contratista, de novo como calquera outro empresario, está obrigado a comunicar á autoridade laboral competente (en Galicia, as delegacións provinciais da CRLL da Xunta de Galicia) a apertura do centro de traballo dentro dos trinta días seguintes (art. 6 RDMU e art. 19.1 RDOC), de acordo cos requisitos establecidos na Orde de 6 de maio de 1988. Tal comunicación deberá incluír o PSS (art. 19.1 RDOC).

O incumprimento desta obriga constitúe infracción administrativa, que pode considerarse, segundo as circunstancias, leve (art. 11.3 LISOS) ou grave (art. 12.5 LISOS, en relación cos anexos I RSP e II RDOC).

2.2.5. Aplicación dos principios da acción preventiva

O contratista (tamén subcontratistas e traballadores autónomos) ten a obriga (art. 9.b RDOC) de aplicar de xeito coherente e responsable os principios da acción preventiva recollidos no art. 15 LPRL durante a execución da obra e, en particular, nas tarefas ou actividades a que se refire o art. 10 RDOC, a saber:

a) O mantemento da obra en bo estado de orde e limpeza.

b) A elección do emprazamento dos postos e áreas de traballo, tendo en conta as súas condicións de acceso, e a determinación das vías ou zonas de desprazamento ou circulación.

c) A manipulación dos distintos materiais e a utilización dos medios auxiliares.

d) O mantemento, o control previo á posta en servizo e o control periódico das instalacións e dispositivos necesarios para a execución da obra, co obxecto de corrixir os defectos que puideran afectar á seguridade e saúde dos traballadores.

e) A delimitación e o acondicionamento das zonas de almacenamento e depósito dos distintos materiais, en particular se se trata de materias ou substancias perigosas.

f) A recollida dos materiais perigosos utilizados.

g) O almacenamento e a eliminación ou evacuación de residuos e escombros.

h) A adaptación, en función da evolución da obra, do período de tempo efectivo que terá que dedicarse aos distintos traballos ou fases de traballo.

i) A cooperación entre os contratistas, subcontratistas e traballadores autónomos.

x) As interaccións e incompatibilidades con calquera outro tipo de traballo ou actividade que se realice na obra ou cerca do lugar da obra.

2.2.6. Medidas de coordinación empresarial e de vixilancia

Cando na obra concorran un ou varios contratistas, cun ou varios subcontratistas e/ou traballadores autónomos, corresponde ao contratista (ou contratistas), en tanto que empresario principal, a adopción das medidas de coordinación establecidas no art. 10 RCOE (disposición adicional primeira, letra b do RCOE). Este art. 10 RCOE dispón "1. O empresario principal...deberá vixiar o cumprimento da normativa....por parte das empresas contratistas ou subcontratistas de obras e servizos correspondentes a súa propia actividade e que se desenvolvan no seu propio centro de traballo. 2. Antes do inicio da actividade...esixirá ás empresas contratistas e subcontratistas que lle acrediten por escrito que realizaron, para as obras e servizos contratados, a avaliación de riscos e a planificación da súa actividade preventiva. Así mesmo, o empresario principal esixirá a tales empresas que lle acrediten por escrito que cumpriron as súas obrigas en materia de información e formación respecto dos traballadores que vaian prestar os seus servizos no centro de traballo...3. O empresario principal deberá comprobar que as empresas contratistas e subcontratistas concorrentes no seu centro de traballo estableceron os necesarios medios de coordinación entre elas..."

Estreitamente ligado co que vimos de dicir está o feito de que, conforme á disposición adicional primeira, letra c) do RCOE, os medios de coordinación no sector da construción serán os establecidos no RDOC e na disposición adicional decimocuarta da LPRL (polo tanto, non necesariamente os previstos no capítulo V do RCOE), así como calquera outros complementarios que poidan establecer as empresas concorrentes .

O art. 13.7 LISOS considera infracción administrativa moi grave que os empresarios (o que inclúe a contratistas e subcontratistas) e traballadores por conta propia que desenvolvan actividades nun mesmo centro de traballo non "...adopten as medidas de cooperación e coordinación necesarias para a protección e prevención de riscos laborais, cando se trate de actividades regulamentariamente consideradas como perigosas ou con riscos especiais", o que ocorre coas contempladas nos anexos I do RSP e II do RDOC.

En tanto que empresario principal, o contratista ten a obriga de vixilancia do art. 24.3 LPRL (a mesma que, como vimos de sinalar, contén o art. 10.1 RCOE) e, consecuentemente, é responsable solidario, durante o período da contrata, dos incumprimentos en materia de prevención das empresas subcontratistas, respecto dos traballadores destas ocupados na obra (art. 42.3 LISOS. Hai que recordar que o art.13.14 LISOS considera infracción moi grave a "subscrición de pactos que teñan por obxecto a elusión, en fraude de lei, das responsabilidades establecidas..." neste precepto) o que remarca o art. 11.2. parágrafo segundo do RDOC ao sinalar que "...contratistas e subcontratistas responderán solidariamente das consecuencias que se deriven do incumprimento das medidas previstas no PSS..."

2.2.7. Presenza de recursos preventivos

Ao contratista corresponde pór en marcha todo o relativo á presenza de recursos preventivos na obra, cuestión esta transcendente, e de bastante complexidade. O estudo da mesma ten que partir do disposto no art. 32 bis LPRL, que considera necesaria tal presenza en tres supostos:

"a) Cando os riscos poidan verse agravados ou modificados no desenvolvemento do proceso ou actividade, pola concorrencia de operacións diversas que se desenvolven sucesiva ou simultaneamente e que fagan preciso o control da correcta aplicación dos métodos de traballo", o que ocorre habitualmente nas obras de construción.

"b) Cando se realicen actividades ou procesos que regulamentariamente sexan considerados como perigosos ou con riscos especiais", o que tamén ocorre nas obras de construción durante a maior parte do proceso construtivo.

"c) Cando a necesidade de dita presenza sexa requirida pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, se as circunstancias do caso así o esixiran debido ás condicións de traballo detectadas", suposto ao que nos referiremos ao remate deste epígrafe.

Hai que recordar que, segundo este mesmo art. 32 bis LPRL, a presenza de recursos preventivos pode ser asignada

- A un ou varios traballadores "designados" da empresa.

- Un ou varios membros do servizo de prevención propio da empresa.

- Ou a un ou varios membros do ou dos servizos de prevención alleos concertados pola empresa.

Non obstante (segue a dicir o art. 32 bis LPRL, no seu número 4) "...o empresario poderá asignar a presenza de forma expresa a un ou varios traballadores da empresa que...reúnan os coñecementos, a cualificación e a experiencia necesarios...e conten coa formación preventiva correspondente, como mínimo, ás funcións do nivel básico", isto é, 50 horas no sector da construción (art. 35.2.a RSP, en relación co anexo I do mesmo RSP).

Pois ben, tal e como sinala a disposición adicional decimocuarta da LPRL, a regulación do art. 32 bis LPRL é de aplicación nas obras de construción reguladas polo RDOC, coas seguintes especialidades:

1. " a) A preceptiva presenza.... aplicarase a cada contratista", isto é, non será posible tal esixencia respecto de calquera outro empresario con participación na obra, senón especificamente de quen teña asumida, nos termos que estamos a ver, a condición de contratista (cuestión esta sobre a que insiste o CTRP, no seu punto segundo, número 1.a, ao sinalar que o requirimento da ITSS ao contratista para a presenza de recursos preventivos é compatible coa esixencia, tanto aos contratistas como aos subcontratistas, do cumprimento das súas obrigas en materia de coordinación) o que revela como de especial transcendencia pechar, de xeito preciso, o concepto de contratista, aos efectos do RDOC. Porque ¿pódese considerar contratista a un traballador autónomo que teña contratada directamente co promotor a execución dunha parte menor da obra, e para o que preste servizos un único traballador por conta allea, e , como consecuencia, obrigar a ese traballador autónomo a asumir a presenza de recursos preventivos, ademais das outras obrigas- PSS incluído- dun contratista? De novo aquí hai que facer o comentario de que a dicción literal dos números 1.h e 2 do art. 2 RDOC parece non permitir máis que unha resposta positiva á pregunta planteada, aínda que tal resposta careza de sentido, na medida en que supón dar unha solución xurídica moi simple a un problema moi complexo. Sen embargo, coa actual regulación, ese traballador autónomo que concertou o seu contrato de execución de obra directamente co promotor, e para o que preste servizos

na obra un único traballador por conta allea, cando se dea algunha das circunstancias previstas no art. 32 bis LPRL, estará obrigado a asumir a presenza de recursos preventivos.

2. Segue a dicir a disposición adicional decimocuarta da LPRL, no seu número 1, letra b), que no suposto previsto no apartado 1, letra a) do art. 32 bis) LPRL, "...a presenza dos recursos preventivos de cada contratista será necesaria cando, durante a obra, se desenvolvan traballos con riscos especiais, tal e como se definen..." no RDOC. Pretende concretar aquí a LPRL ás obras de construción os requisitos para a esixencia de presenza de recursos preventivos, pero tal concreción faise dun xeito que propicia a confusión.

Así, parece seguro que se limita a esixencia de tal presenza (nos casos de agravación ou modificación dos riscos "...pola concorrencia de operacións diversas que se desenvolven sucesiva ou simultaneamente...", o que resulta moi frecuente nas obras de construción) aos supostos previstos no anexo II do RDOC, entre os que se atopan, por exemplo, os riscos "...especialmente graves de...caída de altura...", a diferenza do disposto na letra h) do anexo I do RSP, que alude as actividades en "...obras de construción...con risco de caída de altura...", diferenza, aparentemente, substancial. E dicimos aparentemente, porque, como xa vimos, en aplicación do disposto na letra b), do número 1 do art. 32 bis) LPRL é obrigada a presenza de recursos preventivos tanto no caso de actividades consideradas perigosas (en principio, as do anexo I RSP), como de actividades con riscos especiais (en principio, as do anexo II do RDOC).

Cuestión diferente é a de cal dos contratistas concorrentes na obra (no suposto de que existan varios) está obrigado a asumir a presenza de recursos preventivos. Unha interpretación podería ser a de que a presenza de recursos preventivos de cada un deles, isto é, de todos eles, só sería necesaria cando se desenvolvan eses traballos con riscos especiais, bastando nos restantes casos a presenza de recursos preventivos do contratista que xere coa súa actividade unha situación de risco grave (anexo I RSP) non especial. Con todo, na práctica, non parece que poida haber grandes problemas para a aplicación desta norma cando na obra exista un só contratista ou máis de un, pero de importancia. Os problemas daranse nas situacións en que concorran contratistas de importancia (en canto á súa estrutura empresarial, basicamente) con outros (sexan traballadores autónomos para os que presten servizos traballadores por conta allea, ou sociedades mercantís ou civís) que asuman volumes reducidos de execución da obra, ocupando poucos traballadores.

3. Continúa a dicir a disposición decimocuarta, número 1, letra c) LPRL que "A preceptiva presenza de recursos preventivos terá como obxecto vixiar o cumprimento das medidas incluídas no PSS e comprobar a eficacia destas", todo isto (mesma disposición, no seu número 2) "...sen prexuízo das obrigas do coordinador en materia de

seguridade e saúde durante a execución da obra". Con independencia dos problemas de orde práctica que poida suscitar a coexistencia de coordinador e recurso preventivo presente, parece ocioso insistir no papel máis relevante, por máis xeral, que debe desenvolver o coordinador de seguridade e saúde durante a execución (nomeado polo promotor e con funcións ben precisas no RDOC a exercer sobre a totalidade dos contratistas e subcontratistas) fronte ao papel, sempre transcendente, porque estamos falando de seguridade e saúde, pero máis limitado, do recurso preventivo presente (designado polo contratista, para exercer funcións de ámbito máis reducido).

Para rematar, hai que deixar constancia das previsións contidas no Criterio Técnico 39/2004 da Dirección Xeral da ITSS, sobre "presenza de recursos preventivos a requirimento da ITSS", nos seguintes termos:

1. Entre as circunstancias que poden levar ao inspector de traballo a requirir a presenza de recursos preventivos enuméranse: que as medidas adoptadas polo empresario non garanticen un grao suficiente de protección da saúde e seguridade dos traballadores; ou ben que non existan os medios adecuados para garantir a eficacia das medidas preventivas previstas; ou ben que estas medidas non sexan as adecuadas para levar a cabo unha aplicación coherente e responsable dos principios de acción preventiva establecidos no art. 15 LPRL.

2. A efectos de determinar a necesidade da presenza, a ITSS examinará especialmente aqueles procesos, actividades, operacións ou traballos con equipos ou produtos que poidan orixinar riscos graves ou riscos graves e inminentes para a seguridade e saúde dos traballadores que os desenvolvan ou utilicen, ben pola súa propia natureza perigosa, a súa especial complexidade ou polas interaccións de diferentes actividades desenvolvidas de forma concorrente e que, en consecuencia, esixan unha maior supervisión, vixilancia ou control.

En anexo ao CTRP, figura unha relación de traballos, operacións e procesos, a título meramente indicativo, nos que a ITSS, en vista das circunstancias concorrentes en cada caso, "...poderá requirir a presenza de recursos preventivos no centro de traballo durante a execución dos mesmos". Tal relación inclúe:

- Ascensores e montacargas.

- Aparatos de elevación distintos dos ascensores e montacargas.

- Espazos confinados.

- Construción e mantemento de edificios (: traballos con risco de caída de altura; os de montaxe, desmontaxe e transformación de andamios; os subterráneos en pozos e galerías; en interior de túneles; os de demolición; e os de mergullo ou inmersión baixo a auga).

- Aparatos e maquinaria de obra (: equipos de traballo automotores e equipos de elevación de cargas).

- Carretillas automotoras de manutención con condutor a bordo.

- Circulación de ferrocarrís con traballos simultáneos de mantemento ou reparación nas vías ou nas súas proximidades.

- Electricidade (: traballos con instalacións en tensión- alta e media tensión-; traballos na proximidade de elementos en tensión; acceso a recintos de servizo e envolventes de material eléctrico; traballos de obras e outras actividades nas que se realicen movementos ou desprazamentos de equipos ou materiais en proximidade a liñas aéreas, subterráneas ou outras instalacións eléctricas; e traballos en emprazamentos con risco de incendio ou explosión).

- Traballos de construción naval (: obras de construción e reparación naval en estaleiros, ou de limpeza e mantemento).

- Traballos en instalacións frigoríficas.

- Traballos en quente.

- Radiacións ionizantes.

- Traballos en medios hiperbáricos: actividades de inmersión baixo a auga e mergullo profesional e traballos realizados en caixóns con aire comprimido.

- Traballos en atmosferas explosivas.

- Produtos perigosos utilizados no traballo: axentes químicos.

- Axentes biolóxicos.

- Axentes canceríxenos, axentes mutaxénicos ou tóxicos para a reprodución.

- Traballos con amianto.

- Actividades perigosas por traballos illados en altura ou en montaña.

3. Segue a dicir o CTRP que, ademais de nos supostos anteriores, a presenza de recursos preventivos poderá ser requirida pola ITSS en supostos e actividades análogos nos que se dean unhas circunstancias de risco similares, ou cando pola concorrencia de operacións diversas se produzan interaccións que poidan agravar ou modificar os riscos, tanto polo número de empresas e traballadores concorrentes, como polo tipo de actividades desenvolvidas e polas características do centro de traballo.

Tamén poderá requirirse a presenza de recursos preventivos no caso de traballos realizados por menores de 18 anos, ou por traballadores especialmente sensibles, ou por traballadores de recente incorporación durante a fase inicial de adestramento (incluso traballadores cedidos por unha ETT) cando, en atención ás características dos devanditos traballadores ou pola súa falla de experiencia no posto a desenvolver, poidan verse agravados os riscos específicos da actividade desenvolvida e pór en perigo a seguridade e saúde destes traballadores ou de terceiros.

4. A obriga de asignación de persoas para exercer a presenza de recursos preventivos corresponde ao titular do centro de traballo, definido no art. 2.b) do RCOE, se ben tal esixencia, cando concorran varios empresarios que desenvolvan actividades das indicadas anteriormente, poderá facerse efectiva respecto de todos eles, aínda no caso de que uns teñan a condición de contratista e outros a de subcontratista, coa excepción, para estes últimos, da actividade de construción, na que, como vimos ao principio deste epígrafe, tan só pode ser esixida a presenza de recursos preventivos a quen ostente a calidade de contratista.

O art. 13.8.b) LISOS considera infracción administrativa moi grave "a falta de presenza dos recursos preventivos cando isto sexa preceptivo ou o incumprimento das obrigas derivadas da súa presenza, cando se trate de actividades regulamentariamente consideradas como perigosas ou con riscos especiais", o que ocorre, respectivamente, coas dos anexos I do RSP e II do RDOC.

3. O SUBCONTRATISTA

3.1. Concepto de subcontratista

Sinala o art. 2.1.i RDOC que subcontratista é "a persoa física ou xurídica que asume contractualmente ante o contratista, empresario principal, o compromiso de realizar determinadas partes ou instalacións da obra, con suxeición ao proxecto polo que se rexe a súa execución".

3.2. Obrigas do subcontratista

Como empresario que é, o subcontratista debe asumir todas as obrigas que xa vimos ten o contratista, con dúas excepcións:

1. A relativa ao PSS, do que a responsabilidade da súa elaboración é exclusiva do contratista, sen prexuízo de que o subcontratista teña a obriga de cumprir e facer cumprir ao seu persoal o establecido no PSS (art. 11.1.b RDOC)

2. A da presenza de recursos preventivos, como tamén vimos, obriga do contratista.

O subcontratista, ao igual que o contratista, terá que seguir as instrucións da dirección facultativa e do coordinador de seguridade e saúde durante a execución do proxecto, e coordinarse cos demais empresarios concorrentes na obra, nos termos do RCOE, así como informar e proporcionar información adecuada aos traballadores autónomos que el contrate, sobre todas as medidas que teñan que adoptar no que se refire á súa seguridade e saúde na obra (art. 11.1 b, d i e RDOC).

Por fin, hai que volver (no sentido xa apuntado en VIII.2.2.6) a subliñar a responsabilidade solidaria de contratistas e subcontratistas polas consecuencias que se deriven do incumprimento das medidas previstas no PSS (art. 11.2, parágrafo segundo do RDOC), e a relación desta responsabilidade solidaria coa prevista no art 42.3 LISOS, en relación co disposto no art. 24.3 LPRL. (Recordar, como se fai en VIII.2.2.6, o contido do art. 13.14 LISOS)

Unha das críticas máis recorrentes, e tamén con máis fundamento, que os expertos fan da actual situación da prevención de riscos laborais no Estado Español, ten que ver coa auténtica "maraña" de empresas contratistas e subcontratistas que tantas veces se da na nosa realidade empresarial, realidade da que foi pioneira o sector da construción que, nos seus perfiles actuais, mal se entendería sen aquela. É por iso que resultaría moi útil unha regulación clara sobre o particular.

4. O TRABALLADOR AUTÓNOMO

Como derradeiro paso no fenómeno da descentralización produtiva a que acabamos de aludir, e que se revela como un dos sinais de identidade da realidade económica dos nosos días, toca neste momento aludir á figura do traballador autónomo, de relevancia especial no sector da construción.

4.1. Concepto de traballador autónomo

Estamos diante de quen realiza "en forma habitual, persoal e directa unha actividade económica a título lucrativo, sen suxeición por ela a contrato de traballo e aínda que utilice o servizo remunerado doutras persoas" (art. 2.1 DTAU), suposto este último (que utilice traballadores por conta allea) que daría lugar a un empresario/ contratista ou subcontratista tipo, dos que vimos de falar, todo elo en consonancia co establecido no art. 2.1.x RDOC, para quen o traballador autónomo "...asume contractualmente ante o promotor, o contratista ou o subcontratista o compromiso de realizar determinadas partes ou instalacións da obra", norma que remata sinalando que "cando o traballador autónomo empregue na obra a traballadores por conta allea terá a consideración de contratista ou subcontratista aos efectos..." do RDOC.

A práctica pon de manifesto a extensión do que se ven dando en chamar os "falsos autónomos", situación de quen, baixo a aparencia dunha relación civil ou mercantil cun empresario, en realidade disfraza unha relación laboral común, sendo características desta irregular situación as propias dun traballador ordinario ou común (retribución fixa ou vinculada á cantidade de traballo executado; suxeición á xornada e horario; carencia de medios materiais propios para executar o traballo; carencia de organización empresarial...). Para chegar á conclusión de que se está diante dun "falso autónomo" resulta necesario levar a cabo o chamado "levantamento do velo", para comprobar, detrás desa relación civil ou mercantil aparente, cal é a realidade, existindo unha ampla xurisprudencia sobre o particular.

4.2. Obrigas do traballador autónomo

Despois desta chamada de atención sobre a figura, compre recorrer directamente ao art. 12 RDOC que establece as obrigas do traballador autónomo en tanto que tal traballador autónomo (posto que se ademais do seu traballo persoal e directo na obra, da ocupación a traballadores por conta allea, terá, como empresario e ademais, as obrigas que antes vimos para contratistas e subcontratistas, segundo cal sexa a súa posición: contratista se contrata directamente co promotor; subcontratista se contrata cun contratista). O artigo reflectido dispón como obrigas do traballador autónomo:

a) Aplicar os principios da acción preventiva que se recollen no art. 15 LPRL, en particular ao desenvolver as tarefas ou actividades indicadas no art. 10 RDOC (ó igual que contratistas e subcontratistas).

b) Cumprir as disposicións mínimas de seguridade e saúde establecidas no anexo IV do RDOC, durante a execución da obra (tamén como os contratistas e subcontratistas).

c) Cumprir as obrigas en materia de prevención de riscos que establece para os traballadores o art. 29.1 e 2 LPRL.

d) Axustar a súa actuación na obra conforme aos deberes de coordinación de actividades empresariais establecidos no art. 24 LPRL, participando, en particular, en calquera medida de actuación coordinada que se establecera.

e) Utilizar equipos de traballo que se axusten ao disposto no RDET.

f) Elixir e utilizar equipos de protección individual nos termos previstos no REPI.

g) Atender as indicacións e cumprir as instrucións do coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra ou, no seu caso, da dirección facultativa.

Evidentemente, os traballadores autónomos deberán cumprir o PSS (art. 12.2 RDOC).

4.3. Responsabilidade administrativa do traballador autónomo

En relación coas obrigas que a lexislación de prevención de riscos laborais establece para os traballadores por conta propia, o art. 2.8 LISOS considera a estes "suxeitos responsables", requisito previo para que se poida iniciar un procedemento administrativo sancionador fronte a un traballador autónomo incumpridor dalgunha daquelas obrigas.

Cuestión máis delicada, desde o punto de vista xurídico, é a de atopar tipos infractores na LISOS nos que subsumir condutas potencialmente ilícitas, desde o punto de vista administrativo, dun traballador por conta propia, na medida en que a práctica totalidade dos tipos recollidos nos arts. 11, 12 e 13 LISOS están pensados para empresarios que incumpran as súas obrigas en relación cos seus traballadores (por conta allea, obviamente).

Sen embargo, non hai dúbida de que é posible o inicio de procedemento administrativo sancionador cando os empresarios e os traballadores por conta propia que desenvolvan actividades nun mesmo centro de traballo non adopten "...as medidas de cooperación e coordinación necesarias para a protección e prevención de riscos laborais", infracción grave, prevista no art. 12.13 LISOS, que pode ser moi grave "...cando se trate de actividades regulamentariamente consideradas como perigosas ou con riscos especiais" (art. 13.7 LISOS), como ocorre coas dos anexos I do RSP e II do RDOC. Máis dúbidas plantea a posibilidade de que sexan de aplicación aos traballadores por conta propia tipos como os previstos nos arts. 12.9 LISOS (superación dos límites de exposición á axentes nocivos) ou 12.16 LISOS (no que se reflicten boa parte das condutas que posteriormente son recollidas nas actas de infracción practicadas pola ITSS).

De especial interese, resulta a análise de se é posible que unha paralización de traballos acordada pola ITSS afecte a un traballador por conta propia. E a pesares do que en principio puidera dar a entender a dicción literal das normas que regulan esta cuestión (que, por unha banda, nos arts. 7.10 LITS; 44 LPRL; ou 11.3 RPS contemplan sempre situacións de risco grave e inminente para a seguridade e saúde que afecten a "traballadores", termo co que habitualmente a lexislación social, en xeral, se refire aos traballadores por conta allea, aínda que é certo que, tecnicamente, o termo comprende tanto a estes coma os traballadores por conta propia; e, por outra banda, cando nos arts 44 LPRL e 11.3 RPS se establece o concreto procedemento para levar a cabo tal paralización, parece non prever máis hipóteses que a da paralización de traballos que desenvolvan traballadores por conta dun empresario) a res-

posta a dar debe ser positiva, por canto sería absurdo, por exemplo, que a ITSS paralizase a totalidade dunha obra, na que, a pesar de todo, puidera seguir traballando un traballador por conta propia, sometido aos mesmos riscos que a paralización da ITSS tratase de evitar. Polo demais, esta solución parece ter menos inconvenientes xurídicos, se cabe, unha vez aberta a posibilidade de cobertura para a continxencia de accidente de traballo deste colectivo.

Finalmente, e con independencia da responsabilidade administrativa de que vimos de falar, o traballador por conta propia pode ser responsable civil e/ ou penalmente, neste último caso, e na hipótese dunha concorrente responsabilidade administrativa, con suxeición ás regras da non concorrencia e do "non bis in ídem" que se analizan neste traballo en VIII.6.1.3.

5. O TRABALLADOR POR CONTA ALLEA. PARTICULARIDADES DO TRABALLADO DOS MENORES. REFERENCIA Á PROTECCIÓN POR RAZÓN DE MATERNIDADE

Non hai requisitos especiais para os traballadores do sector da construción, como resulta obvio. Nembargante, e tendo en conta a perigosidade dos traballos que normalmente acompañan ás tarefas neste sector, si hai que referirse a unha serie de particularidades a ter en conta cando se trata do traballo de menores ou de situacións nas que o obxecto de protección é a maternidade, para analizar posteriormente os traballos que, directamente, están prohibidos aos menores.

Dado que o art. 6 ET prohibe a admisión ao traballo dos menores de dezaseis anos, menor, aos efectos do que imos analizar, é quen ten dezaseis ou dezasete anos, que pode concertar un contrato de traballo nas condicións que establece o art. 7.b) ET.

O art. 27.1 LPRL dispón que "antes da incorporación ao traballo, e previamente a calquera modificación importante das súas condicións de traballo, o empresario deberá efectuar unha avaliación dos postos a desenvolver (polos menores), a fin de determinar a natureza, o grao e a duración da súa exposición, en calquera actividade susceptible de presentar un risco específico ao respecto, a axentes, procesos ou condicións de traballo que poidan poñer en perigo ..." a súa seguridade e saúde. En todo caso, segue a dicir o devandito art., "...o empresario informará a ditos xóvenes e aos seus pais e titores que teñan intervido na contratación dos posibles riscos e de todas as medidas adoptadas para a protección da súa seguridade e saúde."

Pola súa banda, e respecto da protección das traballadoras por razón de maternidade, o art. 26 LPRL contempla as seguintes previsións:

- No suposto de traballadoras en situación de embarazo ou parto recente, "...a avaliación de riscos...deberá comprender a determinación da natureza, o grao e a dura-

ción da exposición das traballadoras...a axentes, procedementos ou condicións de traballo que poidan influír negativamente na saúde das traballadoras ou do feto, en calquera actividade susceptible de presentar un risco específico."

- En caso de que a avaliación reflicta riscos dos sinalados, o empresario adoptará as medidas necesarias para evitalos.

- Cando tales medidas non sexan posibles, a traballadora deberá desenvolver un posto de traballo compatible co seu estado, de entre a relación que o empresario determine, previa consulta cos representantes legais dos traballadores

- Se o devandito cambio non resultara técnica ou obxectivamente posible, ou non puidera esixirse razoablemente por motivos xustificados, poderá declararse o paso da traballadora á situación de suspensión do contrato por risco durante o embarazo, do art. 45.1.d) ET, durante o tempo necesario.

- O que se ven de dicir, coas limitacións e nas condicións recollidas no art. 26.4 LPRL, é de aplicación tamén durante o período de lactancia.

- Finalmente, as traballadoras embarazadas terán dereito, previo aviso e xustificación, a ausentarse do traballo, con dereito a remuneración, para a realización de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto.

5.1 Traballos prohibidos aos menores

5.1.1. As prohibicións específicas en materia de seguridade e saúde laboral que afectan ao traballo dos menores no sector da construción.

O DTPM, que establecía os traballos prohibidos a mulleres e menores, había que consideralo inconstitucional respecto do traballo das mulleres, unha vez que a CE consagrara o principio de igualdade no seu art. 14, levado ao plano da lexislación laboral ordinaria polo art. 17 ET. Así foi entendido maioritariamente pola doutrina laboralista española, aínda que non se tivera producido unha derrogación expresa do DTPM, derrogación que, respecto de tal traballo das mulleres, se produce pola disposición derrogatoria única da LPRL, na súa letra b), que dispón, ademais, que se manteñen en vigor as prohibicións relativas "...ó traballo dos menores, ata que o Goberno desenvolva as previsións contidas no apartado 2 do artigo 27" da LPRL, que determina que "...o Goberno establecerá as limitacións á contratación de xóvenes menores de dezaoito anos en traballos que presenten riscos específicos", previsión feita quince anos despois da contemplada no art. 6.2 ET: "Os traballadores menores de dezaoito anos non poderán realizar...aquelas actividades ou postos de traballo que o Goberno, a proposta do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, previa consulta coas organizacións sindicais máis representativas, declare insalu-

bres, penosos, nocivos ou perigosos, tanto para a súa saúde como para a súa formación profesional e humana".

O anterior non impide a existencia de tratos diferenciados para a muller en determinados aspectos, pero en todos eses casos será a maternidade e non o sexo o factor determinante do trato desigual ou, nalgúns casos, de discriminación positiva. Nesta liña, compre citar a DIME, así como o art. 26 LPRL, anteriormente reseñado.

Polo que ten que ver co traballo dos menores, as prohibicións en materia de seguridade e saúde laboral (a falta de concreción das previsións contidas nos arts. 27.2 LPRL e 6.2 ET, xa sinaladas) que lles afectan no traballo no sector da construción, son as seguintes:

1. "O manexo de prensas, guillotinas, cizallas, serras de cinta ou circulares, trades mecánicos e, en xeral, calquera máquina que polas operacións que realice, as ferramentas ou útiles empregados ou as excesivas velocidades de traballo represente un marcado perigo de accidentes, salvo que este sexa evitado totalmente mediante os oportunos dispositivos de seguridade" (art. 6.c DTPM). A utilidade deste precepto vese unicamente en materia sancionadora. Así, no suposto de que un traballador maior de dezaoito anos manipule unha máquina das descritas que careza dalgún dos dispositivos de protección, a infracción resultante será grave ou moi grave, en función da valoración das circunstancias concorrentes que faga a ITSS. Máis no caso de que esa mesma máquina sexa operada por un menor, nesas mesmas circunstancias, a infracción será sempre moi grave, en atención ao disposto no art. 13.2 LISOS, en relación co art. que estamos a comentar.

2. "Calquera traballo que se efectúe a máis de catro metros de altura sobre o terreo ou solo, salvo que se realice sobre piso continuo e estable, tal como pasarelas, plataformas de servizos ou outros análogos, que estean debidamente protexidos" (art. 6.d DTPM). O comentario feito no anterior punto sirve para este.

3. "Todos aqueles traballos que resulten inadecuados para a saúde destes traballadores por implicar exceso de esforzo físico ou ser prexudiciais para as súas circunstancias persoais" (art. 6.e DTPM)

4. "O traballo de transportar, empurrar ou arrastrar cargas que representen un esforzo superior ao necesario para mover en rasante de nivel os pesos (incluído o do vehículo) que se citan a continuación..." (art. 6.f DTPM, que pasa a enumerar, para distintos tipos de transporte, o peso máximo permitido.

5. Prohíbese aos menores o traballo "...nas actividades e industrias que se comprenden na relación segunda que se acompaña ao presente..." DTPM. Entre estas "actividades e industrias" está (grupo IX da relación segunda) a da construción, en concreto:

-Traballo en andamios

-Traballo de buzos

-Demolicións e apuntalamentos

-Desfeluxacións

-Estibar

-Fundicións baixo á auga

-Machaqueo e quebrantamento de pedra

-Condución de maquinaria e aparatos accionados por motor empregados nas obras de construción, movemento de terra etc.

-Regos asfálticos e similares

-Traballos subterráneos

Dentro do grupo de "outras industrias, traballos e servizos" (grupo XXIV da relación segunda) están os traballos de manexo de ascensores, montacargas e aparatos de elevación; así como os de vernizado e pintura con pulverización ou con produtos que conteñan substancias tóxicas.

5.1.2. Outras prohibicións máis xenéricas

O art. 6 ET (6.2 inciso inicial e 6.3) prohibe aos menores de dezaoito anos a realización de traballos nocturnos (traballos que non son moi frecuentes no sector da construción) así como a realización de horas extraordinarias (que xa son máis habituais no sector).

Pola súa banda, o art. 34.3 parágrafo terceiro ET prohibe aos menores de dezaoito anos a realización de "...máis de oito horas diarias de traballo efectivo, incluíndo, no seu caso, o tempo adicado á formación e, se traballasen para varios empregadores, as horas realizadas con cada un deles." ademais, para estes traballadores (art. 34.4 parágrafo segundo ET), cando a xornada diaria continuada exceda de catro horas e media, "...o período de descanso terá unha duración mínima de trinta minutos..."

Respecto destas cuestións hai que ter presente a DITX.

5.1.3. Responsabilidade administrativa do empresario polos incumprimentos en materia de traballo de menores

O art. 13.2 LISOS tipifica como infracción moi grave en materia de prevención de riscos laborais "non observar as normas específicas en materia de protección da seguridade e a saúde dos menores" (o que afectaría ás contempladas en VIII.5.1.1); mentres que o art. 8.4 LISOS considera tamén infracción moi grave, aínda que neste caso en materia de relacións laborais, "a transgresión das normas sobre traballo de menores contempladas na lexislación laboral" (o que afectaría ás descritas en VIII.5.1.2). A diferenza ten a súa importancia polo moi diferente importe das sancións previstas (art. 40 LISOS) nun e noutro caso.

5.1.4. O traballador cedido por unha empresa de traballo temporal no sector da construción

O art. 8.b) LETT prohibe a celebración de contratos de posta a disposición "para a realización de actividades e traballos que, pola súa especial perigosidade para a seguridade ou a saúde, se determinen regulamentariamente", previsión que, polo que respecta á actividade de construción, concreta o art. 8.a) RETT-2, cando alude aos "traballos en obras de construción aos que se refire o anexo II..." RDOC. A eles nos referimos neste traballo en VII.2. Tendo presente tal relación (que ademais é non exhaustiva) parece limitarse extraordinariamente a posibilidade de que se poidan celebrar no sector da construción contratos de posta a disposición, pois practicamente todas os traballos en obra encaixarían nalgún dos supostos contemplados nese anexo, agás os que se puideran realizar na derradeira fase de acabados, se acaso, e os de carácter puramente administrativo. Nembargante, e na medida en que tal posibilidade existe, convén analizar os requisitos que a normativa de aplicación esixe para a posta a disposición desde o punto de vista da prevención de riscos laborais.

En canto ás obrigas da empresa usuaria, son as seguintes:

1. Informar á ETT, con carácter previo á celebración do contrato de posta a disposición, sobre as características propias do posto de traballo e as tarefas a desenvolver, sobre os seus riscos profesionais, e sobre as aptitudes, capacidades e cualificacións profesionais requiridas, para o que será necesario a realización da avaliación de riscos dese posto a cubrir (art. 2.1 RETT-2). Tal información incluirá, necesariamente, (art. 2.2 RETT-2) os resultados de tal avaliación de riscos, con especificación dos datos relativos a:

a) Riscos laborais de carácter xeral existentes no centro de traballo e que puideran afectar ao traballador, así como os específicos do posto de traballo a cubrir.

b) Medidas de prevención a adoptar en relación cos riscos detectados, con inclusión da referencia aos equipos de protección individual que o traballador deba utilizar, que serán postos á súa disposición.

c) Formación en materia de prevención de riscos laborais que debe ter o traballador.

d) Medidas de vixilancia da saúde que deben adoptarse (por parte da ETT) en relación co posto de traballo a desenvolver.

2. Solicitar (antes do inicio da prestación de servizos do traballador) a información necesaria da ETT para asegurarse de que o traballador posto á súa disposición reúne as seguintes condicións (art. 4.1 RETT-2):

a) Ter sido considerado apto, a través dun adecuado recoñecemento médico, para a realización dos servizos demandados.

b) Posuír as cualificacións e capacidades requiridas para o desenvolvemento das tarefas solicitadas.

c) Ter recibido as informacións relativas ás características propias do posto de traballo e das tarefas a desenvolver, ás cualificacións e aptitudes requiridas e aos resultados da avaliación de riscos realizada.

3. Informar ao traballador posto á súa disposición (de novo, antes do inicio da súa prestación de servizos) dos riscos existentes para a súa saúde e seguridade e das correspondentes medidas e actividades de prevención (art. 4.1 "in fine" RETT-2, en relación co art. 16.1 LETT).

4. Informar aos delegados de prevención ou, no seu defecto, aos representantes legais dos seus traballadores, da incorporación de todo traballador cedido por unha ETT, especificando o posto de traballo a desenvolver, os seus riscos e medidas preventivas e a información e formación recibidas polo traballador. Esta mesma información será facilitada pola empresa usuaria, tamén, ao seu servizo de prevención ou, no seu caso, aos traballadores designados para o desenvolvemento das actividades preventivas (art. 4.3 RETT-2).

5. A empresa usuaria será a responsable das condicións de execución do traballo polos traballadores postos á súa disposición por unha ETT, debendo asegurarlles o mesmo nivel de protección que aos restantes traballadores da empresa (art. 5.1 RETT-2). Igualmente, será responsable do recargo de prestacións da Seguridade Social (previsto no art. 123 LGSS, e analizado neste traballo en VIII.6.1.1), no caso de accidente de traballo ou enfermidade profesional que teñan lugar no seu centro de traballo durante a vixencia do contrato de posta a disposición e teñan a súa causa na falta de medidas de seguridade e hixiene (art. 16.2 LETT).

6. Informar á ETT dos resultados de toda avaliación de riscos á que estean expostos os seus traballadores, a fin de que a ETT poida cumprir coas súas obrigas en materia de vixilancia da saúde dos traballadores cedidos (art. 5.3 RETT-2).

7. Informar á ETT de todo dano para a saúde do traballador posto á súa disposición que se houbera producido con motivo do desenvolvemento do seu traballo, coa finalidade de que a ETT poida cumprir coas súas obrigas en materia de notificación á autoridade laboral á que se refire o art. 23.3 LPRL (art. 7.2 RETT-2).

Pola súa banda, as obrigas da ETT son as que seguen (art. 3 RETT-2, en relación co art. 12.3 LETT):

1. Asignar ao servizo demandado a un traballador que reúna, previa a formación necesaria, os requisitos previstos en materia de prevención de riscos laborais.

2. Informar ao traballador de toda a información recibida da empresa usuaria.

3. Acreditar diante da empresa usuaria que o traballador ten recibido as informacións relativas aos riscos e medidas preventivas, posúe a formación específica necesaria e conta cun estado de saúde compatible co posto de traballo a desenvolver.

4. Levar a cabo as accións de vixilancia periódica da saúde dos traballadores postos a disposición, tendo en conta as características dos postos de traballo a desenvolver, os resultados da avaliación de riscos realizada pola empresa usuaria e canta información complementaria sexa requirida polo médico responsable.

As consecuencias dos incumprimentos destas obrigas se detallan en VIII.6.4.

6. ÁMBITO DE RESPONSABILIDADES DOS SUXEITOS QUE INTERVEÑEN NO PROCESO CONSTRUTIVO

Nos puntos anteriores fomos vendo, en relación coas obrigas concretas dos distintos suxeitos que interveñen no proceso construtivo, cal era a tipificación, desde o punto de vista do procedemento administrativo sancionador, de tales incumprimentos.

Queda por dar unha visión xeral dos diferentes e potenciais niveis de responsabilidade polos incumprimentos en materia de prevención de riscos laborais, isto é, da responsabilidade administrativa (incluíndo o catálogo das posibles consecuencias, na orde administrativa, daqueles incumprimentos); da responsabilidade penal e da responsabilidade civil, para rematar cunha mención ao núcleo de responsabilidades do traballador por conta allea.

6.1. A responsabilidade administrativa

6.1.1. Suxeitos responsables e aspectos xerais do procedemento

De acordo co art. 2 LISOS son suxeitos responsables en materia de prevención de riscos laborais:

-O empresario na relación laboral (art. 2.1 LISOS).

-Os empresarios titulares de centro de traballo, os promotores e propietarios de obra e os traballadores por conta propia que incumpran as obrigas que se deriven da normativa de prevención de riscos laborais (art. 2.8 LISOS). Respecto deste parágrafo, hai que recordar que, no sector da construción, a figura do empresario titular do centro de traballo coincide coa do promotor (como se deduce, entre outros preceptos, da disposición adicional primeira do RCOE), co alcance que se di neste traballo en VIII.1.2.4 e VIII.1.2.5.

-As entidades especializadas que actúen como servizos de prevención alleos ás empresas, as persoas ou entidades que desenvolvan a actividade de auditoría do sistema de prevención das empresas e as entidades acreditadas para desenvolver e certificar a formación en materia de prevención de riscos laborais, que incumpran as obrigas establecidas na normativa sobre a devandita materia (art. 2.9 LISOS).

Hai que recordar que ao longo da normativa de prevención se establecen obrigas concretas para determinadas categorías de suxeitos que, sen embargo, non son suxeitos responsables desde o punto de vista administrativo e, polo tanto, non é posible instruír expedientes administrativos sancionadores sobre os mesmos, con independencia de que poidan resultar responsables civil e/ ou penalmente. Tal ocorre coa dirección facultativa da obra ou o coordinador de seguridade, ou, máis en xeral, cos fabricantes, importadores e subministradores de maquinaria equipos, produtos e útiles de traballo(art. 41 LPRL).

Por outra parte, a lei (art. 42.3 LISOS) establece o principio de responsabilidade solidaria entre empresario principal, contratistas y subcontratistas (cando as obras ou servizos contratados se refiran á propia actividade do contratante e se desenvolvan nos seus propios centros de traballo) respecto do cumprimento, durante o período da contrata, das obrigas impostas pola LPRL en relación cos traballadores ocupados nos centros de traballo da empresa principal, sempre que a infracción se teña producido no centro de traballo do devandito empresario principal.

En relación con estes suxeitos responsables, a esixencia da súa responsabilidade faise a través do correspondente procedemento administrativo, hoxe rodeado das garantías que se derivan da necesaria aplicación dos principios constitucionais aos diferentes ámbitos en que se proxecta o poder punitivo do Estado. Este procedemento administrativo sancionador está hoxe regulado na LISOS e no RPS,

aínda que hai manifestacións do mesmo na LPRL, na LXSSe ata na LCAP, como veremos.

Acerca das garantías procedimentais aludidas, o TC, desde a STC 18/ 1981, de 8 de xuño, seguindo a doutrina do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, ven declarando non só a aplicabilidade ás sancións administrativas dos principios substantivos derivados do art. 25.1 CE, considerando que os principios inspiradores da orde penal son de aplicación, con certos matices, ao dereito administrativo sancionador, dado que ambos son manifestacións do ordenamento punitivo do Estado, senón que tamén ten proxectado sobre as actuacións dirixidas a exercer as potestades sancionadoras da administración as garantías procedimentais ínsitas no art. 24 CE, nos seus dous apartados, non mediante unha aplicación literal, senón na medida necesaria para preservar os valores esenciais que se atopan na base do precepto, e a seguridade xurídica que garantiza o art. 9 CE, se ben precisando a STC referida que non se trata dunha aplicación literal, dadas as diferenzas entre un e outro orden sancionador, senón "...co alcance que require a finalidade que xustifica a previsión constitucional..." E, como recorda a moi descritiva STS (sala 3ª) de 13.10.2003, en relación con esa operación "...de translación das garantías do art. 24 CE ao procedemento administrativo sancionador, que ven condicionada a que se trate de garantías que resulten compatibles coa natureza do devandito procedemento, tense elaborado progresivamente en numerosas resolucións unha consolidada doutrina constitucional, na que se citan como aplicables, sen ánimo de exhaustividade, o dereito de defensa, que proscribe calquera indefensión; o dereito a ser informado da acusación, coa ineludible consecuencia da inalterabilidade dos feitos imputados; o dereito á presunción de inocencia, que implica que a carga da proba dos feitos constitutivos da infracción recaia sobre a Administración, coa prohibición absoluta de utilizar probas obtidas con vulneración de dereitos fundamentais; e o dereito á utilización dos medios de proba axeitados para a defensa (por todas SSTC 7/ 1998, de 13 de xaneiro; 14/ 1999, de 22 de febreiro; 81/ 2000, de 27 de marzo; e 9/ 2003, de 20 de xaneiro...)..."

6.1.2. Formas de esixencia da responsabilidade administrativa

No marco deste procedemento sancionador, son varias as formas de esixencia de responsabilidades aos diferentes suxeitos responsables, case todas elas por iniciativa da ITSS.

1. A Advertencia e recomendación.

Segundo o art. 49 LISOS, "...a ITSS, de conformidade co previsto nos arts. 17.2 do Convenio 81 da OIT e 22.2 do Convenio 129 da OIT...cando as circunstancias do caso así o aconsellen e sempre que non se deriven danos nin prexuízos directos aos tra-

balladores, poderá advertir e aconsellar, en vez de iniciar un procedemento sancionador; nestes supostos dará conta das súas actuacións á autoridade laboral competente (en Galicia, en materia de prevención de riscos laborais, ás da CRLL).

2. O requirimento.

De acordo co art. 43 LPRL "1. Cando o inspector de Traballo e Seguridade Social comprobase a existencia dunha infracción á normativa sobre prevención de riscos laborais, requirirá ao empresario para a subsanación das deficiencias observadas, salvo que pola gravidade e inminencia dos riscos procedera acordar a paralización prevista no art. 44. Todo elo sen prexuízo da proposta de sanción correspondente, no seu caso. 2. O requirimento formulado...farase saber por escrito ao empresario presuntamente responsable sinalando as anomalías ou deficiencias apreciadas con indicación do prazo para a súa subsanación. O devandito requirimento porase, así mesmo, en coñecemento dos delegados de prevención. Se fora incumprido o requirimento formulado, persistindo os feitos infractores, o inspector..., de non telo efectuado inicialmente, levantará a correspondente acta de infracción por tales feitos."

Do que se dixo, queda claro que o requirimento pode ser unha medida alternativa (no caso de que non leve aparellada a práctica de acta de infracción) ou complementaria da acta de infracción. O que si parece obrigado e que a ITSS, se practica acta de infracción en materia de prevención de riscos laborais, practique tamén requirimento sempre que subsistan os feitos que motivan a acta de infracción.

O incumprimento do requirimento, aparte de dar lugar á práctica de acta de infracción que non se tivera levantado con anterioridade, servirá como criterio de agravación da sanción a propoñer, segundo veremos no punto seguinte.

Se o requirimento afectase a unha Administración Pública, haberá que ter en conta o disposto no art. 45 LPRL, así como o procedemento regulado no RDAP. (Neste sentido, ter en conta os comentarios feitos en VIII.1.1).

Por outra banda, e trala reforma operada pola Lei 54/ 2003, de 12 de decembro (BOE do 13), os funcionarios públicos das administracións xeral do Estado e das comunidades autónomas que exerzan labores técnicas en materia de prevención de riscos laborais (art. 9.2, parágrafos terceiro e carto LPRL) "...poderán desenvolver funcións de asesoramento, información e comprobatorias das condicións de seguridade e saúde nas empresas e nos centros de traballo..." que serán programadas "...pola respectiva Comisión Territorial da ITSS...", e coa posibilidade, no marco destas funcións, de formular requirimentos "...na forma que se determine regulamentariamente." No suposto de que estes requirimentos sexan desatendidos polo suxeito responsable, o funcionario actuante "...remitirá informe á ITSS, no que se recollerán os feitos comprobados, a efectos de que se levante a correspondente acta de infracción...", aos efectos do cal "...os feitos relativos ás actuacións de comprobación das

condicións materiais ou técnicas de seguridade e saúde recollidos en tales informes gozarán de presunción de certeza...” (art. 9.3 LPRL).

3. A acta de infracción.

Regulada con detalle nos arts. 13 e seguintes RPS, consiste nunha proposta de sanción económica que a ITSS, constatada a comisión dunha infracción (neste caso en materia de prevención de riscos laborais), fai á autoridade laboral competente, de acordo coa tipificación das infraccións e sancións contida na LISOS.

Esta norma distingue entre infraccións leves, graves e moi graves, cada unha das cales ten que ser obxecto de graduación pola ITSS en tres graos (mínimo, medio ou máximo), en atención aos criterios contidos no art. 39.3 LISOS, a saber:

-A perigosidade das actividades desenvolvidas na empresa ou centro de traballo.

-O carácter permanente ou transitorio dos riscos inherentes ás devanditas actividades.

-A gravidade dos danos producidos ou que houberan podido producirse pola ausencia ou deficiencia das medidas preventivas necesarias.

-O número de traballadores afectados.

-As medidas de protección individual ou colectiva adoptadas polo empresario e as instrucións impartidas por este en orde á prevención dos riscos.

-O incumprimento das advertencias ou requirimentos previos da ITSS.

-A inobservancia das propostas realizadas polos servizos de prevención, os delegados de prevención ou o Comité de Seguridade e Saúde da empresa para a corrección das deficiencias legais existentes.

-A conducía xeral seguida polo empresario en orde á estrita observancia das normas en materia de prevención de riscos laborais.

A acta da ITSS que inicie o expediente sancionador e a resolución administrativa que recaia, deberán explicitar os criterios de graduación da sanción tidos en conta, de entre os sinalados. Cando non se considere relevante a estes efectos ningunha das circunstancias enumeradas, a sanción imporase no grao mínimo no seu tramo inferior (art. 39.6 LISOS). Pola contra, sancionarase no máximo da cualificación que corresponda toda infracción que consista na persistencia continuada da súa comisión (art. 39.7 LISOS).

O art. 40.2 LISOS determina a contía das infraccións en materia de prevención de riscos laborais (de acordo coa conversión a euros efectuada pola Resolución de 16 de outubro de 2001, da Subsecretaría do MTAS, publicada no BOE do 30), como segue:

-Leves: grao mínimo, de 30,05 a 300,51; medio, de 300,52 a 601,01; e máximo, de 601,02 a 1.502,53

-Graves: grao mínimo, de 1.502,54 a 6.012, 12; medio, de 6.012,13 a 15.025,30; e máximo, de 15.25,31 a 30.050,61

-Moi graves: grao mínimo, de 30.050,62 a 120.202,42 ; medio, de 120.202,43 a 300.506,05 ; e máximo, de 300.506,06 a 601.012,10

A competencia sancionadora, a proposta da ITSS, exércena (art. 2 do Decreto autonómico 211/ 2003, do 3 de abril, publicado no DOG do día 11) as seguintes autoridades da Xunta de Galicia:

- Os delegados da CRLL, ata 30.050,61 ?

- O director xeral de Relacións Laborais da CRLL, ata 90.151,82 ?

- O titular da CRLL, ata 300.506,05 ?

- O Consello da Xunta de Galicia, ata 601.012,10 ?

Segundo o art. 4.3 LISOS, as infraccións, en materia de prevención de riscos laborais, prescribirán ao ano, as leves; aos tres anos, as graves; e aos cinco anos as moi graves, contados desde a data da infracción.

4. A paralización de traballos.

Na nosa lexislación admite catro variantes:

A) Paralización ordenada pola ITSS. De acordo coas facultades que aos inspectores de Traballo e Seguridade Social confire o art. 7.10 LITS, dispón o art. 44.1 LPRL que "cando o inspector...comprobe que a inobservancia da normativa sobre prevención de riscos laborais implica, ao seu xuízo, un risco grave e inminente para a seguridade e saúde dos traballadores poderá ordenar a paralización inmediata de tales traballos ou tarefas. A devandita medida será comunicada á empresa responsable, quen o porá en coñecemento inmediato dos traballadores afectados, do Comité de Seguridade e Saúde, do Delegado de Prevención ou, na súa ausencia, dos representantes do persoal. A empresa, sen prexuízo do cumprimento inmediato de tal decisión, poderá impugnala diante da autoridade laboral no prazo de tres días hábiles,

debendo resolverse tal impugnación no prazo máximo de vintecatro horas. Tal resolución será executiva, sen prexuízo dos recursos que procedan. A paralización dos traballos levantarase pola ITSS que a decretara, ou polo empresario tan pronto como se subsanen as causas que a motivaron, debendo, neste último caso, comunicalo inmediatamente á ITSS."

Sinala o art. 44.2 LPRL que estes supostos de paralización entenderanse, en todo caso, sen prexuízo do pago do salario ou das indemnizacións que procedan e das medidas que poidan arbitrarse para a súa garantía.

En relación co concepto de risco grave e inminente, o art. 4.4º LPRL defíneo como "...aquel que resulte probable racionalmente que se materialice nun futuro inmediato e poida supoñer un dano grave para a saúde dos traballadores." Segue a dicir o precepto citado que para o caso de "...exposición a axentes susceptibles de causar danos graves á saúde dos traballadores, considerarase que existe un risco grave e inminente cando sexa probable racionalmente que se materialice nun futuro inmediato unha exposición aos devanditos axentes da que poidan derivarse danos graves para a saúde, aínda que estes non se manifesten de xeito inmediato."

O incumprimento da orde de paralización da ITSS ten, no plano administrativo, dúas consecuencias:

- Constitúe unha infracción moi grave do empresario incumpridor (art. 13.3 LISOS).

- No caso de que se chegara a producir un accidente de traballo nun posto ou lugar de traballo previamente paralizado pola ITSS, isto equipararíase (art. 195 LXSS) "...á falta de formalización da protección (pola continxencia de accidente de traballo)...dos traballadores afectados, con independencia de calquera outra responsabilidade ou sanción á que houbera lugar."

B) Paralización decidida individualmente polo traballador. Como manifestación explícita do concepto tan elaborado doutrinal e xurisprudencialmente de "ius resistentiae" do traballador, o art. 21.2 LPRL determina que, de acordo co previsto no art. 14.1 LPRL (dereito dos traballadores á protección en materia de prevención e correlativa obriga de protección por parte do empresario; así como recoñecemento expreso de que a paralización da actividade en caso de risco grave e inminente forma parte do dereito dos traballadores a unha protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo) "...o traballador terá dereito a interromper a súa actividade e abandonar o lugar de traballo, en caso necesario, cando considere que a devandita actividade implica un risco grave e inminente para a súa vida ou saúde."

C) Paralización acordada polos representantes dos traballadores. Segundo o art. 21.3 LPRL, e tamén para o caso de risco grave e inminente en que o empresario non adopte ou non permita a adopción das medidas necesarias para garantir a segurida-

de e a saúde dos traballadores, os seus representantes legais (comité de empresa ou delegados de persoal) "...poderán acordar por maioría dos seus membros a paralización da actividade dos traballadores afectados polo devandito risco..." Hai que recordar que o art. 19.5, parágrafo segundo ET esixe maiorías reforzadas para o mesmo suposto, se ben hai que considerar de aplicación preferente, neste aspecto, as disposicións do art. 21.3 LPRL, en tanto que "lei especial". Segue a dicir este último art. que o acordo de paralización (que tamén poderá ser adoptado por decisión maioritaria dos delegados de prevención, cando non fora posible reunir coa urxencia requirida ao comité de empresa) "...será comunicado de inmediato á empresa e á autoridade laboral, a cal, no prazo de vintecatro horas, anulará ou ratificará a paralización acordada." Remata o art. apostilando que os traballadores ou os seus representantes "...non poderán sufrir prexuízo algún derivado..." da adopción das accións anteriores, salvo que "...houberan obrado de mala fe ou cometido neglixencia grave."

D) Suposto especial de paralización previsto no art. 14 RDOC. Sempre en caso de risco grave e inminente, o coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra (ou calquera outra persoa integrada na dirección facultativa) está facultado para acordar "...a paralización dos taxos ou, no seu caso, da totalidade da obra." (Art. 14.1 RDOC). A persoa que teña ordenado a paralización dará conta da mesma "...á ITSS correspondente, aos contratistas e, no seu caso, aos subcontratistas afectados pola paralización, así como aos representantes dos traballadores de estes." Aínda que nada se di expresamente, parece razoable aplicar a este tipo de paralización o disposto no art. 21.3 LPRL respecto da acordada polos representantes dos traballadores.

5. Suspensión ou peche do centro de traballo.

Conforme aos arts. 53 LPRL e 26 RPS, cando concorran circunstancias de excepcional gravidade nas infraccións referidas á seguridade e saúde laborais, o xefe provincial da ITSS porao en coñecemento da autoridade laboral, a efectos de que se someta (en Galicia) ao Consello da Xunta de Galicia, ben a suspensión de actividades por tempo determinado, ben, en caso extremo, o peche do centro de traballo, todo elo sen prexuízo do pago do salario ou das indemnizacións que procedan e das medidas que poidan arbitrarse para a súa garantía.

6. Recargo das prestacións económicas.

Dispón o art. 123.1 LXSSque "todas as prestacións económicas que teñan a súa causa en accidente de traballo ou enfermidade profesional aumentaranse, segundo a gravidade da falta, dun 30 a un 50 por 100, cando a lesión se produza por máquinas, artefactos ou en instalacións, centros ou lugares de traballo que carezan dos dispositivos de precaución regulamentarios, os teñan inutilizados ou en malas condicións, ou cando non se observaran as medidas xerais ou particulares de seguridade e hixiene no traballo, ou as elementais de salubridade ou as de adecuación per-

soal a cada traballo, tendo en conta as súas características e a idade, sexo e demais condicións do traballador." Completa a súa regulación o art. indicado con dúas prescrición máis:

- A responsabilidade de pago deste recargo recaerá directamente sobre o empresario infractor, quen ten prohibido o aseguramento desta continxencia, "...sendo nulo de pleno dereito calquera pacto ou contrato que se realice para cubrila, compensala ou transmitila." (Art. 123.2 LGSS). Sen embargo, e como recorda a STSX- Galicia (sala do social) de 17.10.2000, a doutrina xurisprudencias ven interpretando, con carácter extensivo, o que debe entenderse por empresario infractor (entre outras, SSTS de 18.04.1992 e 16.12.1997), de xeito que "...cando se desenvolve o traballo no centro de traballo da empresa principal, cos seus instrumentos de produción e baixo o seu control, é perfectamente posible que unha actuación neglixente ou incorrecta do empresario principal cause danos ou prexuízos ao empregado da contrata; e, incluso, que esta actuación sexa a causa determinante do accidente laboral sufrido por este, e, por elo, nestes casos, o empresario principal pode ser <empresario infractor>, a efectos do art. 123.2 LGSS..." e, así, asumir a responsabilidade derivada do recargo de forma solidaria co empresario do traballador accidentado.

- Esta responsabilidade "...é independente e compatible coas de todo orde, incluso penal, que poidan derivarse da infracción." (Art. 123.3 LGSS).

Pola súa banda, o art. 16.2 LETT dispón que no caso de traballadores cedidos por unha empresa de traballo temporal, a empresa usuaria será a responsable do pago tal recargo (Sobre o particular, ver neste traballo VIII.5.1.4).

Segundo a xurisprudencia, a imposición do recargo esixe como requisitos xerais os seguintes (por todas, STSX- Galicia, sala do social, de 24.01.2001):

a) Que a empresa teña incumprido algunha medida de seguridade, xeral ou especial, e que elo resulte cumpridamente acreditado, porque ao ser a medida sancionadora resulta aplicable a constitucional presunción de inocencia.

b) Que medie relación de causalidade entre a infracción e o resultado daniño, o cal ten que resultar certamente probado, porque unha obrigada interpretación restritiva (ten natureza sancionadora) determina que esa relación de causalidade non se presuma.

c) Que exista culpa ou neglixencia por parte da empresa (ás veces requírese que sexa exclusiva e outras veces admítese que sexa compartida), porque a responsabilidade non é obxectiva.

d) Que esa culpa ou neglixencia sexa apreciable á vista da dilixencia esixible, que resulta ser a propia dun prudente empresario, atendidos os criterios de normalidade e razonabilidade, que son tamén os recollidos no art. 16 do convenio 155 OIT.

En canto que comprensiva dunha interesante casuística xurisprudencias, compre citar a STSX- Galicia (sala do social) de 11.07.2000, conforme a cal:

a) É deber do empresario non só proporcionar os axeitados mecanismos de seguridade, senón tamén instruír aos traballadores sobre a súa utilización e obrigar ao seu uso (SSTS de marzo de 1980 e 30 de xaneiro de 1986), "...procedendo o recargo cando os encargados ou a empresa en ningunha ocasión teñan sancionado aos traballadores por non adoptar as regulamentarias medidas de seguridade, téndose limitado a telos á súa disposición (STSX- Murcia de 3 de decembro de 1991), aínda que tampouco sexa esixible unha vixilancia continua en cada un dos labores (SSTSX- Andalucía de 9 de outubro de 1992 e 17 de xuño de 1993).

b) Desde o momento en que é obriga do empresario facilitar ao traballador a formación suficiente cando teña que aplicar unha técnica que poida ocasionar riscos graves, a xurisprudencia ven considerando que a insuficiencia da formación proporcionada é infracción e causa determinante do recargo (STSX- Castela A Mancha de 10 de xullo de 1992; STSX- País Vasco de 31 de marzo de 1993 e STSX- A Rioxa de 25 de maio de 1995).

c) Incluso a asignación de funcións alleas á categoría profesional sen ter a titulación e formación necesaria para desenvolvelas considérase causa suficiente para impoñer o recargo, por tratarse dunha actitude neglixente da empregadora que traslada sobre a mesma a carga de acreditar a suposta concorrencia do <caso fortuíto> na producción do accidente ou unha imprudencia profesional por parte do traballador (STSX- Cataluña de 3 de febreiro de 1993).

A competencia resolutoria nestes expedientes corresponde ao INSS, a iniciativa do propio traballador accidentado (ou dos seus casahabentes) ou da ITSS, e estas resolucións do INSS son impugnables diante da xurisdición social, o que podería plantear o problema de resolucións discordantes entre a xurisdición social (ó resolver sobre o recargo) e a xurisdición contencioso- administrativa (ó resolver a acta de infracción que, no seu caso, se tivera practicado pola ITSS). Por elo, o art. 42.5 LISOS aclara que "a declaración de feitos probados que conteña unha sentencia firme da orde xurisdicional contencioso- administrativa, relativa á existencia de infracción á normativa de prevención de riscos laborais, vinculará á orde social da xurisdición, no que se refire ao recargo, no seu caso, da prestación económica do sistema de seguridade social."

Finalmente, dicir que o texto do art. 123 LXSSnon esixe a práctica de acta de infracción (aínda que, por suposto, tal acta, de practicarse, serviría de fundamentación para que a ITSS instase do INSS o recargo de prestacións), polo que naqueles supostos en que tal acta non é posible (por exemplo, por falta de competencia material da ITSS na inspección de que se trate, caso, por exemplo, das minas e canteiras; ou porque se trata de infracción da que o seu suxeito responsable é unha Administración

Pública, suposto no que sería de aplicación o procedemento do RDAP; ou, en fin, por falta de competencia territorial da ITSS, caso de accidente de traballo ocorrido no estranxeiro) podería instarse pola propia ITSS (ademais, claro está, de polo traballador interesado ou os seus dereitohabentes) a declaración de recargo de prestacións cando, tras a correspondente investigación polas autoridades que en cada suposto resultasen competentes, se tivera chegado á conclusión de que no accidente houbo infracción ás normas de seguridade e saúde laboral.

7. Aumento ou redución da contía das primas por accidente de traballo ou enfermidade profesional.

Con independencia da regulación dun sistema de "bonus malus" que desde hai tempo se leva anunciada, tamén desde hai tempo existe na LXSSunha posibilidade, escasamente utilizada (seguramente pola necesidade ou conveniencia dun desenvolvemento regulamentario que non se ten producido), que é a prevista no art. 108.3 LGSS, conforme o cal a contía de tales primas poderá reducirse (no caso de empresas que se distingan polo emprego de medios eficaces de prevención) ou aumentarse (no caso de empresas que incumpran as súas obrigas en materia de seguridade e saúde laborais). Redución e aumento non poderán exceder do dez por cento, se ben o aumento poderá chegar ata un vinte por cento no caso de reiterado incumprimento daquelas obrigas.

8. Limitacións á posibilidade de contratar coas administracións públicas.

O art. 54 LPRL establece que "As limitacións á facultade de contratar coa Administración pola comisión de delitos ou por infraccións administrativas moi graves en materia de seguridade e saúde no traballo, rexeranse polo establecido na LCAP."

A LCAP regula esta cuestión nos seus art. 20 e 21. No parágrafo a) do seu art. 20 prohibe a contratación coa Administración ás persoas condenadas en sentencia firme por delitos contra os dereitos dos traballadores (arts. 311 a 318 CP). Tal prohibición de contratar alcanza ás persoas xurídicas das que os seus administradores ou representantes, estando vixente o seu cargo ou representación, foran condenados en firme por actuacións realizadas en nome da persoa xurídica. Os efectos desta prohibición, con carácter xeral, non excederán de oito anos (art. 21 LCAP).

Pola súa banda, no seu parágrafo d), o art. 20 LCAP prohibe tamén a contratación coa Administración de quen fora sancionado con carácter firme por infracción moi grave en materia de seguridade e saúde no traballo. Os efectos desta prohibición, con carácter xeral, non excederán de cinco anos (art. 21 LCAP).

6.1.3. O principio de "non bis in ídem" e a prohibición de concorrencia coa orde penal

1. O principio de "non bis in ídem".

Aparece enunciado con toda claridade no art. 3.1 LISOS: "Non poderán sancionarse os feitos que teñan sido sancionados penal ou administrativamente, nos casos en que se aprecie identidade de suxeito, de feito e de fundamento", o que motiva os seguintes comentarios:

- A aplicación deste principio esixe unha triplo identidade (de suxeito, feito e fundamento), planteándose o problema, en canto á primeira delas, de se esta se produce no caso de que se teña imposto unha sanción administrativa a unha persoa xurídica e, de seguido, se pretendera imputar penalmente aos seus responsables (xerente, administradores, membros do consello de administración ou outros responsables nos diferentes niveis xerárquicos da empresa). A resposta parece que debe ser negativa, isto é, que nestes casos non se daría a identidade de suxeitos e, polo tanto, sería posible a doble incriminación

- O principio, sempre que se de a triplo identidade da que se ven de falar, xoga en varias direccións: non resulta posible sancionar administrativamente o que xa foi obxecto de sanción administrativa ou penal; e non se pode sancionar penalmente o que xa foi obxecto de sanción penal ou administrativa, posibilidade esta última que ben puidera "incentivar" o peche de responsabilidades no ámbito administrativo para "blindar" ao suxeito responsable desde o punto de vista penal. Por iso mesmo, e dada a prevalencia que a xurisdición penal debe ter sobre o procedemento sancionador administrativo, desde este ámbito administrativo se debe ser particularmente cauteloso, naqueles supostos en que se teña dúbidas sobre a posible transcendencia penal de feitos que se estean investigando pola Administración. E para axudar a resolver estas cuestións están os preceptos reguladores da prohibición de concorrencia coa orde penal.

2. A prohibición de concorrencia coa orde penal.

O criterio xeral ven exposto no art. 3.2 LISOS: "Nos supostos en que as infraccións puideran ser constitutivas de ilícito penal, a Administración pasará o tanto de culpa ao órgano xudicial competente ou ao Ministerio Fiscal e absterase de seguir o procedemento sancionador mentres a autoridade xudicial non dite sentencia firme ou resolución que poña fin ao procedemento ou mentres o Ministerio Fiscal non comunique a improcedencia de iniciar ou proseguir actuacións."

As posibilidades que se deducen da regulación conxunta dos arts. 3 LISOS e 5 RPS son as seguintes:

a) Que na fase de investigación previa ao inicio do procedemento sancionador (isto é, antes da práctica de acta de infracción pola ITSS) o inspector actuante (o art. 5.1

RPS alude tamén ao órgano ao que corresponda resolver o expediente, o que carece de lóxica, por canto, antes de practicada acta de infracción, non é posible saber quen vai ser, por depender da contía da acta) aprecie aparencia de ilícito penal, suposto no que deberá comunicar tal circunstancia ao xefe da Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social, quen, de estimar a concorrencia de tal ilícito penal, o comunicará ao Ministerio Fiscal.

b) Que o inspector actuante aprecie esa aparencia de ilícito penal unha vez practicada acta de infracción, suposto no que deberá proceder como no caso anterior, se ben aquí o xefe de Inspección, de estimar a eventual concorrencia de ilícito penal, ademais de remitir as actuacións ao Ministerio Fiscal, deberá comunicar tal circunstancia ao órgano competente para resolver, a efectos de que este acorde a suspensión do procedemento.

c) Cabe, igualmente, que sexa este órgano competente para resolver o que aprecie indicios de criminalidade nos feitos constatados na acta de infracción da ITSS sobre a que pende a súa resolución, debendo proceder á remisión das actuacións ao Ministerio Fiscal, unha vez teña acordado a suspensión do procedemento sancionador.

d) Por último, tamén procederá a suspensión do procedemento administrativo sancionador cando a ITSS ou a autoridade laboral teñan coñecemento da existencia de actuacións penais polos mesmos feitos e fundamentos, e en relación ao mesmo suxeito responsable, respecto do que sigan actuacións previas de investigación ou se veña de practicar acta de infracción, antes da súa resolución. Neste caso, deberán remitirse ás actuacións ao órgano xudicial que estea actuando.

Encárgase de recordar o art. 3.4 LISOS que estas comunicacións ao Ministerio Fiscal ou o inicio de actuacións por parte deste, non afectarán "...ó inmediato cumprimento das medidas de paralización de traballos adoptadas nos casos de risco grave e inminente para a seguridade ou saúde do traballador, á efectividade dos requirimentos de subsanación formulados, nin aos expedientes sancionadores sen conexión directa cos que sexan obxecto de eventuais actuacións xurisdicionais da orde penal."

Respecto das decisións que adopte o Ministerio Fiscal ou a Xurisdición penal, caben dúas opcións:

a) Se o Ministerio Fiscal resolve non interpoñer acción algunha ou se houbera ditado sentencia absolutoria por parte dos órganos xudiciais, reiniciarase o procedemento administrativo sancionador en base aos feitos declarados probados en tal sentencia.

b) Se se ditara sentencia condenatoria firme, non poderá continuar o procedemento administrativo sancionador polos mesmos feitos declarados probados, sempre que concorra, ademais, a identidade de suxeito e fundamento.

Por último, dicir que a Instrución 104/ 2001 (da Dirección Xeral da ITSS) sobre relacións da ITSS coa Fiscalía Xeral do Estado, en materia de ilícitos penais contra a seguridade e saúde laboral dispón a remisión de actuacións ao Ministerio Fiscal, notificando tal circunstancia ao suxeito responsable da infracción administrativa e propoñendo á autoridade laboral a suspensión do procedemento administrativo sancionador, nos seguintes casos:

- Actas de infracción nas que se conteñan infraccións cualificadas, de conformidade co art. 13 LISOS, como moi graves.

- Actas de infracción que contemplen infraccións cualificadas polo art. 12 LISOS como graves, sempre que entre as circunstancias que dean lugar á graduación da infracción se faga constar o incumprimento reiterado polo empresario das advertencias ou requirimentos previsto da ITSS, ou cando da conducía xeral seguida polo empresario se deduza a inobservancia manifesta e sistemática da normativa en materia de prevención de riscos laborais.

- Naqueles outros supostos en que, a xuízo do inspector actuante, se considere que concorren as circunstancias de indicios racionais de criminalidade que poden dar lugar a unha imputación penal por delitos relacionados coa seguridade e saúde laboral.

6.2. A responsabilidade penal

A esixencia de responsabilidades penais pode ter a súa orixe en que o suxeito ou suxeitos responsables coloquen aos traballadores nunha determinada situación de perigo, o que daría lugar ao tipo regulado nos arts. 316 a 318 CP; ou ben a causa de que se teña producido un concreto resultado lesivo.

6.2.1. Delitos contra a seguridade e saúde dos traballadores

Dispón o art. 316 CP que "os que con infracción das normas de prevención de riscos laborais e estando legalmente obrigados, non faciliten os medios necesarios para que os traballadores desenvolvan a súa actividade coas medidas de seguridade e hixiene adecuadas, de xeito que poñan así en perigo grave a súa vida, saúde ou integridade física, serán castigados coas penas de prisión de seis meses a tres anos e multa de seis a doce meses".

Pola súa banda, o art. 317 CP establece que "cando o delito a que se refire o artigo anterior sexa cometido por imprudencia grave, será castigado coa pena inferior en grao".

En relación con este tipo, imos analizar os seguintes aspectos.

1. Tipicidade da conducía, que ven caracterizada polos seguintes elementos:

- Que se expoña a un perigo grave a vida, saúde ou integridade física (ou psíquica, na medida en que este concepto quedaría encadrado no máis amplo de saúde, recollido polo tipo penal) dos traballadores, gravidade que hai que entender que virá dada pola alta probabilidade de que chegue a concretarse o dano para a vida, saúde ou integridade física do traballador, así como pola entidade potencial das lesións que puideran producirse nese caso.

- Que non se adopten (o que conleva unha conducía comisiva por omisión) as medidas preventivas que resulten de aplicación de acordo coas disposicións aplicables.

En torno a estas cuestións, a STS (sala 2ª) de 06.11.2001 (por todas) sinala que o art. 316 CP regula un tipo "...con varios elementos normativos que obrigan, para a integración do mesmo, a ter en conta o disposto fora da propia norma penal (norma penal en branco). Ante todo, o suxeito activo do delito ten que ser a persoa legalmente obrigada a facilitar os medios necesarios...Estas persoas, cando os feitos sexan atribuídos a unha persoa xurídica son, segundo o art 318 CP, os administradores e encargados do servizo que, coñecendo o risco existente nunha determinada situación, non houberan adoptado as medidas necesarias para evitalo mediante a observancia das normas de prevención atinentes ao caso. En segundo lugar, trátase dun tipo de omisión que consiste en non facilitar os medios necesarios para que os traballadores desempeñen a súa actividade coas medidas de seguridade e hixiene axeitadas e esta omisión debe supor, en si mesma, o incumprimento das normas de coidado expresamente establecidas na lexislación laboral, ao que na descrición legal do tipo se alude no seu comezo dicindo <con infracción das normas de prevención de riscos laborais>. E, por último, é preciso, para a integración do tipo, que, coa infracción daquelas normas de coidado e a omisión do cumprimento do deber de facilitar os medios necesarios para o desempeño do traballo nas debidas condicións de seguridade e hixiene, se poña en perigo grave, a saúde ou a integridade física dos traballadores, sen que sexa necesario que o perigo se concrete nunha lesión efectiva posto que o delito en cuestión é un tipo de risco..."

2. Suxeito activo.

De acordo co tipo será suxeito activo todo aquel que estando legalmente obrigado, non facilite os medios para que os traballadores desenvolvan a súa actividade en condicións adecuadas de seguridade e saúde. Trátase, sen dúbida, dun dos elementos do tipo penal máis discutidos doutrinalmente e dos que teñen un reflexo xurisprudencias máis dispar.

Desde logo, suxeito activo deste delito poderá ser o empresario, na medida en que sobre el recaen as obrigas de protección respecto dos traballadores ao seu servizo, que teñen unha das súas manifestacións máis rotundas no art. 14 LPRL. Pero tamén

as persoas que, no ámbito da empresa, detentan poderes de decisión acerca do xeito de organizarse o traballo e conexos coas obrigas de protección que disto resultan, o que inclúe aos directivos e mandos intermedios.

Sinala o art. 318 CP que "cando os feitos...se atribuirán a persoas xurídicas, imporase a pena sinalada aos administradores ou encargados do servizo que teñan sido responsables dos mesmos e a quen, coñecéndoos e pudendo remedialo, non houberan adoptado medidas para elo. Nestes supostos a autoridade xudicial poderá decretar, ademais, algunha ou algunhas das medidas previstas no art. 129 CP."

Este art. 129 CP dispón, no seu número 1, que "...o xuíz ou tribunal...poderá impoñer, motivadamente, as seguintes consecuencias:

a) Clausura da empresa, os seus locais ou establecementos, con carácter temporal ou definitivo. A clausura temporal non poderá exceder de cinco anos.

b) Disolución da sociedade, asociación ou fundación.

c) Suspensión das actividades da sociedade, empresa, fundación ou asociación por un prazo que non poderá exceder de cinco anos.

d) Prohibición de realizar no futuro actividades, operacións mercantís ou negocios da clase daqueles dos que no seu exercicio se teña cometido, favorecido ou encuberto o delito. Esta prohibición poderá ter carácter temporal ou definitivo. Se tivera carácter temporal, o prazo de prohibición non poderá exceder de cinco anos.

e) A intervención da empresa para salvagardar os dereitos dos traballadores ou dos acredores polo tempo necesario e sen que exceda dun prazo máximo de cinco anos."

Incluso será posible a imputación penal como suxeito activo deste tipo delitivo de persoas que non se atopen dentro do ámbito de organización e dirección do empresario desde un punto de vista laboral, como ocorre, en xeral, cos fabricantes, subministradores ou importadores de equipos e maquinaria (ós que se refire o art. 41 LPRL) ou cos membros dos servizos de prevención, ou, máis especificamente en relación coas obras de construción, cos proxectistas, coordinadores de seguridade e saúde durante a execución do proxecto ou outros integrantes da dirección facultativa. Lémbrese que ningún destes teóricos e potenciais suxeitos activos do tipo que vimos de mencionar ultimamente pode ser responsable desde o punto de vista do procedemento administrativo sancionador.

3. Culpabilidade.

O tipo penal que comentamos pódese cometer de forma dolosa ou culposa. A esta última refírese o art. 317 CP, máis arriba enunciado.

6.2.2. Delitos ou faltas como consecuencia de resultados lesivos

Os tipos concretos previstos no CP son os do delito de homicidio por imprudencia (art. 142 CP) e o de lesións (arts. 152 CP), así como as faltas por imprudencia do art. 621 CP e as faltas por simple imprudencia ou neglixencia do art. 617 CP.

1. delito de homicidio por imprudencia.

Dispón o art. 142 CP: "1º. O que por imprudencia grave causara a morte de outro, será castigado, como reo de homicidio imprudente, coa pena de prisión dun a catro anos...3º. Cando o homicidio fora cometido por imprudencia profesional imporase ademais a pena de inhabilitación especial para o exercicio da profesión, oficio ou cargo por un período de tres a seis anos".

2. Delito de lesións.

Segundo o art. 152.1 CP, o que por imprudencia grave causara algunha das lesións previstas nos arts. anteriores (147, 149 e 150 CP), será castigado:

a) Coa pena de prisión de tres a seis meses, se se tratara das lesións do art. 147.1 (isto é: lesión que menoscabe a súa integridade corporal ou a súa saúde física ou mental, sempre que a lesión requira obxectivamente, para a súa sanidade, ademais dunha primeira asistencia facultativa, tratamento médico ou cirúrxico).

b) Coa pena de prisión dun a tres anos, se se tratara das lesións do art. 149 (isto é: a perda ou a inutilidade dun órgano ou membro principal, ou dun sentido, a impotencia, a esterilidade, unha grave deformidade ou unha grave enfermidade somática ou psíquica).

c) Coa pena de prisión de seis meses a dous anos, se se tratara das lesións do art. 150 (isto é: a perda ou a inutilidade dun órgano ou membro non principal, ou a deformidade).

Dispón o art. 152.3 CP que "cando as lesións foran cometidas por imprudencia profesional imporase así mesmo a pena de inhabilitación especial para o exercicio da profesión, oficio ou cargo por un período dun a catro anos".

3. Faltas por imprudencia ou simple neglixencia.

Os supostos, polo que aquí nos interesa, previstos no art. 621 CP son os seguintes:

a) Os que por imprudencia grave causaren algunha das lesións previstas no art. 147.2 CP (isto é: cando o menoscabo da integridade corporal ou da saúde física ou mental sexa de menor gravidade, atendidos o medio empregado e o resultado producido) serán castigados coa pena de multa dun a doce meses.

b) Os que por imprudencia leve causaren a morte doutra persoa serán castigados coa pena de multa dun a dous meses.

c) Os que por imprudencia leve causaran lesión constitutiva de delito serán castigados con pena de multa de 10 a 30 días.

Segundo o art. 621.6 CP "as infraccións penadas neste art. só serán perseguibles mediante denuncia da persoa agraviada ou do seu representante legal".

Pola súa banda, o art. 617.1 CP establece que "o que, por calquera procedemento, causara a outro unha lesión non definida como delito neste código, será castigado coa pena de localización permanente de seis a 12 días ou multa dun a dous meses".

4. Suposto especial previsto no art. 350 CP.

Segundo este art. serán castigados coas penas de prisión de seis meses a dous anos, multa de seis a doce meses, e inhabilitación especial para o emprego ou cargo público, profesión ou oficio por tempo de tres a seis anos "...os que na apertura de pozos ou escavacións, na construción ou demolición de edificios, presas, canalizacións ou obras análogas ou, na súa conservación, acondicionamento ou mantemento infrinxan as normas de seguridade establecidas, das que a súa inobservancia poida ocasionar resultados catastróficos, e poñan en concreto perigo a vida, a integridade física das persoas ou do medio ambiente."

6.2.3. Xurisprudencia en materia de responsabilidade penal

Os extractos de sentencias que a continuación se reflicten (tarefa esta delicada, pois resulta evidente que a cita dunhas determinadas sentencias en detrimento doutras inclúe sempre a posibilidade dunha certa manipulación intelectual da que, desde un primeiro momento, se quixo fuxir, esperemos que con fortuna) foron seleccionados tendo en conta que se limitou o campo de busca ás sentencias da sala penal do TS, recollendo os fragmentos considerados máis representativos das que se entendeu que eran as sentencias máis significativas.

1. En xeral, sobre a diferenza entre imprudencia leve e grave.

Hai que comezar po sinalar que, con anterioridade ao Código penal de 1995, a denominación de ambos tipos de imprudencia era a de simple e temeraria, polo que as mencións que as sentencias que de seguido se citarán fan a estes conceptos hai que entendelas referidos aos actuais de leve e grave.

- STS (sala 2ª) 05.09.2001. "Na doutrina actual a idea de imprudencia punible xira ao redor dun concepto esencial: a infracción do deber de coidado. Se como consecuencia de tal infracción prodúcese un resultado previsto por un precepto concreto da lei como infracción por imprudencia, atopámonos diante do delito ou falta desa clase. Cando o resultado é a morte dunha persoa, se a imprudencia é grave, estamos diante do delito do art. 142 CP, e se é leve diante da falta do art. 621.2...No presente caso produciuse un feito que...desde un punto de vista obxectivo, xa revela a infracción dun deber de coidado: había un oco da escaleira sen protección algunha xunto ao cal estaban traballando uns obreiros, na planta 2ª, para levantar o armazón da 3ª. Un de tales obreiros, que trataba de colocar un puntal do teito desa planta 2ª, deu uns pasos cara atrás e precipitouse ao baleiro por unha altura duns seis metros sufrindo un golpe na cabeza que lle produciu a morte ao cabo de tres días...xa esta forma de producirse o feito revela unha conducía imprudente por parte das persoas responsables das medidas de seguridade relativas á protección do oco, que eran concretamente a existencia dunha varanda de 0,90 metros, dun rodapé de 0,20, e dun mallazo de 150x150x8 milímetros, mallazo que tería que estar incrustado ao forxado de cada planta durante o formigonado correspondente. Isto mandaba o estudo de seguridade que tiña feito o arquitecto técnico...que non era outra cousa que a concreción para esta obra das medidas de precaución ordenadas dun xeito xenérico polos arts. 14.3 e 45 da LPRL, e máis concretamente polos arts... da OSHT...tal e como aparece na acta da ITSS...A infracción do deber de coidado, consecuencia da inobservancia desas precaucións concretas especificadas no referido estudo de seguridade (varanda, rodapé, mallazo), constitúe a imprudencia grave da que se derivou a existencia dun oco da escaleira sen protección algunha por onde caeu D...É evidente que tales precaucións obrigatorias non podían ser substituídas por uns simples taboleiros, que se poden poñer e quitar con suma facilidade e que, por elo, non ofrecían a seguridade que era necesaria e esixible pola normativa antes referida. E como grave ten que cualificarse tal imprudencia, pois a ninguén se lle oculta o sumamente perigoso que é o feito de que uns obreiros estean traballando nunha planta dunha altura considerable (uns seis metros) na colocación de puntais para a teitume desa planta, é dicir, coa súa atención posta cara arriba, e con polo menos, un oco da futura escaleira carente de protección fronte ao baleiro...Se houberan existido (as medidas de protección previstas) o falecemento do traballador non se tivera producido..."

- STS (sala 2ª) de 19.10.2000. "...A xurisprudencia desta sala adoita considerar grave a imprudencia cando se teñen infrinxido deberes elementais que se poden esixir ao menos dilixente dos suxeitos. É temeraria, se ten dito reiteradamente, cando supón <un esquecemento total e absoluto das máis elementais normas de previsión e coidado>. Estas consideracións adquiren especial relevo cando a situación de risco creado co comportamento imprudente afecta a bens de primeiro interese, como é a vida das persoas, e cando se está a crear un perigo elevado para os devanditos bens sen a adopción das necesarias medidas de coidado e control..."

- STS (sala 2ª) de 23.12.1992. Di a sentencia referida que a STS (sala 2ª) de 25.01.1988 "...marca, con meridiana claridade, a reiterada xurisprudencia sobre os límites entre a imprudencia temeraria e a imprudencia simple con infracción de regulamentos, que mantivo esta Sala sobre a redacción legal vixente naquel momento. Nela se indica que mentres a imprudencia simple caracterízase pola omisión da atención normal ou debida, a imprudencia temeraria supón a eliminación da atención máis absoluta, a ausencia dos coidados máis elementais que a vida de relación esixe, suficientes para impedir a produción duns resultados lesivos previsibles, conculcándose deberes fundamentais que esixe a convivencia..."

- STS (sala 2ª) de 15.07.1992. "...cantos dirixen e se atopan ao coidado dunha obra deben impartir dilixentemente as instrucións oportunas...a fin de que o traballo se realice coas axeitadas medidas de seguridade, como garantes da salvagarda da integridade física...de cantos traballadores participen na execución dos diversos traballos...poñendo a contribución cantas previsións e experiencias técnicas sexan concorrentes a tal fin, sen que poidan bastar advertencias xerais, senón atendendo a cada situación co debido coidado; de tal xeito que ao omitir...a real protección de varandas sólidas...e... rodapés, sendo tal omisión a causa do accidente sufrido por un dos operarios...quen ao realizar un movemento por causa do seu traballo precipitouse ao baleiro producíndose a súa morte súbita. Tal omisión de medidas de seguridade causante do resultado mortal, lonxe de ser unha imprudencia simple con infracción de regulamentos, é indicio da máis grave imprudencia, temeraria na linguaxe legal, que incluso está a rozar a culpa profesional..."

- STS (sala 2ª) de 16.06.1992. O material que o contratista puxera a disposición do subcontratista non cumpría en modo algún as condicións de seguridade mínimas, pese o cal, e ás obxeccións dos traballadores, os traballos continuaron, situación na que o traballador falecido se atopaba, sen cinto de seguridade, "...nun andamio con ancoraxes inadecuados, con pezas mal colocadas e gastadas e cable desfiañado..." desde o que caeu ao baleiro. Estas deficiencias en materia de seguridade eran "...de tal calibre e significación que non podían pasar desapercibidas a quen cun mínimo de dilixencia observara a colocación dos andamios con tan graves carencias...", polo que se condena a todos os acusados (promotor, subcontratista, arquitecto e aparellador) a título de "...imprudencia temeraria, pois a tal equivale a omisión do deber obxectivo de coidado, do que a súa realidade tería que ser aceptada por calquera persoa media ou normal..."

- STS (sala 2ª) de 28.02.1998. "...Como recorda a STS de 15.04.1997, na valoración de todos os comportamentos culposos ou imprudentes partirase da estrutura sinalada pola máis autorizada doutrina científica española: 1) A parte obxectiva do tipo supón a infracción da norma de coidado (desvalor da acción) e a resultancia da parte obxectiva dun feito previsto nun tipo doloso (desvalor do resultado). 2) A parte subxectiva do tipo require o elemento positivo de ter querido a conducía descoidada,

ben sexa con coñecemento do perigo que en xeral entraña (culpa consciente), e o elemento negativo de non ter querido o autor cometer o feito resultante. A súa vez o desvalor ou disvalor da acción supón que a infracción desa norma que impón o deber de coidado se descompoñía en dous: a) O deber de coidado interno obriga a advertir a presenza do perigo na súa gravidade aproximada, como presuposto de toda acción prudente. Precisamente pola existencia deste deber de advertir o perigo pode castigarse a culpa inconsciente, que supón a imprudente falta de previsión do perigo do resultado: nela castígase a infracción da norma de coidado que obriga advertir o risco. b) O deber de coidado externo consiste no deber de comportarse externamente conforme á norma de coidado previamente advertida. Posto que presupón tela advertido, só pode imputarse subxectivamente na culpa consciente. De aí que, diante de condutas igualmente perigosas, a culpa consciente sexa máis grave que a inconsciente...”

2. Sobre os requisitos das infraccións por imprudencia.

-STS (sala 2ª) de 17.05.2001. “...para poder estimar a existencia dunha infracción cometida por imprudencia, requírese que exista: 1º unha acción ou omisión voluntaria pero carente en absoluto de intencionalidade maliciosa sexa directa ou por dolo eventual, 2º a existencia dun factor normativo consistente nun conxunto de regras nas que no seu cumprimento funda a comunidade unha racional expectativa de evitación de riscos e perigos para a mesma ou para membros dela, 3ª a concorrencia dun factor psicolóxico que determina ou propicia a concreción dalgún dos riscos ou perigos socialmente indesexables e que consiste na omisión polo suxeito dun racional coñecemento previo das consecuencias nocivas previsibles e evitables da súa acción ou omisión, e que pode ser cualificable de maior ou menor gradación en cada caso concreto, 4º a existencia dun dano relacionado como resultado en vía causal coa acción ou omisión realizada e 5º desde a vixencia do CP de 1995, precísase que a punición de accións ou omisións imprudentes estea expresamente recollida na lei, co que se perfecciona a esixencia do principio de legalidade (sentencias innumerables desta sala, das que pode citarse, como compendiadora de todas a de 14 de febreiro de 1997...”

- STS (sala 2ª) de 19.10.2000. Especificamente sobre a necesidade de nexo causal, establece esta sentencia que “...Arguméntase que non existe o necesario nexo causal entre a imprudencia que houbera podido cometer o acusado e o resultado de morte sufrido polo traballador ás súas ordes, en canto era tan evidente o risco que corría ao utilizar unhas varas metálicas nas proximidades dos cables de alta tensión que o seu falecemento foi consecuencia do neglixente actuar da propia vítima. Aínda que se exprese noutros termos, a defensa do motivo fundaméntase en soster a ruptura do nexo causal por autoposta en perigo por parte do traballador falecido ou por ter contribuído de xeito decisivo á súa morte. A cuestión planteada afecta ao tipo obxectivo e máis concretamente á imputación obxectiva do resultado. A teoría da

imputación obxectiva é a que se segue na xurisprudencia desta sala para explicar a relación que debe mediar entre acción e resultado e veu reemprazar unha relación de causalidade sobre bases exclusivamente naturais introducindo consideracións xurídicas, seguindo as pautas marcadas pola teoría da relevancia. Neste marco a verificación da causalidade natural será un límite mínimo, pero non suficiente para a atribución do resultado. Conforme a estes postulados, comprobada a necesaria causalidade natural, a imputación do resultado require ademais verificar: 1º. Se a acción do autor ten creado un perigo xuridicamente desaprobado para a produción do resultado; 2º. Se o resultado producido por dita acción é a realización do mesmo perigo (xuridicamente desaprobado) creado pola acción. Caso de fallar algúns destes dous condicionantes complementarios da causalidade natural, eliminaríase a tipicidade da conducía e, por conseguinte, a súa relevancia para o dereito penal. A creación dun perigo xuridicamente desaprobado está ausente cando se trate de riscos permitidos, que exclúen a tipicidade da conducía que os crea, e próximos a estes os casos de diminución do risco, nos que o autor obra causalmente respecto dun resultado realmente ocorrido, pero evitando á vez a produción dun resultado máis prexudicial. Son de mencionar igualmente outros supostos de ruptura da imputación obxectiva entre os que se poden incluír os abarcados polo principio de confianza, conforme ao cal non se imputarán obxectivamente os resultados producidos por quen ten obrado confiando en que outros manteranse dentro dos límites do perigo permitido, así como as exclusións motivadas polo que doutrinalmente se denomina a prohibición de regreso, referidas a condicións previas ás realmente causais, postas por quen non é garante da evitación dun resultado. O segundo requisito ao que antes facíamos referencia esixe que o risco (non permitido) creado pola acción sexa o que se realiza no resultado. Neste segundo condicionante da imputación obxectiva no que se plantea a presenza de riscos para a produción do resultado, cuestión na que haberá que estar ao risco que decididamente o realiza, como aqueloutros casos nos que non poderá sosterse a realización do risco no resultado cando a vítima exponse a un perigo que provén directamente da súa propia acción, suposto no que o resultado producido imputarase segundo o principio da <autoposta en perigo> ou <principio da propia responsabilidade>. Trátase de establecer os casos nos que a realización do resultado é cocreción da perigosa conducía da propia vítima que tivera unha intervención decisiva. Na xurisprudencia esta problemática ten sido considerada en parte a través da figura da <compensación de culpas> nos delitos imprudentes...No caso que examinamos...non é a vítima a que se introduce voluntariamente, asumindo o risco existente, no perigo xa creado previamente polo acusado ao ordenarlles traballar nas proximidades duns cables de alta tensión. É o acusado e ninguén máis quen crea un perigo sobre a vítima que debería ter previsto, se tivera adoptado as medidas de precaución e cautela esixibles e que lle houberan permitido tomar as medidas de seguridade imprescindibles para evitar o resultado, máxime cando se trata dun profesional da construción, con larga experiencia en obras como a que se estaba a realizar..."

3. Responsabilidade penal do promotor.

- STS (sala 2ª) de 28.02.1998. Discútese a responsabilidade do presidente do consello de administración da empresa propietaria dun hotel que ordenou o seu desmantelamento coa fin de realizar obras de reforma do mesmo, a consecuencia das cales se derrubou. A ausencia de responsabilidade se argumenta polo recorrente en base a dous argumentos: el non é un técnico e, ademais, contou con asistencia técnica, informes técnicos e coa empresa construtora que interveu na obra, argumentos que rexeita a sentencia referida en atención a que "...con coñecemento da grave debilidade estrutural do hotel que comportaba indubidables riscos, este recorrente, sen esperar a que se fixera o estudo definitivo técnico, carecendo de licenza administrativa para as referidas obras e sen dirección técnica superior de arquitecto, autorizou e ordenou...realizar a reforma do mesmo..." sendo o motivo do derrubamento en cuestión "...o fallo ou rotura dun dos piares...debido á precaria estrutura xa referida...á retirada indiscriminada de tabiques que constituían parte integrante da estrutura do inmoble...e ao peso dos escombros e vibracións da obra...Por elo, e en base á proba practicada...a sentencia de instancia foi determinando e relacionando os presupostos baixo os que o grave resultado producido é obxectivamente atribuíble ao recorrente, pois a ocorrencia dos feitos houbera podido evitarse facilmente mediante unha conducía prudente consistente en tomar medidas acordes coa debilidade estrutural do hotel que...o acusado debeu tomar non como técnico, senón como propietario da empresa e coñecedor...do risco..."

4. Responsabilidade penal dos empresarios contratistas e/ ou subcontratistas.

- STS (sala 2ª) de 28.02.1992. A sentencia de instancia di que por causas descoñecidas o traballador perdeu o equilibrio precipitándose ao baleiro. "...Agora ben, o único descoñecido son as causas polas que perdeu o equilibrio a vítima. De elo pretender deducir que non existe imprudencia por parte do empresario, é unha conclusión totalmente ilóxica. Aínda que non se coñezan as causas da caída, esta ten consecuencias funestas pola neglixencia do empresario, quen incumprindo a OSHT, así como a OTC, non facilitou os medios de protección persoal que as devanditas ordenanzas lle impoñen, nin esixiu que os traballadores as súas ordes as cumpriran, todo o cal constitúe unha infracción do deber de coidado que lle era esixible e que constitúe a esencia do delito de imprudencia, no seu grao de temeridade..."

- STS (sala 2ª) de 04.06.2002. "...A sentencia impugnada razoa convincentemente a actuación imprudente dun dos acusados (M.N.) e a infracción da LPRL, en relación coa ET e a OSHT, entonces vixente, por destinar a un menor a un traballo perigoso, sen impartirlle ningunha formación nin informar aos seus pais, despreocupándose de coidar a súa adaptación ao traballo que practicamente viña de iniciar, condenando a este empresario como autor dun delito de imprudencia grave...Na sentencia absólvese, de xeito razoado, aos outros dous acusados que nin sequera coñecían a

contratación do menor. O primeiro deles...dono da grúa que produciu o resultado letal...e o segundo...xefe de obras da contrata, que descoñecía por completo que o finado tiña comezado o seu traballo o día anterior por conta dun dos subcontratistas que foi precisamente o condenado pola sala de instancia..."

- STS (sala 2ª) de 10.04.2001. Non se pode falar de responsabilidade penal sen dolo ou culpa: non hai responsabilidade sen culpabilidade "...De aí que sexa preciso examinar a conducía do acusado, a súa intervención no feito enxuiciado, pois non basta ser administrador ou representante dunha persoa xurídica para ser de xeito automático criminalmente responsable das actividades da mesma tipicamente previstas na norma penal...O tribunal sentenciados, ao examinar a cuestión, di que <a proba practicada deixa patente que foi o traballador Casimiro quen omitiu colocar o letreiro indicativo da avaría da máquina, que estaba ao seu dispor, confiado, dunha parte, na presenza do traballador, experimentado, sabedor de que non debía poñer en funcionamento a máquina, de xeito que a conducía do acusado resultou allea ao accidente, porque non consta ausencia a disposición dos traballadores dos medios de seguridade necesarios, e o propio lesionado foi quen puxo en funcionamento a máquina, sen que fora preciso elo para a reparación, nun encomiable ánimo de auxiliar ao electricista que nin o precisaba, nin lle solicitou a súa colaboración>; de tal modo que o tribunal sentenciados estima que resulta desmesurado facer recaer unha responsabilidade criminal no director da fábrica- á marxe da sanción administrativa imposta á empresa-, por canto <ningunha noticia tivo o acusado senón tras o accidente da maneira de ocorrer o mesmo, nin desde logo da ausencia daquela medida de seguridade e aviso sobre a avaría da maquinaria>, de todo o cal se conclúe que non pode por elo facelo penalmente responsable das consecuencias daquela omisión..."

- STS (sala 2ª) de 04.07.1997. Con ocasión dun accidente de traballo, producido despois de terse incumprido a orde de paralización da obra acordada polo Alcalde personado na mesma, no que faleceron un traballador e o teórico promotor e contratista (pai do acusado, de nome J.M.), se discute quen ostentaba a condición real de empresario. Di a sentencia que os feitos "...son en síntese os seguintes: a) Que J.M. solicitou en nome propio a licenza de obras e despois do sinistro intentou que o Alcalde consentira en cambiar a titularidade. b) J.M. estaba presente cando o Alcalde ordenou a paralización das obras. c) J.M. persoábase case a diario na obra e mandou aos empregados da súa tenda de mobles a traballar na obra que despois derrubouse. d) J.M. discutía persoalmente o prezo dos materiais que se subministraban para a obra, aínda que outras veces o facía o seu pai. e) A nai de J.M. fixo uns pagos importantes cando só tiña unha pensión de algo máis de 100.000 ptas., do que a sala de instancia deduce que tales pagos (700.000 ptas. e 1.100.000 ptas. a provedores de materiais para a obra) foron feitos con diñeiro do fillo. Do exame e valoración conxunta de tales cinco indicios infírese, de modo indubitado, a conclusión..." de que J.M. era o dono da obra. ademais, se di que J.M. "...si puido evitar tal suceso, simplemente con ter obedecido a orde expresa e contundente do Alcalde, que el mesmo

recibiu e que, de xeito totalmente inxustificado, desoíu. Non cabe dúbida acerca da conducía imprudente de J.M. e elo no grao máximo de temeridade...”

- STS (sala 2ª) de 05.09.2001. Ten que responder penalmente o empresario “...a quen a lexislación laboral encomenda como tarefa primordial a adopción das medidas de seguridade correspondentes...O empresario non responde só pola mera existencia dunha obriga legal. É que nos atopamos diante dun feito que necesariamente tiña que coñecer o empresario acusado, a omisión das medidas de protección do oco da escaleira por onde caeu o traballador. El tiña que visitar a obra e tiña que saber que non había medidas adecuadas de protección respecto de tal oco. El tivo que ver os taboleiros colocados ao respecto, notoriamente insuficientes...e pese a elo permitiu que a obra continuase con tan manifesto perigo...É esixible que se adopten as medidas previstas no estudo de seguridade correspondente, do que a súa existencia coñecía quen, como titular da empresa, tivo que utilizalo como complemento do...proxecto de obra na tramitación administrativa correspondente, o que lle impoñía a obriga de coñecer o seu contido e de velar por que se aplicara na obra da cal el era o principal responsable...”

- STS (sala 2ª) de 30.03.1990. Argumenta o recorrente (empresario e co-encargado da obra) que “...ningún tipo de intervención tivo nos feitos, desde o momento que nomeou...outro encargado da obra e dous aparelladores, aos que competía o coidado e vixilancia...e adoptar as medidas de seguridade pertinentes...”, pero razoa o tribunal na súa sentencia que “...A autoexclusión que quere facer o procesado recorrente da súa responsabilidade penal é gratuíta. Por de pronto, ademais de empresario da obra, compartía con outro procesado as funcións de encargado da mesma. Pero é que, aínda que tan só fora na súa calidade de empresario, alcánzalle a culpa penal, pois como ven declarando esta sala, todas aquelas persoas que desempeñen funcións de dirección ou mando nunha empresa, e tanto se son funcións superiores, como intermediarias ou de mera execución, e tanto as exerzan regulamentariamente como se as actúan de feito, están obrigadas a cumprir as normas destinadas ao mantemento da seguridade no traballo (sentencias de 20 de marzo e 28 de setembro de 1987), sendo de notar que as infraccións de tales medidas de seguridade foron múltiples...a altura inadecuada a que o outro encargado situou a grúa respecto da quinta planta onde estaban situados os obreiros falecidos, máxime tendo en conta o forte temporal de vento, que ao xirar a grúa, impulsouna con violencia sobre os devanditos operarios, concorrendo de xeito decisivo ao letal desenlace...a falta de varandas, de cintos de seguridade nos obreiros e de puntos de apoio e amarre dos mesmos e de redes, de xeito que a situación de perigo agravado por tales infraccións regulamentarias atrae a máxima cualificación da culpa, é dicir, a neglixencia temeraria...”

- STS (sala 2ª) de 22.03.1990. “...Reiteradamente a xurisprudencia (sentencias de 30 de maio e 7 de xuño de 1988) desta sala, para a imprudencia na construción, ten

sinalado que a existencia dunha relación causal entre a conducía activa ou omisiva, non maliciosa, do empresario que ordena unha determinada obra e o evento, non se rompe, nos casos de actuar arriscado dos obreiros da construción, cando a estes se lles esixe un traballo perigoso, e non se lles prohibe, nin se lles dota, nin se adoptan, medidas de seguridade...sen que deba exculparse a imprudencia dos empresarios cando son donos da relación laboral e non poñen remedio ao risco, coa vixilancia ou a adopción de medidas de seguridade...” Tales omisións son gravísimas, de xeito que á imprudencia que reflicten “...corresponde a cualificación de temeraria...”

- STS (sala 2ª) de 07.11.1991. Pretender a exoneración de ambos recorrentes (ambos construtores do edificio) “...polo simple dato de que non estaban presentes no edificio no momento de ocorrer os feitos, cando en realidade, e como é lóxico, a sala de instancia non fundamenta a súa cualificación e condena nesa circunstancia que poderíamos denominar como simplemente anecdótica, senón na responsabilidade que todo construtor ten...de tomar as medidas necesarias para que a obra se realice axeitadamente...e sen riscos para terceiros...”

5. Responsabilidade penal da dirección facultativa.

a) Arquitectos.

- STS (sala 2ª) de 26.03.1999. “...en relación cos arquitectos, unha consolidada xurisprudencia desta sala –sentencias de 3 e 15 de xullo de 1991; de 26 de outubro de 1993; e de 18 de xaneiro de 1995- ten declarado que o arquitecto director da súa execución é de toda evidencia que ao mesmo incumbe, como máximo responsable, velar polo cumprimento das normas relativas á seguridade das persoas que alí desenvolven as súas tarefas, sen que poida servir de escusa o que exista unha regulamentación que especificamente encomende esta función ao aparellador ou arquitecto técnico. Tal obriga específica do aparellador non escusa a xenérica do arquitecto superior. Se ten que dirixir a execución da obra, nesa dirección, como tarefa principal, ten a do cumprimento do establecido en beneficio da seguridade dos traballadores. No presente caso consta...que o arquitecto- director da obra- estaba capacitado para paralizar a mesma por falta de medidas de seguridade, e sen embargo en ningún momento deu orde algunha ao contratista en materia de tales medidas. Se o seu labor era a supervisión das mesmas, é indubidable que o arquitecto, como director da obra, tiña a obriga de vixiala, o que non efectuou, incidindo, polo tanto, na simple imprudencia pola que se lle condena, toda vez que se no momento do accidente, existían tres ocos coas súas plataformas correspondentes, un en cada planta e ático, puido o acusado, aínda que visitase a obra cada 15 ou 20 días, observar e, polo tanto, ordenar as medidas oportunas, ao que estaba obrigado, pois en ningunha delas existía a máis mínima medida de seguridade, varanda, rodapés ou ancoraxes para a colocación dos cintos de seguridade, entre outras, co cal tivérase evitado o desgraciado accidente que produciu a morte a un dos obreiros que traba-

llaba na construción do edificio. Do exposto, despréndese a actuación neglixente do recorrente, que, podendo evitar o que ocorreu, non o fixo por abandono das súas funcións, pois nas súas visitas debeu coñecer con facilidade a ausencia de calquera medida de seguridade..."

- STS (sala 2ª) de 05.09.2001. Aínda que, como xa ten dito esta Sala (STS de 18.01.1996), as obrigas do aparellador en materia de seguridade non escusan as do arquitecto superior, "...neste caso atopámonos diante dunhas puntuais medidas de seguridade omitidas, respecto das cales, desde o punto de vista da responsabilidade penal da dirección facultativa da obra, considerámola esgotada coa imposta aquí ao arquitecto técnico, con exclusión do arquitecto superior..."

- STS (sala 2ª) de 18.01.1995. "...Se nunha obra de tales características hai alguén debidamente titulado que a dirixe tecnicamente, como ocorre co arquitecto director da súa execución, é de toda evidencia que a el incumbe, como máximo responsable, velar polo cumprimento das normas relativas á seguridade das persoas que alí desenvolven as súas tarefas, sen que poida servir de escusa que exista un regulamento...que especificamente encomende esta función ao aparellador ou arquitecto técnico.Tal obriga específica do aparellador non escusa a xenérica do arquitecto superior, quen, se ten que dirixir a execución da obra, nesa dirección, como tarefa primordial, ten a do cumprimento do establecido en beneficio da seguridade dos traballadores...No caso presente, a sentencia recorrida...di que <o arquitecto...ignoraba que o persoal utilizara o montacargas, ao non telo presenciado nin ser informado de palabra ou por escrito polo aparellador ou polos restantes procesados...Aínda admitindo que tal descoñecemento fora real e certo, elo só podería valer para excluír a culpa consciente, pero non a inconsciente que, cando é grave como agora ocorre, tamén pode cualificarse de temeraria. En efecto, pese a ese descoñecemento, afirmamos que houbo imprudencia no arquitecto porque, como director da obra, tiña a obriga de vixiala, ademais da máis inmediata e específica que incumbía ao aparellador. E se o arquitecto houbera vixiado minimamente, tería que coñecer que se tiña alcanzado a última planta (a 9ª), que as escaleiras de obra só alcanzaban á 4ª e que había un montacargas exterior, só apto regulamentariamente para materiais que, nembargante, era utilizado polos traballadores para subir e baixar, e elo de xeito habitual, ao non haber outro medio de acceso racionalmente utilizable ata as últimas plantas... O arquitecto actuou de modo neglixente, ao non terse ocupado de algo que puido coñecer con facilidade e, se non coñeceu, foi por abandono total da súa función no punto que aquí estamos a examinar.Tal abandono total leva consigo a cualificación da súa imprudencia...como temeraria..."

- STS (sala 2ª) de 15.07.1992. O arquitecto ordenou, nas follas 20,26 e 31 do Libro de Ordes, instalar as pertinentes medidas de seguridade nas escaleira, oco do ascensor e terrazas exteriores, ordes que, a xuízo do arquitecto recorrente, non precisaban ser reiteradas verbalmente, como parece esixir a sentencia recorrida. Razoa o

tribunal que "...a folla 31 figura cumprimentada despois de acaecer o accidente laboral que custou a vida ao obreiro...E, en canto ás follas 20 e 26 falta nelas o <enterado> que debeu constar a pé de páxina, tal e como esixe o número 2 do art. 4º da Orde de 9 de xuño de 1971, relativa á levanza do devandito Libro de Ordes e Asistencias, omisión tanto máis chamativa cando o <enterado> figura nas dezanove primeiras follas (a última destas de 17 de marzo de 1983), é dicir, que desde a devandita data, ata o 13 de abril de 1984 en que ocorreu a caída do obreiro desde o 6º piso..., non figura o mencionado requisito a cargo do construtor, tamén el procesado..., polo que dificilmente podían ser transmitidas as ordes aos obreiros que tiñan que executalas...", de xeito que o arquitecto só cumpriu formalmente as súas obrigas, deixando de cumprilas materialmente.

- STS (sala 2ª) de 16.06.1992. O arquitecto non adoptou "...medida algunha encamiñada a subsanar os defectos apreciados na obra, nin revisou o material nin ordenou que se revisase, non chegando a anotar nin unha soa orde de dirección no preceptivo libro, con esquecemento das prescricións regulamentarias e, sobre todo, con esquecemento total das indicacións máis elementais e ordinarias na actividade..." que os traballadores despregaban.

- STS (sala 2ª) de 17.02.1990. Segundo o arquitecto recorrente, a causa do accidente mortal foi a realización incorrecta do desencofrado, operación que non se lle consultou. Nembargante, para o tribunal queda clara a súa "...infracción do deber obxectivo de coidado, ao non examinar os materiais a empregar na construción como esixían as condicións xerais, indefinicións do plano da marquesiña e ao corresponderlle como arquitecto a dirección e inspección das obras, segundo establecía o apartado 6º do prego de condicións, seguir atentamente a súa construción, asegurándose da forma e características da armadura e a súa colocación, que non examinou, nin sequera preguntou os detalles da instalación, dándoa por boa, o que pon de manifesto non tan só a omisión máis elemental do deber obxectivo de coidado, senón tamén do deber subxectivo ou capacidade do axente para prever a posibilidade de risco, máxime cando na obra non tiña aparellador e, en consecuencia..." adoptar as medidas de seguridade aconselladas polos coñecementos técnicos da súa profesión, "...polo que a sala sentenciadora cualificou benevolamente a imprudencia..." como simple.

- STS (sala 2ª) de 09.04.1990. Accidente de traballo ocorrido en obra con licenza de obras, tras ser visitada pola ITSS, sen que esta fixera notar a proximidade da obra á liña de alta tensión finalmente causante do sinistro, o que da pe ao arquitecto procesado para aludir ao principio de <confianza na normal actuación dos demais>. A sala estima, nembargante, que "...aquí trátase de que o deber de previsión do perigo é parte das obrigas impostas aos técnicos das obras polo art. 10 OSHT, sen que estas obrigas concernentes ás funcións preventivas de sinistros aparezan Normativamente limitadas polo resultado de controles administrativos previos. Conseguintemente, a

valoración do deber de previsión non pode descansar sobre a confianza nas actuacións das administracións públicas...", e en canto "...ó baremo para determinar a dilixencia esixible no caso concreto...", tendo en conta que os funcionarios da Administración que visitaron a obra non adoptaron decisión algunha respecto da proximidade do tendido eléctrico, di a sentencia que "...ningunha desas persoas se atopaba na mesma posición normativa do arquitecto respecto á obra..." Tampouco atende a sala o argumento de que o arquitecto tiña efectuada anotación no libro de ordes que "...se tiñan que cumprir rigorosamente as normas de seguridade vixentes...", pois "...o deber, en materia de seguridade, de cantos dirixen unha obra non se cumpre con xerais advertencias, senón atendendo a cada particular situación..."

- STS (sala 2ª) de 07.11.1991. "...A normativa vixente...impón aos aparelladores ou arquitectos técnicos...estas obrigas: ordenar e dirixir a execución material das obras e instalacións, coidando do seu control práctico e organizando aos traballadores de acordo coas regras e normas da boa construción; e controlar as instalacións provisionais, as medidas auxiliares e os sistemas de protección. Nembargante, estas normas...non poden exonerar, sen máis, de posibles responsabilidades...ós arquitectos superiores encargados dos proxectos de obras e da súa realización, pois entender o contrario sería, amén de inxusto, descoñecer a realidade da escala de valores xerárquica que toda empresa organizada nos ofrece..." Ademais, razoa o tribunal, "... ao tratarse dun delito de imprudencia por omisión, a figura do arquitecto como garante derívase de xeito claro da propia narración fáctica da sentencia impugnada, pois unha das obras importantes a realizar...era a colocación de catrocentas pilastras de formigón armado de peso e características que entrañaban, ademais dun evidente perigo, uns riscos non esporádicos ou de pouca duración temporal, nin de incidencia rutinaria e intranscendente, senón todo o contrario, de continuidade necesaria a través de todo ou case que todo o tempo de duración construtiva do edificio na súa esencial estrutura...", polo que deberon acordarse desde un principio as medidas de protección necesarias. "...Neste mesmo sentido de responsabilidade directa dese profesional tense pronunciado este Tribunal Supremo en sentencias tales como as seguintes: a de 16 de novembro de 1960, que, despois de afirmar que non lles é esixible unha asiduidade extraordinaria nas visitas á obra, engade que a vixilancia das mesmas compete de xeito principal ao arquitecto director...; a de 22 de outubro de 1964, ao dicir que por ser o arquitecto o director da obra e, polo tanto, a máxima autoridade técnica, non pode confiala por enteiro á pericia e dilixencia do aparellador ou do construtor; a de 21 de maio de 1973, cando afirma que o cargo de director técnico non pode limitarse a facer uns planos e nada máis, sen ocuparse da execución, polo menos nos seus máis relevantes e perigosos detalles...E é que, en realidade, as accións ou omisións culposas nestes casos poden manifestarse tanto na elaboración dos proxectos ou memorias, como na falta de ordes encamiñadas á execución da obra, e tamén na omisión de vixilancia da actividade dos demais profesionais implicados na mesma actividade...", aparelladores, construtores etc.

b) Aparelladores e arquitectos técnicos.

-STS (sala 2ª) de 26.09.2001. Arquitecto técnico ao que a sentencia de instancia impugnada condena, na súa condición de director das obras, por senllos delitos de risco e de homicidio por imprudencia grave. "...O tipo penal que incorpora o actual artigo 316 CP é un delito de omisión- das medidas de seguridade e hixiene adecuadas- pero ao que se engade a esixencia de que, en conexión causal, se produza un perigo grave para a vida, a saúde ou a integridade física dos traballadores. Esa omisión debe ser- en expresa remisión á normativa laboral- de normas de prevención de riscos laborais e só afecta aos legalmente obrigados a facilitalas. Sen embargo, a mera redacción non se interpreta inadecuadamente como excluíndo de obriga legal a quen, polas súas funcións de arquitecto técnico, ten que estar a pé de obra e obrigado a controlar e verificar que se cumpren os requisitos precisos para o bo fin da mesma e, entre eles, os de seguridade e protección de riscos xerados pola obra, porque, aínda que non empresario, só mediante o seu control e comprobacións pódese evitar a omisión do empresario, de tal xeito que a omisión do actual recorrente constituíu unha cooperación necesaria á comisión do delito e, por elo,hai que consideralo...como autor tamén do mesmo delito..." Respecto do segundo tipo delitivo motivo de condena en instancia, razoa o tribunal que "...Aínda que ao resultado tivera a propia vítima contribuído coa súa conduta determinando o seu falecemento, o que en modo algún se di no relato de feitos probados da sentencia, que tan só expresa que –o traballador- caeu ao baleiro pero sen engadir referencia algunha á conduta previa do traballador, podería estimarse meramente leve a imprudencia do acusado, quen omitiu o control sobre condicións de seguridade non só legalmente establecidas, senón elementais para a seguridade dos traballadores que tiñan que moverse nun andamiaxe situado na parte superior dun edificio, a varios pisos de altura sobre o chan, con patente risco de precipitarse desde alí. A omisión de actuar en previr tales riscos constitúe unha imprudencia que ten que cualificarse de grave e, polo tanto, correcta a aplicación do artigo 142 CP ao concorrer os elementos do tipo do delito de homicidio por imprudencia grave causante da morte dunha persoa..."

- STS (sala 2ª) de 30.03.1990. Argumentan os procesados que como aparelladores da obra "...só lles incumbe ditar as ordes atinentes ás medidas de seguridade, pero que unha vez dadas, quedan liberados de responsabilidade, a cal se transfire ao encargado de executalas..." Asemade, "...a relación de causalidade entre o incumprimento de tales medidas e o resultado mortal producido, foi interrompido pola actuación do procesado, C.A.D.P, ao manexar a grúa de maneira tan anómala e imperita o día de autos, risco que aumentou co temporal de vento reinante ao ocorrer os feitos, de tal xeito que a violencia coa que se produciu o alcance dos obreiros co desprazamento da grúa, houbera feito ineficaz a adopción das medidas de seguridade..." Respecto do primeiro argumento recorda a sentencia a responsabilidade de todos os obrigados a adoptar as medidas de seguridade prescritas legalmente, e, "...de xeito específico, aos aparelladores (STS de 20.03.1984, entre outras moitas)...E en canto á rup-

tura do nexo causal, o procesado discorre sobre unha mera hipótese, pois o evidente e o que pon de relevo a lóxica racional coa común experiencia (teoría da relevancia xurídica axeitada ao sentido do tipo, neste caso a imprudencia referida á construción dun edificio de varias plantas) é que, calquera que sexa a causa da caída ao baleiro dos obreiros que traballaban nunha das plantas máis altas, a mesma pode ser evitada coa presenza de varandas, cintos de seguridade e redes dispostas para tal eventualidade. Consecuentemente...houbo relación de causalidade entre a omisión das medidas de seguridade polos recorrentes e o resultado producido, aparte que dalgún xeito lles alcanzaba tamén o deber de vixilancia sobre o deficiente modo de manexar a grúa polo encargado dela..."

- STS (sala 2ª) de18.01.1995. "...Para negar a súa autoría respecto de tal delito o aparellador fúndase...en que aparece como probado na resolución recorrida a prohibición do uso do montacargas por parte de persoas. Pretende exculparse pola referida prohibición que efectivamente realizou por escrito no Libro de Ordes o 19 de xullo de 1987, é dicir, dous meses e catro días antes da data do sinistro, que ocorreu o 23 de setembro do mesmo ano, como se con tal prohibición quedara esgotada a dilixencia que ao respecto éralle esixible ao aparellador. Como ben di a sentencia recorrida, este debería terse preocupado de comprobar se tal orde se cumpría. Claro é que o seu incumprimento tolerando...o uso indebido do montacargas por parte dos traballadores, cando só estaba permitido para o carrexo de materiais, constitúe unha imprudencia no grao de temeraria respecto do seu destinatario directo que era o construtor, tamén condenado...Non lle bastaba ao aparellador para excluír a súa responsabilidade a mencionada orde escrita ao construtor. Tiña o deber ineludible de velar porque tal orde fora cumprida, pois, na súa calidade de tal, estaba facultado para impor dito cumprimento do xeito que fora necesario, incluso paralizando a obra. Pero limitouse a dar tal orde sen volver a ocuparse da cuestión, cando coñecía ou debía coñecer que non había outro medio de acceso aos pisos superiores que o mencionado montacargas, xa que a escaleira de obra só chegaba á cuarta planta, de xeito que desde esta á última (9ª) había só escaleiras de man portatís de madeira ...non habendo letreiro algún prohibindo aos obreiros o uso do montacargas...Entendemos que é evidente a imprudencia do aparellador, así como a súa temeridade..."

- STS (sala 2ª) de 05.09.2001. ao arquitecto técnico está encomendada polas súa normativa reguladora, especificamente, a tarefa "...de realizar o estudo de seguridade e hixiene no traballo, que efectivamente realizou e que concreta as medidas das que a súa omisión, no caso presente, ocasionou o falecemento do traballador...", pero a tarefa deste profesional non se limita á realización do estudo citado, senón tamén "...a de velar pola súa aplicación, tendo incluso facultades para deter os traballos se as medidas correspondentes non se houberan adoptado...". Ademais, e diante da petición da acusación particular de que se aplicase a pena de inhabilitación especial para o exercicio da súa profesión polo tempo máximo permitido, dise que "...existe unha

imprudencia profesional cando a neglixencia pola que se condena aparece ligada á infracción do coidado esixido pola <lex artis> propia da profesión de aparellador...Aplicado tal criterio restritivo ao caso presente, entendemos que aquí houbo só unha infracción dun deber de vixilancia respecto de comportamentos alleos, os do empresario e os do traballador que non observaron as normas de precaución que el (o aparellador) tiña prescrito no seu estudo de seguridade. Non houbo incumprimento por parte do aparellador das normas propias do exercicio da súa profesión especificamente consideradas como <lex artis>. Non houbo propiamente imprudencia profesional..."

-STS (sala 2ª) de 28.02.1992. A normativa vixente impón aos aparelladores ou arquitectos técnicos, no que aquí interesa, "...ordenar e dirixir a execución material das obras e instalacións, coidando do seu control práctico...con arranxo ás normas da boa construción e, así mesmo, deberán controlar as instalacións provisionais, as medidas auxiliares de construción e os sistemas de protección esixindo o cumprimento das disposicións vixentes sobre a seguridade no traballo. E se as mencionadas son as súas atribucións, tamén son as súas obrigas, das que o seu incumprimento deriva en responsabilidades en calquera dos ordes. E é que dos profesionais que interveñen na construción, é o arquitecto técnico o que ten maior esixencia de estar a pé de obra para corrixir calquera anomalía, pois así o impón a normativa que regula a súa función..."

- STS (sala 2ª) de 09.04.1990. Segundo os aparelladores recorrentes, estes esgotaron os seus deberes profesionais denunciando a falta de seguridade ao seu colexio, quen , despois de inspeccionar a obra, comunicou a diferentes autoridades administrativas o risco que representaba a proximidade dunha liña de alta tensión. A sala entende que estes profesionais se limitaron a facer tal denuncia en novembro de 1979 "...sen que adoptaran outra medida preventiva...ata que o 20 de febreiro de 1980, actualizouse o risco coa morte do albanel. E elo implica que, aínda non querendo o resultado (nunca o feito foi cualificado como doloso) omitiron, apartándose do esixible a un técnico dilixente na súa situación, as accións que lles impoñían a súa condición de garantes, atribuída polo art. 10 OSHT, en relación..." coa normativa reguladora das competencias dos aparelladores e arquitectos técnicos.

- STS (sala 2ª) de 07.11.1991. De entre os profesionais "...que interveñen nunha construción, o que ten maior esixencia de estar a pé de obra para detectar e corrixir calquera anomalía é precisamente o aparellador, pois así lle lo impón a normativa que regula a súa función, elo con independencia...de que tal responsabilidade primaria non exclúe a de outros profesionais, sobre todo a do arquitecto superior, en canto que este asume, non só a responsabilidade do proxecto, senón tamén a súa concreción material, aínda que sexa a través e coa mediación doutros subordinados..."

6. Responsabilidade penal dos mandos intermedios (encargados, xefes de obra...).

- STS (sala 2ª) de 17.05.2001. O deber de coidado do xefe de obra era relevante, posto que "...tiña a obriga de controlar todos os aspectos da súa realización e, naturalmente, entre eles a previsión e a evitación de perigos e riscos para os operarios que nela traballaban. Neste sentido, a colocación incorrecta dunha escaleira de máis de sete metros de altura, composta por dúas anoadas entre si, unha a continuación da outra, con omisión de calzos axeitados na súa base e sen que rebasara na súa parte superior o borde da cuberta, situación en que estivo e puido ser vista polo menos catro días, debeu ter sido obxecto da súa observación e da adopción das disposicións requiridas, determinadas pola evidente necesidade de cambiala por outra máis segura. E, tras elo, por non ter controlado suficientemente as condicións da escaleira, ou pese a coñecelas, encargou a un obreiro que sabía que non estaba especialmente capacitado para realizar traballos en lugares situados en alto, que alí se subira sen dotalo tampouco dun arnés ou dispositivo que impedira a caída. A entidade da obriga de coidado...e a consecuente importancia do seu descoido ao non adoptar as precaucións necesarias para evitar os riscos para o obreiro a quen ordenou a actuación perigosa e que determinaron o resultado da súa caída e falecemento, ten sido correctamente cualificados como graves na sentencia, e encadrada tal conduta no art. 142.1 CP, que sanciona a morte causada por imprudencia grave..."

- STS (sala 2ª) de 18.01.1995. O encargado da obra, que se atopaba permanentemente no traballo, tiña unha relación de subordinación directa respecto do construtor "...de quen recibía as ordes e que visitaba as obras todos os días. É dicir, atopámonos diante dunha relación de dependencia entre o representante da empresa construtora e o seu subordinado directo, o encargado da obra, que de feito exercitábase diariamente a través das constantes visitas de aquel ao lugar dos traballos e que notoriamente restaba independencia e liberdade de criterio a este último para calquera decisión que puidera tomar..." Tal subordinación non exime ao encargado "...de responsabilidade polo coidado que debía desempeñar como mando intermedio respecto das normas sobre seguridade no traballo...pero si a diminúe notoriamente, tanto que entendemos que o seu comportamento ten que ser sancionado non como delito de imprudencia temeraria, senón como falta de imprudencia simple..."

- STS (sala 2ª) de 04.10.1993. A vítima atopábase "...subida a un andamio que estaba situado situado sobre un taboleiro....que como consecuencia do seu mal estado de conservación partiuse e, como queira que non había nin cascos, nin rede de protección, nin cintos de seguridade...o traballador precipitouse ao baleiro, falecendo...". Razoa o tribunal que os dous encausados "...un como subcontratista da obra, e o outro como encargado ou representante da empresa contratante, estaban obrigados...a vixiar, aínda que fora desde distintas perspectivas, a boa marcha dos traballos, vixilancia que, en pura lóxica profesional, non só debía afectar á rapidez e bo facer da construción, senón tamén, e con maior delicadeza, á seguridade dos operarios..."

- STS (sala 2ª) de 05.09.2001. Absólvese ao encargado porque levaba de baixa médica na empresa desde case que un mes antes de que se producira o accidente mortal dun traballador, "...tempo que consideramos suficiente para desconectalo do feito ocorrido e da omisión das precaucións que determinaron o falecemento do traballador..."

- STS (sala 2ª) de 17.02.1990. A conduta seguida polo encargado merece ser cualificada como de imprudencia temeraria, por ter faltado "...absolutamente ao deber obxectivo de coidado ao continuar a operación de desencofrado non obstante terlle avisado os obreiros de que o voo da marquesiña movíase e se comprobaba que tiña gretas na parte superior, polo que foron repostos os puntais que tiñan sido retirados. O procesado, o seguinte día, sen ter avisado disto ao arquitecto e sen facer comprobación algunha do que lle tiñan dito os operarios, continuou separando os puntais, sen deixar ningunha seguridade, avisando de viva voz que non se circulara por debaixo do voo, pero non individualmente aos seis traballadores que estaban nos arredores, voz que puido non ser apreciada por algún deles, e media hora despois, ao quitar o penúltimo puntal de madeira, quebrou o último e se desplomou, o que era de prever..."

7. Efectos das imprudencias ou neglixencias dos traballadores por conta allea non integrados na estrutura de mandos da empresa.

- STS (sala 2ª) de 05.09.2001. Non pode ser "...unha escusa a evidente existencia dun descoido da vítima na realización do seu traballo, ao non terse dado conta de que alí estaba ese oco da escaleira, de xeito que camiñando cara atrás precipitouse no baleiro. Ë un principio definitivamente adquirido no ámbito das relacións laborais o da protección do traballador fronte ás súas propias imprudencias profesionais, principio que inspira toda a lexislación en materia de accidentes de traballo..."

- STS (sala 2ª) de 25.09.2000. No actuar do traballador concorreu "...a) un claro incumprimento do deber de coidado, que lle obrigaba a suxeitar o transpalet cargado de ladrillo á uña da grúa, de xeito que a carretilla non puidera envorcar, xa que, indubidablemente, colocouna de forma incorrecta; b) era previsible o perigo ocasionado por tal comportamento; e c) tal perigo converteuse nun dano efectivo, consistente na morte de F.T.C., ao caer sobre el a carretilla coa súa carga...As alegacións exculpatorias do recorrente non poden prevalecer. A súa subordinación ao encargado, que foi quen lle deu a orde de enganchar a carretilla á grúa, non relevaba ao acusado da súa obriga de realizar tal enganche correctamente, para impedir que o transpalet e a súa carga puideran envorcar. Tampouco a conformidade do operario que manipulaba a grúa coa forma en que (o traballador acusado) suxeitou a carretilla á uña da máquina elevadora, relevaba de responsabilidade a este último, se a operación non foi correctamente realizada por el. Os datos que cita o recorrente sobre a súa falta total de experiencia...non poden ser tidos en conta...", por razóns

procedementais, pero "...en todo caso, houbera incorrido en imprudencia punible tamén (o traballador acusado) se, carecendo dos coñecementos prácticos precisos para saber cómo se enganchaba con seguridade unha carretilla á uña da grúa realizou tal operación, e o fixo de forma incorrecta, de xeito que o transpalet acabou envorcando..."

-STS (sala 2ª) de 06.11.2001. Nos feitos declarados probados da sentencia impugnada "...non consta que os acusados, administradores da empresa na que a vítima viña traballando, deixaran de facilitar <os medios necesarios para que os traballadores desempeñen a súa actividade coas medidas de seguridade e hixiene adecuadas>, como esixe o tipo penal do art. 316 CP para a súa realización. ao contrario, a vítima <sen ter en conta dúas instrucións elementais de manipulación dos bidóns que coñecía perfectamente...procedeu a intentar eliminar directamente a tapa que se atopaba incrustada a presión, cun soprete oxicorte, e sen proceder antes a quitar o tapón a rosca existente no bidón e colocándose en posición frontal á devandita tapa>...O que consta é que o fatídico resultado de morte do traballador produciuse como consecuencia dun comportamento neglixente deste último, concretamente dunha manipulación incorrecta que aquel levou a cabo dun bidón, o que motivou que se producira unha explosión e deste modo a súa morte..."

- STS (sala 2ª) de 18.01.1995. "...E con relación á pretendida culpa por parte dos traballadores vítimas dos feitos de autos, simplemente dicir que nin advertimos por parte deles imprudencia de clase algunha, pois nin consta que tiveran coñecemento da...prohibición do uso do montacargas, nin parece que tiveran outro medio alternativo de acceso ás plantas altas onde tiñan que desempeñar as súas tarefas, pois tal e como informou a ITSS, os que existían non reunían as condicións..." regulamentariamente establecidas.

- STS (sala 2ª) de 16.06.1992. O tribunal de instancia afirma na sentencia recorrida que a imprudencia dos acusados (promotor, contratista, subcontratista, arquitecto e aparellador) sería temeraria senón fora porque "...tamén no resultado mortal concorreu culpa da vítima. Neste orde de cousas, é coñecido o principio de que, en materia penal, non cabe a compensación de culpas, aínda que si cabe considerar a incidencia de varios comportamentos a un mesmo resultado, o que, en función da axeitada ponderación, pode significar que a intensidade da culpa do imputado non sexa tan grave e forte como aparentemente se ofrece porque, ao final, o evento foi obra de varios comportamentos imprudentes...(de xeito que) suprimido un deles, precisamente o da vítima...o que queda, respecto ao volume de imprudencia, por así dicilo, apareza moi diminuído, o que permite degradar, por unha parte, a intensidade da culpa e moderar, por outra...." a contía da indemnización. Pero se o comportamento da vítima non se pode cualificar de neglixente, a conclusión é, necesariamente, outra.

6.3. A responsabilidade civil

Con carácter xeral, dispón o art. 42.3 LPRL que "as responsabilidades administrativas que se deriven do procedemento sancionador serán compatibles coas indemnizacións polos danos e prexuízos causados e do recargo de prestacións económicas do sistema de seguridade social (na mesma liña, respecto deste último, do disposto no art 123 LGSS, que se analiza en VIII.6.1.2) que poidan ser fixadas polo órgano competente de conformidade co previsto na normativa reguladora do devandito sistema". Ocorre, ademais, que, a diferenza do recargo de prestacións económicas do art. 123 LGSS, estas responsabilidades poden ser obxecto de aseguramento, tal e como recorda o art. 15.5 LPRL, conforme o cal "poderán concertar operacións de seguro que teñan como fin garantir como ámbito de cobertura a previsión de riscos derivados do traballo, a empresa respecto dos seus traballadores, os traballadores autónomos respecto a eles mesmos e as sociedades cooperativas respecto aos seus socios dos que a súa actividade consista na prestación do seu traballo persoal", enumeración que non hai que considerar pechada, posto que nada pode impedir que tal asegurameno de responsabilidades civís poda ser concertado, por exemplo, polo promotor ou polo coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra.

A responsabilidade civil, que consiste na reparación económica, por parte de quen resulte obrigado, das consecuencias lesivas producidas a outra persoa (que normalmente, aínda que non sempre, será un traballador), pode ser consecuencia da responsabilidade penal; ter a súa orixe na relación contractual previa que manteñan o obrigado a resarcir e o acredor de tal resarcimento ou ser independente de tal relación contractual. Ocuparémonos de seguida destes tres supostos.

6.3.1. Responsabilidade civil subsidiaria da responsabilidade penal

Esta modalidade de responsabilidade civil ven regulada nos arts. 109 e seguintes do CP.

Segundo o art. 109.1 CP "a execución dun feito descrito pola lei como delito ou falta obriga a reparar, nos termos previstos nas leis, os danos e prexuízos por el causados", responsabilidade que inclúe a restitución (art. 111 CP), a reparación do dano (art. 112 CP) e a indemnización de prexuízos materiais e morais (art. 113 CP).

En canto a atribución desta responsabilidade, dispón o art. 116.1 CP que toda persoa criminalmente responsable dun delito ou falta o é tamén civilmente se do feito se derivaran danos ou prexuízos. Se son dous ou máis os responsables dun delito ou falta os xuíces ou tribunais sinalarán a cota de que deba responder cada un.

A realidade demostra que, en moitas ocasións, a finalidade que se persigue a través dun procedemento penal é, precisamente, conseguir esta reparación económica, o

que, dalgún xeito, implica desdibuxar a auténtica natureza do enxuizamento, e no seu caso condena, penal.

6.3.2. Responsabilidade civil contractual

Na relación de traballo os traballadores teñen dereito á súa integridade física e a unha adecuada política de seguridade e hixiene (art. 4.2.d ET), o que orixina un deber de protección por parte do empresario, en cumprimento do cal este "deberá garantir a seguridade e a saúde dos traballadores ao seu servizo en todos os aspectos relacionados co traballo", o que obriga ao empresario a poñer en marcha toda a política de prevención de riscos laborais que contempla a LPRL e a súa normativa de desenvolvemento. Pois ben, os incumprimentos destas obrigas empresariais poden desencadear o xurdimento da responsabilidade civil da que estamos a falar.

Así, dispón o art. 1101 CC que "quedan suxeitos á indemnización de danos e prexuízos causados os que, no cumprimento das súas obrigas incorreran en dolo, neglixencia ou morosidade, e os que de calquera modo contraviñeran o teor daquela". Concreta o art. 1104 CC que "a culpa ou neglixencia...consiste na omisión daquela dilixencia que esixa a natureza da obriga e corresponda ás circunstancias das persoas, do tempo e do lugar". Como límite a estes supostos de responsabilidade prevé o art. 1105 CC que "fora dos casos expresamente mencionados na lei...ninguén responderá daqueles sucesos que non houberan podido preverse, ou que, previstos, foran inevitables", este é, os casos de forza maior.

A competencia para coñecer das accións nesta materia corresponde á xurisdición social.

6.3.3. Responsabilidade civil extracontractual

O fundamento xurídico da mesma atópase no art. 1902 CC: "o que por acción ou omisión causa dano a outro, intervindo culpa ou neglixencia, está obrigado a reparar o dano causado", en base a unha responsabilidade que non precisa como requisito da existencia de relación contractual previa algunha entre as partes, salvo para o caso contemplado no art. 1903 CC, conforme ao cal a responsabilidade resulta esixible non só polos actos ou omisións propios, senón tamén polos de aquelas persoas de quen a persoa obrigada debe responder, como ocorre cos "...donos ou directores dun establecemento ou empresa respecto dos prexuízos causados polos seus dependentes no servizo dos ramos en que os tiveran empregados, ou con ocasión das súas funcións". Remata este precepto do CC establecendo que " a responsabilidade de que se trata neste art. cesará cando as persoas nel mencionadas proben que empregaron toda a dilixencia dun bo pai de familia para previr o dano".

6.4. Mención especial á responsabilidade administrativa das empresas de traballo temporal (ETT) por incumprimentos en materia de seguridade e saúde laboral

Ven regulada, con carácter xeral, nos arts. 18 e 19 LISOS, que tipifican as infraccións das ETT e das empresas usuarias, respectivamente.

Damos aquí por reproducidos os comentarios feitos neste traballo en VIII.5.2 sobre as limitacións legais que existen para que, no sector da construción, se poidan celebrar contratos de posta a disposición, así como sobre as obrigas de ETT e empresa usuaria, polo que, de seguido, limitarémonos a dar conta das infraccións en que poden incorrer ETT e empresa usuaria, en materia de prevención de riscos laborais.

Polo que respecta ás infraccións específicas das ETT son as seguintes:

1. Infraccións graves

- Formalizar contratos de posta a disposición para a cobertura de postos de traballo respecto dos que non se teña realizado previamente a preceptiva avaliación de riscos (art. 18.2.c LISOS).

2. Infraccións moi graves

- Formalizar contratos de posta a disposición para a realización de actividades e traballos que, pola súa especial perigosidade para a seguridade ou a saúde se determinen regulamentariamente (art. 18.3.b LISOS). Polo que respecta ao sector da construción, estes traballos son os contidos na relación non exhaustiva do anexo II RDOC. Sobre o particular, ver VIII.5.2. (Para outros traballos perigosos: anexo I do RSP).

Hai que ter en conta que o art. 41.3 LISOS establece que a reincidencia da ETT na comisión de infraccións tipificadas como moi graves poderá dar lugar á suspensión das súas actividades durante un ano, transcorrido o cal a ETT deberá solicitar de novo autorización administrativa habilitante para o exercicio da actividade.

En canto ás infraccións das empresas usuarias son:

1. Infraccións graves

- Formalizar contratos de posta a disposición para a cobertura de postos de traballo respecto dos que non se teña realizado previamente a preceptiva avaliación de riscos (art. 19.2.b LISOS).

- A falta de información ao traballador temporal nos termos previstos no art. 16.1 LETT (art. 19.2.d LISOS).

- Permitir o inicio da prestación de servizos dos traballadores postos a disposición sen ter constancia documental de que recibiron as informacións relativas aos riscos e medidas preventivas, posúen a formación específica necesaria e contan cun estado de saúde compatible co posto de traballo a desenvolver (art. 19.2.f LISOS).

2. Infraccións moi graves

- A formalización de contratos de posta a disposición para a realización daquelas actividades e traballos que, pola súa especial perigosidade para a seguridade ou a saúde se determinen regulamentariamente, entendéndose cometida unha infracción por cada contrato en tales circunstancias (art. 19.3.b LISOS). De novo, a remisión regulamentaria hai que entendela feita, en canto á actividade de construción, ao anexo II RDOC.

6.5. A Responsabilidade do traballador por conta allea

O traballador por conta allea ten a obriga de observar as medidas de seguridade e hixiene que se adopten (art. 5.b ET), obriga na que insiste, máis descritivamente, o art. 29 LPRL, do que o seu número 3 se encarga de recordar que "o incumprimento polos traballadores das obrigas en materia de prevención de riscos a que se refiren os apartados anteriores terá a consideración de incumprimento laboral aos efectos previstos..." no art. 58.1 ET, conforme o cal "os traballadores poderán ser sancionados pola dirección das empresas en virtude de incumprimentos laborais, de acordo coa graduación de faltas e sancións que se estableza nas disposicións legais ou no convenio colectivo que sexa aplicable".

Para o sector da construción, o CCXC establece un completo catálogo de faltas e sancións. Aquí daremos conta das que teñen que ver, directa ou indirectamente, coa materia preventiva.

1.Faltas leves (art. 103 CCXC):

-O abandono do centro de traballo ou do posto de traballo, sen causa ou motivo xustificados, aínda por breve tempo, sempre que dito abandono non fora prexudicial para o desenvolvemento da actividade produtiva da empresa ou causa de danos ou accidentes aos seus compañeiros de traballo, supostos nos que poderá ser considerada como grave ou moi grave (núm.3).

-A falta de atención e dilixencia debidas no desenvolvemento do traballo encomendado, sempre e cando non cause prexuízo de consideración á empresa ou aos seus compañeiros de traballo, suposto no que poderá ser considerada como grave ou moi grave (núm. 5).

-Permanecer en zonas ou lugares distintos daqueles en que realice o seu traballo habitual, sen causa que o xustifique, ou sen estar autorizado para elo (núm. 10).

-A inobservancia das normas en materia de prevención de riscos laborais, que non supoña risco grave para o traballador, nin para os seus compañeiros ou terceiras persoas (núm. 12).

De acordo co art. 106.1.1º CCXC, as faltas leves poderán ser sancionadas con amoestación verbal ou por escrito

2. Faltas graves (art. 104 CCXC):

-Non prestar a dilixencia ou atención debidas no traballo encomendado, que poidan supoñer risco e prexuízo de certa consideración para o propio traballador, os seus compañeiros, a empresa ou terceiros (núm. 3).

-A simulación dos supostos de incapacidade temporal ou accidente (núm. 4).

-O incumprimento das ordes ou a inobservancia das normas en materia de prevención de riscos laborais, cando as mesmas supoñan risco grave para o traballador, os seus compañeiros ou terceiros, así como negarse ao uso dos medios de seguridade facilitados pola empresa (núm. 5).

-A desobediencia aos superiores en calquera materia de traballo, sempre que a orde non implique condición vexatoria para o traballador ou entrañe risco para a vida ou saúde, tanto de el como doutros traballadores (núm. 6).

-A neglixencia ou imprudencia graves no desenvolvemento da actividade encomendada (núm. 8).

-A ocultación de calquera feito ou falta que o traballador houbera presenciado e que podería causar prexuízo grave de calquera índole para a empresa, para os seus compañeiros de traballo ou para terceiros (núm. 12).

-Non advertir inmediatamente aos seus xefes, ao empresario ou a quen o represente, de calquera anomalía, avaría ou accidente que observe nas instalacións, maquinaria ou locais (núm. 13).

-A neglixencia grave na conservación ou na limpeza de materiais ou máquinas que o traballador teña ao seu cargo (núm. 15).

-O consumo de bebidas alcohólicas ou de calquera substancia estupefaciente que repercuta negativamente no traballo (núm. 17).

Segundo o art. 106.1 2º CCXC, as faltas graves poderán se sancionadas con suspensión de emprego e soldo de un a quince días.

3. Faltas moi graves (art. 105 CCXC):

-A embriaguez habitual ou a toxicomanía, se repercute negativamente no traballo (núm. 5).

-O incumprimento ou inobservancia das normas de prevención de riscos laborais, cando sexan causantes de accidente laboral grave ou prexuízos graves aos seus compañeiros ou a terceiros, ou danos graves á empresa (núm. 9).

-O abandono do posto de traballo sen xustificación, especialmente en postos de mando ou responsabilidade, ou cando tal acción ocasione evidente prexuízo para a empresa ou poida chegar a ser causa de accidente para o traballador, os seus compañeiros ou terceiros (núm. 15).

-A imprudencia ou neglixencia no desenvolvemento do traballo encomendado, ou cando a forma de realizalo implique risco de accidente ou perigo grave para as instalacións ou maquinaria da empresa (núm. 16).

O art. 106.1.3º CCXC prevé para as faltas moi graves as sancións de suspensión de emprego e soldo de dezaseis a noventa días, ou de despido.

Para a aplicación e graduación das sancións terase en conta (art. 106.2 CCXC) o maior ou menor grao de responsabilidade do que comete a falta; a categoría profesional do mesmo e a repercusión do feito nos demais traballadores e na empresa. As empresas (art. 107 CCXC) anotarán nos expedientes laborais dos seus traballadores as sancións que lles impoñan por falta grave ou moi grave, facendo constar tamén a reincidencia nas faltas leves.

CONDICIÓNS MATERIAIS DOS TRABALLADORES NAS OBRAS DE CONSTRUCIÓN

CAPÍTULO NOVENO

1. ACTUACIÓNS PREPARATORIAS E INSTALACIÓNS PROVISIONAIS

1.1. Valado, vías de acceso e circulación, saídas de emerxencia e loita contra incendios

1.1.1. Valado

É a operación consistente en cercar a totalidade do perímetro da obra, ou de partes desta, para conseguir, polo menos, dous obxectivos: evitar os riscos que, doutra maneira, poderían afectar a terceiros, como consecuencia dos traballos desenvolvidos na obra (cuestión esta, naturalmente, allea ao enfoque preventivo da LPRL e as súas normas de desenvolvemento, que teñen como norte a prevención dos riscos laborais, este é ligados ao traballo, sexa este por conta allea ou por conta propia) e, ademais, limitar ou impedir ao acceso ás persoas alleas aos traballos da obra, ou a parte destes traballos.

Vense distinguindo entre o valado de protección (que ten por obxecto impedir o paso) e o valado de sinalización (que compele a non traspasar o entorno sinalizado)

A normativa de aplicación está constituída polo RDSS, ao que nos referiremos en IX.1.2, así como polo RDOC, que aborda esta cuestión nos seguintes arts.:

1. Anexo IV- A, número 19, letra a): "Os accesos e o perímetro da obra deberán sinalizarse e destacarse de maneira que sexan claramente visibles e identificables."

2. Anexo IV- A, número 11, letra d): "Se na obra houbera zonas de acceso limitado, as devanditas zonas deberán estar equipadas con dispositivos que eviten que os traballadores non autorizados poidan penetrar nelas. Deberanse tomar todas as medidas adecuadas para protexer aos traballadores que estean autorizados a penetrar nas zonas de perigo. Estas zonas deberán estar sinalizadas do modo máis claramente visible."

Aparte do que se ven de dicir, son de aplicación,de ordinario, as ordenanzas municipais dos concellos.

Polo demais, hai que ter en conta tamén os criterios de orde técnico contidos na NTE-ADV, aprobada por Orde Ministerial de 1de marzo de 1976 (BOE dos días 6 e 13).

Finalmente, recordar que, segundo o art. 9.f) RDOC, corresponde ao coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra "adoptar as medidas necesarias para que só as persoas autorizadas poidan acceder á obra", función que asumirá a dirección facultativa, cando non sexa necesaria a designación de coordinador.

Os incumprimentos nesta materia á normativa de aplicación en materia social, normalmente, constituirán infracción leve (art. 11.4 LISOS) ou grave (art. 12.16.b LISOS), en atención ás circunstancias concorrentes .

1.1.2. Vías de acceso e circulación

Especificamente no que ten que ver cos accesos á obra, establece a letra d) do número 10, do anexo IV- A que "nas proximidades inmediatas dos portóns destinados sobre todo á circulación de vehículos deberán existir portas para a circulación dos peatóns, agás no caso de que o paso sexa seguro para estes. As devanditas portas deberán estar sinalizadas de maneira claramente visible e permanecer expeditas en todo momento."

A GTOC recomenda, con carácter xeral, que os accesos á obra para persoas e vehículos sexan independentes, sendo a anchura libre mínima da porta para o persoal de 80 centímetros, e a dos portóns para os vehículos de 3,50 metros. En ambos espazos, colocaranse sinais en forma de panel, tanto de prohibición ("prohibido pasar aos peatóns"), na de acceso de vehículos, como de obriga ("vía obrigatoria para os peatóns"), na de acceso dos peatóns, sinalización que terá que ser acorde co disposto no RDSS.

Segue a GTOC a dicir que, cando non sexa posible que os accesos sexan independentes para persoas e vehículos, e se o tráfico fora habitual, o acceso de persoas á obra quedará delimitado cunha vía, da que a súa anchura mínima serán 80 centímetros. Esta delimitación efectuarase mediante varanda ou barreira de separación no interior da obra. Como complemento do anterior, colocaranse as sinalizacións de prohibición e obriga xa mencionadas.

Finalmente, a letra e), do número 10, do anexo IV- A preceptúa que "as portas e portóns mecánicos deberán funcionar sen risco de accidente para os traballadores. Deberán posuír dispositivos de parada de emerxencia facilmente identificables e de fácil acceso e tamén poder abrirse manualmente excepto se en caso de producirse unha avaría no sistema de emerxencia se abren automaticamente"

As outras normas que sobre o particular contén o RDOC son as seguintes:

1. Anexo IV- A, número 11.

-"a) As vías de circulación, incluídas as escaleiras, as escalas fixas e os peiraos e ramplas de carga deberán estar calculados, situados, acondicionados e preparados para o seu uso de xeito que se poidan utilizar facilmente, con toda seguridade e conforme ao uso ao que se lles teña destinado e de forma que os traballadores empregados nas proximidades destas vías de circulación non corran risco algún."

-"b) As dimensións das vías destinadas á circulación de persoas ou de mercadorías, incluídas aquelas nas que se realicen operacións de carga e descarga, calcularanse de acordo co número de persoas que poidan utilizalas e co tipo de actividade.

Cando se utilicen medios de transporte nas vías de circulación, deberase prever unha distancia de seguridade suficiente ou medios de protección adecuados para as demais persoas que poidan estar presentes no recinto.

Sinalizaranse claramente as vías e procederase regularmente ao seu control e mantemento." Igualmente, no número 8, esta vez da parte B do mesmo anexo IV RDOC, sinálase que "para garantir a protección dos traballadores, o trazado das vías de circulación deberá estar claramente marcado na medida en que o esixan a utilización e as instalacións dos locais."

-"c) As vías de circulación destinadas aos vehículos deberán estar situadas a unha distancia suficiente das portas, portóns, pasos de peatóns, corredores e escaleira."

A GTOC interpreta, a pesares de que o RDLT exclúe do seu ámbito de aplicación ás obras de construción temporais ou móbiles (art. 1.2.b RDLT), que é posible equiparar ás escaleiras fixas provisionais de obra coas escaleiras de servizo (reguladas no número 7 do anexo I- A RDLT), polo que respecta á dimensión dos seus chanzos, que, segundo a norma citada, terán unha anchura de 55 centímetros, con chanzos cunha pisada mínima de 15 centímetros e unha contrapisada de 25 centímetros.

En canto á sinalización e demais condicións de carácter técnico das vías de circulación, haberá que ter en conta ao espazo que abarca a obra, pois, en función disto, serán de aplicación, ademais das normas do RDSS, as seguintes:

- Ordenanzas municipais do concello de que se trate, no seu caso.

- Real Decreto Lexislativo 339/ 1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial (BOE do 14), así como o Real Decreto 1428/ 2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o regulamento xeral de circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado do Real Decreto Lexislativo 339/ 1990 (BOE do 23 de decembro).

- Orde de 31 de agosto de 1987 (BOE do 18 de setembro) relativa á sinalización, balizamento, defensa, limpeza e terminación de obras fixas fora de poboado, modificada polo Real Decreto 208/ 1989, de 3 de febreiro (BOE, do 1 de marzo).

- As normativas especiais que sexan de aplicación en materia de vías férreas, aeroportuarias, portuarias e outras, en función da ubicación e características da obra.

Tamén se poden ter en consideración os criterios técnicos contidos nas NTP-434 e 435, ámbalas dúas sobre "superficies de traballo seguras", e que abordan detalladamente as condicións que deben reunir os diferentes tipos de vías de circulación. Tales NTP seguramente están pensadas para os centros de traballo en xeral, pero non se ve obstáculo para a posta en práctica das súas recomendacións técnicas neses centros de traballo "peculiares" que son as obras de construción.

-"d) Se na obra houbera zonas de acceso limitado, as devanditas zonas deberán estar equipadas con dispositivos que eviten que os traballadores non autorizados poidan penetrar nelas..."

Sinala a GTOC que para tal finalidade poderanse utilizar barreiras físicas con dispositivos de peche ou vixilancia permanente, no seu caso, estableceéndose un rexistro de traballadores autorizados para acceder a estas zonas limitadas.

2. Anexo IV- A, número 12.

-"a) Os peiraos e ramplas de carga deberán ser adecuados ás dimensións das cargas transportadas."

-"b) Os peiraos de carga deberán ter polo menos unha saída e as ramplas de carga deberán ofrecer a seguridade de que os traballadores non poidan caerse."

3. Deben citarse aquí as normas sobre iluminación, no que afectan ás vías de circulación, contidas no anexo IV- A, no seu número 9.

-"a) Os lugares de traballo, os locais e as vías de circulación na obra deberán dispoñer, na medida do posible, de suficiente luz natural e ter unha iluminación artificial adecuada e suficiente durante a noite e cando non sexa suficiente a luz natural. No seu caso, utilizaranse puntos de iluminación portátiles con protección antichoques. A cor utilizada para a iluminación artificial non poderá alterar ou influír na percepción dos sinais ou paneis de sinalización."

-"b) As instalacións de iluminación dos locais, dos postos de traballo e das vías de circulación deberán estar colocadas de tal xeito que o tipo de iluminación previsto non supoña risco de accidente para os traballadores."

-"c) Os locais, os lugares de traballo e as vías de circulación nos que os traballadores estean particularmente expostos a riscos en caso de avaría da iluminación artificial deberán posuír unha iluminación de seguridade de intensidade suficiente."

Neste punto son de cita obrigatoria dúas NTP:

-NTP- 211, sobre "Iluminación dos centros de traballo"

-NTP- 181, sobre "Iluminacións especiais", dentro das que se distingue entre a iluminación de emerxencia (para, en caso de fallo das iluminacións normais, manter un nivel de iluminación suficiente, de xeito que permita a evacuación fácil e segura de persoas ao exterior; a iluminación de sinalización (que sinalizará de modo permanente a situación de portas, corredores, escaleiras e saídas dos locais); e a iluminación de reemprazamento (que debe permitir a continuación normal da iluminación).

1.1.3. Vías e saídas de emerxencia

As normas concretas que de seguida pasaremos a analizar hai que contemplalas no marco do disposto, en materia de medidas de emerxencia, no art. 20 LPRL, de xeito que cada empresario dos partícipes na obra, e en atención aos criterios previstos no xa citado art. 20 LRRL ("...tendo en conta o tamaño e a actividade da empresa, así como a posible presenza de persoas alleas á mesma...") procederá a analizar as posibles situacións de emerxencia e a adoptar as medidas necesarias en materia de primeiros auxilios (relacionar co que neste traballo se di en IX.1.4.3), loita contra incendios (de novo, relacionar co que se di neste traballo en IX.1.1.4) e evacuación dos traballadores. Para elo o empresario:

-Designará ao persoal encargado de poñer en práctica estas medidas, persoal que deberá posuír a formación necesaria, ser suficiente en número e dispoñer do material adecuado.

-Comprobará periodicamente, no seu caso, o correcto funcionamento destas medidas, para a aplicación das cales deberá organizar as relacións que sexan necesarias con servizos externos á empresa, en particular en materia de primeiros auxilios, asistencia médica de urxencia, salvamento e loita contra incendios, de xeito que quede garantida a rapidez e eficacia das mesmas.

Os preceptos do RDOC que se refiren expresamente a esta cuestión son os seguintes:

1. O número 4 do anexo IV- A, cando establece:

-"a) As vías e saídas de emerxencia deberán permanecer expeditas e desembocar o máis directamente posible nunha zona de seguridade."

-"b) En caso de perigo, todos os lugares de traballo deberán poder evacuarse rapidamente e en condicións de máxima seguridade para os traballadores."

-"c) O número, a distribución e as dimensións das vías e saídas de emerxencia dependerán do uso, dos equipos e das dimensións da obra e dos locais, así como do número máximo de persoas que poidan estar presentes neles." Diante desta falta de precisión da norma, haberá que ter en conta o disposto no Real Decreto 2177/ 1996, de 4 de outubro, polo que se aproba a NBE- CPI/ 96, sobre condicións de protección contra incendios nos edificios, que, ademais de introducir importantes modificacións respecto da normativa precedente, refunde e reordena as disposicións da primitiva NBE- CPI/ 91 (que fora aprobada polo Real Decreto 279/ 1991), así como as modificacións que nela tiña introducido o Real Decreto 1230/ 1993, de 23 de xullo.

-"d) As vías e saídas específicas de emerxencia deberán sinalizarse conforme ao RDSS. A devandita sinalización deberá fixarse nos lugares adecuados e ter a resis-

tencia suficiente". Na mesma liña, a letra c) do número 10, desta mesma parte A do anexo IV RDOC prevé que "as portas e portóns situados no recorrido das vías de emerxencia deberán estar sinalizados de xeito adecuado."

-"e) As vías e saídas de emerxencia, así como as vías de circulación e as portas que dean acceso a elas, non deberán estar obstruídas por ningún obxecto, de xeito que poidan utilizarse sen trabas en calquera momento."

-"f) En caso de avaría do sistema de iluminación, as vías e saídas de emerxencia que requiran iluminación deberán estar equipadas con iluminación de seguridade de suficiente intensidade." Débese recordar neste punto o contido da NTP- 181, tal e como quedou reflectido en IX.1.1.2.

2. Anexo IV- B, número 2

-"a) As portas de emerxencia deberán abrirse cara o exterior e non deberán estar pechadas, de tal xeito que calquera persoa que necesite utilizalas en caso de emerxencia poida abrilas fácil e inmediatamente."

-"b) Estarán prohibidas como portas de emerxencia as portas correderas e as portas xiratorias."

Cun importante grao de detalle, a NTP- 436, sobre "Cálculo estimativo das vías e tempos de evacuación" examina esta cuestión.

Pola súa banda, hai diferentes normas UNE que afectan a este particular, entre as que se destacan:

-UNE 72251: 1985. Luminarias para iluminación de emerxencia de evacuación. Condicións físicas para as medidas fotométricas.

-UNE- EN 60598-2-22: 1999. Luminarias. Parte 2-22: requisitos particulares. Luminaria para iluminación de emerxencia.

1.1.4. Loita contra incendios

O RDOC adica un precepto á detección e loita contra incendios, o número 5, do anexo IV- A, que contén tres apartados.

1º "a) Segundo as características da obra e segundo as dimensións e o uso dos locais, os equipos presentes, as características físicas e químicas das substancias ou materiais que estean presentes así como o número máximo de persoas que poidan estar neles, deberase prever un número suficiente de dispositivos apropiados de

loita contra incendios e, se fora necesario, de detectores de incendios e de sistemas de alarma."

Esta materia atópase directamente afectada polo RDIN, a súa vez desenvolvido pola Orde de 16 de abril de 1998, que aproveita para revisar (autorizada pola disposición adicional única do RDIN) o seu anexo I (revisión que ten por obxecto actualizar o catálogo de normas UNE de aplicación á materia regulada polo RDIN), así como os apéndices daquel.

Regula o RDIN a figura de instaladores e mantedores, que deberán estar debidamente autorizados, correspondendo un importante labor ás Comunidades Autónomas en todo o que ten que ver coa autorización e rexistro de tales instaladores e mantedores.

O apéndice 1 do RDIN regula as características e instalación dos aparatos, equipos e sistemas de protección contra incendios, distinguindo:

1. Sistemas automáticos de detección de incendios, que haberán de axustarse ao disposto na UNE 23007-9: 1993, sobre compoñentes dos sistemas de detección automática de incendios. ademais, os detectores de incendio necesitarán, antes da súa fabricación ou importación, ser aprobados de acordo co indicado no art. 2 RDIN ("o cumprimento das esixencias establecidas neste regulamento...deberá xustificarse, cando así se determine, mediante certificación de organismo de control que posibilite a colocación da correspondente marca de conformidade a normas"), xustificándose o cumprimento do establecido na norma UNE antes referida.

2. Sistemas manuais de alarma de incendios, respecto dos que se di que os interruptores de alarma situaranse de xeito que a distancia máxima a percorrer, desde calquera punto ata alcanzar un interruptor, non superará os 25 metros.

3. Sistemas de comunicación de alarma.

4. Sistemas de abastecemento de auga contra incendios.

5. Sistemas de hidrantes exteriores.

6. Extintores de incendio, dos que as súas características e especificacións axustaranse ao RAPR.

7. Sistemas de bocas de incendio equipadas.

8. Sistemas de columna seca.

9. Sistemas de extinción por aspersores automáticos de auga.

10. Sistemas de extinción po auga pulverizada.

11. Sistemas de extinción por espuma física de baixa expansión.

12. Sistemas de extinción por po.

13. Sistemas de extinción por axentes extintores gasosos.

A importante innovación tecnolóxica que se da nesta materia, como en tantas outras, fixo que a relación de normas UNE contidas no anexo ao apéndice 1 do RDIN quedara pronto desfasada, o que trata de remediar a Orde de 16 de abril de 1998, a través do seu anexo 1, cunha nova relación de normas UNE aplicables nas materias reguladas polo RDIN, algunhas das cales hoxe tampouco están xa en vigor. É por iso que imos, a continuación, a relacionar as normas UNE en vigor nesta materia, clasificándoas do seguinte xeito.

1. Normas UNE sobre "Sistemas de detección e alarma de incendios".

-UNE-EN 54-3/A1: 2002. Dispositivos acústicos de alarma de incendios.

-UNE-EN 54-3: 2001. Dispositivos acústicos de alarma de incendios.

-UNE-EN 54-5/A1: 2002. Detectores de calor. Detectores puntuais.

-UNE-EN 54-5: 2001. Detectores de calor.

-UNE-EN 54-7/A1: 2002. Detectores de fume. Detectores puntuais que funcionan segundo o principio de luz difusa, luz transmitida ou por ionización.

-UNE-EN 54-7: 2001. Detectores de fume.

-UNE-EN 54-11: 2001. Interruptores manuais de alarma.

2. Normas UNE sobre "Sistemas de extinción por espuma física de baixa expansión".

-UNE 23521: 1990. xeneralidades.

-UNE 23522: 1983. Sistemas fixos para protección de riscos interiores.

-UNE 23523: 1984. Sistemas fixos para protección de riscos exteriores. Tanques de almacenamento de combustibles líquidos.

-UNE 23524: 1983. Sistemas fixos para protección de riscos exteriores. Espuma pulverizada.

-UNE 23525: 1983. Sistemas para protección de riscos exteriores. Monitores, lanzas e torres de espuma.

-UNE 23526: 1984. Ensaios de recepción e mantemento.

3. Normas UNE sobre "Sistemas de extinción de incendios mediante axentes gasosos. Propiedades físicas e deseño dos sistemas".

-UNE 23570: 2000. Requisitos xerais.

-UNE 23571 : 2000. Axente extintor HFC 125

-UNE 23572 : 2000. Axente extintor HFC 227 EA

-UNE 23573: 2000. Axente extintor HFC 23

-UNE 23574: 2000. Axente extintor HFC 236 FA

-UNE 23575: 2000. Axente extintor IG-01

-UNE 23576: 2000. Axente extintor IG-55

-UNE 23577: 2000 (en 2002: Erratum) Axente extintor IG-541

Dentro deste grupo hai que encadrar as normas UNE sobre "Sistemas fixos de extinción de incendios. Compoñentes para sistemas de extinción mediante axentes gasosos", pero adicadas a métodos de ensaio en relación cos distintos axentes extintores, polo que omitimos a súa relación.

4. Normas UNE sobre "Sistemas fixos de loita contra incendios".

-UNE-EN 12259-4/A1: 2001. Compoñentes para sistemas de aspersores de auga pulverizada. Alarmas hidromecánicas.

-UNE-EN 12416-2: 2001 (en 2002: Erratum). Sistemas de extinción por po. Deseño, construción e mantemento.

Por outra banda, un importante conxunto de NTP abordan os diferentes aspectos que conforman a loita contra incendios. Tales NTP podémolas sistematizar como segue.

1. NTP sobre identificación dos riscos de incendio e a organización fronte aos mesmos.

-NTP- 599, sobre "Avaliación do risco de incendio. Criterios".

-NTP- 45, sobre “Plan de emerxencia contra incendios”.

-NTP- 46, sobre “Evacuación de edificios”.

2. NTP sobre mecanismos de detección.

-NTP- 40, sobre “Detección de incendios”.

-NTP- 41, sobre “Alarma de incendio”.

-NTP- 185, sobre “Detección automática de incendios. Detectores térmicos”.

-NTP- 215, sobre “Detectores de fumes”.

-NTP- 28, sobre “Medios manuais de extinción”.

-NTP- 42, sobre “Bocas e hidrantes de incendio. Condicións de instalación”.

-NTP- 44, sobre “Sistemas fixos de extinción”.

-NTP-99, sobre “Métodos de extinción e axentes extintores”.

-NTP- 402, sobre “Sistemas supresores de explosión (I): fundamentos teóricos e medios de extinción”.

-NTP- 403, sobre “Sistemas supresores de explosión (II): factores de deseño e aplicacións prácticas”.

-NTP- 420, sobre “Instalacións de abastecemento de auga contra incendios”.

-NTP- 536, sobre “Extintores de incendio portátiles: utilización”.

2º. Continuando coa regulación do RDOC, a letra b) do número 5 do seu anexo IV-A, establece: “Os devanditos dispositivos de loita contra incendios e sistemas de alarma deberán verificarse e manterse con regularidade. Deberán realizarse, a intervalos regulares, probas e exercicios axeitados”.

Tales verificacións e mantemento deberán producirse de acordo coas prescricións do RDIN e a súa normativa de desenvolvemento. Os mantedores (autorizados de acordo co disposto no RDIN, nos seus arts. 13 e 14) terán as seguintes obrigas (art. 15 RDIN):

a. Revisar, manter e comprobar os aparatos, equipos e instalacións de acordo cos prazos regulamentarios.

b. Facilitar persoal competente e suficiente, para realizar as tarefas anteriores.

c. Informar por escrito ao titular dos aparatos, equipos ou sistemas que non ofrezan un correcto funcionamento, teñan deficiencias que non poidan ser corrixidas durante o mantemento ou incumpran as normas de aplicación.

d. Conservar a documentación xustificativa das operacións realizadas.

e. Comunicar ao titular dos aparatos, equipos ou sistemas as datas en que corresponde efectuar as operacións de mantemento periódicas.

No apéndice 2 da norma contense o programa de mantemento mínimo destas instalacións de protección contra incendios, que foi complementado polo disposto na Orde de 16 de abril de 1998, xa comentada (táboas I e II do art. Undécimo da Orde citada)

Pola súa banda, a NTP- 368, sobre "Extinción de incendios: plan de revisión de equipos", contén orientacións de carácter técnico sobre o particular.

3º. Remata a súa regulación o RDOC dispoñendo na letra c) do número 5 do seu anexo IV- A que: "Os dispositivos non automáticos de loita contra incendios deberán ser de fácil acceso e manipulación. Deberán estar sinalizados conforme ao Real Decreto sobre sinalización de seguridade e saúde no traballo (o RDSS). A devandita sinalización deberá fixarse nos lugares adecuados e ter a resistencia suficiente."

Os extintores de incendio (número 3, do apartado 6, do apéndice 1 RDIN) emprazaranse en lugares facilmente visibles e accesibles, próximos aos puntos onde se estime que existe maior risco, e, preferentemente, sobre soportes fixados a paramentos verticais, de xeito que a parte superior do extintor quede, como máximo, a 1,70 metros sobre o chan. Considéranse adecuados, para cada unha das clases de lume, os axentes extintores, utilizados en extintores, que figuran en táboa anexa da norma citada.

De novo, hai que recordar o contido da NTP- 536, sobre "Extintores de incendio portátiles: utilización".

1.1.5. Responsabilidade administrativa

Os incumprimentos ás obrigas reflectidas en IX.1.1 poderán dar lugar á comisión de infraccións de carácter grave (arts. 12.16 b ou f LISOS, segundo os casos; en materia de loita contra incendios e medidas de evacuación dos traballadores: art. 12.10 LISOS) ou moi grave (art. 13.10 LISOS), en función das circunstancias concorrentes. Excepcionalmente, algúns incumprimentos das obrigas que comentamos en mate-

ria de valado ou sinalización, por exemplo, poderían dar lugar á comisión de infraccións de carácter leve (art. 11.4 LISOS.)

1.2. Sinalización

1.2.1. As normas do RDOC

O RDOC fai algunhas referencias á sinalización da obra, que xa temos visto nos apartados anteriores, pero que agora sintetizamos para facilitar unha visión de conxunto sobre os mesmos:

1.Anexo IV-A-4.d): "As vías e saídas específicas de emerxencia deberán sinalizarse conforme ao RDSS. Dita sinalización deberá fixarse nos lugares adecuados e ter a resistencia suficiente."

2. Anexo IV-A-5.c): "Os dispositivos non automáticos de loita contra incendios deberán ser de fácil acceso e manipulación. Deberán estar sinalizados conforme ao RDSS. Dita sinalización deberá fixarse nos lugares adecuados e ter a resistencia suficiente."

3. Anexo IV-A-11.b): as vías de circulación sinalizaranse claramente "...e procederase regularmente ao seu control e mantemento."

4. Anexo IV-A-11.d): se na obra houbera zonas de acceso limitado, estarán "...sinalizadas do modo máis claramente visible."

5. Anexo IV-A-19.a): "Os accesos e o perímetro da obra deberán sinalizarse e destacarse de maneira que sexan claramente visibles e identificables."

6. Anexo IV-B-7.b): "As portas transparentes deberán ter unha sinalización á altura da vista."

7. Anexo IV-A-14.c) e d): obriga á sinalización dos locais de primeiros auxilios, do material correspondente e da dirección e o número de teléfono do servizo local de urxencia, conforme ás prescricións do RDSS.

1.2.2. Aplicación do RDSS

Nembargante, son de aplicación (non tan só, polo tanto, nos aspectos que vimos de apuntar) as prescricións do RDSS, que, no seu art. 2.a), define a sinalización de seguridade e saúde no traballo como aquela que, referida a un obxecto, actividade, ou situación determinadas, proporcione unha indicación ou unha obriga relativa á

seguridade ou saúde no traballo mediante un sinal en forma de panel, unha cor, un sinal luminoso ou acústico, unha comunicación verbal ou un sinal xestual, segundo proceda.

A continuación, o RDSS define os sinais de prohibición, de advertencia, de obrigación, de salvamento ou socorro, indicativos, en forma de panel e adicional; as cores de seguridade; o símbolo ou pictograma; o sinal luminoso; o sinal acústico; a comunicación verbal; e o sinal xestual.

Continúa o RDSS establecendo os criterios para o emprego da sinalización (art.4); as obrigas do empresario en materia de formación e información aos traballadores (art.5); os dereitos de consulta e participación dos traballadores (art. 6), para rematar con sete anexos que conteñen normas singulares acerca das disposicións mínimas de carácter xeral relativas á sinalización de seguridade e saúde no lugar de traballo (I); cores de seguridade (II); sinais en forma de panel (III); sinais luminosos e acústicos (IV); comunicacións verbais (V); sinais xestuais (VI) e disposicións mínimas relativas a diversas sinalizacións (VII).

É precisamente neste último anexo onde se conteñen normas que directamente conectan con algúns dos riscos máis relevantes das obras de construción, ás que pasamos a referirnos expresamente por esa razón:

1. Anexo VII-2: "1º Para a sinalización de desniveis, obstáculos ou outros elementos que orixinen riscos de caída de persoas, choques ou golpes, poderá optarse, a igualdade de eficacia, polo panel que corresponda... ou por unha cor de seguridade, ou ben poderán utilizarse ambos complementariamente. 2º A delimitación daquelas zonas dos locais de traballo ás que o traballador teña acceso con ocasión deste, nas que se presenten riscos de caída de persoas, caída de obxectos, choques ou golpes, realizarase mediante unha cor de seguridade. 3º A sinalización por cor referida nos dous apartados anteriores efectuarase mediante franxas alternas amarelas e negras. As franxas deberán ter unha inclinación aproximada de 45º e ser de dimensións similares..." de acordo co modelo gráfico que se inserta a continuación.

2. Anexo VII-3: "1º Cando sexa necesario para a protección dos traballadores, as vías de circulación de vehículos deberán estar delimitadas con claridade mediante franxas continuas dunha cor ben visible, preferentemente branca ou amarela, tendo en conta a cor do chan. A delimitación deberá respectar as necesarias distancias de seguridade entre vehículos e obxectos próximos, e entre peatóns e vehículos. 2º As vías exteriores permanentes que se atopen no arredor inmediato de zonas edificadas deberán estar delimitadas cando resulte necesario, salvo que dispoñan de barreiras ou que o propio tipo de pavimento sirva como delimitación."

1.2.3. Responsabilidade administrativa

Os incumprimentos nesta materia constituirán infracción leve (art. 11.4 LISOS) ou grave (art. 12.16.b LISOS), en atención ás circunstancias concorrentes , sen prexuízo de que poida haber supostos concretos que, excepcionalmente, se cualifiquen como moi graves (art. 13.10 LISOS)

1.3. Instalacións eléctricas provisionais

1.3.1. Análise conxunto da normativa do RDOC ; RDBT e RDRE

Dous arts. adica o RDOC á cuestión planteada, os números 10 do seu anexo IV- C, e 3 do seu anexo IV-A.

Deles, os parágrafos b) e c) do número 10 (que se refiren ás instalacións preexistentes á obra) son obxecto de comentario neste traballo en IX.2.3.1, e a el nos remitimos.

A regulación do número 3, anexo IV- A do RDOC contempla tres apartados.

1. Apartado a) do número 3, anexo IV- C RDOC: "a) A instalación eléctrica dos lugares de traballo nas obras deberá axustarse ao disposto na súa normativa específica. En todo caso, e agás disposicións específicas da normativa citada, a devandita instalación deberá satisfacer as condicións que se sinalan nos seguintes puntos deste apartado."

Esta normativa está constituída, no esencial, polo RDRE e o RDBT (que entrou en vigor o 19 de setembro de 2003, agás o establecido nas súas disposicións transitorias), así como polo RDAT, aínda que este último ten menos interese para os temas que imos tratar deseguida. Así mesmo, e como máis adiante veremos, hai que ter en conta todas as ITC, desde a BT01 á BT51, que se aproban conxuntamente co RDBT.

O anexo I RDRE contén unha serie de definicións de entre as que interesa destacar:

-Alta tensión e baixa tensión: tensións de seguridade definidas como tales nos regulamentos electrotécnicos. Pola súa banda o RDBT (art. 2.1) sinala que o mesmo será de aplicación en instalacións cos seguintes límites de tensións nominais: en corrente alterna, igual ou inferior a 1.000 voltios; en corrente continua, igual ou inferior a 1.500 voltios.

-Traballador autorizado: quen está autorizado polo empresario para realizar determinados traballos con risco eléctrico, en base á súa capacidade para facelos de forma correcta, segundo os procedementos establecidos no RDRE.

-Traballador cualificado: Traballador autorizado que posúe coñecementos especializados en materia de instalacións eléctricas, debido á súa formación acreditada, profesional ou universitaria, ou á súa experiencia certificada de dous ou máis anos.

-Xefe de traballo: Persoa designada polo empresario para asumir a responsabilidade efectiva dos traballos.

Finalmente, o anexo I RDRE recolle unha táboa de distancias límite das zonas de traballo, en función das diferentes tensións nominais da instalación, distinguindo a distancia "Dpel" (límite que ten que ser respectado cando se realizan traballos en tensión ou en proximidade por parte de traballadores autorizados ou cualificados ou outros traballadores baixo a vixilancia deles) e a distancia "Dprox" (límite a respectar por traballadores que non sexan autorizados.

2. Apartado b), do número 3, do anexo IV- C RDOC: "b) As instalacións deberán proxectarse, realizarse e utilizarse de xeito que non entrañen perigo de incendio nin de explosión e de modo que as persoas estean debidamente protexidas contra os riscos de electrocución por contacto directo ou indirecto."

Segundo o disposto no art. 18 RDBT, a execución e posta en servizo das instalacións eléctricas condiciónase ao seguinte procedemento:

-Elaboración previa dunha documentación técnica que defina as características da instalación, documentación que, segundo se determine na correspondente ITC, revestirá a forma de proxecto ou memoria técnica.

-A instalación eléctrica tan só poderá ser realizada por un instalador autorizado, autorizacións que serán concedidas polos correspondentes órganos das Comunidades Autónomas (aínda que terán ámbito estatal), de acordo co establecido (art. 22 RDBT) na correspondente ITC (neste caso, a ITC-BT-02), sen prexuízo de que, no seu caso, o proxecto e a dirección de obra se realicen polos técnicos titulados competentes.

-A instalación deberá verificarse polo instalador, coa supervisión do director da obra, no seu caso, a fin de comprobar a correcta execución e funcionamento seguro da mesma. Así mesmo, cando así o determine a correspondente ITC, a instalación deberá ser obxecto dunha inspección inicial polo organismo de control que resulte competente.

-Cumpridos todos os tramites anteriores, o instalador autorizado executor da instalación emitirá ao titular da instalación un certificado de instalación, no que fará constar que a mesma se ten realizado de conformidade co establecido no RDBT e as súas ITC, e de acordo coa documentación técnica. Como anexo a este certificado (art. 19 RDBT) o instalador autorizado deberá confeccionar unhas instrucións para o correcto uso e mantemento da instalación.

Respecto, da utilización da instalación eléctrica, o art. 3 RDRE (nos seus números 3 e 4) sinala:

-As instalacións eléctricas dos lugares de traballo utilizaranse e manteranse na forma adecuada e o funcionamento dos sistemas de protección controlarase periodicamente, de acordo ás instrucións dos seus fabricantes e instaladores, se existen, e á propia experiencia do explotador.

-En calquera caso, as instalacións eléctricas dos lugares de traballo e o seu uso e mantemento deberán cumprir o establecido na regulamentación electrotécnica, a normativa xeral de seguridade e saúde sobre lugares de traballo (RDLT) e sinalización no traballo (RDSS), así como calquera outra normativa específica que sexa de aplicación.

O art. 4 RDRE regula as técnicas e procedementos de traballo, establecendo:

"1º As técnicas e procedementos empregados en instalacións eléctricas, ou nas súas proximidades, estableceranse tendo en consideración:

a) A avaliación de riscos que o traballo poida supoñer, en función das características das instalacións, do propio traballo e do entorno no que se vai realizar

b) E os requisitos establecidos nos restantes apartados do presente artigo

2º. Todo traballo nunha instalación eléctrica, ou na súa proximidade, que conleve un risco eléctrico, deberá efectuarse sen tensión, coas excepcións que se indican nos parágrafos 3 e 4 deste artigo. Para deixar a instalación eléctrica sen tensión, antes de realizar o traballo, e para a reposición da tensión, ao rematalo, seguiranse as disposicións xerais establecidas no anexo II.A e, no seu caso, as disposicións particulares establecidas no anexo II.B

3º. Poderán realizarse coa instalación en tensión:

a. As operacións elementais, tales como...conectar e desconectar, en instalacións de baixa tensión con material eléctrico concibido para a súa utilización inmediata e sen riscos...

b. Os traballos en instalacións con tensións de seguridade...

4º. Tamén poderán realizarse coa instalación en tensión:

a. As manobras...dos que a súa natureza así o esixa...como por exemplo a apertura e peche de interruptores ou seccionadores...

b. Os traballos en, ou en proximidade de instalacións, dos que as súas condicións de explotación ou de continuidade da subministración así o requiran.

5º. Excepto nos casos indicados no apartado 3 deste art., o procedemento empregado para a realización de traballos en tensión deberá axustarse aos requisitos xerais establecidos no anexo III.A e, no caso de traballos en alta tensión, aos requisitos adicionais indicados no anexo III.B.

6º. As manobras...realizaranse seguindo as disposicións xerais establecidas no anexo IV.A e, no seu caso, as disposicións particulares establecidas nel.

Se durante a realización destas operacións tiveran que ocuparse, ou puideran invadirse accidentalmente, as zonas de perigo de elementos en tensión circundantes, aplicarase o establecido, segundo o caso, nos apartados 5 ou 7 do presente art.

7º. Os traballos que se realicen en proximidade de elementos en tensión levaranse a cabo segundo o disposto no anexo V, ou ben considéraranse como traballos en tensión e aplicaranse as disposicións correspondentes a este tipo de traballos."

Pola súa parte, o art. 6.1 RDBT establece que "os materiais e equipos utilizados nas instalacións deberán ser utilizados na forma e para a finalidade que foron fabricados, engadindo que se incluirán, xunto cos equipos e materiais, as indicacións necesarias para a súa correcta instalación e uso, debendo marcarse coas seguintes indicacións mínimas:

a. Identificación do fabricante, representante legal ou responsable da comercialización.

b. Marca e modelo.

c. Tensión e potencia (ou intensidade) asignadas.

d. Calquera outra indicación referente ao uso específico do material ou equipo, asignado polo fabricante.

Remata este precepto encomendando ás Comunidades Autónomas a verificación do cumprimento das esixencias técnicas dos materiais e equipos suxeitos ao RDBT.

Especificamente acerca do seu mantemento, dispón o art. 20 RDBT que os titulares das instalacións deberán mantelas en bo estado de funcionamento, utilizándoas de acordo coas súas características e absténdose de intervir nas mesmas para modificalas. De ser necesarias tales modificacións, "...estas deberán ser efectuadas por un instalador autorizado"

3. Apartado c), do número 3, do anexo IV- C RDOC: "c) O proxecto, a realización e a elección do material e dos dispositivos de protección deberán ter en conta o tipo e a potencia da enerxía subministrada, as condicións dos factores externos e a competencia das persoas que teñan acceso a partes da instalación."

Pola súa banda, o art. 3 RDRE (nos seus números 1 e 2) dispón:

-O tipo de instalación eléctrica e as características dos seus compoñentes estarán en función das condicións específicas do propio lugar, da actividade desenvolvida nel e dos equipos receptores que se vaian empregar, debéndose ter en conta as características condutoras (auga, humidade...) e calquera outro factor que poida incrementar o risco eléctrico.

-Tan só se utilizarán equipos eléctricos para os que o sistema de protección previsto polo fabricante sexa compatible co tipo de instalación eléctrica e demais factores condicionantes existentes.

Polo que respecta ás condicións dos diferentes traballos nas instalacións eléctricas, veñen reflectidas nos anexos II a VI do RDRE.

1. O anexo II RDRE regula os traballos sen tensión, comezando por dispoñer que "as operacións e manobras para deixar sen tensión unha instalación, antes de iniciar o <traballo sen tensión>, e a reposición da tensión, ao rematalo, serán realizadas por traballadores autorizados que, no caso de instalacións de alta tensión, deberán ser traballadores cualificados."

2. O anexo III RDRE aborda os traballos en tensión, sinalando, en primeiro lugar, que "os traballos en tensión deberán ser realizados por traballadores cualificados, seguindo un procedemento previamente estudado e, cando a súa complexidade ou novidade o requira, ensaiado sen tensión, que se axuste aos requisitos indicados a continuación. Os traballos en lugares onde a comunicación sexa difícil, pola súa orografía, confinamento ou outras circunstancias, deberán realizarse estando presentes, polo menos, dous traballadores con formación en materia de primeiros auxilios."

A GTEL desenvolve con bastante detalle a regulación do RDRE, concretando tres métodos de traballo en tensión para garantir a seguridade dos traballadores que os realizan (o método de traballo a potencial, empregado principalmente en instalacións e liñas de transporte de alta tensión; o método de traballo a distancia, utilizado principalmente en instalacións de alta tensión na gama media de tensións; e o método do traballo en contacto con protección illante nas mans, utilizado principalmente en baixa tensión).

Por outra parte, o número 6, da parte A, deste anexo III, recorda que "as medidas preventivas para a realización de traballos ao aire libre deberán ter en conta as posi-

bles condicións ambientais desfavorables, de xeito que o traballador quede protexido en todo momento. Os traballos prohibiranse ou suspenderanse en caso de tormenta, choiva ou vento fortes, nevadas, ou calquera outra condición ambiental desfavorable que dificulte a visibilidade, ou a manipulación das ferramentas. Os traballos en instalacións interiores directamente conectadas a liñas aéreas eléctricas deberán interromperse en caso de tormenta."

Continúa a regulación do anexo III coas disposicións adicionais para traballos en alta tensión (parte B do anexo) e cunha serie de disposicións particulares (parte C do anexo) para determinados tipos de traballo, "...que se considerarán complementarias ás indicadas nas partes anteriores deste anexo, agás nos casos en que as modifiquen explicitamente".

3. O anexo IV RDRE regula as manobras, ensaios e verificacións, establecéndose, con carácter xeral, que as mesmas só poderán realizarse por traballadores autorizados, salvo que se efectúen en instalacións de alta tensión, suposto no que se requirirá un traballador cualificado.

4. O anexo V aborda os traballos en proximidade, prescribíndose, en primeiro lugar, que "en todo traballo en proximidade de elementos en tensión, o traballador deberá permanecer fora da zona de perigo e o máis afastado dela que o traballo permita." Para elo, e antes de iniciarse o traballo "un traballador autorizado, no caso de traballos de baixa tensión, ou un traballador cualificado, no caso de traballos en alta tensión, determinará a viabilidade do traballo..." De ser viable o traballo, deberán adoptarse as medidas de seguridade necesarias para reducir ao mínimo posible o número de elementos en tensión e as zonas de perigo, mediante a colocación de pantallas, barreiras, envolventes...

5. O anexo VI, por fin, regula os traballos en emprazamentos con risco de incendio ou explosión, e os traballos en lugares onde poida producirse unha acumulación de cargas electrostáticas.

Finalmente, e sobre o risco eléctrico en xeral, hai una serie de NTP que resulta útil consultar, entre elas:

- NTP- 71, sobre "sistemas de protección contra contactos eléctricos indirectos".

- NTP- 142, sobre "grupos electróxenos. Protección contra contactos eléctricos indirectos".

- NTP- 222, sobre "alta tensión: seguridade en traballos e manobras en centros de transformación".

- NTP- 267, sobre "tomas de corrente para usos industriais".

- NTP- 374 e NTP- 375, sobre "electricidade estática: carga e descarga de camións cisterna (I e II)"

- NTP- 400, sobre "corrente eléctrica: efectos ao atravesar o organismo humano".

- NTP- 437, sobre "aspectos particulares dos efectos da corrente eléctrica (I)".

- NTP- 567, sobre "protección fronte a cargas electrostáticas".

1.3.2. Disposicións do RDRE especificamente aplicables nas obras de construción

É na parte B.2 do anexo V RDRE onde se conteñen as "disposicións particulares (aplicables ás) obras e outras actividades nas que se produzan movementos ou desprazamentos de equipos ou materiais na proximidade de liñas aéreas, subterráneas ou outras instalacións eléctricas", disposicións que, hai que entender, se aplican ademais das restantes do RDRE que resulten de aplicación. (Sobre o particular, deberase ter en conta, ademais do que se vai dicir a continuación, o que se di neste mesmo traballo en IX.2.3.1).

Dispón o precepto citado que para a prevención do risco eléctrico nas actividades mencionadas (o que ocorre de cotío, como se di na norma mencionada, na edificación e nas obras públicas) deberá actuarse do seguinte xeito:

1º Antes do comezo da actividade, identificaranse as posibles liñas aéreas, subterráneas ou outras instalacións eléctricas existentes na zona de traballo, ou nas súas proximidades.

2º. Se nalgunha das fases de actividade existe risco de que unha liña subterránea ou algún outro elemento en tensión protexido poida ser alcanzado, con posible rotura dos seu illamento, deberanse tomar as medidas preventivas necesarias para evitar tal circunstancia.

3º. Se nalgunha das fases de actividade a presenza de liñas aéreas ou de algún outro elemento en tensión desprotexido pode supoñer un risco eléctrico para os traballadores e, polas razóns indicadas no art. 4.4 RDRE (os supostos de operacións que poden realizarse coa instalación en tensión, que vimos algo máis arriba) as devanditas liñas ou elementos non puideran desviarse ou deixarse sen tensión, aplicarase o disposto na parte A deste anexo.

A efectos da determinación das zonas de perigo e proximidade, e da conseguinte delimitación da zona de traballo e vías de circulación, deberanse ter especialmente en conta:

a. Os elementos en tensión sen protexer que se atopen máis próximos en cada caso

b. Os movementos ou desprazamentos previsibles (transporte, elevación e calquera outro tipo de movemento) de equipos ou materiais.

A GTEL, nos seus completos comentarios ao precepto que vimos de referir, inclúe unha lista non exhaustiva de elementos que poden aumentar o risco de accidente nos traballos en proximidade de cables subterráneos (máquinas escavadoras; máquinas perforadoras; martelos reumáticos...) e de liñas aéreas; máquinas e vehículos (grúas torre o grúas móbiles; palas escavadoras; camións con caixa abatible, polipastos ou similares; plataformas elevadoras; brazos hidráulicos...); outros equipos de traballo (escaleiras extensibles; escaleiras de man; andamios metálicos...); materiais (tubos e perfís metálicos; cables e arames; árbores, ramas e madeira húmida...).

Sinala a GTEL que neste tipo de traballos, ademais de realizar a preceptiva avaliación de riscos e planificación da actividade preventiva, será necesario incluír nas instrucións de traballo as restricións impostas á utilización de determinado tipo de materiais (escaleira de man, obxectos metálicos de gran lonxitude etc.); os posibles movementos incontrolados de cables ou arames... así como as barreiras ou dispositivos que limiten a amplitude do movemento da parte móbil do equipo, cando se trate de máquinas ou vehículos. En todo caso, os traballadores que teñan que manexar ou conducir estas máquinas ou equipos terán que recibir a formación e entrenamento necesarios.

Remata a GTEL os seus comentarios ao precepto dando unha serie de recomendacións.

1º. Recomendacións para o traballo con grúas en proximidade de liñas eléctricas aéreas:

- Manexar a grúa a menor velocidade que a habitual.

- Tomar precaucións cando se estea cerca dalgún tramo largo, entre os soportes dunha liña eléctrica aérea, dado que o vento pode mover lateralmente o tendido eléctrico e reducir a distancia entre este e a grúa.

- Sinalar rutas seguras cando as grúas deban circular con frecuencia na proximidade dunha liña eléctrica aérea.

- Tomar precaucións cando se circule sobre terreos que poidan provocar oscilacións ou vaivéns da grúa na proximidade dunha liña eléctrica aérea.

- Manter aos traballadores retirados da grúa mentres traballa na proximidade dunha liña eléctrica aérea.

2º. Xeito de proceder no caso de contacto eventual da grúa cunha liña eléctrica en tensión, para evitar electrocucións:

- O operador da grúa debe permanecer dentro da cabina.

- Os demais traballadores deben manterse lonxe da grúa e da súa carga.

- O operador da grúa debería tentar separar a grúa facendo movementos en sentido contrario ao que ten provocado o contacto.

- Se a grúa non pode separarse, o operador debe permanecer dentro da cabina ata que a liña sexa desconectada.

Sobre o particular, pódense consultar dúas NTP:

- NTP- 72, sobre "traballos con elementos de altura en presenza de liñas eléctricas aéreas."

- NTP- 73, sobre "distancias a liñas eléctricas de baixa e de alta tensión"

1.3.3. Relación de normas UNE referidas a traballos en tensión

Entre as normas UNE existentes para os traballos en tensión, entresacamos aquelas que máis directamente se refiren a útiles que se empregan neste tipo de traballos e aos equipos de protección individual:

-UNE-EN 60743: 1997 e UNE-EN 60743: 2002. Terminoloxía para as ferramentas, equipos e dispositivos a utilizar nos traballos en tensión.

-UNE-EN 61140: 2001. Protección contra os choques eléctricos. Aspectos comúns para a instalación e o equipamento.

-UNE 204001: 1999. Banquetas illantes para traballos eléctricos.

-UNE-EN 50237: 1998. Guantes e manoplas con protección mecánica para traballos eléctricos.

-UNE-EN 60903/ A11: 1997 e UNE-EN 60903 : 2000. Guantes e manoplas de material illante para traballos eléctricos

-UNE-EN 50231: 2000. Calzado illante da electricidade para traballos en instalacións de baixa tensión.

-UNE-EN 60832: 1998. Pértegas illantes e ferramentas para cabezal universal para traballos en tensión.

-UNE-EN 60855: 1998. Tubos illantes recheos de espuma e barras illantes macizas para traballos en tensión.

-UNE-EN 60895: 1998. Roupa condutora para traballos en tensión ata 800 kv. de tensión nominal en corrente alterna.

-UNE-EN 60900/A11: 1998; UNE-EN 60900/A1: 1996; UNE-EN 60900/ A2: 2002; e UNE-EN 60900: 1994. Ferramentas manuais para traballos en tensión ata 1.000 voltios en corrente alterna e 1.500 voltios en corrente continua.

-UNE-EN 60984/ A11: 1997; UNE-EN 60984/ A1: 2003; e UNE-EN 60984: 1985. Manguitos de material illante para traballos en tensión.

-UNE-EN 61229/ A1: 1998; UNE-EN 61229/ A2: 2003; e UNE-EN 61229: 1996. Protectores ríxidos para traballos en tensión en instalacións de corrente alterna.

-UNE-EN 61236: 1998. Asentos, abrazadeiras de pértegas e accesorios para traballos en tensión.

-UNE-EN 61478: 2002. Traballos en tensión. Escaleira de material illante.

-UNE-EN 81013: 1985. Alfombra illante para traballos e manobras en instalacións eléctricas de baixa tensión.

1.3.4. Relación dalgunhas das ITC aplicables ás instalacións eléctricas de baixa tensión

O RDRE, conxuntamente co regulamento electrotécnico de baixa tensión, aproba as súas instrucións técnicas complementarias, das que a súa relación, entre a ITC-BT-01 e a ITC-BT-51, inclúese nun índice incorporado ao propio RDRE. De entre estas ITC, pasamos a dar conta dalgunhas delas:

- ITC-BT-01. Terminoloxía.

- ITC-BT-02. Normas de referencia no regulamento electrotécnico de baixa tensión.

- ITC-BT-03. Instaladores autorizados e empresas instaladoras autorizadas.

- ITC-BT-04. Documentación e posta en servizo das instalacións.

- ITC-BT-05. Verificacións e inspeccións.

- ITC-BT-06. Redes aéreas para distribución en baixa tensión.

- ITC-BT-07. Redes subterráneas para distribución en baixa tensión.

- ITC-BT-08. Sistemas de conexión do neutro e das masas en redes de distribución de enerxía eléctrica.

- ITC-BT-09. Instalacións de iluminación exterior.

- ITC-BT-10. Previsión de cargas para subministracións en baixa tensión.

- ITC-BT-11. Redes de distribución de enerxía eléctrica. Acometidas.

- ITC-BT-18. Instalacións de posta a terra.

- ITC-BT-24. Instalacións interiores ou receptoras. Protección contra os contactos directos e indirectos.

- ITC.BT-29. Prescricións particulares para as instalacións eléctricas dos locais con risco de incendio ou explosión

- ITC-BT-32. Instalacións con fines especiais. Máquinas de elevación e transporte.

- ITC-BT-33. Instalacións con fines especiais. Instalacións provisionais e temporais de obras.

- ITC-BT-36. Instalacións a moi baixa tensión.

1.3.5. Responsabilidade administrativa

Os incumprimentos das obrigas anteriores constituirán infraccións de carácter grave (art. 12.16 b e f LISOS, segundo os casos) ou moi grave (art. 13.10 LISOS), en función das circunstancias concorrentes.

1.4. Instalacións ao servizo dos traballadores

1.4.1. Servizos hixiénicos: vestiarios e aseos

A normativa aplicable nesta materia contida no RDOC, no número 15 do seu anexo IV- A, di:

"a) Cando os traballadores teñan que levar roupa especial de traballo deberán ter á súa disposición vestiarios adecuados.

Os vestiarios deberán ser de fácil acceso, ter as dimensións suficientes e dispoñer de asentos e instalacións que permitan a cada traballador poñer a secar, se fora necesario, a súa roupa de traballo.

Cando as circunstancias o esixan (por exemplo substancias perigosas, humidade, sucidade), a roupa de traballo deberá poder gardarse separada da roupa de rúa e dos efectos persoais.

Cando os vestiarios non sexan necesarios, no sentido do parágrafo primeiro deste apartado, cada traballador deberá poder dispor dun espazo para colocar a súa roupa e os seus obxectos persoais baixo chave."

A GTOC intenta precisar, e ás veces o consigue, estas normas, do seguinte xeito:

1. En primeiro lugar, aclarando conceptos:

- Roupa de rúa: aquela que se emprega habitualmente para vestir fora do traballo.

- Roupa de traballo: aquela da que a súa finalidade non é protexer a saúde e seguridade do traballador, senón que se utiliza ben para distinguir uns traballadores doutros ou para preservar a roupa de rúa (buzos, gardapós, batas etc., empregados en oficinas, almacéns, obras e similares).

- Roupa especial de traballo: aquela deseñada para protexer contra un ou varios riscos no traballo.

Despois de facer esta distinción, e probablemente decatándose de que os efectos da mesma serían facer inaplicable, na maioría dos casos, a previsión do primeiro parágrafo da letra a) que comentamos, os autores da GTOC introducen a cautela de que, dada a singularidade dos traballos de construción, todas as obras disporán de vestiarios adecuados, salvo as obras de corta duración que a propia GTOC define, que poderán dispor dun medio alternativo para que os traballadores se cambien e garden a roupa.

2. En segundo lugar, determinando que a superficie "recomendable" dos vestiarios será de 2 metros cadrados por traballador que deba utilizalos simultaneamente. Con carácter xeral, nesta superficie incluiranse os armarios así como os bancos e asentos, sempre que elo permita a utilización das instalacións sen dificultades ou molestias para os traballadores. Para este dimensionamento dos vestiarios non se computarán aos traballadores que desenvolvan funcións técnicas, administrativas ou asimiladas, salvo que a súa actividade esixira o cambio de roupa de rúa pola de traballo.

3. En terceiro lugar, dispoñendo que a altura mínima destes locais será de 2,50 metros.

4. Finalmente, acotando a regulación do RDOC sobre armarios, ao sinalar que estas disporán de chave e terán capacidade suficiente para gardar a roupa e o calzado, así como que, cando sexa necesario gardar separadamente a roupa de traballo da de rúa e dos efectos persoais, poderá empregarse unha armario doble ou unha armario sinxela asociada a un colgadoiro mural específico.

O RDOC, no seu anexo IV- A, número 15, segue a dispoñer:

"b) Cando o tipo de actividade ou salubridade o requira, deberanse poñer a disposición dos traballadores duchas apropiadas e en número suficiente.

As duchas deberán ter dimensións suficientes para permitir que calquera traballador poida asearse sen obstáculos e nas adecuadas condicións de hixiene. As duchas deberán dispoñer de auga corrente, quente e fría.

Cando, con arranxo ao parágrafo primeiro deste apartado, non sexan necesarias duchas, deberá haber lavabos suficientes e apropiados con auga corrente, quente se fora necesario, cerca dos postos de traballo e dos vestiarios.

Se as duchas ou os lavabos e os vestiarios estiveran separados, a comunicación entre uns e outros será fácil."

Respecto do contido que se ven de reproducir desta letra b), a GTOC precisa que en toda obra de construción disporase de duchas e lavabos apropiados en número mínimo de 1 ducha e 1 lavabo por cada 10 traballadores ou fracción que traballen na mesma xornada. Nas obras consideradas de corta duración, poderán adoptarse solucións alternativas que permitan o aseo. Remata a GTOC sinalando que a ducha será de uso exclusivo para tal fin, sendo as dimensións mínimas do prato de 70 por 70 centímetros.

Continúa o RDOC, no seu anexo IV- A, número 15 prescribindo:

"c) Os traballadores deberán contar nas proximidades dos seus postos de traballo, dos locais de descanso, dos vestiarios e das duchas ou lavabos, de locais especiais equipados cun número suficiente de retretes e de lavabos."

As concrecións da GTOC son neste caso maiores:

- Haberá 1 retrete por cada 25 homes ou fracción e 1 por cada 15 mulleres ou fracción; 1 lavabo por cada retrete; e 1 urinario po cada 25 homes ou fracción. Os lavabos poderán coincidir ou non cos sinalados na letra b) anterior. As unidades mencionadas están referidas ás persoas que coincidan nun mesmo quenda de traballo, puidéndose establecer medios alternativos nas obras de corta duración. Nas obras de extensión lineal, instalaranse ademais, naqueles taxos máis significativos ou con elevada concentración de traballadores, retretes que poderán ser bioquímicos.

- As instalacións mencionadas estarán dotadas de 1 espello por cada lavabo; un secamáns de celulosa ou eléctrico; portarrollos para papel hixiénico; papel hixiénico; xaboeira dosificadora e recipiente para a recollida de celulosa. Nos servizos destinados para as mulleres, colocaranse recipientes especiais para depositar as compresas hixiénicas ou similares.

Remata o número 15 do anexo IV- A establecendo:

"d) Os vestiarios, duchas, lavabos e retretes estarán separados para homes e mulleres, ou deberá preverse unha utilización por separado dos mesmos."

1.4.2. Locais de descanso ou de aloxamento

Dispón o RDOC, no seu anexo IV- A, número 16:

"a) Cando o esixan a seguridade ou a saúde dos traballadores, en particular debido ao tipo de actividade ou o número de traballadores, e por motivos de afastamento da obra, os traballadores deberán poder contar con locais de descanso e, no seu caso, con locais de aloxamento de fácil acceso.

b) Os locais de descanso ou de aloxamento deberán ter unhas dimensións suficientes e estar amoblados cun número de mesas e de asentos con respaldo acorde co número de traballadores.

c) Cando non existan este tipo de locais deberase poñer a disposición do persoal outro tipo de instalacións para que poidan ser utilizadas durante a interrupción do traballo.

d) Cando existan locais de aloxamento fixos, deberán contar con servizos hixiénicos en número suficiente, así como dunha sala para comer e outra de esparcimento.

Ditos locais deberán estar equipados de camas, armarios, mesas e cadeiras con respaldo acordes ao número de traballadores, e deberase ter en conta, no seu caso, para a súa asignación, a presenza de traballadores de ambos sexos.

e) Nos locais de descanso ou aloxamento deberán tomarse medidas adecuadas de protección para os non fumadores contra as molestias debidas ao fume do tabaco."

A GTOC non fai precisión algunha ao respecto. A indefinición desta, xunto coa vaguidade do precepto, fan difícil a súa aplicación práctica e, sobre todo, a esixencia administrativa en caso de incumprimento.

Pola súa banda, o número 17, do anexo A que estamos a comentar determina que "as mulleres embarazadas e as nais lactantes deberán ter a posibilidade de descansar tombadas en condicións adecuadas."

Así mesmo, o art. 19 do mesmo anexo A ordena que os traballadores dispoñan de"... auga potable e, no seu caso, doutra bebida apropiada non alcohólica en cantidade suficiente, tanto nos locais que ocupen como cerca dos postos de traballo" (letra b), así como de "...instalacións para poder comer e, no seu caso, para preparar as súas comidas en condicións de seguridade e saúde" (letra c).

Respecto dos comedores, a GTOC dispón que, cando estean ubicados na mesma obra, tales comedores reunirán os seguintes requisitos:

- Os pisos paredes e teitos estarán constituídos por materiais que faciliten a súa limpeza, terán unha iluminación, ventilación e temperatura adecuadas, e a súa altura mínima deberá ser de 2,50 metros.

- Estarán provistos de mesas e asentos e dotados de vasos, pratos e cubertos para cada traballador.

- Disporán de vertedoiros de auga potable.

- E cando non existan cociñas, instalaranse "quentacomidas" ou calquera outro sistema equivalente.

Os incumprimentos nesta materia poden ter as mesmas consecuencias que as xa comentadas no punto III.1.4.1 anterior, se ben a contemplada no número 17 do anexo A ("as mulleres embarazadas e as nais lactantes deberán ter a posibilidade de descansar tombadas en condicións adecuadas") podería chegar a considerarse como a infracción moi grave do art. 13.1 LISOS ("non observar as normas específicas en materia de protección da seguridade e saúde das traballadoras durante os períodos de embarazo e lactancia")

1.4.3. Primeiros auxilios

Conforme ao número 14, do anexo IV- A do RDOC:

"a) Será responsabilidade do empresario garantir que os primeiros auxilios poidan prestarse en todo momento por persoal coa suficiente formación para elo. Así mesmo, deberán adoptarse medidas para garantir a evacuación, a fin de recibir coidados médicos, dos traballadores accidentados ou afectados por unha indisposición repentina." A GTOC establece:

- A obriga de que en todas as obras exista persoal con coñecementos de primeiros auxilios.

- Os traballadores que estean en lugares illados (túneles, galerías, estradas, pontes, montes...) deberán dispoñer de medios de comunicación que permitan o contacto con outros traballadores, a oficina da obra ou o enlace previsto no plan de emerxencia.

"b) Cando o tamaño da obra ou o tipo de actividade o requiran, deberá contarse cun ou varios locais para primeiros auxilios." A GTOC concreta esta obriga en dous casos:

- Cando na obra traballen máis de 50 traballadores

- Cando o determine a autoridade laboral, tendo en conta a distancia do centro de asistencia médica máis próximo ou calquera outra circunstancia que o requira. A autoridade laboral poderá esixir a presenza permanente de persoal médico ou sanitario na obra.

"c) Os locais para primeiros auxilios deberán estar dotados das instalacións e o material de primeiros auxilios indispensables e ter fácil acceso para as angarellas. Deberán estar sinalizados conforme..." ao RDSS. A GTOC fai as concrecións seguintes:

- Por unha banda, dispoñendo que os locais deben contar, como mínimo, con caixa de urxencias, angarellas, auga potable e outros materiais, en función da existencia de riscos específicos.

- Por outra banda, os locais cumprirán a normativa sobre iluminación, ventilación, temperatura, accesibilidade, instalacións de loita contra incendios... (nos termos que se prevé no propio RDOC), quedando garantida, ademais, a intimidade das persoas.

"d) En todos os lugares en que as condicións de traballo o requiran deberase dispoñer tamén de material de primeiros auxilios, debidamente sinalizado e de fácil acceso. Unha sinalización claramente visible deberá indicar a dirección e o número de teléfono do servizo local de urxencia." A GTOC recomenda que o material de primeiros auxilios inclúa algodón hidrófilo; esparadrapo de diferentes tamaños; apósitos adhesivos; vendas de diferentes tamaños; tiras de sutura por aproximación; gasas estériles; auga osixenada; desinfectante; pomada antihistamínica para picaduras; pomada antiinflamatoria; paracetamol; ácido acetilsalicílico; guantes desechables; tesoiras; pinzas; banda elástica para torniquetes; manta. Este material revisarase periodicamente e reporase tan pronto caduque ou sexa utilizado. Igualmente, haberá caixas de urxencias, polo menos portátiles, nas obras de extensión lineal, nos taxos máis significativos ou de elevada concentración de traballadores.

1.4.4. Responsabilidade administrativa

Os incumprimentos en materia servizos hixiénicos e locais de descanso e aloxamento poden dar lugar, segundo os casos, a unha infracción grave (art. 12.16.h e b LISOS, respectivamente) ou leve (art.11.4 LISOS), en función de que os mesmos creen ou non un risco grave para a integridade física ou a saúde dos traballadores afectados.

Nembargante, os incumprimentos en materia de primeiros auxilios, cando, nos supostos en que xa vimos, sexa obrigatorio adoptar as medidas do RDOC, entendemos que tan só poden considerarse como infraccións graves, das previstas no art. 12.10 LISOS.

2. ACONDICIONAMENTO DO TERREO

2.1. Condicións xerais

Resultan de aplicación as normas contidas no número 1, letra a) do anexo IV- C RDOC, conforme ao cal:

"a) Os postos de traballo móbiles ou fixos situados por riba ou por baixo do nivel do chan deberán ser sólidos e estables tendo en conta:

1. O número de traballadores que os ocupen

2. As cargas máximas que, no seu caso, poidan ter que soportar, así como a súa distribución

3. Os factores externos que puideran afectarlles.

No caso de que os soportes e os demais elementos destes lugares de traballo non tiveran estabilidade propia, deberase garantir a súa estabilidade mediante elementos de fixación apropiados e seguros, coa fin de evitar calquera desprazamento inesperado ou involuntario do conxunto ou parte de ditos postos de traballo."

De acordo coa GTOC, os postos de traballo nas obras poden situarse, ben nos diferentes niveis do terreo onde se ubican as mesmas, ou sobre distintas estruturas, sexan estas definitivas ou auxiliares.

Enténdense por estruturas definitivas, segue a dicir a GTOC, aquelas que constitúen parte da propia obra e que, durante o proceso de execución (construción ou demolición) da mesma poden utilizarse, en ocasións, como superficie de apoio dos postos de traballo (por exemplo, o forzado dun edificio).

Son estruturas auxiliares, sempre seguindo a GTOC, as que se instalan e utilizan na obra para permitir a súa construción ou demolición (por exemplo, as estruturas para encofrados). A GTOC contempla as seguintes previsións:

- Para determinar a resistencia do terreo e así garantir a estabilidade e solidez dos postos de traballo afectados polo mesmo, un técnico competente establecerá e documentará os valores de cálculo procedentes. O art. 12.3.b) LOE dispón que corresponde ao director de obra verificar o replanteo e a adecuación da cimentación e da estrutura proxectadas ás características xeotécnicas do terreo.

-Cando se empreguen estruturas auxiliares fabricadas de acordo con normativa UNE, ISO etc., instalaranse, utilizaranse, manteranse e desmontaranse, conforme ao contido do manual de instrucións do fabricante. Se as estruturas utilizadas non estiveran normalizadas, serán calculadas segundo criterios de carácter técnico descritos documentalmente. Neste caso, os cálculos realizaranse por técnico competente.

- Para efectuar estes cálculos deberá terse en conta o número de traballadores que vaian ocupar o posto de traballo; as cargas e sobrecargas que inciden na estrutura, así como os factores externos (causas climatolóxicas, outros traballos que se realicen no entorno...)

- Tendo en conta o anterior, as operacións de apeo de estruturas, muros, noiros etc. Deberán realizarse mediante unha análise previa do procedemento de execución a seguir.

2.1.1. Responsabilidade administrativa

Os incumprimentos nesta materia tipifícanse como falta grave (no art. 12.16.b LISOS) ou moi grave (art. 13.10 LISOS), en función das circunstancias concorrentes

2.2. Traballos de demolición

2.2.1. Os traballos de demolición en xeral

A pesar da súa importancia e dos riscos que comportan o RDOC tan só adica un parágrafo específico a esta cuestión, no seu anexo IV- C, número 12.a): " Os traballos de derrubamento e demolición que poidan supoñer un perigo para os traballadores deberán estudarse, planificarse e emprenderse baixo a supervisión dunha persoa competente e deberán realizarse adoptando as precaucións, métodos e procedementos apropiados."

Nestes traballos pódense tomar como referencia as especificacións técnicas contidas na NTE- ADD (BOE de 12.02.75) , sobre "acondicionamento do terreo, desmontes e demolicións".

Ademais, a NTP-258 aborda, en relación coas demolicións manuais, as diferentes fases da demolición (actuacións previas; o proxecto de demolición; medidas previas á demolición; a demolición e as distintas variedades da mesma) así como os principias riscos e as medidas preventivas a adoptar.

Por outra banda, e tal e como recorda a GTOC, na medida en que ao realizar este tipo de traballos xéranse residuos, para o tratamento dos mesmos hai que ter en conta o disposto no art. 10. e), f) e g) RDOC, en relación co art. 15 LPRL.

Por último, haberá que estar ao disposto no REPI, en materia de equipos de protección individual.

2.2.2. Responsabilidade administrativa

Os incumprimentos nesta materia darán lugar a infraccións graves (art. 12.16 b e f LISOS, segundo os casos) ou moi graves (art. 13.10 LISOS), en función das circunstancias concorrentes.

2.2.3. Referencia especial aos traballos de desamiantado

Unha vez establecida a prohibición de utilización, produción e comercialización de todo tipo de fibras de amianto e dos produtos que as conteñan, as únicas operacións en que os traballadores poden estar teoricamente expostos ao contacto con fibras de amianto son os traballos de desamiantado de estruturas que o conteñan. Respecto destes traballos, a normativa aplicable é a seguinte:

1. A OTAM, que contén un amplo catálogo de medidas preventivas de organización e métodos de traballo; medios de protección persoal; roupa de traballo; instalacións sanitarias e medidas de hixiene persoal; condicións xerais dos locais, limpeza e mantemento; control médico preventivo dos traballadores; información, formación e participación dos traballadores; rexistro de datos e arquivo de documentación. Algunhas destas prescricións da OTAM foron modificadas pola Orde de 26.07.1993. A norma citada compleméntase coa Orde de 22.12.1987 (BOE do 29), pola que se aproba o modelo de libro rexistro de datos correspondentes á OTAM, así como pola Resolución de 20.02.1989 (BOE do 3 de marzo), pola que se regula a remisión de fichas de seguimento ambiental e médico para o control de exposición ao amianto.

2. Estas normas hai que poñelas hoxe en relación co disposto no RDAC.

3. Finalmente, a O de 07.01.1987 (BOE do 15), pola que se establecen normas complementarias da OTAM, en concreto:

- A obriga da empresa que vaia executar un traballo con exposición a riscos derivados do amianto (contemplándose, expresamente, os traballos de demolición de construcións, se existe presenza de amianto; e os traballos e operacións destinados á retirada de amianto ou de materiais que o conteñan, de edificios, estruturas, aparatos e instalacións) de establecer un plan de traballo que será sometido á aprobación da autoridade laboral (que será a autonómica, salvo que asa operacións afecten a centros de traballo ubicados en máis dunha Comunidade Autónoma, suposto no que a competencia é da Dirección Xeral de Traballo do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais). O expediente será informado pola ITSS e, no caso da Comunidade Autónoma de Galicia, polo correspondente Centro Provincial de Seguridade e Saúde Laboral da CRLL. A norma que comentamos regula en detalle o contido necesario do plan de traballo, así como a posibilidade, cando se trate de operacións de curta duración con presentación irregular ou non programables con antelación, de que a empresa responsable substitúa este plan por outro de carácter xeral referido ao conxunto destas actividades, no que se incorporen as especificacións a ter en conta no desenvolvemento das mesmas.

Por último, e en relación cos requisitos dos plans de traballo e as medidas de prevención a utilizar, convén ter en conta as especificacións de carácter técnico contidas nas NTP- 515, sobre "plans de traballo para operacións de retirada ou mantemento de materiais con amianto"; NTP- 543, sobre "plans de traballo con amianto: orientacións prácticas para a súa realización; e NTP- 573, sobre "operacións de demolición, retirada ou mantemento de materiais con amianto. Exemplos prácticos". Así mesmo, resultan de interese as NTP- 463, sobre "exposición a fibras de amianto en ambientes interiores"; NTP- 632, sobre "detección de amianto en edificios (I): aspectos básicos"; e NTP- 633, sobre "detección de amianto en edificios (II): identificación e metodoloxía de análise".

2.2.4. Responsabilidade administrativa

Os incumprimentos ás normas anteriores constituirán infraccións graves (segundo os casos concretos, haberá que ver en cal dos tipos do art. 12.16 LISOS encaixan tales incumprimentos) ou moi graves (art.13.6 e 10 LISOS).

2.3. Movemento de terras, escavacións, pozos, traballos subterráneos e túneles

2.3.1. Regulación xeral

A regulación ven contida no número 9 do anexo IV- C do RDOC, do seguinte xeito.

1. "a. Antes de comezar os traballos de movementos de terras, deberán tomarse medidas para localizar e reducir ao mínimo os perigos debidos a cables subterráneos e demais sistemas de distribución." A GTOC expón, a modo orientativo, os procedementos de traballo a empregar en función do tipo de canalización de que se trate:

- Canalizacións eléctricas: Deberá procederse á detección exacta do lugar de paso da canalización, previa solicitude á compañía subministradora e utilización, no seu caso, dun detector de redes e servizos; unha vez detectada a canalización, pódese empregar maquinaria ata 100 cm. de distancia respecto da mesma, ferramentas mecánicas entre 100 e 50 cm. e medios manuais a partir de 50 cm. En todo caso, haberá que ter en conta as disposicións do RDRE, en particular as contidas na parte B.2 do seu anexo V: "Traballos en proximidade. Disposicións particulares (aplicables ás) obras e outras actividades nas que se produzan movementos ou desprazamentos de equipos ou materiais na proximidade de liñas aéreas, subterráneas ou outras instalacións eléctricas." (Tales disposicións se analizan neste mesmo traballo en IX.1.3.1, onde nos remitimos)

- Canalizacións de gas: Aconsella a GTOC os métodos de traballo anteriores, advertindo, ademais, que debe evitarse a realización de traballos que produzan chispas ou lume.

Tamén haberá que ter en conta o previsto no número 10, letras b) e c) do mesmo anexo que estamos a comentar: "b. As instalacións existentes antes do comezo da obra deberán estar localizadas, verificadas e sinalizadas claramente. c. Cando existan liñas de tendido eléctrico aéreas que poidan afectar á seguridade na obra será necesario desvialas fora do recinto da obra ou deixalas sen tensión. Se isto non fora posible, colocaranse barreiras ou avisos para que os vehículos e as instalacións se manteñan afastados das mesmas. En caso de que vehículos da obra tiveran que circular baixo o tendido utilizarase unha sinalización de advertencia e unha protección de delimitación da altura."

2. Segue a dicir o número 9 do anexo IV- C, na súa letra b): "Nas escavacións, pozos, traballos subterráneos ou túneles deberán tomarse as precaucións adecuadas: 1º Para previr os riscos de sepultamento por desprendemento de terras, caídas de persoas, terras, materiais ou obxectos, mediante sistemas de estiba, blindaxe, apeo, noiros ou outras medidas adecuadas. 2º Para previr a irrupción accidental de auga, mediante os sistemas ou medidas adecuados. 3º Para garantir unha ventilación suficiente en todos os lugares de traballo de maneira que se manteña unha atmosfera apta para a respiración que non sexa perigosa ou nociva para a saúde. 4º Para permitir que os traballadores poidan poñerse a salvo en caso de que se produza un incendio ou unha irrupción de auga na caída de materiais."

A GTOC define algúns dos conceptos recollidos do precepto sinalado, como son os de estibación, blindaxe, apeo ou noiro. En canto ao risco de caída de persoas, terras,

materiais ou obxectos, sinala que cando non poidan adoptarse medidas preventivas a través do propio sistema de execución, instalaranse medios de protección colectiva (redes, toldos...), complementados coa oportuna sinalización.

Polo que respecta á eliminación dos contaminantes mais comunmente xerados durante a execución de túneles son, como recorda a GTOC, o po e os gases procedentes da combustión de vehículos e maquinaria, para os que a GTOC aconsella diferentes tipos de ventilación (aspirante, soplante e mixta).

En canto ás vías e sistemas de evacuación dos traballadores para o caso de que se materialice algunha emerxencia, a GTOC establece o seguinte:

- As entradas e saídas de pozos, traballos subterráneos e túneles manteranse expeditas e cunha franxa ao seu arredor de acceso restrinxido debidamente sinalizada.

- Cando nun túnel circulen indistintamente vehículos e peatóns, as vías polas que transiten deberán manterse separadas sempre que elo sexa posible.

- As vías e saídas de evacuación que requiran iluminación deberán estar equipadas con iluminación de emerxencia de suficiente intensidade.

- En todo caso, hai que ter en conta, ademais, o disposto en materia de vías e saídas de emerxencia no número 4 do anexo IV- A do RDOC (neste traballo, en IX.1.1.3).

3. A letra c), do número 9 que estamos comentando establece: "Deberán preverse vías seguras para entrar e saír da escavación." Distingue a GTOC entre vías para vehículos (que consistirán xeralmente en ramplas, das que a súa anchura mínima será o ancho do vehículo máis unha marxe que permita a súa maniobrabilidade, que pode estimarse en 0,70 m. por cada lado); vías para peatóns (utilizándose preferentemente escaleiras fixas ou ramplas, evitándose, dentro do posible, as escaleiras de man ou escalas); e vías conxuntas, para vehículos e peatóns, recomendándose para esta utilización conxunta as ramplas, cunha anchura mínima de paso recomendable para peatóns de 1 m.

No caso de que exista risco de caída de altura superior a 2 m., deberán instalarse varandas ou outro sistema de protección colectiva, nos termos do número 3 do anexo IV- C RDOC. De empregarse medios mecánicos (ascensores...) estes axustaranse ao disposto no número 6, do anexo IV- C RDOC. Todas as vías sinalizaranse de acordo coas disposicións do RDSS.

4. A letra d) do anexo IV- C RDOC dispón: "As acumulacións de terras, escombros ou materiais e os vehículos en movemento deberán manterse afastados das escavacións ou deberán tomarse as medidas adecuadas, no seu caso mediante a construción de barreiras, para evitar a súa caída nas mesmas ou o derrubamento do terreo."

Como complemento do que vimos de sinalar, pódense ter en conta as especificacións técnicas das NTE- ADV (BOE 06.03.1976), sobre "acondicionamento do terreo, desmontes e baleirados"; NTE- ADZ (BOE 08.01.1977), sobre "acondicionamento do terreo, desmontes, gabias e pozos"; e NTE- CCT (BOE 03.12.1977), sobre "cimentacións, contencións e noiros".

Finalmente, haberá que estar ao disposto no REPI, en canto á utilización de equipos de protección individual (ver neste traballo IX.3.6).

2.3.2. Responsabilidade administrativa

Os incumprimentos das obrigas anteriores tipificaranse como infracción grave (art. 12.16. b e f LISOS, segundo os casos) ou moi grave (art. 13.10 LISOS), en función das circunstancias concorrentes.

2.4. Vehículos e maquinaria para movemento de terras e manipulación de materiais. Outras instalacións, máquinas e equipos

2.4.1. Aplicación do RDSM e do RDET

2.4.1.1. Introdución á normativa

Os comentarios que faremos a continuación respecto da normativa aplicable ás máquinas e aos equipos de traballo no seu conxunto teñen carácter xeral. Estamos diante dunha normativa realmente pesada, que, cronoloxicamente, comeza co RDSM, que, no seu art.1, tras definir que se entende por máquina, exclúe de tal concepto unha longa lista, entre a que se atopan, como tales "máquinas" excluídas, "os ascensores de obras de construción".

De acordo con tal precepto, e aos efectos do RDSM, entenderase por máquina:

- Un conxunto de pezas ou órganos unidos entre si , dos cales un polo menos terá que ser móbil e, no seu caso, de órganos de accionamento, circuítos de mando e de potencia, ou outros, asociados de forma solidaria para unha aplicación determinada, en particular para a transformación, tratamento, desprazamento e acondicionamento dun material.

- Un conxunto de máquinas que, para chegar a un mesmo resultado, estean dispostas e accionadas para funcionar solidariamente.

- Un equipo intercambiable que modifique a función dunha máquina, que se poña no mercado co obxecto de que o operador o amolde a unha máquina, a unha serie

de máquinas diferentes ou a un tractor, sempre que este equipo non sexa unha peza de recambio ou unha ferramenta.

O RDSM sinala no seu art. 5.1 que se considerarán conformes co conxunto das disposicións do mesmo, incluídos os procedementos de avaliación de conformidade establecidos no seu capítulo II, "...as máquinas que estean provistas de marcado "CE" e acompañadas da declaración "CE" de conformidade...", correspondendo (art. 8) ao fabricante da máquina, ou o seu representante na Comunidade, elaborar, para cada unha das máquinas, unha declaración "CE" de conformidade, da que os seus elementos figuran, segundo os casos, nos parágrafos A ou C do anexo II do RDSM. Segue a dicir este art. 8 RDSM que corresponde ao fabricante, ou o seu representante na Comunidade, "...colocar sobre a máquina o marcado "CE"..." regulado no art. 10 RDSM. A obriga de declaración de conformidade e de marcado "CE" corresponde, en definitiva, ao fabricante da máquina, nunca ao usuario da mesma, o que, como veremos, ten claras consecuencias no ámbito administrativo sancionador.

En xeral (posto que a norma que comentamos contempla na disposición transitoria única e na disposición final segunda, datas de entrada en vigor diferentes para determinadas categorías de máquinas) as obrigas que comentamos o son para as máquinas comercializadas e postas en uso a partir do 1 de xaneiro de 1995. De aí que ás máquinas comercializadas e postas en uso con anterioridade a esta data, coas excepcións ás que antes aludimos, non lles resulta de aplicación o RDSM.

Nembargante, esta regulación hai que ligala coa establecida polo RDET. Esta norma comeza por definir, no seu art. 1, qué se entende por equipo de traballo: "calquera máquina, aparato, instrumento ou instalación utilizado no traballo", concepto, obviamente, máis amplo que o de máquina o que inclúe, por exemplo, as ferramentas manuais. Na súa disposición transitoria única, o RDET establecía un prazo de 12 meses para a adaptación ó mesmo dos equipos de traballo en uso, prazo que podería ampliarse a través do mecanismo, contemplado na propia norma, dos plans de posta en conformidade. Todos estes prazos están amplamente superados na actualidade, polo que todos os equipos de traballo, incluídas as máquinas ás que inicialmente era de aplicación o RDSM, deben suxeitarse ás prescricións do RDET.

Planteadas así as cousas ¿qué pode facer un empresario/usuario dunha máquina, en uso con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1995; ou comercializada con posterioridade a tal data sen declaración de conformidade e sen marcado "CE"? Aínda que tal obriga non existe desde o punto de vista legal, tal empresario/usuario de tal máquina debe poñer a mesma "en conformidade" coas prescricións do RDET, asegurándose que cumpre con todos os requisitos que, para cada tipo de máquina, establece o RDET. E pode facelo:

- A través do correspondente certificado de conformidade, expedido, ben por un Organismo de Control Autorizado (OCA), ou ben por calquera técnico competente, cuxa titulación universitaria ou profesional lle habilite para isto.

- Cabe pensar que sería tamén un procedemento válido que a correspondente avaliación de riscos do equipo en cuestión garantise a súa adecuación ó RDET, sempre que esa avaliación de riscos fora elaborada por un técnico con habilitación suficiente. (En canto ás consecuencias, desde o punto de vista da LISOS, dos incumprimentos nesta materia, ver IX.2.4.1.2)

Finalmente, e para o caso de que o propio empresario/usuario da máquina sexa o fabricante da mesma, hai que ter en conta que as obrigas que o RDSM establece para o fabricante abarcan a quen "...constrúa a máquina...para o seu propio uso" (art. 8.6 RDSM).

Os anexos das dúas normas que comentamos, en canto as súas disposicións en materia de seguridade e saúde, teñen os esquemas que se detallan a continuación.

Así, o anexo I do RDSM contempla na súa regulación:

1. Os requisitos esenciais de seguridade e saúde, que inclúen:

a) Xeneralidades coas definicións de zona perigosa, persoa exposta e operador; os principios de integración da seguridade; os materiais empregados para fabricar as máquinas e os produtos que se teñan utilizado e creado durante o seu uso; a iluminación que deberá incorporar a máquina; e as características de deseño da máquina con miras á súa manipulación.

b) O mando, que abarca a seguridade e fiabilidade dos sistemas de mando; os órganos de accionamento; a posta en marcha; o dispositivo de parada; o selector de modo de marcha; os posibles fallos na alimentación de enerxía; os posibles fallos do circuíto de mando; e os programas de diálogo entre o operador e o sistema de mando ou de control da máquina.

c) As medidas de seguridade contra perigos mecánicos: estabilidade fronte ós riscos de envorcadura, caída ou desprazamento de forma intempestiva; perigo de rotura en servizo; perigos de caída ou proxección de obxectos; perigos debidos a superficies, arestas ou ángulos; perigos relativos ás máquinas combinadas, previstas para efectuar operacións en diferentes condicións de utilización; prevención dos perigos relativos aos elementos móbiles; e a elección da protección contra os perigos relativos aos elementos móbiles.

d) As características que deben reunir os resgardos e os dispositivos de protección: requisitos xerais; requisitos específicos para os resgardos, distinguindo entre os resgardos fixos, os resgardos móbiles (de tipo A e B) e os resgardos regulables que restrinxan o acceso; e requisitos específicos para os dispositivos de protección.

e) As medidas de seguridade contra outros perigos: enerxía eléctrica; electricidade estática; enerxías distintas da eléctrica; erros de montaxe; temperaturas extremas; incendio; explosión; ruído; vibracións: radiacións da máquina; radiacións exteriores; equipos láser; emisións de po, gases etc.; e caídas.

f) O mantemento: conservación da máquina; medios de acceso ao posto de traballo ou aos puntos de intervención; separación das fontes de enerxía; intervención do operador; e limpeza das partes interiores.

g) As indicacións: dispositivos de información: dispositivos de advertencia; sinais de advertencia dos riscos residuais; marcado "CE"; e manual de instrucións do fabricante

2. Requisitos esenciais de seguridade e saúde para algunhas categorías de máquinas, que integran:

a) Máquinas agroalimentarias

b) Máquinas portátiles e máquinas guiadas a man

c) Máquinas para traballar a madeira e materias asimiladas.

3. Requisitos esenciais de seguridade e de saúde para neutralizar os perigos especiais debidos á mobilidade das máquinas, que abarcan:

a) Xeneralidades: definición de condutor; iluminación; e deseño da máquina con vistas á súa manipulación.

b) Posto de traballo: posto de condución; asentos; e outros postos.

c) Mandos: órganos de accionamento; posta en marcha/desprazamento; detención do desprazamento; desprazamento de máquinas con condutor a pé; e posibles fallos do circuíto de mando.

d) Medidas de seguridade contra os perigos mecánicos: perigos debidos a movementos non intencionados; perigos de rotura en servizo; perigo de envorcadura da máquina; perigo de caída de obxectos; perigo de caídas desde os medios de acceso; perigos relativos ós dispositivos de remolque; perigos relativos á transmisión de enerxía entre a máquina automotriz (ou o tractor) e a máquina receptora; e perigos relativos ós elementos móbiles de transmisión.

e) Medidas de seguridade contra outros perigos: batería de acumuladores; incendio; emisións de po, gases etc.

f) Indicacións: sinalización de advertencia; marcado "CE"; e manual de instrucións.

4. Requisitos esenciais de seguridade e saúde para neutralizar os perigos especiais debidos a operacións de elevación, cuxa regulación incorpora:

a) Xeneralidades, coas definicións de "accesorios de elevación", "carga guiada", "coeficiente de utilización", "coeficiente de proba", " proba estática" e "proba dinámica"; e medidas de seguridade contra perigos mecánicos (perigos debidos á falta de estabilidade; guías e pistas de rodadura; resistencia mecánica; poleas, tambores, cadeas e cables; accesorio de eslingado; control dos movementos; manipulación das cargas e risco de raio).

b) Requisitos específicos para os aparatos de accionamento non manual: mandos (posto de condución; órganos de accionamento; e control de solicitacións); instalación guiada por cables; riscos para as persoas expostas (medios de acceso aos postos de traballo e aos postos de intervención); e aptitude para o uso.

c) Marcado "CE": cadeas e cables; accesorios de elevación; máquinas

d) Instrucións: accesorios de elevación e máquinas.

5. Requisitos especiais de seguridade e de saúde para as máquinas destinadas a traballos subterráneos: perigos debidos á falta de estabilidade; circulación: iluminación; órganos de accionamento; detención do desprazamento; incendio; e emisións de po, gas etc.

6. Requisitos esenciais de seguridade e de saúde para evitar os riscos específicos debidos á elevación ou ao desprazamento de persoas: xeneralidades; órganos de accionamento; perigos de caída de persoas fóra do habitáculo; perigos de caída ou de envorcadura do habitáculo; e indicacións.

De toda esta regulación, deterémonos na que se fai (puntos 1.7.4 e 3.6.3 do anexo que estamos analizando) do manual de instrucións, peza clave para que o fabricante proporcione a información necesaria para o bo uso da máquina, dos perigos potenciais que de tal uso poden derivarse e dos medios de protección en tales casos.

A obriga da súa elaboración é do fabricante ou do seu representante establecido na Unión Europea. O manual estará redactado nunha das linguas comunitarias. No momento da súa entrada en servizo, toda máquina deberá ir acompañada dunha tradución do manual, polo menos en castelán e do manual orixinal. En tal manual de instrucións indicarase, como mínimo, o seguinte:

- O recordatorio das indicacións establecidas para o marcado "CE", completadas, no seu caso, coas indicacións que permitan facilitar o seu mantemento.

- As condicións previstas de utilización, tendo en conta que cando o emprego anormal da máquina implique un risco, esta deberá estar deseñada para evitar que se uti-

lice de xeito anormal, de forma que, no seu caso, nas instrucións de emprego deberán sinalarse ó usuario as contraindicacións de emprego da máquina que, segundo a experiencia, puideran presentarse.

- El ou os postos de traballo que poidan ocupar os operadores e as instrucións para que se poidan realizar sen risco.

- A posta en servizo.

- A manutención, coa indicación da masa da máquina e os seus diversos elementos cando, de forma irregular, deban transportarse por separado.

- A instalación, montaxe e desmontaxe.

- A regraxe.

- O mantemento (conservación e reparación).

- Se fora necesario, as características básicas das ferramentas que poidan acoplarse á máquina.

- No seu caso, as instrucións de aprendizaxe.

- O manual incluirá os planos e esquemas necesarios para poñer en servizo, conservar, inspeccionar, comprobar o bo funcionamento e, se fora necesario, reparar a máquina e calquera outra instrución pertinente, en particular, en materia de seguridade.

- Se fora necesario, o manual ofrecerá as prescricións relativas á instalación e a montaxe dirixidas a reducir o ruído e as vibracións producidas (por exemplo, utilización de amortecedores etc.).

O manual de instrucións proporcionará, así mesmo, as seguintes indicacións sobre o ruído aéreo emitido pola máquina: o nivel de presión acústica continuo equivalente ponderado A nos postos de traballo, cando supere os 70 dB (A), debéndose mencionar no caso de que ese nivel fora inferior ou igual a 70 db (A); o valor máximo da presión acústica instantánea ponderada C, cando supere os 63 Pa (130 dB con relación a 20 uPa); o nivel de potencia acústica emitido pola máquina, se o nivel de presión acústica continuo equivalente ponderado A supera os 85 dB (A).

No caso de máquinas que presenten perigos debidos á súa mobilidade, o manual de instrucións deberá incluír, ademais (punto 3.6.3 do anexo que estamos a comentar) das indicacións xenéricas mencionadas, unha serie de mencións específicas en materia de vibracións. Así mesmo, no caso de máquinas que permitan varios usos e en función do equipo que se lles incorpore, o fabricante da máquina base á cal poidan fixarse os

equipos intercambiables, e o fabricante dos equipos intercambiables deberán dar información que permita que a montaxe e a utilización se fagan con seguridade.

Pola súa banda, o RDET, nos seus dous anexos, regula:

- Anexo I.- Disposicións mínimas aplicables aos equipos de traballo (que comprende as disposicións mínimas xerais aplicables aos equipos de traballo; e as disposicións mínimas adicionais aplicables a determinados equipos de traballo, distinguindo neste caso entre os equipos de traballo móbiles, sexan automotores ou non, e os equipos de traballo para a elevación de cargas).

- Anexo II.- Disposicións relativas á utilización dos equipos de traballo (que comprende as disposicións xerais de utilización dos equipos de traballo; as condicións de utilización de equipos de traballo móbiles, automotores ou non; as condicións de utilización de equipos de traballo para a elevación de cargas; e as disposicións relativas á utilización dos equipos de traballo para a realización de traballos temporais en altura).

2.4.1.2. Responsabilidade administrativa

Como vimos de dicir o fabricante da máquina é o responsable de facer a correspondente declaración de conformidade e marcado "CE", nas condicións que tamén sinalamos. Pois ben, para o caso de incumprimento destas obrigas, non resulta consecuencia ningunha desde o punto de vista das responsabilidades administrativas na orde social, posto que, a pesares daquelas, e do establecido no art. 41 da LPRL, os fabricantes, importadores e subministradores de maquinaria e equipos de traballo non son suxeitos responsables para a LISOS (art. 2 LISOS). E, na medida en que, insistimos, as obrigas son para aqueles, o empresario/usuario de tales máquinas sen declaración de conformidade e sen marcado "CE" non pode ser responsable administrativo de tales carencias.

Cuestión diferente é a de que todo equipo de traballo debe adaptarse ao disposto no RDET, obriga que si corresponde ao empresario/usuario de tales equipos, de xeito que a utilización dun equipo de traballo "non conforme" coas disposicións do RDET daría lugar a unha infracción administrativa grave (art. 12.16.b LISOS) ou moi grave (art. 13.10 LISOS), en función das circunstancias concorrentes.

2.4.2. A regulación do RDOC

2.4.2.1. Vehículos e maquinaria para movemento de terras e manipulación de materiais

O RDOC adica o número 7, do anexo IV- C aos vehículos e maquinaria para movemento de terras e manipulación de materiais, entre os que a GTOC cita como exem-

plo ós tractores, cargadoras, retroexcavadoras, tuneladoras, dúmperes, carretillas automotoras, manipuladoras telescópicas etc.

Tal regulación é a seguinte.

1. Tales vehículos e maquinaria regularanse pola súa normativa específica. No caso de que tal normativa non exista, aplicaranse as disposicións do RDOC.

Esta normativa específica á que alude o RDOC é a contida no RDET e no RDSM, así como en calquera outra norma que, en función dos concretos riscos que se presenten, sexa de aplicación.

Existen, por outro lado, varias NTP de interese. Especificamente sobre máquinas para o movemento de terras, cabe citar:

-NTP- 126, que sinala que pode ser aplicada á pala cargadora de rodas e eirugas; bulldozer; compactadoras; mototraillas; e motoniveladoras.

- NTP- 75, sobre "Bulldozer".

- NTP- 76, sobre "Dumper- carretilla a motor con caixa abatible"

- NTP- 134, sobre "Asento anatómico".

Ademais, cabe citar as seguintes normas UNE:

-UNE 115225. Maquinaria para movemento de terras. Avisadores acústicos montados sobre a maquinaria e accionados marcha adiante e atrás. Método de ensaio.

-UNE 115229. Maquinaria para movemento de terras. Pictogramas de seguridade e perigo. Principios xerais.

-UNE 115230-1. Maquinaria para movemento de terras.Condicións ambientais na cabina do operador. Parte 1: definicións e xeneralidades.

-UNE 115233. Maquinaria para movemento de terras. Dispositivos de aviso para máquinas de desprazamento lento. Sistemas de ultrasóns e outros.

-UNE 115440. Maquinaria para movemento de terras. Luces de iluminación, sinalización e posición e dispositivos reflectantes (catadióptricos).

-UNE 115441. Maquinaria para movemento de terras. Asento do operador. Dimensións e requisitos.

-UNE-EN 474-1. Maquinaria para movemento de terras. Seguridade. Parte 1: requisitos xerais.

-UNE-EN 474-2. Maquinaria para movemento de terras. Seguridade. Parte 2: requisitos para tractores.

-UNE-EN 474-3. Maquinaria para movemento de terras. Seguridade. Parte 3: requisitos para cargadoras.

-UNE-EN 474-4. Maquinaria para movemento de terras. Seguridade. Parte 4: requisitos aplicables a retrocargadoras.

-UNE-EN 474-5. Maquinaria para movemento de terras. Seguridade. Parte 5: requisitos para escavadoras hidráulicas.

-UNE-EN 474-6. Maquinaria para movemento de terras. Seguridade. Parte 6: requisitos para dúmperes.

-UNE-EN 474-7. Maquinaria para movemento de terras. Seguridade. Parte 7: requisitos para mototraíllas.

-UNE-EN 474-8. Maquinaria para movemento de terras. Seguridade. Parte 8: requisitos para motoniveladoras.

-UNE-EN 474-9. Maquinaria para movemento de terras. Seguridade. Parte 9: requisitos para máquinas de tendido de sumidoiros.

-UNE-EN 474-10. Maquinaria para movemento de terras: seguridade. Parte 10: requisitos para zanxadoras de canxilóns.

-UNE-EN 474-11. Maquinaria para movemento de terras: seguridade. Parte 11: requisitos para compactadores de noiros.

-UNE-EN 500-1. Maquinaria móbil para construción de estradas. Seguridade. Parte 1: requisitos xerais.

-UNE-EN 500-2. Maquinaria móbil para construción de estradas. Seguridade. Parte 2: requisitos específicos para fresadores de firme.

-UNE-EN 500-3. Maquinaria móbil para construción de estradas. Seguridade. Parte 3: requisitos específicos para estabilizadoras de solos.

-UNE-EN 500-4. Maquinaria móbil para construción de estradas. Seguridade. Parte 4: requisitos específicos para compactadores.

-UNE-EN 500-5. Maquinaria móbil para construción de estradas. Seguridade. Parte 5: requisitos específicos para cortadoras de xuntas.

-UNE-EN 536. Máquinas para a construción de estradas (plantas mesturadoras asfálticas): requisitos de seguridade.

-UNE-EN 791. Equipos de perforación. Seguridade.

-UNE-EN 815. Seguridade das tuneladoras sen escudo e das máquinas perforadoras de pozos, sen vástago de tracción, para roca.

-UNE-EN 953. Seguridade das máquinas. Resgardos. Requisitos xerais para o deseño e construción de resgardos fixos e móbiles.

-UNE-EN 12643. Maquinaria para movemento de terras. Máquinas sobre pneumáticos. Capacidade de dirección.

-UNE-EN 115203. Maquinaria para movemento de terras. Dimensións mínimas de acceso.

-UNE-EN 115204. Maquinaria para movemento de terras. Estruturas de protección contra a envorcadura e a caída de obxectos. Ensaios de laboratorio. Especificacións do volume límite de deformación.

-UNE-EN 13510. Maquinaria para movemento de terras (estruturas de protección fronte a envorcadura). Ensaios de laboratorio e esixencias de comportamento.

-UNE-EN 115205. Maquinaria para movemento de terras. Dimensións físicas dos operadores e espazo mínimo ao redor do operador.

-UNE-EN 115201. Maquinaria para movemento de terras. Estruturas de protección contra a caída de obxectos. Ensaios de laboratorio e características requiridas.

-UNE-EN ISO 3450. Maquinaria para movemento de terras. Dispositivos de freado de máquinas sobre pneumáticos. Requisitos relativos aos dispositivos e o seu funcionamento e métodos de ensaio.

-UNE-EN ISO 3457. Maquinaria para movemento de terras. Proteccións. Definicións e especificacións.

-UNE-EN ISO 6682. Maquinaria para movemento de terras. Zonas de comodidade e de accesibilidade aos mandos.

-UNE-EN ISO 6683. Maquinaria para movemento de terras. Cintos de seguridade.

2. Segue a dicir o número 7 do anexo IV-C RDOC, na súa letra b): "Todos os vehículos e toda maquinaria para movementos de terras e para manipulación de mate-

riais deberán: 1. Estar ben proxectados e construídos, tendo en conta, na medida do posible, os principios da ergonomía. 2. Manterse en bo estado de funcionamento. 3. Utilizarse correctamente". Danse por reproducidos aquí todos os comentarios feitos en IX.2.4.1.1. Tamén cabe citar as seguintes normas UNE:

-UNE 115216. Maquinaria para o movemento de terras. Operación e mantemento. Presentación e contido dos manuais técnicos.

-UNE 115423. Maquinaria para o movemento de terras. Instrumentos para o mantemento.

-UNE 115428. Maquinaria para o movemento de terras. Conservación e mantemento.

3. A letra c) do número 7 do anexo IV- C RDOC establece: "Os condutores e persoal encargado de vehículos e maquinarias para movementos de terras e manipulación de materiais deberán recibir unha formación especial."

Segundo a GTOC, considérase que se ten esa formación especial cando se está en posesión dun documento acreditativo emitido por un organismo competente ou entidade autorizada, sinalándose, ademais, que para o desenvolvemento das tarefas asociadas á utilización destes vehículos e maquinaria será precisa a autorización expresa e nominativa da empresa á que pertence o traballador. Como referencia complementaria, pódense citar dúas normas UNE:

-UNE 115212. Maquinaria para movemento de terras. Guía de procedemento para a formación do operador.

-UNE 115215. Maquinaria para o movemento de terras. Emprego e mantemento. Método de formación do persoal mecánico.

4. Segundo a letra d) do número 7 do anexo IV- C RDOC, "deberán adoptarse medidas preventivas para evitar que caian nas escavacións ou na auga vehículos ou maquinarias para o movemento de terras e manipulación de materiais", para o que se terán que adoptar as medidas de prevención ás que fixemos referencia, en canto á estabilidade do terreo, instalación de protección e sinalización, en IX.2.3.1.

5. Para rematar, o número 7 do anexo IV- C RDOC, na súa letra e), dispón: "cando sexa adecuado, as maquinarias para movemento de terras e manipulación de materiais deberán estar equipadas con estruturas concibidas para protexer ao condutor contra o esmagamento, en caso de envorcadura da máquina, e contra a caída de obxectos." Reiterar aquí a obrigatoriedade de que tal maquinaria reúna os requisitos xerais do RDSM e RDET, expostos en IX.2.4.1.

Máis en concreto, o punto 3.4.3 do anexo I do RDSM sinala que cando exista perigo de que unha máquina automotriz poida envorcar co condutor a bordo e, eventualmente, con operadores tamén a bordo, a devandita máquina deberá estar deseñada e provista de puntos de ancoraxe, de xeito que poida montarse unha estrutura de protección contra o devandito perigo. Ademais, enumera unha serie de máquinas de explanación que, cando teñan unha potencia superior a 15 kw., deberán contar cunha estrutura de protección para o caso de envorcadura. Tales máquinas son:

- Cargadoras de eiruga ou con rodas.

- Palas cargadoras.

- Tractores eiruga ou con rodas.

- Decapadoras con ou sen autocargador.

- Niveladoras.

- Caixas abatibles con tren dianteiro

2.4.2.2. Outras instalacións, máquinas e equipos

Referirémonos aquí a aqueloutras instalacións, máquinas e equipos diferentes ás previstas no anexo IV- C RDOC, nos seus números 5 e 6 (andamios e escaleiras, que se abordan neste traballo en IX.3.4; e aparatos elevadores, que se analizan en IX.3.3) e 7 (que vimos de analizar en IX.2.4.2.1), e que, ademais, non se utilizan só na fase de obra que analizamos, senón tamén , sobre todo algunhas das que enunciaremos, noutras fases como é a de estruturas, forxados e cerramentos. Non obstante abordaremos aquí a súa análise, para posibilitar unha visión de conxunto das mesmas.

En concreto, e desde o punto de vista legal, imos abordar a regulación contida no número 8 do anexo IV- C RDOC.

A GTOC cita como exemplo de instalacións afectadas pola regulación que de seguida analizaremos as plantas de machaqueo; plantas asfálticas; plantas de formigonado; estación de lodos bentoníticos; aire comprimido; ventilación...

Tal regulación é a seguinte.

1. Sinala a letra a) do número 8 do anexo IV- C RDOC que as instalacións, máquinas e equipos utilizados nas obras deberán axustarse á súa normativa específica, a salvo da cal, deberán observar as prescricións da norma que comentamos. Tal normativa está constituída polos RDSM e RDET, así como por calquera outra norma que sexa de aplicación, en función dos tipos concretos de riscos que se presenten.

Como NTP de interese, se citan a NTP- 90, sobre "plantas de formigonado. Tipo radial; e a NTP- 94, sobre "plantas de formigonado. Tipo torre".

2. Segundo a letra b) do número 8 do anexo IV- C RDOC, "as instalacións, máquinas e equipos, incluídas as ferramentas manuais ou sen motor, deberán: 1º Estar ben proxectados e construídos, tendo en conta, na medida do posible, os principios da ergonomía. 2º Manterse en bo estado de funcionamento. 3º Utilizarse exclusivamente para os traballos que teñan sido deseñados. 4ª Manexarse por traballadores que teñan recibido unha formación adecuada"

Entre as máquinas e equipos afectados por esta normativa que podemos mencionar como de uso máis frecuente está a formigoneira; a dobradora de ferralla; a maquinaria para a construción de muros pantalla; as serras circulares de mesa; os compresores; os martelos e pistolas pneumáticos; os equipos de perforación; os equipos de pilotaxe; os equipos de soldadura; os equipos que utilizan fontes radiactivas; os trades; a cortadora de material cerámico; a radial; a cortadora de xuntas; a rozadora eléctrica; os equipos de soldadura eléctrica e oxicorte...

Existe unha serie de NTP específicas en relación con algúns deles, en concreto:

- NTP- 96, sobre "serra circular para construción. Dispositivos de protección".

- NTP- 631, sobre "riscos na utilización de equipos e ferramentas portátiles accionados por aire comprimido".

- NTP- 93, sobre "formigoneira"; e a NTP- 121, sobre "camión formigoneira"

En materia de mecanismos de protección nas máquinas, hai que citar:

- NTP- 10, sobre "resgardos. Distancias de seguridade".

- NTP- 11, sobre "detectores de posición eléctricos en resgardos de encravamentos".

- NTP- 12, sobre "encravamento de movementos perigosos con inercia".

- NTP- 13, sobre "encravamentos de seguridade mediante pechaduras".

- NTP- 14, sobre "troqueles pechados".

- NTP- 52, sobre "consignación de máquinas".

- NTP- 86, sobre "dispositivos de parada de emerxencia".

- NTP- 235, sobre "medidas de seguridade en máquinas: criterios de selección".

- NTP- 325, sobre "cuestionario de chequeo para o control do risco de atrapamento en máquinas".

- NTP- 552, sobre "protección de máquinas fronte a perigos mecánicos: resgardos"

- NTP- 169, sobre "condicións de cabreado en máquinas".

- NTP- 70, sobre "mandos a dúas mans. Requirimentos de seguridade".

Xa máis especificamente para máquinas- ferramentas, están:

- NTP- 53, sobre "equipo eléctrico de máquinas- ferramentas. Órganos de servizo. Cores".

- NTP- 87, sobre "equipo eléctrico en máquinas- ferramentas. Medidas de seguridade".

- NTP- 69, sobre "sistemas de protección en prensas mecánicas excéntricas".

En canto á formación deber reproducirse aquí o comentario feito ao respecto en IX.2.4.2.1.

3. A letra c) do número 7 do anexo IV- C RDOC prescribe que "as instalacións e os aparatos a presión deberán axustarse ao disposto na súa normativa específica."

Tal normativa ven constituída por un complexo listado de normas de rango variado, das que consideramos de maior importancia as seguintes:

- RAPR, modificado de xeito importante polo Real Decreto 769/1999, do 7 de maio, norma esta última que, ademais, dicía as disposicións de aplicación da Directiva do Consello 97/23/CE, relativa á aproximación da lexislación dos Estados membros sobre equipos a presión.

- Real Decreto 1495/1991, do 11 de outubro, sobre disposicións de aplicación da Directiva do Consello 87/404/CEE.

2.4.2.3. Responsabilidade administrativa

Damos por reproducidos aquí os comentarios feitos en IX.2.4.1.1, ao referirnos ás máquinas e equipos de traballo en xeral, se ben insistimos na idea de que todo equipo de traballo debe adaptarse ao disposto no RDET, obriga que corresponde ao empresario/usuario de tales equipos, de xeito que a utilización dun equipo de traballo "non conforme" coas disposicións do RDET (o que non é exactamente o mesmo que carente da declaración formal de conformidade ou de marcado "CE") daría lugar

a unha infracción administrativa grave (art. 12.16.b LISOS) ou moi grave (art. 13.10 LISOS), en función das circunstancias concorrentes , infracción nas que tamén podería incorrer un empresario que permitira a utilización destas máquinas, equipos ou instalacións en condicións diferentes ás establecidas polo fabricante, creando dese xeito un risco para a seguridade e saúde dos traballadores.

Tamén hai que ter en conta a obriga de utilizar estas máquinas, equipos e instalacións observando as medidas de protección colectiva e individual que sexan do caso, polo que os incumprimentos poderían dar lugar á infracción tipificada no art. 12.16.f) LISOS (grave, aínda que podería ser moi grave, de encaixar no art. 13.10 LISOS).

3. ESTRUTURAS, FORXADOS, CERRAMENTOS E CUBERTAS

3.1 Introdución

Estas fases da obra, nas que se executan as tarefas de encofrado, ferralla e colocación de armaduras, formigonado, desencofrado, cerramentos, cubertas...son seguramente das de maiores riscos para a seguridade e saúde dos traballadores. Nembargante, a errática ordenación normativa do RDOC adica apenas unhas cantas disposicións directamente aplicables a estes traballos. Corresponde analizar aquí estas normas, ademais da que ten que ver coa maquinaria específica que é común utilizar nestas fases, así como a propia dos equipos para a elevación de cargas e das protección colectivas e medios auxiliares de traballo (andamios e escaleiras).

Por ser, por outra banda, as fases da obra que normalmente se estenden máis desde o punto de vista da súa execución temporal, analizaremos aquí toda a problemática relativa aos equipos de protección individual, que, como é lóxico, afecta ao conxunto do desenvolvemento da obra.

3.2. As normas contidas no RDOC

As disposicións do RDOC directamente aplicables a estes traballos (ademais daquelas ás que se fai referencia neste mesmo traballo en IX.3.3, ao abordar os equipos para a elevación de cargas, e en IX.3.4, ao analizar os andamios e as escaleiras de man) son as que seguen.

3.2.1. Caídas de obxectos

As disposicións do número 2 do anexo IV- C RDOC, relativas á caída de obxectos, son as seguintes

1. "a) Os traballadores deberán estar protexidos contra a caída de obxectos ou materiais; para isto utilizaranse, sempre que sexa tecnicamente posible, medidas de protección colectiva."

2. "b) Cando sexa necesario, estableceranse pasos cubertos ou se impedirá o acceso ás zonas perigosas."

A GTOC explicita que "obxectos ou materiais" son todos os produtos, tanto sólidos como líquidos, empregados na construción, así como os seus desfeitos, os equipos de traballo e os seus compoñentes.

Como regra xeral, hai que evitar transportar obxectos ou materiais por riba dos postos de traballo. Segue a dicir a GTOC que os medios de protección colectiva a utilizar son moi variados: pasos cubertos, barreiras, plintos ou rodapés, marquesiñas, redes...Precisamente no caso pasos cubertos, marquesiñas e redes horizontais de recollida, deberá terse en conta que, na súa posible deformación, non invadan o espazo do traballador, entendéndose como tal o delimitado pola superficie de paso e unha altura mínima de 2 m.

Continua a GTOC sinalando que, naqueles pasos cubertos nos que non estea garantida a iluminación natural, instalarase iluminación artificial e de emerxencia, no seu caso.

Continuando o esquema do precepto que se comenta, sinala a GTOC que cando non sexa posible a instalación de protecciónss colectivas, impedirase o acceso ás zonas de previsible caída de obxectos ou materiais. Para esta fin, poderanse utilizar valas ou calquera outro tipo de cerramento que proporcione un nivel de seguridade equivalente.

Evidentemente, e como complemento das protecciónss anteriores, os traballadores deberán ter a súa disposición equipos de protección individual.

3. "c) Os materiais de acopio, equipos e ferramentas de traballo deberán colocarse ou almacenarse de xeito que se evite o seu desplome, caída ou envorcadura." Para isto, sinala a GTOC, a colocación destes materiais farase sobre superficies resistentes, estables e, na medida do posible, horizontais.

3.2.2. Caídas de altura

O número 3 do anexo IV- C RDOC, relativo ás caídas de altura, dispón:

1. "a) As plataformas, andamios e pasarelas, así como os desniveis, ocos e aberturas existentes nos pisos das obras, que supoñan para os traballadores un risco de caída de altura superior a 2 metros, protexeranse mediante varandas ou outro sistema de protección colectiva de seguridade equivalente. As varandas serán resistentes, terán

unha altura mínima de 90 centímetros e disporán dun reborde de protección, un pasamáns e unha protección intermedia que impidan o paso ou deslizamento dos traballadores."

A GTOC recorda que, debido ao incremento da talla media das persoas, esa altura mínima de 90 centímetros para as varandas estase a superar, como consecuencia de diferentes ensaios en distintas normas, en concreto, en dúas normas UNE:

-UNE-EN 76-502-90. andamios de servizo e traballo, con elementos prefabricados. Materiais, medidas, cargas de proxecto e requisitos de seguridade para realizar un traballo seguro. Esta norma establece a altura mínima das varandas en 1 metro.

-UNE-EN 1495: 1998. Plataformas elevadoras ou plataformas elevadoras sobre mastro, norma que fixa a devandita altura en 1,10 metros.

Por outra banda, aclara a GTOC que por "reborde de protección" hai que entender o rodapé.

2. "Os traballos en altura só poderán efectuarse, en principio, coa axuda de equipos concibidos para tal fin ou utilizando dispositivos de protección colectiva, tales como varandas, plataformas ou redes de seguridade. Se pola natureza do traballo isto non fora posible, deberá disporse de medios de acceso seguros e utilizarse cintos de seguridade con ancoraxe ou outros medios de protección equivalente."

Son tres as posibilidades de traballar con seguridade que plantea o precepto:

A.-Empregar equipos especificamente concibidos para tal fin, equipos que deberán cumprir coas esixencias técnicas do RDSM (se dunha máquina, de acordo coa definición que das mesmas da o RDSM, se tratara); e, en todo caso, coas previstas no RDET.

B.- Empregar os mecanismos de protección citados pola norma (varandas, plataformas ou redes de seguridade), que tamén deberán cumprir as esixencias do RDET.

- Sobre varandas, cabe citar a NTP- 123, ademais de recordar o comentario que se vén de facer no punto 1 anterior sobre a altura das varandas.

- Sobre redes de seguridade, hai que citar a NTP- 124, que distingue entre as redes para evitar caídas (a rede "tipo tenis", para protexer os bordes dos forxados en plantas diáfanas; a rede "vertical de fachada", para a protección en fachadas, tanto exteriores, como as que dan a grandes patios interiores; e a rede "horizontal", destinada a evitar a caída de operarios polos ocos dos forxados) e as redes para limitar caídas (a rede con soporte "tipo forca" e a rede horizontal). Igualmente, débense citar dúas normas UNE: UNE-EN 1263-1: 1997. Redes de seguridade. Parte 1: requisitos de

seguridade, métodos de ensaio; e UNE-EN 1263-2: 1998. Redes de seguridade. Parte 2: requisitos de seguridade para a instalación de redes de seguridade.

- Tamén é frecuente e útil a utilización de entaboado e de mallazo, que permiten cubrir pequenos ocos, sempre que teñan a necesaria solidez e resistencia e estean ben suxeitos ao forxado e, no caso do mallazo, embutido directamente naquel.

C.- Tan só no caso de non ser posible tecnicamente a utilización dos aludidos medios de protección colectiva, deberá recorrerse ao emprego dos medios de protección individual, citando a norma expresamente aos cintos de seguridade, que, igualmente, deberán cumprir as esixencias do RDET. Sobre cintos de seguridade, hai que citar a NTP- 301, que comprende a "...elección, uso e mantemento" dos mesmos. Sobre o particular, e máis extensamente, ver neste mesmo traballo IX.3.6.5.2.

Ademais, o RDET (trala modificación operada polo Real Decreto 2177/ 2004, da que se da conta amplamente en IX.3.4.4) establece, no seu anexo II, apartado 4.4, disposicións específicas sobre a utilización das técnicas de acceso e de posicionamento mediante cordas, que cumprirá as seguintes condicións:

a) O sistema constará, como mínimo, de dúas cordas con suxeición independente, unha como medio de acceso, de descenso e de apoio (corda de traballo) e a outra como medio de emerxencia (corda de seguridade). En circunstancias excepcionais nas que, tendo en conta a avaliación do risco, a utilización dunha segunda corda faga máis perigoso o traballo, poderá admitirse a utilización dunha soa corda, sempre que se teñan tomado as medidas adecuadas para garantir a seguridade, e se xustifiquen as razóns técnicas que o motiven.

b) Facilitarase ós traballadores uns arneses axeitados, que deberán utilizar e conectar á corda de seguridade.

c) A corda de traballo estará equipada cun mecanismo seguro de ascenso e descenso e disporá dun sistema de bloqueo automático, coa fin de impedir a caída en caso de que o usuario perda o control do seu movemento. A corda de seguridade estará equipada cun dispositivo móbil contra caídas que siga os desprazamentos do traballador.

d) As ferramentas e demais accesorios que deba utilizar o traballador deberán estar suxeitos ao arnés ou ao asento do traballador ou suxeitos por outros medios axeitados.

e) O traballo deberá planificarse e supervisarse correctamente, de xeito que, en caso de emerxencia, se poida socorrer inmediatamente ao traballador.

f) De acordo coas disposicións do art. 5, impartirase ós traballadores afectados unha formación adecuada e específica para as operacións previstas, en particular sobre as

técnicas para a progresión mediante cordas e sobre estruturas; os sistemas de suxeición; os sistemas anticaídas; as normas sobre o coidado, mantemento e verificación do equipo de traballo e de seguridade; as técnicas de salvamento de persoas accidentadas en suspensión; as medidas de seguridade ante condicións meteorolóxicas que poidan afectar á seguridade; e as técnicas seguras de manipulación de cargas en altura.

Para rematar, hai que sinalar que, de acordo co disposto no apartado 4.1.3 do anexo comentado, a utilización destas técnicas de acceso e de posicionamento mediante cordas limitarase a circunstancias nas que a avaliación do risco indique que o traballo pode executarse de xeito seguro e nas que, ademais, a utilización doutro equipo de traballo máis seguro non estea xustificada. Así mesmo, tendo en conta a avaliación do risco e, especialmente, en función da duración do traballo e das esixencias de carácter ergonómico, deberá facilitarse un asento provisto dos accesorios apropiados.

Hai unha serie de normas UNE que se refiren especificamente ao risco de caída de altura. Son as seguintes:

- UNE-EN 353-1 e 2: 2002. Equipos de protección individual contra caídas de altura. Partes 1 e 2: dispositivos anticaídas deslizantes sobre liñas de ancoraxe ríxida e flexible.

- UNE-EN 353: 2002. Equipos de protección individual contra caídas de altura. Elementos de amarre.

- UNE-EN 355: 2002. Equipos de protección individual contra caídas de altura. Absorbedores de enerxía.

- UNE-EN 358: 2000. Equipos de protección individual para suxeición en posición de traballo e prevención de caídas de altura. Cintos para suxeición e retención e compoñente de amarre de suxeición.

- UNE-EN 360: 2002. Equipos de protección individual contra caídas de altura. Dispositivos anticaídas retráctiles.

- UNE-EN 361: 2002. Equipos de protección individual contra caídas de altura. Arneses anticaídas.

- UNE-EN 362: 1993. Equipos de protección individual contra caídas de altura. Conectores.

- UNE-EN 363: 2002. Equipos de protección individual contra caídas de altura. Sistemas anticaídas.

- UNE-EN 795: 1997 e 795/A1: 2001. Protección contra caídas de altura. Dispositivos de ancoraxe. Requisitos e ensaios.

- UNE-EN 813: 1997. Equipos de protección individual para prevención de caídas de altura. Arneses de asento.

- UNE-EN 1891: 1999. Equipos de protección individual para a prevención de caídas desde altura. Cordas trenzadas con funda, semiestáticas.

3. Remata o número 3 do anexo IV do RDOC sinalando: "c) A estabilidade e solidez dos elementos de soporte e o bo estado dos medios de protección deberán verificarse previamente ao seu uso, posteriormente de forma periódica e cada vez que as súas condicións de seguridade poidan resultar afectadas por unha modificación, período de non utilización ou calquera outra circunstancia."

A normativa que vimos de analizar hai que complementala coa reflectida neste mesmo traballo en IX.3.4.4.

3.2.3. Encofrados e estruturas metálicas ou de formigón

O RDOC adica a esta cuestión o número 11 do seu anexo IV- C, que contén tres apartados.

1. "a) As estruturas metálicas ou de formigón e os seus elementos, os encofrados, as pezas prefabricadas pesadas ou os soportes temporais e os apuntalamentos só poderanse montar ou desmontar baixo a vixilancia, control e dirección dunha persoa competente."

Por persoa competente entende a GTOC aquela que teña sido designada polo empresario para o desenvolvemento destas tarefas, tendo en conta os seus coñecementos técnicos e formación profesional, experiencia e formación preventiva.

Esta persoa competente terá como función básica, para cumprir co establecido no precepto que comentamos, comprobar que se cumpren os requisitos de estabilidade e solidez da estrutura esixidos polo número 1 do anexo IV- C RDOC (xa comentados en IX.2.1).

A estes requisitos de estabilidade e solidez tamén se refire o número 2 do anexo IV-A RDOC, cando establece "a. Deberá procurarse, de xeito apropiado e seguro, a estabilidade dos materiais e equipos e, en xeral, de calquera elemento que en calquera desprazamento puidera afectar á seguridade e saúde dos traballadores. b. O acceso a calquera superficie que conste de materiais que non ofrezan unha resistencia suficiente só será autorizado no caso de que se proporcionen equipos ou medios apropiados para que o traballo se realice de xeito seguro."

2. “b) Os encofrados, os soportes temporais e os apuntalamentos deberán proxectarse, calcularse, montarse e manterse de xeito que poidan soportar sen riscos as cargas a que sexan sometidos.”

Precisa a GTOC que os elementos citados cumprirán os requisitos establecidos cando se de, polo menos, algún dos seguintes supostos:

- Que sexan executados de acordo co definido e calculado no proxecto de execución, seguindo un proceso de montaxe e mantemento previamente establecido.

- Que se empreguen produtos certificados, normalizados ou amparados por un documento de idoneidade técnica, sempre que se instalen e manteñan de acordo coas instrucións do fabricante.

- Que estean avalados por unha nota de cálculo elaborada por técnico competente, na que se inclúan as instrucións de montaxe e mantemento.

3. “c) Deberán adoptarse as medidas necesarias para protexer ós traballadores contra os perigos derivados da fraxilidade ou inestabilidade temporal da obra.”

Respecto destes traballos con risco de caída de altura, hai que ter en conta o contido do RDET, ao que se alude “in extenso” en IX.3.4.3.

3.2.4. Outras disposicións do RDOC

Referirémonos ás contidas nos números 4 (factores atmosféricos) e 12.b (traballos en tellados) da parte C do anexo IV.

1. Polo que respecta ós factores atmosféricos, sinala a norma referida que “deberá protexerse ós traballadores contra as inclemencias atmosféricas que poidan comprometer a súa seguridade e saúde”, norma, como é lóxico, de aplicación ao conxunto de fases de execución da obra, e non só á que estamos analizando neste capítulo.

Neste punto hai que recordar a preferencia, que sempre debe estar presente, da protección colectiva (toldos, pararraios...) fronte á individual (roupa de abrigo, impermeable, crema protectora...).

Entre as NTP que se pode citar, están a NTP- 462, sobre “estrés por frío: avaliación das exposicións laborais”; e a NTP- 501, sobre “ambiente térmico: incofort térmico local”.

2. En canto ós traballos nos tellados dispón o número 12.b do anexo IV- C que “Nos traballos en tellados deberán adoptarse as medidas de protección colectiva que sexan necesarias, en atención á altura, inclinación ou posible carácter ou estado esbaradizo, para evitar a caída de traballadores, ferramentas ou materiais. Así

mesmo, cando se teña que traballar sobre ou cerca de superficies fráxiles, deberanse tomar as medidas preventivas adecuadas para evitar que os traballadores as pisen inadvertidamente ou caian a través seu."

A GTOC distingue tres tipos de cubertas ou tellados (resistentes, fráxiles e mixtos) e tres tipos de operacións ou traballos a realizar acerca de cada un de aqueles (execución, mantemento, reparación), establecendo os correspondentes medios máis idóneos de protección para cada un deles, así como a cautela de ter en conta os riscos derivados do acceso ós postos de traballo en cuberta, e as medidas de prevención a adoptar.

Sobre "traballos sobre cubertas de materiais lixeiros" trata a NTP- 448.

3.2.5. Disposicións das NTE, segundo os diferentes tipos de estrutura

As NTE conteñen valiosas disposicións en materia de seguridade e saúde dos traballadores, e son varias as que se refiren, especificamente, a distintos tipos de estruturas.

1. Estruturas de aceiro

- Espaciais. NTE-EAE (BOE de 6 de setembro de 1986)
- Forxados. NTE-EAF (BOE de 24 de novembro de 1973)
- Soportes. NTE-EAS (BOE de 8 de xaneiro de 1983)
- Vigas. NTE-EAV (BOE de 18 e 25 de xaneiro de 1975)
- Zancas. NTE-EAZ (BOE de 17 de marzo de 1982)

2. Estruturas de fábrica

- De bloques. NTE-EFB (BOE de 3 e 10 de agosto de 1974)
- De ladrillo. NTE- EFL (BOE de 11 de xullo de 1977)
- De pedra. NTE-EFP (BOE de 21 de maio de1980)

3. Estruturas de formigón armado

- De vigas balcón. NTE-EHB (BOE de 21 e 22 de outubro de 1980)
- De xácenas parede. NTE-EHJ (BOE de 26 de xaneiro de 1981)
- De pórticos. NTE-EHP (BOE de 1 de agosto de 1988)
- De forxados reticulares. NTE-EHR (BOE de 1 e 7 de decembro de 1973)
- De soportes 1ªR. NTE-EHS (BOE de 28 de decembro de 1983)
- De forxados unidireccionais. NTE-EHU (BOE de 14 de abril de 1973)
- De vigas 1ªR. NTE-EHV (BOE de 23 de setembro de 1985)

- De zancas. NTE-EHZ (BOE de 15 de decembro de 1980)

4. Estruturas de madeira

- Encofrados. NTE-EME (BOE de 4e 11 de outubro de 1975)

5. Estruturas de formigón prensado

- Soportes. NTE-EXS (BOE 5 de maio de 1973)
- Vigas. NTE-EXV (BOE de 9 de xuño de 1973)

3.2.6. Responsabilidade administrativa

En función das circunstancias concorrentes, e diante de incumprimentos ás disposicións que vimos de sinalar, estarase diante de infraccións graves (art. 12.16 b e f LISOS) ou moi graves (art. 13.10 LISOS).

3.3. Equipos para a elevación de cargas

3.3.1. A regulación do RDOC

Contense no número 6 do anexo IV- C da norma de referencia, precepto que ten catro apartados, como segue.

1. "a) Os aparatos elevadores e os accesorios de izado utilizados nas obras deberán axustarse ao disposto na súa normativa específica. En todo caso, e salvo disposicións específicas da normativa citada, os aparatos elevadores e os accesorios de izado deberán satisfacer as condicións que se sinalan nos seguintes puntos deste apartado."

Detalla a GTOC que debe entenderse por aparatos elevadores aqueles dos que a súa finalidade principal é variar a posición en altura, tanto das persoas, como dos materiais ou de ambos. Para o seu accionamento, pode utilizarse calquera fonte de enerxía, incluíndo a manual. Entre estes aparatos están os ascensores, poleas, montacargas, grúas plataformas elevadoras, plataformas suspendidas de nivel variable (andamios colgados móbiles), plataformas de traballo sobre mastro...

Pola súa parte, accesorio de izado é calquera elemento, distinto do propio aparato elevador ou da carga, que posibilita que a mesma sexa izada, como, por exemplo, as eslingas, balancíns, cadeas, ganchos...

A normativa específica está contida no RDET, e a ela nos referiremos máis adiante, con independencia da prevista no RDOC, que estamos a ver.

A GTOC recolle outras normas de aplicación, que son as seguintes:

- Orde de 23.05.1977 (BOE do 14 de xuño), pola que se aproba o regulamento de aparatos elevadores para obras.

- Real Decreto 2291/ 1985, de 8 de novembro (BOE do 11de decembro), polo que se aproba o regulamento de aparatos de elevación e manutención, modificado de xeito importante polo Real Decreto 1314/ 1997, de 1 de agosto (BOE do 30 de setembro).

- Real Decreto 836/ 2003, de 27 de xuño (BOE do 17 de xullo), polo que se aproba a ITC-MIE-AEM-2, sobre grúas torre para obras ou outras aplicacións.

- Real Decreto 837/ 2003, de 27 de xuño (BOE do 17 de xullo), polo que se aproba a ITC-MIE-AEM-4, sobre grúas móbiles autopropulsadas.

Nestas ITC reflíctense aspectos relativos á fabricación, instalación e mantemento dos aparatos mencionados e se indica a necesidade de cumprir os requisitos de distintas normas UNE.

Precisamente hai unha serie de normas UNE que abordan esta materia, de entre as que cabe citar:

-UNE 58101-1 ata UNE 58101-4, todas elas de 1992. Aparatos pesados de elevación. Condicións de resistencia e seguridade nas grúas torre desmontables para obra. Partes 1, 2, 3 e 4, que, respectivamente, abarcan as condicións de deseño e fabricación; as de instalación e utilización; documentación; e vida da grúa.

-UNE 58104-1 ata UNE 58104-5, as tres primeiras de 1987, a cuarta de 1990 e a quinta de 1991. Aparatos de elevación. Vocabulario. Partes 1, 2, 3, 4 e 5, que, respectivamente, abordan os tipos de aparatos de elevación; parámetros; conceptos xerais; compoñentes; e indicadores e limitadores.

-UNE 58109: 1986. Aparatos de elevación. Gama de cargas nominais para os modelos base.

-UNE 58110: 1990. Aparatos de elevación. Grúas torre. Vocabulario.

-UNE 58112-1 ata UNE 58112-5 (non figura a número 58112-2), todas elas de 1991. Grúas e aparatos de elevación. Clasificación. Partes 1, 3, 4 e 5, adicadas, respectivamente a xeral; grúas torre; grúas de pluma; e grúas ponte e pórtico.

-UNE 58119: 1994. Grúas móbiles. Determinación da estabilidade.

-UNE 58121: 1990. Aparatos pesados de elevación. Aparatos de elevación distintos ás grúas móbiles e grúas flotantes. Esixencias xerais relativas á estabilidade.

-UNE 58131: 1998. Aparatos de elevación. Seguridade contra o arrastre por vento.

-UNE 58132-6 :1991. Aparatos de elevación. Regras de cálculo. Parte 6: regras de seguridade.

-UNE 58133: 1988. Aparatos de elevación. Accionamentos. Disposición e características. Disposición e esixencias básicas para as grúas móbiles.

-UNE 58135: 1989. Aparatos de elevación. Características técnicas e documentos de aceptación.

-UNE 58136: 1992. Aparatos de elevación. Grúas de pluma. Disposición e características dos accionamentos.

-UNE 58139-1: 1992. Aparatos de elevación. Información a subministrar. Parte 1: xeneralidades.

-UNE 58139-4: 1992. Aparatos de elevación. Información a subministrar. Parte 4: grúas de pluma.

-UNE 58140-1: 1994. Aparatos elevadores. Formación dos traballadores: parte 1: xeneralidades.

-UNE 58145: 1995. Aparatos de elevación de carga suspendida. Mandos de accionamento para as grúas torre. Disposición e características.

-UNE 58149: 1998. Aparatos de elevación de carga suspendida. Sinais de seguridade e de perigo. Principios xerais.

-UNE 58151-1: 2001. Aparatos de elevación de cargas suspendidas. Seguridade na utilización. Parte 1: xeneralidades.

-UNE 58153-1: 2001. Grúas. Dispositivos de ancoraxe segundo as condicións de servizo e fora de servizo. Parte 1: xeneralidades.

-UNE 58153-4: 2001. Grúas. Dispositivos de ancoraxe segundo as condicións de servizo e fora de servizo. Parte 4: grúas con pluma.

-UNE 58501: 1978 (UNE 58501: 1993 erratum). Grúas móbiles.

-UNE 58502 : 1989. Grúas móbiles. Terminoloxía

-UNE 58921: 2002 IN. instrucións para a instalación, manexo, mantemento, revisións e inspeccións das plataformas elevadoras móbiles de persoal.

-UNE- EN 280-2002. Plataformas elevadoras móbiles de persoal. Cálculos de deseño. Criterios de estabilidade. Construción. Seguridade. Exames e ensaios.

-UNE-EN 1495: 1988. Plataformas elevadoras. Plataformas de traballo sobre mastro.

-UNE- EN 12077-2: 1999. Seguridade das grúas. Parte 2: dispositivos limitadores e indicadores.

-UNE- EN 12158: 2001. Serie de normas para elevadores de obra de construción para cargas.

-UNE- EN 12159: 2002. Elevadores de obras de construción para pasaxeiros e carga con caixa guiada verticalmente.

-UNE- EN 12644-1: 2001. Aparatos de elevación de carga suspendida. Información para a utilización e o ensaio. Parte 1: instrucións.

-UNE- EN 12644-2: 2000. Aparatos de elevación de carga suspendida. Información para a utilización e o ensaio. Parte 2: marcado.

Débense ter en conta, igualmente, os criterios técnicos contidos nas NTP seguintes:

- Sobre grúas: NTP- 125, sobre "grúa torre"; NTP- 197, sobre "desprazamento de persoas sobre grúas torre"; e NTP- 208, sobre "grúa móbil".

- Sobre montacargas de obra: NTP- 255, sobre "montacargas de obra. Características estruturais".

- Igualmente, e na medida en que, como dixemos anteriormente, hai que considerar dentro da categoría dos aparatos de elevación de cargas ás plataformas suspendidas de nivel variable (dentro das que están os andamios colgados móbiles), débense citar as NTP- 530; NTP- 531; e NTP- 532, todas elas referidas ós andamios colgados móbiles de accionamento manual, e que abordan, respectivamente, as súas normas construtivas; as normas de montaxe e utilización; e os aparatos de elevación e manobra.

2. "b) Os aparatos elevadores e os accesorios de izado, incluídos os seus elementos constitutivos, os seus elementos de fixación, ancoraxes e soportes, deberán: 1. Ser de bo deseño e construción e ter unha resistencia suficiente para o uso ao que estean destinados. 2. Instalarse e utilizarse correctamente. 3. Manterse en bo estado de funcionamento. 4. Ser manexados por traballadores cualificados que teñan recibido unha formación adecuada."

Ó respecto, hai que recordar que estes aparatos, en tanto que sexan máquinas, deben observar ar prescricións do RDSM, así como, en tanto que equipos de traballo que

son, o previsto no RDET, remitíndonos por elo ao comentarios feitos sobre este particular en IX.2.4.1.

Precisamente o RDSM, e aparte das prescricións do RDET que despois veremos, contén normas específicas para estes aparatos, en concreto, dentro do seu anexo I, o apartado 4 ("normas esenciais de seguridade e saúde para neutralizar os perigos especiais debidos a operacións de elevación") números 1.2.4 ("poleas, tambores, cadeas e cables") e 1.2.5 ("accesorio de eslingado").

Por outra banda, a ITC- MIE- AEM-2, á que vimos de facer alusión no punto 1º deste apartado, sobre grúas torre para obras ou outras aplicacións, contempla no seu apartado 7 a obriga de redactar un proxecto de instalación no que se fará constar expresamente que tal proxecto está de acordo, en canto ás condicións de instalación, coa norma UNE 58101: 1992, tamén citada anteriormente.

A GTOC, polo que respecta ao requisito da cualificación dos traballadores que manexen estes aparatos elevadores, sinala que a mesma pode ser acreditada mediante diploma emitido por organismo ou entidade competente ou entidade autorizada ou, no seu defecto, a través dun documento interno da propia empresa. Nembargante, e en relación con esta última posibilidade, tal documento interno da empresa entendemos que tan só será válido cando, de maneira indubitada, permita acreditar a formación recibida polo traballador.

3. "c) Nos aparatos elevadores e nos accesorios de izado deberase colocar, de xeito visible, a indicación do valor da súa carga máxima."

Esta carga máxima pode ser variable en función da configuración do aparato ou accesorio de izado. Nese caso, o gravado, placa ou etiqueta deberá reflectir as cargas máximas que se poden transportar segundo as distintas configuracións do equipo, tal e como sinala a GTOC.

4. "d) Os aparatos elevadores o mesmo que os seus accesorios non poderán utilizarse para fins distintos daqueles ós que estean destinados."

Concreta a GTOC que tal utilización deberá efectuarse de acordo co manual de instrucións do fabricante e que, caso de non existir o devandito manual, deberá atenderse ás instrucións elaboradas no documento de adecuación do equipo ao RDET, que deberá ser redactado por persoal competente.

3.3.2. A regulación do RDET

A regulación contida no RDET, respecto dos aparatos de elevación de cargas, pódese estruturar como segue:

1. Instalación, dispositivos de seguridade e carga nominal (anexo I, apartado 2: disposicións mínimas adicionais aplicables a determinados equipos de traballo; número 2: disposicións mínimas aplicables ós equipos de traballo para elevación de cargas).

2. Condicións de utilización (anexo II, apartado 2: condicións de utilización de equipos de traballo móbiles, automotores ou non; e apartado 3: condicións de utilización de equipos de traballo para a elevación de cargas).

3. Sinais acústicas (Anexo I, apartado 2, número 1, letra g).

3.3.3. Responsabilidade administrativa

- NTP-193, sobre "vixilancia epidemiolóxica dos traballadores expostos", que fai un detallado análise da metodoloxía na clasificación e interpretación das audiometrías practicadas a colectivos de traballadores expostos ao ruído.

- NTP- 270, sobre "avaliación da exposición ao ruído. Determinación de niveis representativos". A NTP diferenza entre ruído estable, ruído periódico, ruído aleatorio e ruído de impacto; especifica os distintos instrumentos de medición (sonómetros, sonómetros integradores- promediadores e dosímetros); e determina unha concreta metodoloxía de avaliación para cada un dos diferentes tipos de ruído.

- NTP-287, sobre "hipoacusia laboral por exposición ao ruído: avaliación clínica e diagnóstico", que ten por obxecto analizar as diversas circunstancias que inflúen na hipoacusia por exposición ao ruído e desenvolver un diagrama de fluxo exploratorio que permita localizar a lesión en relación á súa topografía.

2. Normas UNE

- UNE 74014: 1978. Método de cálculo do nivel de sonoridade.

- UNE 74023: 1992. Acústica. Determinación da exposición ao ruído no traballo e estimación das perdas auditivas inducidas polo ruído.

- UNE 74102: 1990. Acústica. Medida do ruído aéreo emitido por máquinas e equipos de construción para uso en exteriores. Método para determinar o cumprimento cos límites de ruído.

- UNE 74105-1. Acústica. Métodos estatísticos para a determinación e a verificación dos valores de emisión acústica establecidos para as máquinas e equipos. Parte 1: xeneralidades e definicións.

- UNE 74105-3. Acústica. Métodos estatísticos para a determinación e a verificación dos valores de emisión acústica establecidos para maquinaria e equipos. Parte 3: método simplificado (provisional) para valores establecidos para lotes de máquinas.

- UNE 74105-4. Acústica. Métodos estatísticos para a determinación e a verificación dos valores de emisión acústica establecidos para maquinaria e equipos. Parte 4: métodos para valores establecidos para lotes de máquinas.

- UNE 74106: 1992. Acústica. Medida do ruído emitido ao exterior pola maquinaria para movemento de terras. Condicións de ensaio dinámico.

- UNE-EN 1746: 1999. Seguridade das máquinas. Guía para a redacción dos capítulos sobre ruído das normas de seguridade.

- UNE-EN 60645-3: 1997. Audiómetros. Parte 3: sinais de corta duración para ensaios con fins audiométricos e otoneurolóxicos.

- UNE-EN ISO 11200/AC: 2000 e UNE-EN ISO 11200: 1996. Acústica. Ruído emitido por máquinas e equipos. Guía de utilización das normas básicas para a determinación dos niveis de presión acústica de emisión no posto de traballo e noutras posicións especificadas.

- UNE-EN ISO 4871: 1997. Acústica. Declaración e verificación dos valores de emisión sonora de máquinas e equipos.

- UNE-EN ISO 7029: 2000. Acústica. Distribución estatística dos umbrais de audición en función da idade.

- UNE-EN ISO 11202: 1996. Acústica. Ruído emitido por máquinas e equipos. Medición dos niveis de presión acústica de emisión no posto de traballo e noutras posicións especificadas. Método de control "in situ".

- UNE-EN ISO 11203: 1996. Acústica. Ruído emitido por máquinas e equipos. Medición dos niveis de presión acústica de emisión no posto de traballo e noutras posicións especificadas a partir do nivel de potencia sonora.

- UNE-EN ISO 11204/AC: 2000 e UNE-EN ISO 11204: 1996. Acústica. Ruído emitido por máquinas e equipos. Medición dos niveis de presión acústica de emisión no posto de traballo e noutras posicións especificadas. Método que necesita correccións de entorno.

- UNE-EN ISO 11689: 1997. Acústica. Procedemento de comparación dos datos de emisión sonora de máquinas e equipos.

- UNE-EN ISO 11690-(1, 2 e 3) : 1997. Acústica. Práctica recomendada para o deseño de lugares de traballo con baixo nivel de ruído que conteñen maquinaria. Parte 1: estratexias de control do ruído; parte 2: medidas de control do ruído; e parte 3: propagación do son e predición do ruído en recintos de traballo.

- UNE-EN ISO 12001: 1997. Acústica. Ruído emitido por máquinas e equipos. Regras para a preparación e presentación dun código de ensaio de ruído.

- UNE 15300-5: 2002. Máquinas-ferramenta. Código de verificación. Parte 5: determinación da emisión de ruído.

3.5.2. Sobreesforzos

3.5.2.1. Introdución

O risco de sobreesforzo, que pode provocar danos diversos para a seguridade e saúde dos traballadores, e no que se ven implicados o esqueleto, o sistema muscular, o sistema nervioso e o sistema metabólico, está moi presente no sector da construción. Na análise que de tal risco se fai a continuación, exclúense as normas específicas que afectan a menores e mulleres (neste caso, por razón de maternidade), que son obxecto de estudo en VIII.5.1, aínda que, obviamente, as normas que de seguida veremos lles resultan tamén de aplicación.

3.5.2.2. A regulación do RDMM

Segundo o art. 2 RDMM, e ós efectos de tal norma, entenderase por manipulación manual de cargas "...calquera operación de transporte ou suxeición dunha carga por parte dun ou varios traballadores, como o levantamento, a colocación, o empuxe, a tracción ou o desprazamento, que, polas súas características ou condicións ergonómicas inadecuadas, supoña riscos, en particular dorsolumbares, para os traballadores".

De acordo coa GTMM, considerarase que a manipulación manual de toda carga que pese máis de 3 kg. pode implicar un potencial risco dorsolumbar non tolerable, xa que, a pesares de ser unha carga bastante lixeira, se é manipulada nunhas condicións ergonómicas desfavorables (afastada do corpo, con posturas inadecuadas, en condicións ambientais desfavorables, con chans inestables etc.) podería entrañar un risco. Seguindo os mesmos criterios técnicos, a manipulación manual de cargas menores de 3 kg. tamén podería xerar riscos de trastornos musculoesqueléticos nos membros superiores debidos a esforzos repetitivos, se ben quedarían fora do ámbito de aplicación do RDMM. Por outra bando, as cargas de máis de 25 kg. moi probablemente constitúan un risco en si mesmas, aínda que non existan outras condicións ergonómicas desfavorables.

As obrigas que o RDMM impón ao empresario son as que seguen.

1. Adoptar as medidas técnicas ou organizativas necesarias para evitar a manipulación manual de cargas, en especial mediante a utilización de equipos para o manexo mecánico das mesmas, sexa de forma automática ou controlada polo traballador (art. 3.1 RDMM). Como recorda a GTMM, os mecanismos para conseguir este obxectivo son variados:

a) A automatización e mecanización dos procesos, de xeito que non sexa necesaria a intervención do esforzo humano, por exemplo, mediante a paletización por medio de carretillas elevadoras, mesas regulables para levantamento, mesas xiratorias, cintas transportadoras etc.; e a utilización de equipos mecánicos controlados de forma manual, como as carretillas e carros, as mesas elevadoras, os carros de plataforma elevadora ou as caixas e andeis rodantes.

b) As medidas organizativas que o empresario pode prever ao deseñar o traballo, de xeito que sexa posible prescindir da manipulación manual das cargas.

2. Cando non sexa posible evitar a necesidade de manipulación manual das cargas, o empresario tomará as medidas de organización axeitadas, utilizará os medios apropiados ou proporcionará ós traballadores tales medios para reducir o risco que entrañe a devandita manipulación (art. 3.2 RDMM). A tal fin, avaliará os riscos tomando en consideración os factores indicados no anexo RDMM e os seus posibles efectos combinados. Tales factores, que poden implicar un risco en particular dorsolumbar, son:

a) As características da carga, cando é demasiado pesada ou demasiado grande; cando é voluminosa ou difícil de suxeitar; cando está en equilibrio inestable ou o seu contido corre risco de desprazamento; cando está colocada de tal xeito que debe sosterse ou manipularse a distancia do tronco ou con torsión ou inclinación do mesmo; ou cando, debido ao seu aspecto exterior ou á súa consistencia, pode ocasionar lesións ao traballador, en particular en caso de golpe.

b) O esforzo físico necesario, cando é demasiado importante; cando non se poida realizar máis que por un movemento de torsión ou de flexión do tronco; cando pode acarrear un movemento brusco da carga; cando se realiza mentres o corpo está en posición inestable; cando se trate de alzar ou descender a carga con necesidade de modificar o agarre.

c) As características do medio de traballo, cando o espazo libre, especialmente vertical, resulta insuficiente para o exercicio da actividade de que se trate; cando o chan é irregular e, polo tanto, pode dar lugar a tropezóns ou ben é esvaradizo para o calzado que leve o traballador; cando a situación ou o medio de traballo non permite ao traballador a manipulación manual de cargas a unha altura segura e nunha postura correcta; cando o chan ou o plano de traballo presentan desniveis que implican a manipulación da carga en niveis diferentes; cando o chan ou o punto de apoio son inestables; cando a temperatura, humidade ou circulación do aire son inadecuadas; cando a iluminación non sexa axeitada; ou cando exista exposición a vibracións.

d) As esixencias da actividade, cando impliquen esforzos físicos demasiado frecuentes ou prolongados nos que interveña, en particular, a columna vertebral; cando exista un período insuficiente de repouso fisiolóxico ou de recuperación; cando as

distancias de elevación, descenso ou transporte sexan demasiado grandes; ou cando o traballador non poda modular o ritmo imposto por un proceso.

e) Os factores individuais de risco, que son a falta de aptitude física para realizar as tarefas en cuestión; a falta de adecuación das roupas, o calzado ou outros efectos persoais que leve o traballador; a insuficiencia ou inadaptación dos coñecementos ou da formación; ou a existencia previa de patoloxía dorsolumbar por parte do traballador.

3. Garantir que os traballadores e os seus representantes reciban unha formación e información axeitadas sobre os riscos derivados da manipulación manual de cargas, así como sobre as medidas de prevención e protección que teñan que adoptarse. A información incluirá indicacións xerais e as precisións que sexa posible sobre o peso das cargas e, cando o contido dun embalaxe estea descentrado, sobre o seu centro de gravidade ou lado máis pesado (art. 4 RDMM)

4. Garantir o dereito dos traballadores a unha vixilancia axeitada da súa saúde, cando a súa actividade habitual supoña unha manipulación manual de cargas e concorran algúns dos elementos ou factores que vimos no punto 2 anterior.

3.5.2.3. NTP

De contido moi técnico, teñen que ver coa materia que estamos abordando as seguintes:

- NTP-177, sobre "a carga física de traballo: definición e avaliación".

- NTP-311, sobre "microtraumatismos repetitivos: estudo e prevención".

- NTP-477, sobre "levantamento manual de cargas: ecuación NIOSH (National Institute for Occupational Safety and Health)".

- NTP-601, sobre "avaliación das condicións de traballo: carga postural. Método REBA (Rapid Entire Body Assessment)".

- NTP-622, sobre "carga postural: técnica goniornétrica".

3.5.3. Vibracións

3.5.3.1. Introdución

O risco de vibracións pode ser xerado por máquinas moi diferentes:

- Medios de transporte, como avións, coches, barcos ou trens, que ocasionan, na maior parte dos casos, vibracións de moi baixa frecuencia, aínda que provoquen

algúns efectos nocivos sobre ao organismo (mareos, vómitos, estimulacións do labirinto do oído interno...).

- Determinados vehículos industriais, como carretillas, tractores e maquinaria agrícola e os vehículos/ maquinaria empregados en obras de construción, que ocasionan, na maior parte dos casos, vibracións de baixa frecuencia, tamén con efectos potencialmente nocivos para a saúde (lumbalxias, hernias ou pinzamentos discais, dificultade para o equilibrio, trastornos da visión...).

- Ferramentas manuais rotativas, alternativas ou percutorias, como as pulidoras, lixadoras, motoserras ou martelos pneumáticos, que poden orixinar vibracións de alta frecuencia, con efectos máis perniciosos sobre a saúde, como veremos.

O C148 sinala, no seu art. 3.c) que o termo vibración comprende "...toda vibración transmitida ao organismo humano por estruturas sólidas que sexa nociva para a saúde ou entrañe calquera outro tipo de perigo".

3.5.3.2. As previsións da DIVI

No suposto de empregarse maquinaria da enunciada anteriormente, en particular á maquinaria ferramenta manual, pódense transmitir vibracións, ben "ó sistema man-brazo" do operador, ben "ó corpo enteiro" deste. A estes dous tipos refírense os arts. 2 e seguintes da DIVI, como se di a continuación:

- Vibración transmitido ao sistema man-brazo: aquela vibración mecánica que, cando se transmite ao sistema humano de man e brazo, supón riscos para a saúde e a seguridade dos traballadores, en particular problemas vasculares, de ósos ou de articulacións, nerviosos ou musculares.

- Vibración transmitida ao corpo enteiro: aquela vibración mecánica que, cando se transmite a todo o corpo, conleva riscos para a saúde e a seguridade dos traballadores, en particular lumbalxias e lesións da columna vertebral.

O art. 3 da DIVI establece os valores límite de exposición nun e noutro caso.

A DIVI contempla unha serie de obrigas do empresario, que podemos sintetizar como segue:

1. Eliminar os riscos derivados da exposición a vibracións mecánicas no seu orixe, ou reducirse ao seu nivel máis baixo posible, tendo en conta os avances da técnica e a dispoñibilidade de medidas de control deses riscos (art. 5.1 DIVI)

2. Avaliar os riscos e, en caso necesario, efectuar a medición dos niveis de vibracións mecánicas a que estean expostos os traballadores, e que non puideran ser eli-

minados. Tales medicións efectuaranse de conformidade coas previsións do anexo á DIVI (art. 4.1 DIVI). ao avaliar os riscos, o empresario concederá particular atención ós seguintes aspectos (art. 4.4 DIVI):

a) O nivel, o tipo e a duración da exposición, incluída toda exposición a vibracións intermitentes ou a sacudidas repetidas.

b) Os valores límite de exposición e os valores de exposición (previstos no art. 3 DIVI) que dan lugar a unha acción.

c) Todos os efectos que garden relación coa saúde e seguridade dos traballadores expostos a riscos especialmente sensibles.

d) Todos os efectos indirectos para a seguridade dos traballadores derivados da interacción entre as vibracións mecánicas e o lugar de traballo ou outro equipo de traballo.

e) A información facilitada polos fabricantes do equipo de traballo, con arreglo ao disposto nas directivas comunitarias pertinentes (en concreto a DIET-1 e a directiva 89/ 392/ CEE, sobre máquinas. Referencia extensa sobre a regulación dos RDET e RDSM, que traspoñen ao seu contido, faise neste mesmo traballo en IX.2.4.1).

f) A existencia de equipos substitutivos concibidos para reducir os niveis de exposición.

g) A prolongación da exposición ás vibracións transmitidas ao corpo enteiro despois do horario de traballo, baixo responsabilidade do empresario.

h) Condicións de traballo específicas, tales como traballar a temperaturas baixas.

i) Unha información apropiada recollida no control da saúde.

3. Establecer e executar un programa de medidas técnicas e/ ou de organización (art.5.2 DIVI), cando se rebasen os valores (concretamente o valor de exposición diaria normalizado para un período de referencia de 8 horas) establecidos no art. 3.1.b) e 3.2.b) DIVI. Tal programa estará destinado a reducir ao mínimo a exposición ás vibracións mecánicas e ós riscos derivados da mesmas, tomando en consideración, especialmente:

a) Outros métodos de traballo que reduzan a necesidade de exporse a vibracións mecánicas.

b) A elección do equipo de traballo adecuado, ben deseñado desde o punto de vista ergonómico e xerador do menor nivel de vibracións posible, tendo en conta o traballo ao que está destinado.

c) A subministración de equipo auxiliar que reduza os riscos de lesión por vibracións, como, por exemplo, asentos que atenúen eficazmente as vibracións transmitidas ao corpo enteiro, e asas que reduzan as vibracións transmitidas ao sistema man-brazo.

d) Programas apropiados de mantemento dos equipos de traballo, do lugar de traballo e dos sistemas no lugar de traballo.

e) A concepción e disposición dos lugares e postos de traballo.

f) A información e formación axeitadas, para ensinar ós traballadores o manexo correcto e en forma segura do equipo de traballo, para así reducir ao mínimo a exposición a vibracións mecánicas.

g) A limitación da duración e intensidade da exposición.

h) A fixación de horarios de traballo apropiados, provistos de suficientes períodos de descanso.

i) A subministración de roupa axeitada que protexa do frío e da humidade ós traballadores expostos.

4. Impedir que os traballadores estean expostos a valores superiores ao valor límite de exposición (fixado no art. 3 DIVI). Se, a pesares das medidas adoptadas polo empresario en aplicación do disposto na DIVI, se superara o valor límite de exposición, o empresario tomará, de inmediato, medidas para reducir a exposición a niveis inferiores ao devandito límite. Así mesmo, determinará as causas polas que se superou tal valor límite e modificará as medidas de prevención e protección, para evitar que se volva a sobrepasar (art. 5.3 DIVI). Non obstante, respecto destas obrigas, e segundo o art. 9 DIVI, os Estados membros poderán dispoñer dun período transitorio máximo de cinco anos a partir do 6 de xullo de 2005 (data máxima para á transposición ao dereito interno da DIVI) cando se utilicen equipos de traballo que se teñan posto á disposición dos traballadores antes do 6 de xullo de 2007 e que non permitan respectar os valores límite de exposición, tendo en conta os últimos avances da técnica e/ ou da posta en práctica de medidas de organización.

5. Informar e formar ós traballadores expostos (art. 6 DIVI) acerca do resultado da avaliación de riscos á que antes fixemos referencia, e, en particular, sobre:

a) As medidas tomadas con obxecto de eliminar ou reducir ao mínimo os riscos derivados da vibración mecánica.

b) Os valores límite de exposición e os valores de exposición que dan lugar a unha acción.

c) Os resultados das avaliacións e medicións da vibración mecánica efectuadas en aplicación do art. 4 DIVI, e as lesións que podería acarrear o equipo de traballo utilizado.

d) A conveniencia e o modo de detectar e informar sobre signos da lesión.

e) As circunstancias nas que os traballadores teñen dereito a un control da súa saúde.

f) As prácticas de traballo seguras, coa fin de reducir ao mínimo a exposición ás vibracións mecánicas.

6. Controlar a saúde dos traballadores expostos, de acordo coas pautas previstas no art. 8 DIVI.

3.5.3.3. Normas UNE

Conteñen criterios técnicos sobre o particular as seguintes normas UNE:

- UNE 115220: 1992. Vibracións mecánicas. Vehículos terrestres. Método para presentar os datos medios.

- UNE 115437: 1996. Maquinaria para movemento de terras. Compactadores de rulo vibrabrante. Avaliación do momento de excentricidade.

- UNE-CR 1030-1: 1997 e UNE-CR 1030-2: 1997. Vibración man- brazo. Directrices para a redución dos riscos por vibracións. Parte 1: métodos de enxeñería para o deseño de máquinas; e parte 2: medidas de xestión no lugar de traballo.

- UNE-CR 12349: 1996. Vibracións mecánicas. Guía relativa ós efectos das vibracións sobre a saúde do corpo humano.

- UNE-EN 791: 1996. Equipos de perforación. Seguridade.

- UNE-EN 792-1 a 5: 2001. Ferramentas portátiles de accionamento non eléctrico. Requisitos de seguridade. Parte 1: ferramentas portátiles para colocar elementos de fixación non roscados; parte 2: ferramentas de corte e engaste; parte 3: tradeadoras e aterraxadoras; parte 4: ferramentas portátiles percutoras non rotativas; e parte 5: tradeadoras percutoras non rotativas.

- UNE-EN 792-10 a 12: 2001. Ferramentas portátiles de accionamento non eléctrico. Requisitos de seguridade. Parte 10: ferramentas portátiles a compresión; parte 11: contorneadoras e cizalladoras; e parte 12: pequenas serras circulares, oscilantes e alternativas.

- UNE-EN 1032/A1: 1999 e UNE-EN 1032 : 1997. Vibracións mecánicas. Ensaio de maquinaria móbil coa fin de determinar os valores de emisión das vibracións do corpo completo. Xeneralidades.

- UNE-EN 1033: 1996. Vibracións man-brazo. Medida en laboratorio das vibracións na superficie das empuñaduras das máquinas guiadas manualmente. xeneralidades.

- UNE-EN 1299: 1997. Vibracións e choques mecánicos. Illamento das vibracións das máquinas. Información para a aplicación do illamento na fonte.

- UNE-EN 12096: 1998. Vibracións mecánicas. Declaración e verificación dos valores de emisión vibratoria.

- UNE-EN 12786: 2000. Seguridade das máquinas. Guía para a elaboración dos capítulos sobre vibracións das normas de seguridade.

- UNE-EN 13490: 2002. Vibracións mecánicas. Camións industriais. Avaliación en laboratorio e especificacións das vibracións transmitidas ao operador polo asento.

- UNE-EN 28662-1: 1994. Ferramentas mecánicas portátiles de man. Medida das vibracións na empuñadura. Parte 1: xeneralidades.

- UNE-EN 28662-2/A1: 1996; UNE-EN 28662-2/A2: 2002; e UNE-EN 28662-3: 1996. Ferramentas a motor portátiles. Medida das vibracións na empuñadura. Parte 2: martelos buriladores e martelos remachadores.

- UNE-EN 28662-3/A1: 1996; UNE-EN 28662-3/A2: 2002; e UNE-EN 28662-3: 1996. Ferramentas a motor portátiles. Medida das vibracións na empuñadura. Parte 3: martelos perforadores e martelos rotativos.

- UNE-EN 28662-5/A1: 1996; UNE-EN 28662-/A2: 2002; e UNE-En 28662-5: 1996. Ferramentas a motor portátiles: Medida das vibracións na empuñadura. Parte 5: rompedores de pavimento e martelos para traballos na construción.

- UNE-EN ISO 5349-1 e 2: 2002. Vibracións mecánicas. Medición e avaliación da exposición humana ás vibracións transmitidas pola man: parte 1: requisitos xerais; e parte 2: guía práctica para a medición no lugar de traballo.

- UNE-EN ISO 7096: 2001. Maquinaria para movemento de terras. Avaliación en laboratorio das vibracións transmitidas ao operador polo asento.

- UNE-EN ISO 10819: 1996. Vibracións mecánicas e choques. Vibracións man-brazo. Método para a medida e avaliación da transmisibilidade da vibración polos guantes á palma da man.

- UNE-ENV 28041/A1: 2002 E UNE-EN 28041: 1994. Resposta humana ás vibracións. Instrumentos de medida.

3.5.4. Exposición a axentes químicos

Na actividade de construción é normal a utilización de diferentes tipos de pinturas, colas e outros produtos químicos que xeran riscos diversos de carácter profesional, sexa pola súa potencial inhalación, polo simple contacto da pel cos mesmos ou polas condicións do seu almacenamento. E, ademais das normas que en cada caso serán citadas, a disposición central nesta materia ven constituída polo RDAQ-1.

3.5.4.1. A regulación do RDAQ-1 e do RDAQ-2

A orixe de tal normativa atópase na Directiva 98/ 24/ CE, do Consello, de 7 de abril, que foi seguida da Directiva 2000/ 39/ CE, da Comisión, de 8 de xuño, pola que se establece unha primeira lista de valores límite de exposición profesional indicativos. O contido de tales directivas foi trasposto polo RDAQ-1.

Respecto do seu ámbito de aplicación, sinala o art. 1 RDAQ-1 que se estende "...ós axentes químicos perigosos que estean ou poidan estar presentes no lugar de traballo, sen prexuízo: a) das disposicións da normativa sobre protección radiolóxica dos traballadores relacionadas cos axentes químicos. b) das disposicións máis rigorosas ou específicas establecidas no RDAC. c) das disposicións máis rigorosas ou específicas en materia de transporte de mercadorías perigosas..."

A norma define que debe entenderse por axente químico (art. 2º.1): todo elemento ou composto químico, por si so ou mesturado, tal como se presenta en estado natural ou é producido, utilizado ou vertido, incluído o vertido como residuo, nunha actividade laboral, téñase elaborado ou non de xeito intencional e téñase comercializado ou non.

Pola súa banda, axente químico perigoso (art. 2º.5) é todo aquel que pode representar un risco para a seguridade e saúde dos traballadores debido ás súas propiedades fisicoquímicas, químicas ou toxicolóxicas e a forma en que se utiliza ou está presente no lugar de traballo.

Ademais, a norma inclúe os conceptos de exposición a axente químico; perigo; risco; actividade con axentes químicos; produtos intermedios; subprodutos; valores límite ambientais; valor límite biolóxico; e vixilancia da saúde.

Dentro do concepto de valor límite ambiental, distínguese entre o valor límite ambiental para a exposición diaria, polo que se considera o "valor límite da concen-

tración media, medida ou calculada de forma ponderada con respecto ao tempo para a xornada laboral real e referida a unha xornada estándar de oito horas diarias", e o valor límite ambiental para exposicións de curta duración, entendido como o "valor límite da concentración media, medida ou calculada para calquera período de quince minutos ao longo da xornada laboral, excepto para aqueles axentes químicos para os que se especifique un período de referencia inferior".

O RDAQ-1 establece un conxunto preciso de obrigas empresariais no seu capítulo II, que podemos estruturar como segue:

1. Avaliar os riscos para a seguridade e saúde dos traballadores (art. 3.1 RDAQ-1) unha vez que se teña determinada a existencia de axentes químicos perigosos no lugar de traballo. Para elo, o empresario deberá considerar e analizar conxuntamente:

a) As súas propiedades perigosas e calquera outra información necesaria para a avaliación dos riscos que deba facilitar o provedor, información que debe incluír a ficha de datos de seguridade.

b) Os valores límite ambientais e biolóxicos.

c) As cantidades utilizadas ou almacenadas dos axentes químicos.

d) O tipo, nivel e duración da exposición dos traballadores ós axentes e calquera outro factor que condicione a magnitude dos riscos derivados da devandita exposición, así como as exposicións accidentais.

e) Calquera outra condición de traballo que teña efectos sobre outros riscos relacionados coa presenza dos axentes no lugar de traballo e, especificamente, cos perigos de incendio ou explosión.

f) O efecto das medidas preventivas adoptadas ou que deban a doptarse.

g) As conclusións dos resultados da vixilancia da saúde dos traballadores que, no seu caso, se teña realizado e os accidentes ou incidentes causados ou potenciados pola presenza dos axentes no lugar de traballo.

2. Garantir ou eliminar (art. 5.2 RDAQ-1) ao mínimo o risco, sempre que os resultados da avaliación revelen a súa existencia, salvo (art. 3.3 RDAQ-1) que se trate dun risco leve para a saúde e seguridade dos traballadores, suposto no que será suficiente coa aplicación dos principios de prevención recollidos no art. 4 RDAQ-1. Para elo, o empresario deberá, preferentemente, evitar o uso do devandito axente, substituíndoo por outro ou por un proceso químico que, con arreglo ás súas condicións de uso, non sexa perigoso ou o sexa en menor grao.Cando a natureza da actividade non per-

mita a eliminación do risco por substitución, o empresario garantirá a redución ao mínimo de dito risco aplicando medidas de prevención e protección quer sexan coherentes coa avaliación practicada.

3. Adoptar medidas técnicas e organizativas (art. 5.3 RDAQ-1) fronte ós riscos de incendio, explosión ou outras reaccións químicas perigosas. Tales medidas deberán ser axeitadas á natureza e condicións da operación, incluídos o almacenamento, a manipulación e o transporte dos axentes químicos no lugar de traballo e, no seu caso, a separación dos axentes químicos incompatibles. En particular, o empresario adoptará, por orde de prioridade, medidas para:

a) Impedir a presenza no lugar de traballo de concentracións perigosas de substancias inflamables ou de cantidades perigosas de substancias quimicamente inestables ou incompatibles con outras tamén presentes no lugar de traballo cando a natureza do traballo o permita.

b) Se o anterior non é posible, evitaranse as fontes de ignición que puideran producir incendios ou explosións ou condicións adversas que puideran activar a descomposición de substancias quimicamente inestables ou mesturas de substancias quimicamente incompatibles.

c) Paliar os efectos nocivos para a saúde e a seguridade dos traballadores orixinados en caso de incendio, explosión ou outra reacción exotérmica perigosa.

En todo caso, os equipos de traballo e os sistemas de protección empregados deberán cumprir os requisitos de seguridade e saúde establecidos pola normativa que regule a súa concepción, fabricación e subministración.

No caso particular da prevención das explosións, as medidas adoptadas deberán ter en conta e ser compatibles coa clasificación en categorías dos grupos de aparatos que figura no anexo I do Real Decreto 400/ 1996, de 1 de marzo, polo que se ditan as disposicións de aplicación da Directiva do Parlamento Europeo e do Consello 94/ 9 /CE, relativa ós aparatos e sistemas de protección para uso en atmosferas potencialmente explosivas; ademais de ofrecer un control suficiente das instalacións, equipos e maquinaria, ou utilizar equipos para a supresión das explosións ou dispositivos de alivio fronte a sobrepesións. Asemade, e de xeito moi específico, nestas atmosferas potencialmente explosivas hai que aplicar a disposicións do Real Decreto 881/ 2003, de 12 de xuño (BOE do 18), sobre protección da saúde e a seguridade dos traballadores expostos ós riscos derivados de atmosferas explosivas no lugar de traballo, que traspón o contido da Directiva 1999/ 92/ CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 16 de decembro de 1999.

4. Vixiar (art. 6 RDAQ-1) a saúde dos traballadores, que se considerará adecuada cando se cumpran todas as condicións seguintes:

a) Que a exposición do traballador ao axente químico perigoso poida relacionarse cunha determinada enfermidade ou efecto adverso para a saúde.

b) Que exista a probabilidade de que esa enfermidade ou efecto adverso se produza nas condicións de traballo concretas nas que o traballador desenvolva a súa actividade.

c) Que existan técnicas de investigación válidas para detectar síntomas da devandita enfermidade ou efectos adversos para a saúde, dos que a súa utilización entrañe escaso risco para o traballador.

Sempre que se cumpran as condicións que vimos de sinalar, a vixilancia da saúde será un requisito obrigatorio para traballar cos axentes químicos indicados no anexo II do RDAQ-1.

Os procedementos utilizados para realizar a vixilancia da saúde axustaranse ós protocolos sinalados no art. 37.3.c) RSP.

5. Adoptar as medidas precisas (art. 7 RDAQ-1) fronte a riscos de accidentes, incidentes e emerxencias, cando tales riscos foran postos de manifesto na avaliación de riscos efectuada, sen prexuízo da xenérica obriga que para os empresarios, en xeral, establece, en canto ás medidas de emerxencia, o art. 20 LPRL.

6. Informar e formar (art. 9 RDAQ-1) ós traballadores, e ós seus representantes, sobre os riscos derivados da presenza de axentes químicos perigosos no lugar de traballo, así como as medidas de prevención e protección que teñan que adoptarse en aplicación do RDAQ-1. En particular, o empresario deberá facilitar ós traballadores ou ós seus representantes, seguindo o criterio establecido no art 18.1 LPRL:

a) Os resultados da avaliación dos riscos efectuada, así como os cambios nos devanditos resultados que se produzan como consecuencia de alteracións importantes das condicións de traballo.

b) Información sobre os axentes químicos perigosos presentes no lugar de traballo, tales como a súa denominación, os riscos para a seguridade e a saúde, os valores límite de exposición profesional e outros requisitos legais que sexan de aplicación.

c) Formación e información sobre as precaucións e medidas axeitadas que deban adoptarse con obxecto de protexerse a si mesmos e ós demais traballadores no lugar de traballo.

d) Acceso a toda ficha técnica facilitada polo provedor, conforme ao disposto na normativa sobre clasificación, envasado e etiquetado de substancias e preparados perigosos.

7. Finalmente, a sinalización (art. 9.4 RDAQ-1) dos recipientes e conducións utilizados para os axentes químicos perigosos no lugar de traballo, deberá satisfacer os requisitos establecidos no RDSS, e, en particular, no apartado 4 do anexo VII da devandita norma. Cando a sinalización non sexa obrigatoria, o empresario deberá velar para que a natureza e os perigos do contido dos recipientes e conducións sexan claramente recoñecibles.

Pola súa banda, o RDAQ-2 ten por obxecto (art. 1) "establecer as condicións de seguridade das instalacións de almacenamento, carga, descarga e trasfego de produtos químicos perigosos, entendéndose por tales as substancias ou preparados considerados como perigosos no Regulamento sobre notificación de substancias perigosas, aprobado polo Real Decreto 363/ 1995, de 10 de marzo, modificado polo Real Decreto 700/ 1998, de 24 de abril, e o Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetado de preparados perigosos, aprobado polo Real Decreto 1078/ 1993, de 2 de xullo, modificado polo Real Decreto 1425/ 1998, de 3 de xullo, tanto en estado sólido como líquido ou gasoso, e os seus servizos auxiliares en toda clase de establecementos e almacéns, incluídos os recintos comerciais e de servizos".

O RDAQ-2 aproba, no seu anexo I, as seguintes ITC:

- ITC MIE APQ 1: "Almacenamento de líquidos inflamables e combustibles"

- ITC MIE APQ 2: "Almacenamento de óxido de etileno"

- ITC MIE APQ 3: "Almacenamento de cloro"

- ITC MIE APQ 4: "Almacenamento de amoníaco anhidro"

- ITC MIE APQ 5: "Almacenamento e utilización de botellas e botellóns de gases comprimidos, licuados e disoltos a presión"

- ITC MIE APQ 6: "Almacenamento de líquidos corrosivos"

- ITC MIE APQ 7: "Almacenamento de líquidos tóxicos"

3.5.4.2. NTP

Conteñen criterios técnicos sobre a cuestión analizadas as seguintes NTP:

1. En xeral, sobre riscos por axentes químicos

- NTP- 547, sobre "Avaliación de riscos por axentes químicos. O método analítico: aspectos básicos".

- NTP- 548, sobre "Avaliación de riscos por axentes químicos: guía para a selección e utilización do método analíticos". Esta NTP incorpora un amplo catálogo de normas UNE, distinguindo: relación de métodos analíticos, normas UNE, para aire en lugares de traballo; relación de métodos analíticos, normas UNE, para o control biolóxico; e relación de normas UNE para a toma de mostras de aire nos lugares de traballo.

- NTP- 587, sobre "Avaliación da exposición a axentes químicos: condicionantes analíticos".

- NTP- 637, sobre "Avaliación de riscos por axentes químicos. Principais fontes de métodos analíticos".

- NTP- 583, sobre "Avaliación da exposición laboral a axentes químicos. Norma UNE- EN-482 e relacionadas".

- NTP- 553; 554 e 555, sobre "Axentes químicos: estratexias de mostraxe e valoración (I), (II) e (III)".

- NTP- 525, sobre "Criterios de establecemento de valores límite de exposición profesional na Unión Europea".

- NTP- 526, sobre "Valores límite de exposición profesional na Unión Europea e en España".

- NTP- 487, sobre "Neurotoxicidade: axentes neurotóxicos".

- NTP- 166, sobre "Dermatoses por axentes químicos: prevención".

2. NTP sobre riscos de explosión.

- NTP- 321, sobre "Explosións de nubes de vapor non confinadas: avaliación da sobrepresión".

- NTP- 402, sobre "Sistemas supresores de explosión (I): fundamentos teóricos e medios de extinción".

- NTP- 403, sobre "Sistemas supresores de explosión (II): factores de deseño e aplicacións prácticas".

- NTP- 427 e 428, sobre "Paramentos débiles para o venteo de alivio de explosións (I) e (II)".

3.5.4.3. Referencia especial ós traballos en espazos confinados

Especificamente a estas situacións refírese o número 7 da parte A do anexo IV do RDOC, conforme ao cal:

- "a. Os traballadores non deberán estar expostos...a factores externos nocivos (por exemplo, gases, vapores, po)".

- "b. En caso de que algúns traballadores deban penetrar nunha zona da que a súa atmosfera puidera conter substancias tóxicas ou nocivas, ou non ter osíxeno en cantidade suficiente ou ser inflamable, a atmosfera confinada deberá ser controlada e deberanse adoptar medidas axeitadas para previr calquera perigo."

- "c. En ningún caso poderá exporse a un traballador a unha atmosfera confinada de alto risco. Deberá, polo menos, quedar baixo vixilancia permanente desde o exterior e deberán tomarse as debidas precaucións para que se lle poida prestar auxilio eficaz de inmediato."

Un recinto confinado é calquera espazo con aberturas limitadas de entrada e saída e ventilación natural desfavorable, no que poden acumularse contaminantes tóxicos ou inflamables, ou ter unha atmosfera deficiente en osíxeno, e que non estea concibido para unha ocupación continuada por parte do traballador. O CTRP inclúe especialmente, ós efectos do mesmo, as galerías de servizo, os fosos, túneles e sumidoiros; os silos, tanques, tinaxas, recipientes, contedores, cisternas e caldeiras de vapor, tolvas de almacenamento ou de mestura, así como os vertedoiros e depósitos de augas residuais, e calquera outra zona interior de traballo onde se produzan procesos de fermentación ou estean presentes vapores ou gases nocivos.

Como recorda a NTP- 223 (sobre "traballos en recintos confinados"), os riscos nestes espazos son múltiples, xa que ademais da acumulación de substancias tóxicas ou inflamables e a escaseza de osíxeno, engádense os ocasionados pola estreiteza e incomodidade das posturas de traballo, limitada iluminación etc., producíndose, en ocasións, o agravamento doutros riscos, como é o caso do ruído, moi superior ao que un mesmo equipo xeraría nun espazo aberto.

A NTP referida distingue os seguintes tipos de espazos confinados:

1. espazos confinados abertos pola súa parte superior e dunha profundidade tal que dificulta a súa ventilación natural: fosos de engraxe de vehículos; cubas de desengraxado; pozos; depósitos abertos e cubas.

2. espazos confinados pechados cunha pequena abertura de entrada e saída: reactores; tanques de almacenamento, sedimentación etc.; salas subterráneas de transformadores; gasómetros; túneles; sumidoiros; galerías de servizos; bodegas de barcos; arquetas subterráneas e cisternas de transporte.

En canto ós riscos, a NTP diferenza:

1. Riscos xerais: mecánicos; de electrocución por contacto con partes metálicas que accidentalmente poidan estar en tensión; caídas a distinto nivel e ao mesmo nivel; caídas de obxectos ao interior mentres se está a traballar; malas posturas; ambiente físico agresivo (calor/ frío; ruídos e vibracións; iluminación deficiente...); riscos derivados de problemas de comunicación entre o interior e o exterior.

2. Riscos específicos: asfixia (o aire contén un 21 por cento de osíxeno. A redución produce síntomas de asfixia, que se agravan ao diminuír a porcentaxe); incendio e explosión (pola evaporación de disolventes de pintura, restos de líquidos inflamables, reaccións químicas, movemento de grao de cereais, pensos etc., sempre que exista gas, vapor ou po combustible no ambiente e a súa concentración estea comprendida entre os seus límites de inflamabilidade; e intoxicación (a consecuencia da concentración no aire de produtos tóxicos por riba de determinados límites de exposición, tóxicos que poden ser gases, vapores ou po fino en suspensión).

Por fin a NTP explicita medidas preventivas para o control dos traballos nestas atmosferas perigosas, que consisten:

1. Autorización de entrada, sendo recomendable que o sistema de autorización de entrada establecido contemple a revisión e o control dunha serie de puntos clave da instalación e especifique as condicións en que o traballo deba realizarse e os medios a empregar. As características xerais da devandita autorización detállanse na NTP-30, sobre "permisos de entrada especiais".

2. Medición e avaliación da atmosfera interior. As medicións deben efectuarse previamente á realización dos traballos e de forma continuada mentres se realicen estes e sexa susceptible de producirse variacións en tal atmosfera.

3. Illamento do espazo confinado fronte a riscos diversos, xa que, mentres se realicen traballos no interior dos espazos confinados, debe asegurarse que estes van estar totalmente illados e bloqueados fronte a dous tipos de riscos: o subministro enerxético intempestivo coa conseguinte posta en marcha de elementos mecánicos ou a posible posta en tensión eléctrica, e o aporte de substancias contaminantes por perdas ou fugas nas conducións ou sumidoiros conectadas ao recinto de traballo, ou ben por unha posible apertura de válvulas.

4. Ventilación. Esta é unha das medidas preventivas fundamentais. Xeralmente a ventilación natural é insuficiente, resultando preciso recorrer á ventilación forzada.

5. vixilancia externa continuada. Requírese un control total desde o exterior das operacións, en especial o control da atmosfera interior, cando elo sexa conveniente, e asegurar a posibilidade de rescate. A persoa que permaneza no exterior debe estar

perfectamente instruída para manter contacto continuo visual ou por outro medio de comunicación eficaz co traballador que estea no interior. O persoal do interior estará suxeito con corda seguridade e arnés, desde o exterior, onde disporase de medios de suxeición e rescate axeitados, así como equipos de protección respiratoria fronte a emerxencias e elementos de primeira intervención fronte o fogo se fora necesario.

6. Formación e adestramento. Imprescindibles, así como a selección do persoal que deba realizar estes traballos.

A GTOC tamén inclúe comentarios técnicos de interese sobre estas cuestións.

3.5.5. Responsabilidade administrativa

En relación cos riscos comentados nestes apartados (ruído, sobreesforzos, vibracións e exposición a axentes químicos) os tipos previstos na LISOS máis especificamente son os contemplados como infracción grave (art. 12.9 e practicamente todos os supostos do art. 12.16) ou moi grave (art. 13.6 e 13.10), en función das circunstancias concorrentes.

3.6. Os equipos de protección individual

O art. 15.1.h LPRL contempla como un dos principios básicos da acción preventiva que debe aplicar o empresario o de adoptar medidas que antepoñan a protección colectiva fronte á individual, polo que a utilización dos EPIS que van ser obxecto de análise a continuación ten que ser contemplada sempre desde esa óptica, isto é, ser o último recurso preventivo, unha vez que se teña constatado a imposibilidade de eliminación do risco a través da adopción das medidas esixidas pola aplicación dos demais principios xerais da acción preventiva e a ineficacia ou insuficiencia das medidas de protección colectiva e de organización do traballo que puideran terse posto en práctica.

3.6.1. Concepto de EPI

O art. 2.1 REPI-1 define ao EPI como "calquera equipo destinado a ser levado ou suxeitado polo traballador para que o protexa dun ou varios riscos que poidan ameazar a súa seguridade ou saúde, así como calquera complemento ou accesorio destinado a tal fin", concepto acerca do cal a GTEP fai algunhas consideracións, de entre as que destacamos a de que o EPI non ten por finalidade realizar unha tarefa ou actividade senón protexer ao traballador dos riscos que tal tarefa ou actividade presenta. De aí que non teñan a condición de EPI, por exemplo, as ferramentas ou

útiles de traballo, aínda que os mesmos estean deseñados para protexer ao traballador fronte a determinados riscos (como ocorre, por exemplo, cunha ferramenta eléctrica illante).

O art. 2.2 REPI-1 exclúe da definición do número anterior, e polo tanto da súa regulación, ós seguintes equipos:

a) A roupa de traballo corrente e os uniformes que non estean especificamente destinados a protexer a saúde ou a integridade física do traballador. Respecto desta roupa, a GTEP aclara que a exclusión refírese tanto a aquela roupa de traballo que sirve de elemento diferenciador dun determinado colectivo laboral (uniformes de camareiros, azafatas, ordenanzas...) como a aqueloutra que ten por finalidade a de protexer a roupa de rúa da sucidade (monos, batas...).

b) Os equipos dos servizos de socorro e salvamento.

c) Os equipos de protección individual dos militares, dos policías e das persoas dos servizos de mantemento da orde.

d) O material de deporte.

f) O material de autodefensa ou disuasión

g) Os aparatos portátiles para a detección e sinalización dos riscos e dos factores de molestia.

Remata o art. 2.3 REPI-1 sinalando que o anexo I do mesmo contén un listado indicativo e non exhaustivo dos EPIS obxecto de regulación daquel. Tal relación é a que segue.

1. Protectores da cabeza

- Cascos de seguridade (obras públicas e construción, minas e industrias diversas).

- Cascos de protección contra choques e impactos.

- Prendas de protección para a cabeza (gorros, gorras, sombreiros etc., de tecido, de tecido recuberto etc.).

2. Protectores do oído

- Protectores auditivos tipo “tapóns”.

- Protectores auditivos rexeitables ou reutilizables.

- Protectores auditivos tipo “orelleiras”, con arnés de cabeza, baixo a barbela ou a caluga.

- Cascos antirruído.
- Protectores auditivos acoplables ós cascos de protección para industria.
- Protectores auditivos con aparatos de intercomunicación.

3. Protectores dos ollos e da cara

- Gafas de montura "universal".
- Gafas de montura "integral" (uni ou biocular).
- Gafas de montura "cazoletas".
- Pantallas faciais.
